BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2005.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Teo (A Coruña), sendo as dez horas do día 25 de xaneiro de 2005, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Armando U. Blanco Martínez, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ó día da data para a que foron previamente citados.
SEÑORES ASISTENTES:
Alcalde-Presidente:
D. Armando U. Blanco Martínez.
Concelleiros:
D. Antonio Castroagudín Valladares.
D. Manuel R. Cajaraville Campos.
D. Manuel Mata Iglesias.
D. Juan B. Aller Suárez.
D. Ramón Cea Ferreiro.
D. José Albino Vázquez Pallas.
D. Manuel Cao Fuentes.
D. Martiño Noriega Sánchez.
Dª Ánxela Bugallo Rodríguez.
D. Rafael Carlos Sisto Edreira.
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.
D. Alexandre Leis Carlés.
D. Manuel Tallón Mesías.
D. Germán Antonio Conde Tarrío (con retraso).
D. José Carlos Rego Jorge.
D. F. Manuel Parajó Liñares.
Secretario:
D. Javier Nieves González, Secretario do Concello.
Asiste:
Dª. Monica I. Lado Varela, Interventora do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS DÚAS SESIÓNS DO 24.12.2004.

Sometidos a votación o Pleno do Concello por unanimidade dos dezaseis membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen acorda aprobalos sen ningunha rectificación.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á APROBACIÓN DO PRESUPOSTO DO CONCELLO DE 2005.

Incorpórase neste intre ó Pleno con retraso o Sr. Concelleiro Conde Tarrío.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda.
Dada conta da proposta da Alcaldía dictaminada que transcrita di:
Confeccionouse por esta Alcaldía o presuposto desta entidade formado para o exercicio do 2005. Visto o informe emitido pola Intervención, propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:
1º-. Aprobar inicialmente o presuposto desta entidade para o exercicio do 2005, sendo a súa contía, tanto en gastos como en ingresos, un total de euros de: 8.513.470 , asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

Capítulos	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.541.630
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.827.650
3	Gastos financeiros	40.000
4	Transferencias correntes	642.000
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	2.261.190
7	Transferencias de capital	56.000
8	Activos financeiros	
9	Pasivos financeiros	145.000
	SUMA TOTAL DE GASTOS	8.513.470

ESTADO DE INGRESOS

Capítulos	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	1.956.000
2	Impostos indirectos	720.000
3	Taxas e outros ingresos	903.800
4	Transferencias correntes	3.044.806
5	Ingresos patrimoniais	5.500
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	

6	Alleamento de investimentos reais	0
7	Transferencias de capital	443.364
8	Activos financeiros	0
9	Pasivos financeiros	1.440.000
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	8.513.470

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución de dito presuposto.
3º.- Aprobar o cadro de persoal que figura no expediente.
4º.- Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, para efectos de reclamacións, consonte ó preceptuado nos artigos 169 e 170 da Lei reguladora das facendas locais, texto refundido aprobado por R.D. Lex. 2/2004, de 5 de marzo.
5º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os arts. 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril e 169 da repetida Lei; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.
6º.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que a valoración que fan é que a súa xestión económica é claramente un fracaso, conduce ó empobrecemento do Concello a marchas forzadas, son casi un 9% máis pobres que o ano pasado e desde que comezou o mandato cada vez somos máis pobres e iso tendo en conta que nos ingresos aparecen transferencias do Feder e se completa coas achegas da Deputación e parte do que aumenta este ano é con fondos específicos como o Proximitas.
Engade que temos concertados dous préstamos bancarios e temos aprobada a concertación de outras tres operacións e non contento con iso neste presuposto proponse a creación de catro novos créditos por 1.078.000 euros e isto supón o 33,4% do presuposto anual; pasamos de non estar endebedados a estar co 33,4% co agravante de que a maioría dos créditos son a 15 anos; que non é que acabe cos seus recursos senón que está acabando cos recursos que a oposición vai xenerar coa súa xestión cando lle toque gobernar; engade que é un fraude político e que ata para comprar máquinas recorre ó que os demais van xenerar.
En segundo lugar este presuposto se caracteriza porque se exprime ós vecinos do Concello, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre construccións, instalacións e obras, na recollida do lixo, porque os incrementos son elevadísimos con respecto ó ano anterior; tanta foto con amigos e despois ten que recorrir a exprimir ós veciños. Engade que non poden aprobar o presuposto por ser un 9% máis pobres, porque endebédase ó Concello moitísimo e exprime ós veciños.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que botan en falta que pola súa banda o Alcalde non faga unha explicación deste presuposto, cales son os obxectivos deste presuposto; que o presuposto non é un mero documento contable senón que ten un gran contido político e por elo lle gustaría que o Alcalde antes de comezar a segunda quenda teña a xentileza política de

explicar a razón de ser deste presuposto, porque na comisión infomativa os seus compañeiros non lle explicaron iso, que non se trata de explicar á oposición senón ós cidadáns.
Engade que tamén lle gustaría que lle respostara a preguntas feitas na comisión informativa que o seu voceiro non respostou. Sinala que baixan os ingresos de transferencias correntes da Xunta máis do 100% e baixan tamén os da Deputación e tamén as transferencias de capital da Xunta de Galicia de maneira abultadísima, vostede nos debe unha explicación destas baixas, en contrapartida vostede nos debería explicar porqué aumentan certos gastos, así a que se debe o aumento en gastos xurídicos, en festas e publicidade que aumentan de xeito espectacular, é o único que aumenta no presuposto, engade que tamén lles gustaría saber cal é o proxecto de emisora de radio que parece que figura; en terceiro lugar vostede aprobou recentemente un plan de saneamento onde había compromisos de racionalizar o gasto e queren saber se os compromisos alí asumidos, así a mellora da explotación dos servizos, mellora dos convenios, racionalización da tesourería, se ese tipo de compromisos están contemplados no presuposto, e finalmente lles gustaría saber que pensa facer en 2005 nas diferentes áreas de xestión.

O Sr. Alcalde sinala que o presuposto esta visto polos nosos técnicos e son coherentes e é o que van levar adiante.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que a oposición debía felicitarnos un pouco polo tempo en que se trae o presuposto; engade que pensa que é un presuposto real e conleva unha inversión moi importante para o Concello, aínda que algúns sexan con créditos, sinala que pensa que os veciños de Teo veran plasmadas as súas necesidades e se fai por parroquias.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que lle gustaría que fixeran algún comentario sobre o dito sobre o emprobrecemento. Engade que estivo tentado para felicitalo, pero que vostedes traen o presuposto para poder pedir os créditos, esa é a gran aportación do Sr. Parajó ó Concello, vostedes son incapaces de xenerar recursos, o único que fan plurialualmente é endebedarnos, é o caos máis absoluto, igual que se fai a petición de créditos a longo prazo é para sanear a caixa, porque non hai para pagarlle ás asociacións. Engade que quere facer unha reflexión: Se piden un crédito a dous anos e suben os intereses non pasa nada, vostedes fixeron as previsións sobre se nuns anos o euribor subira 3 puntos por exemplo, sería a bancarrota., xa non digo que se poña nos niveis de fai 10 anos e que lle gustaría ver un estudio da viabilidade real diso e remata sinalando que vostedes xeneran un panorama apocalíptico, de pena.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que unha vez máis ten que lamentar que os cidadáns de Teo non teñan unha explicación política que defina este presuposto, que pode ser porque o Alcalde o descoñeza.
Sinala que o definen do seguinte xeito: Suben os impostos e baixan os investimentos, que é un paradoxo que debían explicar ós veciños e os poucos investimentos dependen doutras administracións, ¿cómo é posible?.
En segundo lugar que o documento evidencia que non hai programa de goberno, todo se limita a subvencións, a gastos en festexos e ó investimento do POS que o paga a subvención da Deputación, non hai un plan integral de saneamento nin un plan plurianual de investimentos, nin en materia de cultura, deporte, muller, non hai unha política de persoal porque isto non é unha relación de postos de traballo, só queren a creación dunha plaza de arquitecto e outra de coordinador de deportes, que só se inccrementa o endebedamento.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que según o portavoz do BNG que eu chamaria catastrofista, que lles pasaría ás familias que piden hipotecas a trinta anos.
Ata agora os veciños de Teo eran os que menos pagaban da zona, agora os novos impostos foron consensuados por tódolos concellos da zona e con respecto á baixada dos ingresos procedentes da Xunta e da Deputación, os da Xunta pasaron dunha partida para outra e baixaron tamén porque hai plans que non están este ano incluídos porque aínda non están solicitadas as subvencións, que antes estaban estes ingresos no capítulo 7 e agora están na 4, que hai que ler o presuposto.
Engade que pensa que é un presuposto equilibrado e espera que sexa en beneficio dos veciños de Calo e das outras parroquias, e que no ano 2005 aumentan os créditos porque tres previstos non 2004 non se poideron formalizar.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta o Pleno do Concello con nove votos a favor pertencentes ós grupos municipais do PP (8) e Mixto (1), e oito votos en contra dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4) acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DE NOME PARA RÚA DO CONCELLO.

O Sr. Alcalde neste intre auséntase do salón de plenos ó abeiro do disposto no art. 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, substituíndoo na Alcaldía o 1º Tenente de Alcalde que pasa a presidir o Pleno en substitución da Alcaldía.
Dada conta do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, que transcrito di: Dar o nome de " Rúa Alcalde Blanco Martínez" á rúa de próxima inauguración que vai desde Catro Camiños ata o Monte Pelado, na parroquia de Oza deste Concello.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que dubidan que sexa unha iniciativa veciñal, que saiu do entorno do Alcalde e que aínda se viñera dos veciños debía terse a modestia de non traer o asunto, engade que non coñece ningún exemplo de Concello que poña o nome do Alcalde en activo a unha rúa do Concello.
Sinala que teñen a impresión de que tanto autobombo procede do convencemento do Alcalde de que algo fixo mal; que eles sufren a súa xestión urbanística e clientelar e que tanto autobombo é vergonzoso; que para dedicarlle unha rúa a alguén debían cumprirse uns criterios, primeiro un consenso social no recoñecemento que non existe porque hai moita xente que non se entende representada polo Alcalde, que isto é escandaloso e da vergoña, que lle recorda a réximes dictatoriais e tamén lle lembra que as estatuas caen e remata sinalando que é significativo o itinerario da rúa, que así é como o Alcalde vai deixar ó Concello como un Monte Pelado.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que cando se da o nome dunha persoa a unha rúa trátase de recoñecer un labor, unha relevancia social, e para iso son imprescindibles tres tipos de argumentos:
Primero: Respetar o establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais en materia de honras e distincións, lle gustaría saber se existe en Teo e se é respetado neste caso; en segundo lugar que se fixera con consenso político de

todas as forzas políticas, hai que facer un esforzo para que estes acordos se fagan de xeito unánime e están por ese labor; vexan o ridículo desta imposición, porque o día que se poña a placa estarán vostedes sós facendo o ridículo.
En terceirto lugar que este tipo de cousas debe facerse de forma máis ampla, facer unha relación consensuada de persoas de Teo ou persoalidades ás que lle poidan dedicar rúas, e como o fan vostedes conculcan todos estes principios, e estes incumprimentos son razón suficiente para retirar esta proposta e que o outro día na comisión informativa pareceulle ver nas súas caras que lles daba a sensación de ridículo que se estaba a facer; engade que a nivel individual cada un de nós pode facer o ridículo pero non é o mesmo que cando é un Alcalde porque representa ó conxunto dos veciños de Teo e cando un Alcalde fai o ridículo fai que os veciños tamén o fagan, ata en Madrid se fala deste ridículo; por respeto á institución e ós veciños por favor retiren o asunto.
Engade que trátase dunha estrada e as obras foron feitas pola Deputación da Coruña e le un escrito segundo di o Sr. Concelleiro de abril de 2004 onde se di como e quen recolleu as sinaturas e remata dicindo vexa como hai veciños que non están de acordo con isto.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que esta iniciativa según a súa información parte de amigos e veciños, hai sobre 750 ou 800 sinaturas, e lle sorprende que a pesar destas sinaturas se lle diga que son unha camarilla, e como último detalle sinalar que non son amigo de que os nomes das rúas se poñan despois de mortos, primeiro por estar mortos e en segundo lugar porque se leva alí á familia e despois pode cambiar a corporación e se lle cambia, polo que é mellor que estea vivo.

O 1º Tenente de Alcalde sinala que se leva adiante iso porque hai sinaturas que o lexitiman e entende que deben atender esa petición.

O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que non se poden terxiversar as noticias, que a camarilla foron os amigos do Alcalde. Engade que nunca pensou que ia ver ó Sr. Parajó defendendo que o Concello de Teo leve o nome dunha rúa do Alcalde e tampouco sabía que o Alcalde practicase o onanismo político, é dicir que se dese pracer a sí mesmo e que lle gustaría que o Alcalde votase e se dese o nome a sí mesmo.

O 1º Tenente de Alcalde sinala que parece que lles molesta moitísimo que unha rúa leve o nome do Alcalde.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que unha vez máis fai unha chamada á sensatez e á cordura, xa van tres veces no mandato que impoñen decisións deste tipo e que non pode ser un tratamento honorífico motivo de división entre veciños e entre grupos políticos.
Engade que isto en España só o fixo o Xeneral Franco, non hai ningún caso, agás este. O Sr. Alcalde está a facer unha ridiculez que pensa desprestixia á institución e ó grupo de goberno, non hai razonamento algún, e só unha recollida de sinaturas, e o procedemento é absolutamente coactivo, se alguén lle peta na porta solicitando a sinatura, que van facer, que é presionar ós veciños apuntar quen asina e quen non.
Engade que hai tres propostas de nomeamento aprobadas polo Pleno que están sen executar, unha dos irmáns Liste e outra doutro mandato anterior referente á rúa de Clara Campoamor aprobadas por unanimidade, e que aínda teñen tempo de retirar a moción e evitar o ridículo.
Finalmente sinala que soamente quere dicir dúas frases:
-. O ridículo deshonrra máis que o mesmo deshonor.

-. De certas persoas pode dicirse o mesmo que dos globos, canto máis se elevan parecen máis pequenos.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala dirixíndose ó Sr. Concelleiro Noriega Sánchez que sempre o respetou persoal e profesionalmente, porque sabe que é o seu enemigo político, e que lle parece que o señor portavoz do BNG debería facer un pouquiño de autocrítica e verá como algunhas veces está equivocado.
Neste intre prodúcese un tumulto por unhas palabras do Sr. Parajó Liñares.
Por parte dos grupos municipais do BNG e PSG-PSOE se solicita que por Secretaría se informe se é delegable o voto de calidade do Alcalde. Por Secretaría se informa que por lei é unha competencia non delegable do Alcalde, pero que o 1º Tenente de Alcalde neste momento non está actuando por delegación da Alcaldía, senón en substitución da Alcaldía, polo que se informa que considera procedente o exercicio do voto de calidade polo 1º Tenente de Alcalde.

Votación e resultado:
Sometido a votación o dictame da un resultado de oito votos a favor dos grupos municipais do PP (7) e Mixto (1), e oito votos en contra dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Ó abeiro do artigo 100 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, prodúcese unha nova votación que da o seguinte resultado:
Votos a favor: 8 dos grupos municipais do PP (7) e Mixto (1).
Votos en contra: 8 dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Decide o empate o voto de calidade do 1º Tenente de Alcalde, Alcalde en funcións en substitución da Alcaldía, quedando aprobado o seguinte acordo:

1º) Dar o nome de ”Rúa Alcalde Blanco Martínez” á rúa de próxima inauguración que vai desde Catro Camiños ata o Monte Pelado, na parroquia de Oza deste Concello.

4º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA URBANÍSTICA.

Incorpórase ó Pleno neste intre o Sr. Alcalde.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Urbanismo.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
É un feito innegable que o Concello de Teo pasa por momentos de incertidume preocupante no que a política urbanística se refire. Isto está motivado fundamentalmente porque desde a suspensión de licenzas decretada no seu día pola Consellería de Ordenación do Territorio o grupo de goberno adoptou unha política sospeitosamente oscurantista respecto da situación urbanística do concello, sobre de todo no que concerne á transparencia e rigor no eido informativo sobre da cuestión respecto do conxunto do vecindario. Así, hoxendía a maioría dos cidadáns de Teo descoñecen por ejemplo que a referida suspensión de licenzas está levantada trala promulgación da vixente Lei de Ordenación Urbanística de Galicia (Lei 9/2002), ou que existen fórmulas legais singulares para contemplar opcións urbanizadoras no futuro PXOM.
Por outra banda, esa mesma actitude oscurantista trasladase ó proceso de elaboración do PXOM. Así, e a pesares das reiteradas iniciativas socialistas reclamando máis información e

máis axilidade no proceso de aprobación definitiva do Plan Xeral, e, mesmo a pesares de que o propio alcalde Armando Blanco recoñeceu no documento do Plan de Saneamento Económico Financeiro do concello que "a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana pode considerarse como un dos elementos fundamentais de cara ó saneamento financeiro do concello" e que, polo tanto compre "apurar a redacción e aprobación do PXOM", os feitos confirman que nos atopamos nunha situación marcada pola confusión e a desinformación. Deste xeito, dende a aprobación do Avance fai xa case dous anos, os grupos políticos municipais e a cidadanía en xeral descoñecen absolutamente todo respecto da situación actual do PXOM e das súas perspectivas de futuro.

Namentras isto ocorre na vida oficial, de maneira subterránea, tratando de pasar desapercibida, comezan a producirse certos acontecementos que corroboran a situación antes salientada: por unha banda, desátase unha febre constructiva de pequenas urbanizacións e, pola outra, aparecen actuacións presuntamente irregulares (caso movementos de terras en Texexe) ou movementos extranos (caso desviación Camiño Portugués) que, coa complicidade das instancias políticas municipais competentes, e aproveitando información privilexiada, parecen tratar de tomar posicións para colocar oportunamente os seus intereses e condicionar o desenvolvemento do proceso de aprobación definitiva do Plan Xeral.

Entre estas operacións urbanísticas recentes destaca a proliferación de convenios urbanísticos que, polas noticias de que dispón o grupo socialista, son tratados de distinto xeito polas autoridades competentes, e así, a simpatía con que se ven determinadas iniciativas desta natureza contrasta nalgúns casos co desinterese e a incomprensión das mesmas autoridades municipais por outros proxectos.

Compre, pois, acabar con este estado de cousas caracterizado polo arbitrariedade, a desinformación xeneralizada e a incertidume e desconcerto entre a cidadanía sobre da situación urbanística de Teo, alomenos namentras non se rescate o PXOM dese esquecemento non precisamente fortuito en que se atopa.

Paralelamente, compre ir adoptando medidas que contribúan a optimizar a capacidade administrativa e a eficiencia da institución municipal no xestión urbanística cotián, así como plantexar formas de control e seguemento máis eficaces do desenvolvemento urbanístico do noso concello, ademais de arbitrar políticas informativas que axuden a crear unha cultura cívica colectiva nesta materia máis respectuosa coa legalidade vixente.

ACORDO:

Instar ó goberno municipal a que, coa maior axilidade posible, durante alomenos esta situación transitoria, namentras non se restableza oficialmente o proceso de aprobación definitiva do PXOM, proceda a:

1. - Informar con todo rigor e claridade á cidadanía do marco legal vixente no concello de Teo hoxendía en materia de política urbanística. En concreto, suxerimos que a través de bandos, de publicacións oficiais ou institucionais ou de xuntanzas veciñais se informe ó vecindario, alomenos, de que neste momento se pode construir en Teo baixo a regulación establecida pola LOUPMR de Galicia e que a suspensión de licenzas decretada no seu día pola Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia está definitivamente levantada.

2.- Informar á cidadanía das posibilidades que ofrece a lexislación vixente para que os cidadáns que reúnan os requisitos establecidos na devandita Lei de Ordenación Urbanística de Galicia, poidan recorrer a fórmulas urbanísticas singulares (Convenios Urbanísticos) que poidan ser contempladas ou tomadas en consideración cara o proceso de aprobación definitiva do futuro PXOM.

Trátase en definitiva de dar cumprimento estricto ó que, precisamente a propia Lei recoñece ó respecto no seu artigo 233.2: "A negociación, a formalización e o cumprimento dos convenios urbanísticos ós que se refire o número anterior rexeranse polos principios de transparencia e publicidade. "
3.- Creación da praza de Arquitecto municipal dentro da RPT (Relación de Postos de Traballo) municipal e proceder a cubrir a praza tan axiña como sexa posible mediante o sistema ordinario de concurso-oposición.
4.- Crear o Servizo de Inspección Urbanística e dotalo dos recursos humanos e técnicos ademais das competencias necesarias para desenvolver con rigor i eficacia a súa tarefa.
5.- Elaborar un informe sobre as vivendas habitadas que actualmente carecen de Licenza de primeira ocupación co fin de procurar solucións áxiles i efectivas dentro do marco legal vixente a esta peculiar situación de "alegalidade" na que incomprensiblemente se atopan moitos edificios dentro do noso termo municipal.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que esta moción xa se presentou antes por vía de urxencia e foi rexeitada a urxencia.
Engade que é constatable que a inmensa maioría dos veciños de Teo descoñecen a normativa vixente e descoñecen o que poden facer ou non, e tamén hai oscurantismo na tramitación do plan xeral pois pasou máis dun ano sen celebrar ningunha sesión a Comisión de Seguimento, aínda que a comisión realizada o venres tampouco foi de relevancia porque non poideron ver os convenios urbanísticos, que pasan directamente a Urbanismo desde o Rexistro do Concello e se queren velos teñen que pedilo por escrito. Teñen constancia de que a algunhas persoas se lles da toda a información para facer convenios urbanísticos e a outros non, e engade que os servizos urbanísticos están abslutamente bloqueados por falta de persoal, polo que é necesario a maior eficiencia na xestión do urbanismo.
Engade que cren absolutamente necesario que por parte do equipo de goberno se informe á cidadanía sobre o marco legal vixente en materia de política urbanística, cren imprescindible a praza de arquitecto municipal que debe cubrirse o máis axiña posible e engade que é necesario o servizo de inspección sobre todo e é o máis importante para previr, e solicitan igualmente que se faga un informe de tódalas vivendas sen licenza de 1ª ocupación.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que o que se di na moción é clave na tarmitación dun plan xeral; engade que na Comisión de Seguimento do PXOM do venres quedou evidente que o Sr. Alcalde mentiu a este Pleno e que o Sr. Parajó mentiu a este Pleno e os concelleiros do grupo de goberno foron cómplices e todos sabemos que as complicidades non son gratuítas; engade que se negaba que se lle deran instrucións ó equipo redactor e cando chegou o do equipo redactor que non sabía nada explicou as instrucións recibidas; que pide que o que resta do proceso do PXOM se faga con total transparencia, que problema hai en dicir como grupo de goberno cal é a súa proposta con claridade e nós podemos criticala ou non e se queremos reconducir o asunto deberíase aprobar esta moción.

O Sr. Alcalde sinala que con respecto ós convenios, que pasan polo Rexistro do Concello que vostedes ven continuamente e que as instrucións enviaronse ó equipo redactor en febreiro de 2004 en base a informes dos técnicos municipais polo que él como Alcalde asinou as directrices técnicas facilitadas polos técnicos e ó final nas mesmas pon que terán a finalidade

de favorecer ó máximo posible ós veciños do Concello, que aquí non houbo nada de ocultación e remata dicindo que non se pode estar todo o día co asunto do oscurantismo.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que quere dicirlle ó portavoz do BNG unha cousa: Que mentras sexa Concelleiro de Urbanismo se reunirá co equipo redactor do plan xeral cando queira e se o Sr. Alcalde quere reunirse tamén poderá facelo porque para iso é o Alcalde, quen en nome dos veciños lle paga ó equipo redactor, que isto quede claro, que eu reúnome cando queira.
En segundo lugar sinala que como xa se constatou o equipo redactor se dedica a traballar e non se deixan mangonear; e con respecto ós convenios están no Rexistro e calquera membro da corporación pode pedir copia, e con respecto ó caos de urbanismo dicir que se os expedientes teñen toda a documentación completa as licenzas saen nunha semana.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que o proceso oscurantista non é insultar como fai o Alcalde, non confunda vostede, que o Alcalde non é quen paga o PXOM, son os fondos públicos os que o pagan, as rúas fánse con cartos públicos para satisfacer necesidades do interese xeral. En canto ós convenios que lle gustaría que lle deran instrucións ós funcionarios de que non se dan copias, que desde que temos novo Concelleiro de Urbanismo hai que pedir autorización por escrito do concelleiro e no Rexistro figura só a carátula ou presentación do escrito, polo tanto non é certo que estean no Rexistro.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que quen contratou o PXOM foi o Pleno e quen paga a súa elaboración son os veciños; o problema Sr. Parajó non é que se reuna co equipo redactor, o problema é que non teña vergonza de dicilo, porque antes de ser Concelleiro de Urbanismo se reuniu co equipo redactor, non me diga que onde vai o solo industrial non é unha decisión política por moito que poidan dicir os técnicos e que cando chegue o plan xeral se lle dirá se o aproban ou non, pero porqué non se iniciou o consenso no avance do documento.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que dixo moi claro que paga o Alcalde en nome dos veciños, que él non falou de copias senón de ver a documentación no Rexistro. Engade que o outro día despois da Comisión de Seguimento o primeiro que fixeron foi pasar mentiras á prensa, porque vostedes non queren plan, queren follón e que haxa conflictividade, e pregunta, ¿onde vai un polígono industrial en Calo?, ¿quen dixo esta barbaridade?, a quen se lle ocurre dicir que Cacheiras non crece.
Engade que outro tema é que non se pode chegar a Urbanismo e querer ver os asuntos e que incluso van en días de atención ó público e pretenden pasar incluso por diante dos veciños e que quere que o PXOM salga o máis legal posible en interese dos veciños.
Neste intre o Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que quere presentar unha cuestión de orde, producíndose neste intre un tumulto de proporcións máis que considerables onde varios concelleiros do BNG e do PSG-PSOE son chamados á orde pola Alcaldía, con advertencias de expulsión, son expulsados do Pleno algúns concelleiros, se produce unha negativa a abandonar o salón, e a sesión de facto queda suspendida durante aproximadamente 30 minutos.
Reanúdase coa presenza dos 17 concelleiros que o compoñen, tras a reconsideración de posturas e acto seguido o Sr. Leis Carlés presenta a cuestión de orde, non sendo admitida pola Alcaldía.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con oito votos a favor pertencentes ós grupos municipais do BNG (4) e PSG-PSOE (4), e nove votos en contra dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1), acorda rexeitar a moción.

5º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE ARRANXO DA ESTRADA LOCAL MILLADOIRO-PONTEVEA.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
O Concello de Teo dispón dunha vasta rede de estradas e camiños como corresponde a un municipio cunha superficie total de case 80 kilómetros cadrados.
O sistema viario do noso concello componse de 4 tipos de estradas de diversa natureza según os ámbitos competenciais dos organismos ós que pertencen:
1).- Estrada nacional N-550 (A Coruña-Vigo) de competencia estatal (Ministerio de Fomento).
2.- Estradas: C-541 (Santiago-Carballiño) e Padrón-Ponte Ulla de competencia autonómica (Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia).
3.- Estradas: C-0205 (Bertamiráns-A Ramallosa), C-8201 (Catrocamiños-Oza-Campos-Teo), C-8202 (As Galanas-Cacheiras) e C-6502 (Pazos-Luou por Lampai) de competencia provincial (Deputación Provincial de A Coruña).
4.- Restantes estradas locais e vías de servizo de ámbito municipal (competencia do Concello de Teo).
Esta última, a rede viaria de ámbito local caracterízase especialmente pola súa obsolescencia e por un deficiente mantenemento, factores que se superpoñen a outros problemas como: trazados sinuosos, anchos escasísimos, abundancia de puntos negros e cruces problemáticos, malas sinalizacións, gavias desatendidas (cando as hai), firme en mal estado, tratamento do asfalto a base de rebacheos ou gravillados periódicos...
Estes trazados responden na maioría dos casos a modelos orixinalmente nacidos como meros viais de servizos de carácter rural que, obviamente, non se axustan hoxendía ás necesidades actuais dun concello en constante e progresivo proceso de urbanización.
Algunhas destas estradas locais soportan un tráfico viario moi intenso. Entre estas destaca a estrada Milladoiro-Pontevea, por Solláns-Luou e Rarís, que pola súa condición de arteria vital nas comunicacións interiores norte-sur do noso municipio, esixe por parte do goberno municipal de Teo unha actuación decidida e axeitada á realidade actual desta vía que pasa ineludiblemente polo seu arranxo e acondicionamento para servir eficazmente ós intensos fluxos circulatorios que ven soportando a cotío.
ACORDO:
Instar ó goberno municipal de Teo a:
1.- Elaborar un Plan Plurianual de Mellora da Rede Viaria Local.
2.- Levar a cabo o arranxo desta estrada Milladoiro-Pontevea, en termos de ampliación, asfaltado, limpeza e construcción de gavias, sinalización de tráfico e toponímica, etc., no marco deste Plan, (que, á súa vez, debería estar integrado no Plan Municipal de Investimentos) e previa adopción das medidas técnicas, administrativas i económicas pertinentes.
3.- Incorporar ó devandito Plan Plurianual de Mellora da Rede Viaria Local, un programa de actuacións semellantes, elaborado con rigurosos criterios obxectivos e cun cronograma de

execucións de acordo cos recursos técnicos dispoñibles e coas posibilidades orzamentarias municipais, en alomenos as seguintes estradas locais:
- estrada Cacheiras-Santa Lucía por A Ribeira, Procelas/Penelas.
- estrada Vilar de Calo-Cacheiras por Guldrís, Pedrouso e Augas Mansas.
- estrada Cacheinas-Luou por Recesende.
- estrada Requián-Catrocamiños por Vilanova, Tarrío e A Pedra.
- estrada Ameneiro-Igrexa de Calo por Texexe.
4.- Prever o arranxo progresivo dos restantes viais de ámbito municipal.
5.- Creación dunha brigada municipal para o mantenemento regular deste sistema viario local e/ou actuacións urxentes de carácter menor.

Debate:
O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que dubidan moito que se faga isto porque no plan de investimentos do presuposto de 2005 non aparace isto, polo que pide que se incluan.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que están a favor da moción, que a rede viaria está destrozada agás as estradas competencia do Estado, da Xunta de Galicia ou da Deputación; engade que dentro do PXOM debe incluirse o plan de mellora da rede viaria local, realizado coas aportacións de todos nós, que as suxestións do PSG-PSOE son de urxencia polo que teñen que facerse rapidamente e que esta estrada necesita estar nun bo estado por atravesar transversalmente ó Concello, e remata sinalando que querian solicitar que no tramo cortado nas canteiras se regule igualmente.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que esta estrada neste momento se está a bachear porque viu o outro día camións por alí, que hai un proxecto de facer máis obras nesta estrada e pensa que se solicitaron polo Alcalde subvencións e igualmente á Deputación para a mellora das estradas provinciais e que o portavoz socialista lle diga o que lle pediu ó Presidente da Deputación porque o Concello debe estar informado.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que a moción fai referencia á rede viaria local, se centran exclusivamente na local, trátase de darlle prioridade á principal arteria de comunicación interna; engade que planificar non é bachear, é algo moito máis amplo e ambicioso, debe ampliarse, asfaltarse, facer a sinalización toponímica según o plan de infraestructuras. Con respecto ás subvencións do Concello sinala que vostedes todo o que fan o fan a expensas de subvencións de organismos alleos, e con respecto ás xestións coa Deputación como grupo socialista están no seu perfecto dereito a facelo, non foi ningunha reunión co Presidente da Deputación, senón co Deputado de Obras e lle fixeron ver as necesidades do Concello en materia de vias provinciais e se quedou en facer reunións posteriores e elaboración de proxectos.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que quere agradecer a aclaración do PSG-PSOE e que fagan xestións para que as expropiacións futuras non sexan con cargo ó Concello.

O Sr. Alcalde sinala que isto o admitiría como un rogo non como moción como xa dixo moitas veces, e que por outra banda estánse facendo parte das obras.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con oito votos a favor pertencentes ós grupos municipais do BNG (4) e PSG-PSOE (4), e nove votos en contra dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1), acorda rexeitar a moción.
Abandoa o salón de Plenos neste intre a Srª. Bugallo Rodríguez.

6º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE SOLICITUDE DE EXECUCIÓN URXENTE DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA PONTE DE SESTELO.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
Nos últimos comicios municipais o alcalde Armando Blanco anunciaba na súa propaganda electoral que "os terreos xa están comprados e redactado o proxecto". Como logramos demostrar con posterioridade o grupo socialista, de maneira documentada, o alcalde Armando Blanco, unha vez máis, estaba mentindo descaradamente ós cidadáns: os problemas administrativos relacionados coa adquisición das parcelas para levar a cabo estas obras de ampliación da ponte para permitir o paso do autobús i eliminar o perigo existente para o tráfico viario, non se solucionaron definitivamente ata o mes de outubro de 2004.
Polo medio tiveron que pasar: múltiples preguntas ó respecto por parte do grupo socialista nesta e na anterior lexislatura, unha moción presentada o 10/08/2004 (debatida na sesión plenaria de 28-setembro-2004 e rexeitada a proposta socialista polos votos en contra do grupo de goberno), ata que parte da ponte se viñera abaixo o 11-agosto-04, o que forzou a levar a cabo unhas obras de urxencia de reforzamento da estructura da ponte. Inexplicablemente, non se aproveitou este suceso para facer as obras que todo o mundo está a demandar: o ensanchamento da ponte.
Así chegamos a hoxendía en que o problema central, o que lle preocupa realmente ós veciños da redonda que utilizan este vial, e que motivou as reiteradas iniciativas socialistas, é decir, o do ensanchamento da ponte para que o tráfico rodado se poida facer sen perigo e o autobús poida pasar por él, segue pendente de facerse realidade.
Agora sí, despois de moitas e repetidas mentiras, os atrancos administrativos están solucionados. ¿Qué é, pois, o que impide que non se cumpla a palabra dada ós veciños/as da zona polo alcalde Armando Blanco de ampliar a ponte de Sestelo? Só se nos ocorre unha resposta: a desidia, o desinterese e a despreocupación polos veciños de que ven facendo mostra sistemáticamente o primeiro mandatario municipal e o seu equipode goberno.
ACORDO:
Instar ó alcalde Armando Blanco e ó seu equipo de goberno a que antes dun mes a partires da presentación desta MOCIÓN:
1) Presente públicamente o proxecto técnico que contemple as obras de ampliación da ponte de Sestelo.
2) Habilite as partidas correspondentes nos orzamentos de 2005 para financiar as obras comprometidas.
3) Saque a concurso público a execución das referidas obras.
4) Execute estas obras de ampliación da ponte de Sestelo de tal maneira que antes do mes de xuño de 2005 estean definitivamente rematadas e aberto o paso a todo tipo de vehículos.

Debate:

Explica o Sr. Concelleiro Tallón Mesías que son arranxos reclamados no anterior mandato e que da a impresión pola tardanza que están a falar da Ponte de Rande; engade que pide que o Alcalde lle vaia pedindo perdón ós veciños pola mentira, por alí pasan moitos veciños, e que no presuposto non están detalladas as obras polo que non sabe se está incluída ou non, piden que se presente o proxecto, se habiliten as partidas, se saque a concurso e se dea a máxima urxencia para rematalas e de paso que se corrixa o do colector que está vertendo directamente ó río.
O Sr. Alcalde sinala que a finca está comprada e sinalizada para facer as obras, están os técnicos con elo, tómase nota do asunto dos vertidos para que vaia alguén por alí, e finalmente sinala que isto o admitiría como un rogo non como unha moción.
O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que espera que antes do verán estea feito.
O Sr. Alcalde sinala que as obras levan un proceso para facelas e se farán cando se poida.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con sete votos a favor pertencentes ós grupos municipais do BNG (3) e PSG-PSOE (4), e nove votos en contra dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1), acorda rexeitar a moción.

7º) MOCIÓN DO PSG-PSOE POR MOR DA GRANXA DA EMPRESA EXCORRIGAL S.L.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
O 23 de marzo de 2004 o grupo municipal socialista presentou diversas denuncias (acompañadas dun amplo dossier fotográfico) diante do Concello de Teo (rexistro entrada n° 618), da Consellería de Medio Ambiente (rexistro entrada 24-marzo) e diante do SEPRONA (rexistro entrada 24 de marzo) sobre dos efectos nocivos de carácter sanitario e medioambiental provocados pola Granxa de Porcos que a empresa EXCORRIGAL S.L., ten instalada no lugar de Paredes (parroquia de Lucí).
O pleno da Corporación de Teo na sesión celebrada o 26 de marzo de 2004 aprobou por unanimidade unha moción de urxencia presentada polo grupo municipal socialista pola que se acordaba textualmente:
"O Pleno da Corporación Municipal de Teo, ademais de manifestar o seu apoio explícito a esta denuncia, comprométese a utilizar tódolos resortes legais ó seu alcance e tódalas enerxías co fin de lograr a definitiva erradicación das causas que xeneran este foco contaminante que tantos prexuizos veñen ocasionando ó noso medio ambiente así como graves trastornos ó vecindario máis directamente afectado".
Con posterioridade van aparecendo sucesivamente pronunciamentos e notificacións de diferentes organismos autonómicos (Consellería de Medio Ambiente, Consellería de Sanidade), instando ó Concello de Teo a adoptar as medidas pertinentes, no exercicio das súas competencias, para erradicar o problema.
O 22 de xuño de 2004 prodúcese unha grande mortandade de peixes no río Santa Lucía que, á vista dos informes emitidos polo SEPRONA (Informes n° 80/2004 e 126/2004) e polos técnicos da empresa SOLUZIONA/NORCONTROL contratada polo Concello de Teo para determinar as posibles responsabilidades desta catástrofe ecolóxica, conclúese que a orixe da mesma está nos vertidos efectuados pola devandita granxa de porcos que a empresa EXCORRIGAL S.L. ten en Paredes-Lucí.

Por outra banda, o propio arquitecto-técnico municipal sinala literalmente nun informe emitido o 9 de xullo de 2004:
a) que as naves construidas non coinciden co proxecto que serviu de base para a obtención da licenza da actividade, non tendo constancia de posteriores modificacións na oficina técnica.
b) a situación dos depósitos de aireación e sistema de depuración non coincide en canto ó emprazamento co proxecto orixinal.
c) as medidas correctoras dos proxectos non parecen completas, quedando certos aspectos como os de sistema de recollida de sólidos, tratamento do aire do forno crematorio, sistema adecuado de eliminación de reses mortas, etc.
Por último o grupo municipal socialista dirixe un escrito ó Concello de Teo (rexistro entrada n° 1725) no que esixe ó goberno municipal que "se proceda a:
1. Incoar de maneira inmediata, ou no seu caso proseguir co expediente relativo ás denuncias presentadas polas deficiencias da granxa porcina mencionada, tomando as medidas necesarias para a corrección das mesmas, procedendo, no seu caso, á revocación da licenza concedida, e posterior clausura da devandita actividade.
2. Que se lles dea traslado (ós membros do Grupo Socialista) das actuacións que se vaian derivando no presente procedemento polas súas cualidades de membros desta corporación, así como nas súas condicións de denunciantes".
A todo isto compre suliñar que:
1) O grupo municipal socialista non foi informado - tal como se lle esixía no escrito antes referido -de ningunha outra actuación por parte do goberno municipal posterior ós feitos ata aquí relacionados. Nin siquera ten constancia da situación en que se atopa o expediente aberto.
2) Os problemas sanitarios e medioambientais, así como as presuntas ilegalidades constructivas advertidas polo arquitecto técnico municipal, persisten diante da pasividade neglixente do Concello de Teo.
En consecuencia, é obvio afirmar que o goberno municipal de Teo está a amosar unha conducta reprobable de clara omisión do cumprimento das súas competencias por canto:
- hai sen resolver unha denuncia formulada polo grupo municipal socialista.
- danse uns incumprimentos sistemáticos de requerimentos dos órganos autonómicos que instaban ó concello a tomar as determinacións oportunas de acordo co marco legal vixente.
- existen uns informes, elaborados por empresas e organismos competentes, claramente culpatorios da empresa EXCORRIGAL S.L pola mortandade de peixes producida.
- hai un incumprimento do acordo plenario aprobado por unanimidade no seu día ó respecto.
En última instancia só cabe decir que os problemas, sanitario e medioambiental, subsisten por canto a actividade desta factoría segue a desenvolverse con normalidade nos mesmos termos que orixinaron esta denuncia e que, polo tanto, permanecen as graves molestias ocasionados ós veciños/as máis directamente afectados, así como os prexuizos que se provocan ó ben común.
ACORDO:
Ínstase ó goberno municipal de Teo a:
1. Informar documentadamente ós grupos políticos municipais do estado dos expedientes abertos contra da empresa EXCORRIGAL S.L. a partir da denuncia presentada polo grupo municipal socialista con data 23 de marzo de 2004 e da mortandade de peixes producida no río Santa Lucía o 22 de xuño de 2004.
2. Proseguir co expediente relativo ás denuncias presentadas polas deficiencias da granxa porcina mencionada e resolver de forma efectiva, no prazo máximo de tres meses, mediante a adopción das medidas legais oportunas, no exercizo das atribucións que nesta

materia ten a institución municipal, tódolos problemas plantexados de índole sanitaria, medioambiental e urbanística, "tomando as medidas necesarias para a corrección das deficiencias denunciadas e/ou procedendo no seu caso á revocación da licenza concedida e posterior clausura da devandita actividade".
3. Solicitar a intervención dos organismos autonómicos competentes na parte que lles corresponda para contribuir á solución definitiva dos problemas suscitados mediante a aplicación de tódolos resortes legais existentes.

Debate: Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dase conta da resolución da Alcaldía do 12.01.2005 referente ó estado no que se atopa o expediente.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que quen ten que informar é o grupo de goberno, non o Secretario do Concello, engadindo que a moción é de data 03.01.2005 e con data 12.01.2005 o Allcalde resolve, que hai relación directa entre a moción e as medidas adoptadas polo que non teñen ningún tipo de obstáculo para que a apoien. Convén recordar que desde os informes contundentes de Norcontrol e Seprona do verán, non é coñecida ningún tipo de medida ata a presentación da moción. Despois de presentada a denuncia o grupo socialista pediu a incoación de expediente inmediato e que se lle dera traslado das actuacións que se fixeran cousa que non se fixo. Engade que hai suficientes argumentos legais de fondo para ser contundente, así os informes técnicos están falando de problema de infraccións urbanísticas, vostedes encargaron informe a Norcontrol onde se informa de actuacións a seguir e se di que no momento do informe se está realizando un vertido o cal é un problema medioambiental gravísimo e a Consellería de Sanidade xa dixo que o problema debe ser resolto polo Concello, e según informe técnico procederá expediente sancionador simultaneamente co de reposición das medidas correctoras. Remata sinalando que espera que dentro de seis meses non lle teña que recordar as súas obrigas ó Alcalde como coa ponte de Sestelo.

O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que se dan por satisfeitos coas explicacións e se dan por informados.

O Sr. Alcalde sinala que se están a dar os pasos correspondentes polo Concello e respecto da moción o expediente segue a súa tramitación e se están presentando mocións tódolos días pois claro que teñen que coincidir as datas.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que simplemente constatan feitos obxectivos porque ata a moción no se fixo nada, loxicamente en principio teñen que presumir que existe unha relación causa/efecto, e que unha vez máis trasládaselles responsabilidades políticas ós funcionarios, que a decisión política de actuar e as instrucións deben dalas os políticos, que os funcionarios non teñen culpa ningunha cando as cousas saen mal.

O Sr. Alcalde sinala que o asunto o leva adiante o equipo de goberno.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con sete votos a favor pertencentes ós grupos municipais do BNG (3) e PSG-PSOE (4), e nove votos en contra dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1), acorda rexeitar a moción.

8º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE PROPOSTA DE ACTUACIÓNS EN CORNIDE, MOUROMORTO, CASAL, SOCASTRO, CESAR E A XESTA.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
Estes lugares, pertencentes á parroquia de San Xoán de Calo, agrupan na actualidade a cerca de 500 habitantes.
Como denominador común de case todos estes lugares preséntase o feito da configuración tradicional e rural do seu espazo urbano, quizais coa salvedade da zona Mouromorto- Casal que nos últimos anos está a coñecer un acelerado proceso de urbanización en forma de vivendas unifamiliares. En canto a infraestructuras e servizos básicos a maioría dos asentamentos caracterízanse pola súa inexistencia ou cando menos pola súa precariedade.
ACORDO:
Instar ó Goberno Municipal a que de maneira progresiva, previo diálogo cos interlocutores sociais, según as disponibilidades orzamentarias e no marco dun Plan de Investimentos Plurianual, se adopten as medidas pertinentes para acometer as seguintes obras:

Lugar de Socastro:
- Extender as redes de saneamento e abastecemento a todo o lugar. Hoxendía só dous veciños teñen auga..
- Limpeza e acondicionamento da fonte e o lavadoiro: hai problemas de caudal de auga nos últimos tempos, matorreiras abundantes e o picho está feito de materiais impropios dunha instalación desta natureza.
- Necesidade de limpeza de gabias e limpeza xeral de matorreiras ó longo da pista que atravesa o lugar.

Lugar de Cesar:
- Ensanchar e asfaltar a pista que vai de Cesar a Folgueiras, e reubicar os postes de luz que están dentro da calzada.
- Reparar a fonte (nen sequera bota auga) e adecentar e limpar o lavadoiro e os seus contornos.
- Limpar e adecentar os contornos do cruceiro existente entre a Xesta e Cesar.

Lugar de A Xesta:
- Arranxar e asfaltar a pista que cruza a aldea e que vai a Mazas.
- Ensanchar e asfaltar a pista que vai a Mazas dende o núcleo tradicional.

Lugares de Mouromorto e Casal:
- Levar as redes de alcantarillado e auga.
- Incrementar liñas de autobuses durante o verán (só hai tres liñas pola mañán, unha ó mediodía e outra pola tarde).
- Asfaltar a pista do Castro.
- Limpeza da pista que vai a Socastro.
- Retirar poste de teléfonos que quedou na pista fronte da Residencia da 3ª Idade.
- Incluir o conxunto tradicional nun Plan de Embelecemento de Núcleos Tradicionais.É un dos cascos tradicionais máis fermosos e mellor conservados do Concello de Teo.

- Asfaltar a pista que vai desde a estrada principal Luou-Calo ó Casal e ó Covillón e continuar ampliación da mesma no seu trazado final.
- Asfaltar varias pistas interiores das novas vivendas de O Casal.
- Adecentar contornos do cruceiro do monte de Casal.
- Levar a cabo unha intervención decidida i eficaz destinada a mellorar substancialmente as instalacións e o espazo da área recreativa de Mouromorto. Hoxendía, esta privilexiada paraxe natural presenta un aspecto lamentable: elementos do parque infantil estragados, a caseta cos teitos queimados, suciedade, abandono xeralizado, etc.

Lugar de CORNIDE
- Incorporara a aldea nun Plan de Embelecemento de Núcleos Tradicionais.
- Adecentar, previa negociación cos propietarios, os contornos da carballeira e preservala para usos exclusivamente festivos e recreativos.
- Extender redes de saneamento (alcantarillado) e abastecemento (auga) a todo o lugar. Hoxendía só unhas poucas casas ó longo da pista dos Agreiros dispoñen de alcantarillado. Non hai auga da traída en toda a aldea.
- Instalar sinalización de curva á esquerda na estrada provincial fronte do Bar.
- Arranxar estrada de acceso á aldea e tódalas pistas do interior.
- Arranxar a carballeira-masa común e substituir os elementos de ferro oxidados i estragados do parque infantil por outros axeitados á normativa legal vixente.
- Valeirar e por en funcionomento a fosa séptica que neste intre está taponada (leva anos sen limpar) e vertendo as augas fecais directamente ó río. Compriría asimesmo adecentar contornos do río, limpalo de matorreiras e tratar de recuperar, alomenos, algúns dos muíños alí existentes.
- Asfaltar e acondicionar a pista que vai a Vilar e Lampai.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío explica sucintamente a moción.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que van apoiala, pero pensan que estas actuacións deben estar nun plan global do que se carece no Concello, polo que se actua a salto de mata.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que como todas as mocións deste tipo que se presentan non está de acordo con elas, sabe e coñece perfectamente como están os núcleos e as necesidades dos núcleos.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que as actuacións afectan a todos os núcleos e que o Sr. Parajó se molesta.
O Sr. Alcalde sinala que non van apoiala, que o tema de pedir que se amañen cousas é moi fácil porque é ir por aí cun caderniño apuntando.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con sete votos a favor pertencentes ós grupos municipais do BNG (3) e PSG-PSOE (4), e nove votos en contra dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1), acorda rexeitar a moción.

9º) MOCIÓN DO BNG DE SOLICITUDE DE DIMISIÓN DE CONCELLEIRO.

Abandona neste intre o Pleno o Sr. Concelleiro Rego Jorge.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
Que o pasado 19 de novembro do 2004 o Xulgado de Instrucción número 3 de Santiago de Compostela emitiu unha sentenza condenatoria na persoa de Manuel Cao Fuentes como autor dunha falta de amenazas tipificada no artigo 620.2 do Código Penal.
Que esta sentenza é consecuencia duns feitos que aconteceron no ano 2001, momento no que Manuel Cao Fuentes amenazou e intentou intimidar a Martiño Noriega, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G de Teo a raíz dunhas preguntas presentadas por este no Rexistro Municipal, solicitando información sobre un depósito de terras ilegal situado nos baixos da ponte da autopista ó seu paso por Montes-Cacheiras. Este depósito estaba relacionado con Manuel Cao Fuentes e así se recolle no informe feito por entón pola Policía Local de Teo.
Que desta situación de amenazas e intimidación foi informado no seu momento o por entón Alcalde, Armando Blanco en xuntanza mantida nas dependencias municipais, coa concelleira Ánxela Bugallo e co concelleiro Martiño Noriega. Nesta xuntanza trasladouselle ó Alcalde a preocupación do grupo municipal do BNG pola situación creada. O Alcalde negou en todo momento coñecer á persoa autora dos feitos e comprometeuse a manternos informados.
Que Manuel Cao foi incluido na candidatura do PP de Teo as eleccións municipais do 2003, sendo elixido concelleiro e ocupando a día de hoxe un cargo na corporación. É por entón cando dende o grupo municipal do BNG se vincula esta persoa ós feitos denunciados no 2001 na Policía Local.
Que desde o grupo Municipal do BNG xa se solicitou a dimisión do devandito Concelleiro por entender que sentenzas como estas incapacitan a un cidadán para desenrolar un cargo público e poñen de manifesto unha situación de anormalidade nunha corporación democrática do século XXI.
Que non entendemos e condenamos a actitude pública do señor Alcalde que en diversos medios de comunicación apareceu respaldando a Manuel Cao e quitándolle importacia ós feitos con xustificacións tan peregrinas como as de que os mesmos aconteceron cando Manuel Cao non era concelleiro. Actitudes como estas son impropias dun rexidor e lexitiman desde a Alcaldía situacións semellantes futuras contra os concelleiros desta corporación, simplemente por realizar o noso traballo.
Por todo isto, propoñemos a adopción do seguinte acordo:
1. O Pleno da Corporación acorda solicitar a dimisión do Concelleiro Manuel Cao Fuentes como consecuencia da súa condena por un delito de amenazas e intimidación contra un membro da Corporación.
2. O Pleno reproba a actitude do señor Alcalde neste tema, considerando que a mesma racha cuns mínimos principios de funcionamento democrático desta institución e fomenta que situacións como estas volten a repetirse.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que están a esixir a dimisión dun concelleiro por un feito gravísimo, por existrir unha sentenza dun tribunal, aínda que é consciente que os feitos producironse antes de que o condenado fose concelleiro; engade que se identificou á persoa cando veron as listas electorais do PP, que desde o BNG se solicitou a dimisión deste concelleiro e lle parece moi grave a explicación do Alcalde de que daquela non era

concelleiro, por iso trasladan ó Pleno a petición para que situacións como esta non volten a repetirse.
Engade que nunca pensou que fora a tratar un tema como este no Pleno e que pide a solidariedade do resto da corporación, que non se pode estar amparando este tipo de situacións e se amparamos estas situacións estaríamos adoptando medidas moi graves.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que están obrigados a votar a favor sen ter nada que razonar; só habería unha cousa para cambiar o sentido do seu voto, que a persoa implicada pedira disculpas, nese momento se replantexaria a súa opinion ó respecto. Engade que pensa que algún membro do equipo de goberno falou algunha vez de exemplariedade na súa actuación ós membros da oposición, pero que debe ser para todos os membros da Corporación, e tamén quere dicir que o Sr. Alcalde votou a favor dunha moción de condena da violencia de xénero onde o Alcalde dixo que estaban en contra de todo tipo de violencia e que agora ten un bo momento para demostrar que o Alcalde está en contra da violencia; sinala que farian o mesmo aínda que non fose un membro do equipo de goberno, que se fose do PSG-PSOE se terian tomado medidas disciplinarias e o seu cese como membro.

O Sr. Alcalde sinala que están en contra de toda violencia e respecto deste asunto que non sabe se houbo algo ou non porque foi antes de ser concelleiro e o seu comportamento non ten nada que ver coa actuación como corporativo.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que os argumentos do Alcalde o enchen de vergoña, que é denigrante; que os feitos non se produciron nun momento de axitación senón que un veciño amenazou a un concelleiro por cumplir co seu deber de concelleiro e que incluso fanfarroneou de que ese xa non volvia a facer esas cousas; engade que o outro día na comisión informativa nin pediu perdón nin admitiu os feitos e nin presentou recurso sobre os feitos senón sobre se prescribiu o delito, e remata sinalando que se algún concelleiro do PP pasa pola mesma situación eles o defenderán.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que quere insistir na petición que fixo ó principio, que aproveite a oportunidade para pedir disculpas públicas á persoa que foi agredida, que estamos falando de feitos comprobados, que evitaría esta situación desagradable para todos; engade que no Concello a parte das diferencias políticas o respeto persoal debe quedar a salvo, aínda que poidan estar facendo unha petición que non lles corresponda, pero que se eles están de acordo e o Sr. Cao pide disculpas públicas, se retirase da orde do día para que non fugure na acta da sesión.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con seis votos a favor pertencentes ós grupos municipais do BNG (3) e PSG-PSOE (3), e nove votos en contra dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1), acorda rexeitar a moción.

10º) MOCIÓN DO BNG PARA DINAMIZAR E DEMANDAR A PARTICIPACIÓN DAS FORZAS POLÍTICAS E DA SOCIEDADE GALEGA NA REDACCIÓN DUN NOVO ESTATUTO PARA GALICIA.

Abandoa neste intre o Pleno o Sr. Concelleiro Tallón Mesías.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal.
Dada conta da moción coa proposta transacional do PSG-PSOE que transcrita di:
O debate sobre o modelo de Estado e sobre a súa reformulación está definitivamente aberto e ocupa boa parte da actualidade política e mediática. Como galegos e galegas podemos asistir como simples espectadores a ese debate, pero tamén podemos asistir como protagonistas, coas nosas propias propostas e demostrando que pode e debe haber unha vía galega para a transformación positiva, construtiva e dialogada.
De como se resolva este debate depende que Galiza teña ou non as ferramentas que precisamos para construir a Galiza do século XXI: a Galiza do benestar, das ideas e das oportunidades para todos e todas. E para que Galiza saia con ben deste reto é necesario institucionalizar unha nova cultura política respetuosa co pluralismo, na que todos ternos moito que aportar, sen exclusións e sen prexuízos, e nese empeño os concellos galegos deben ter un gran protagonismo.
O actual marco estatutario concibiuse como un punto de partida para o desenvolvemento dinámico do autogoberno e das institucións galegas. Neste novo tempo político o BNG quere impulsar un desenvolvemento leal do marco competencial en beneficio do autogoberno, estipulando un novo marco económico baseado na autonomía fiscal e financieira, garantindo máis compromiso do Estado con Galiza e facendo posíbel máis Galiza no mundo, abrindo novos escenarios competenciais que permitan defender os nosos intereses alá onde se deciden.
Galiza non pode agardar. A historia non entende de ritmos electorais e é o momento de asumir colectivamente un plan de traballo para asegurar que Galiza teña o seu papel protagonista na historia e no futuro que nos merecemos.
En consecuencia, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:
1. Apoiar a creación dunha Comisión especial no Parlamento de Galiza, a " Comisión do Novo Estatuto" que, integrada por representantes dos tres grupos parlamentarios e na que poderán comparecer expertos e representantes significativos da sociedade galega, se ocupe de elaborar, con independencia dos ritmos electorais, un documento de bases consensuado. Un decálogo de intencións e compromisos que leve o optimismo e a esperanza á sociedade galega e meta ao noso país no debate estatal.
2. Apoiar institucionalmente o compromiso colectivo dun consenso reforzado para garantir que o Novo Estatuto sexa efectivamente de todas e todos os galegos, comprometéndonos como representantes da cidadanía galega na colaboración co novo Parlamento que xurda das eleccións, que terá a responsabilidade de consensuar o texto definitivo, para que ninguén se sinta excluído e todos nos sintamos parte.
3. Apoiar o obxectivo de someter o Novo Estatuto, unha vez aprobado polas Cortes do Estado tal e como determina o actual estatuto, a unha consulta popular, comprometéndonos a traballar para acadar unha participación masiva nesa consulta na que a cidadanía galega se manifeste dona de sí mesma.
4. Comprometérmonos, como representantes de distintas forzas políticas, a deixar fóra da confrontación electoral o consenso para o Novo Estatuto, traballando dende hoxe nun texto de consenso, sen interferencias foráneas.

Debate:

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que lle resulta moi difícil defender a moción despois do que pasou neste Pleno e no punto anterior no que non se pediu disculpas; engade que o apartado dispositivo núm.1º da moción foi o transacionado co PSG-PSOE.
Sinala que evidentemente a moción é moi importante, que se están a dar na maioría das comunidades autónomas os procesos de diálogo para superar os seus estatutos, as súas cotas de autogoberno, e en Galicia de momento non se teñen dado estes pasos; que debe buscarse o que nos une con independencia dos ritmos electorais, que debe bsucarse unha proposta de consenso, sen imposicións, pero para elo é necesario abrir vías de diálogo e para elo os concellos teñen un papel moi importante, sinala que simplemente vai ler o primeiro apartado, porque os concelleiros do PSG-PSOE fixeron unha proposta transacional.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que por razóns de tempo non van a explicar moito pero que votarán a favor da moción.

O Sr. Alcalde da lectura a un escrito do PP no que se sinala que o BNG plantexa acometer a reforma do Estatuto a apenas 8 meses das eleccións autonómicas. É evidente que nun prazo tan curto de tempo non é posible facer unha reforma con seriedade e consensueda do Estatuto. O PPdeG considera que o procedente é que cada forza política presente á cidadanÍa a súa proposta de reforma nos correspondentes programas electorais (cousa que, por certo, nin BNG nin PSdeG fixeron nas autonómicas de 2001:os nacionalistas non se presentaron ás eleccións coa reforma do Estatuto no seu programa).
O BNG ademais delegou a redacción da súa propsta a un Foro (do novo Estatuto), que nin tan sequera rematou aínda os seus traballos. As contradiccións entre as declaracións de Quintana e as dalgún líder da UPG sobre o Plan Ibarretxe evidencian que o BNG non ten aínda formulada unha proposta propia de reforma estatutaria, polo que resulta aínda máis contradictorio que queran xa poñerse a reformar o Estatuto.
No fondo, o BNG trata coa moción de distraer a atención sobre o feito de que están en contra da Constitución Europea, e que van a votar a favor do Plan Ibarretxe e polo tanto en contra da Constitución Española de 1978. Por iso tamén é contradictorio que defendan para Galicia un acordo de todas as forzas políticas parlamentarias, mentras que apoian a proposta soberanista de Ibarretxe, imposta polos nacionalistas vascos a case a metade da poboación. Parece que se a maioría é nacionalista non fai falla o consenso, pero si a maioría non é nacionalista (como en Galicia) entón é absolutamente necesaria a unanimidade.
En todo caso o PPdeG considera que:
-. O actual Estatuto é unha gran norma, que nos permitiu acadar os máximos niveis de autogoberno que Galicia tivo na súa historia contemporánea; e que nos situan á cabeza en competencias de todas as rexións de Europa.
-. Non obstante, que o Estatuto é susceptible de ser mellorado a través da súa reforma, sempre no marco da vixente Constitución Española, co fin de consolidar, avanzar e perfeccionar o noso autogoberno.
-. Por iso, o PPdeG incluirá unha proposta de reforma estatutaria no seu programa electoral. Unha proposta que amosará o compromiso do PPdeG co noso autogoberno, pero plenamente constitucional.
-. Os nacionalistas galegos nunca votaron a prol das nosas normas institucionais básicas: nin apoiaron a Constitución, nin o Estatuto, nin votarán a favor da Constitución Europea. Agora expresan o seu desexo de incorporarse a un novo consenso estatutario, o que para o PPdeG sería unha excelente noticia. Expresamos o noso desexo de que sexan capaces de abandonar os seus maximalismos soberanistas e de que, cando rematen a súa proposta de reforma

estatutaria, se incorporen desde a lealdade á Constitución ao consenso estatutario, porque sería unha excelente noticia para Galicia; remata o Sr. Alcalde que por todo iso non van aprobar a moción.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que supón que o PP de Andalucía non levaba no programa electoral a reforma do Estatuto e sen embargo o está facendo con normalidade; que o BNG pide que hai que ir avanzando, non que estea feito antes das eleccións e que o BNG non delegou a súa proposta estatutaria en ningún foro, que cren que toda a sociedade debe intervir neste proceso, e as achegas son moi importantes e pretenden consensuala e enriquecela con outras achegas.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non era a súa intención participar en profundidade neste tema, que pensa incluso que non hai competencia municipal e máxime vista a resposta do PP.
Engade que o documento do PP é contradictorio, que non ten nada que ver introducir o tema de Ibarretxe e da Constitución Europea no debate estatutario e que o debate estatutario se reduza a un debate electoral lle parece moi perigoso, e remata sinalando que pediria que o Alcalde lera as propostas da moción, que é absolutamente integradora, de consenso, e que lle gustaría que llo trasladara ós seus dirixentes polas contradicións existentes.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con cinco votos a favor pertencentes ós grupos municipais do BNG (3) e PSG-PSOE (2), e nove votos en contra dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1), acorda rexeitar a moción.

11º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA NÚM. 114/04 Á NÚM. 9/05.

Dada conta mediante a posta a disposición dos concelleiros desde a data da convocatoria do Pleno das resolucións da Alcaldía números 114/04 á 9/05, ámbalas inclusive, o Pleno queda enterado.

Antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo tiña algún asunto urxente non comprendido na orde do día que someter á consideración do Pleno, consonte co art. 91.4 do R.O.F.
O grupo do PSG-PSOE di que ten dúas:

FORA DA ORDE DO DÍA:

1º) MOCIÓN URXENTE DO PSG-PSOE SOBRE CAMPAÑA INFORMATIVA INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE TEO PARA DAR A COÑECER OS CONTIDOS DA CONSTITUCIÓN EUROPEA.

Abandona o salón de plenos o Sr. Concelleiro Noriega Sánchez.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés le a moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
A Unión Europea (UE) é a historia dun éxito colectivo que permite ós seus membros convivir en paz, democracia e desenvolvemento económico e social. Neste

marco, España, desde o seu ingreso o día 1 de xaneiro de 1986, foi un dos países máis beneficiados pola súa participación no proceso de construcción europea.
O 1 de maio de 2004, a Unión levou a cabo a súa maior ampliación, pasando de 15 a 25 membros, que se convertirán en 27 a curto prazo. O ingreso dos novos estados foi unha oportunidade correctamente aproveitada para construir a gran casa común europea.

Necesariamente, a ampliación debe de ir seguida da profundización. Por elo, a adopción da primeira Constitución Europea na recente Conferencia Intergubernamental presentou o paso adecuado e indispensable en tal senso, abrindo a porta á culminación da unión política.
A Constitución Europea -elaborada pola Convención convocada ó efecto de maneira transparente- permitirá que a Unión sexa máis democrática e máis eficaz ó responder ós grandes retos do século XXI e ás demandas da cidadanía, fomentando un orde internacional democrático, unha globalización xusta, a democracia e os dereitos humáns, a igualdade, o pleno emprego e a integración e a preservación do medio ambiente, entre outros moitos elementos esenciais que inclúen, tamén, o aumento da presenza das rexións e os municipios na UE.
Agora, diante do referéndum convocado polo goberno español para dar oportunidade á cidadanía a que se pronuncie diante dunha cuestión de enorme trascendencia para Galicia, España i Europa, compre que os cidadáns sexan informados exhaustivamente sobre o contido da Constitución Europea.
Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal Socialista de Teo somete á consideración do Pleno esta Moción, para que este adopte o seguinte acordo.
ACORDO:
Iniciar unha campaña informativa institucional no termo municipal de Teo para dar a coñecer os contidos da Constitución Europea, contribuir a un debate xeral en positivo e posibilitar que os veciños/as do concello se sintan partícipes e protagonistas desta nova Europa.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello con catro votos a favor dos grupos municipais do BNG (2) e do PSG-PSOE (2) e con nove votos en contra dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1) acorda rexeitar a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que o voto a favor do seu grupo é para a urxencia, non para o tema de fondo que se analizaría por separado.

2º) MOCIÓN URXENTE DO PSG-PSOE SOBRE POSICIONAMENTO PÚBLICO DA CORPORACIÓN DE TEO SOBRE O DENOMINADO “PLAN IBARRETXE”.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés le a moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
Coa aprobación o pasado 30 de decembro no Parlamento Vasco do denominado "Plan Ibarretxe", culmina, en dita cámara, o proceso que iniciou o propio Lehendakari hai algo máis de dous anos cando presentou o seu proxecto de substitución do actual marco estatutario pactado, por outro de libre asociación de Euskadi a un Estado plurinacional.

Durante este tempo o Goberno Vasco desaproveitou a oportunidade de aglutinar ás forzas democráticas vascas para acometer a reforma do actual Estatuto desde o debate e o diálogo e sobre de todo buscando o consenso da maioría da sociedade vasca.
O "Plan Ibarretxe" aprobado polo Parlamento Vasco cos votos de Batasuna, representa unha involución no camino percorrido por tódolos demócratas na busca dun lugar de convivencia; unha involución, mesmo, respecto ó Estatuto de Guernica que marcou fai 25 anos un punto de encontro entre as distintas sensibilidades identitarias dos cidadáns vascos.
Opoñémonos ó "Plan Ibarretxe", ante todo, porque cuestiona directamente a nosa legalidade constitucional e porque é un Plan que exclúe ós cidadáns que non se sintan nacionalistas. Opoñémonos, en definitiva, porque o "Plan Ibarretxe" esquece que a principal tarefa do Goberno Vasco, a súa auténtica prioridade, non pode ser outra que a de garantir a tódolos cidadáns vascos a liberdade, é dicir, acabar con ETA e con quen hoxendía aínda practica a chantaxe e a extorsión no seu nome.
Ata o de agora iniciáronse procesos de reformas dos Estatutos en varias Comunidades Autónomas. Ó respecto ó marco constitucional e o consenso da maioría deben ser a base da que se parta para a aprobación dos novos marcos estatutarios e Euskadi non pode ser unha excepción. Nos procesos de reforma estatutaria non pode en ningún caso perderse de vista que o órgano que en última instancia ten a competencia da súa aprobación ou rexeitamento son as Cortes Españolas.
ACORDO:
Por todo elo, sometemos a consideración do Pleno da Corporación esta MOCIÓN para que este adopte os seguintes acordos:
1.- O Concello de Teo manifesta a súa firme oposición o "Plan Ibarretxe" porque cuestiona directamente a nosa legalidade constitucional.
2.- O Concello de Teo afirma que a proposta acordada polo Parlamento Vasco debe debatirse e votarse no Parlamento Español, máximo representante da soberanía popular, que é quen en última instancia debe decidir sobre a aprobación ourexeitamento das iniciativas de reforma das CC.AA. Por elo, o Concello de Teo propón ó Congreso dos Deputados que rexeite a actual proposta elevada polo Goberno e Parlamento Vascos.
3. - O Concello de Teo expresa a súa aposta polo respecto a Constitución, o diálogo, o debate e o consenso como única forma posible de culminar con éxito as Reformas dos Estatutos de Autonomía.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello con dous votos a favor do grupo municipal do PSG-PSOE (2) e con once votos en contra dos grupos municipais do PP (8), BNG (2) e Mixto (1) acorda rexeitar a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.
Preguntas e rogos do grupo municipal do BNG formuladas polo Sr. Concelleiro Sisto Edreira:

1) Presentouse no Concello un escrito dos Verxeis por mor dunha pequena industria que provoca molestias, ¿qué pasa con iso?.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, se informa que tramitou con posterioridade o interesado licenza e a ten concedida.
2) Que existen carteis de obras da Xunta e da Deputación para informar de actuacións, que hai carteis de todo por todos os sitios, que o Concello debería facer unha ordenanza para recadar cartos.
3) Que invertiran cartos para comprar novos selos do Concello en galego.

4) Que os árbitros da liga de actividades do Concello están sen cobrar.

Preguntas e rogos do grupo municipal do PSG-PSOE formuladas polo Sr. Concelleiro Leis Carlés:
1) ¿Teleteo non funciona?. Que non se transmitiu o último Pleno.
Resposta o Sr. Alcalde que o repetidor de Pontevea está moi mal, agora púxose o de Montouto e agora están negociando para que se poñan repetidores para que se vea en todo Teo.
2) O Parque Comarcal de Bombeiros, ¿que servizos presta?. Resposta o Sr. Alcalde que asinouse a adenda do convenio e xa se pode dispor do servizo.
3) ¿A liña de autobuses comarcal aínda non está funcionando?. Resposta o Sr. Alcalde que existe un conflicto entre dúas empresas pero que a Xunta vai facelo, está en marcha pola Xunta para os concellos da comarca, que o convenio deben facelo eles.
4) Que nos paneis informativos se poña unha lista ampla cos teléfonos de interese do Concello de Teo. Resposta o Sr. Alcalde tome nota Sr. Secretario.
5) ¿As subvencións do ano pasado foron cobradas polas asociacións? Resposta o Sr. Alcalde que algunhas si, outras están pendentes de xustificar.

-. Preguntas e rogos do grupo municipal do PSG-PSOE formuladas polo Sr. Concelleiro Conde Tarrío:
1) Que saben que existe un escrito dun veciño pedindo execución de sentencias, ¿se informou ós veciños diso?. Por Secretaría de orde do Sr. Alcalde se informa que que eu saiba non.
2) ¿Como está o arranxo da pista Nespereira-Caxade? Resposta o Sr. Alcalde que xa se amañou.
3) ¿Cando comezará o punto limpo?. Resposta o Sr. Alcalde que pensa que xa o iniciaron.
4)¿ Como está a emisora de radio? Resposta o Sr. Alcalde que non o sabe.
5) As pistas de Francos están moi mal. Sinala o Sr. Alcalde que foron asfaltadas recentemente.
6) ¿Onde están as pedras da Ponte do Castañal? Resposta o Sr. Alcalde que na nave do Concello.
7) No subterráneo de Villaverde, ¿quen ten que pagar a pista, os terreos? Resposta o Sr. Alcalde que o Ministerio de Fomento.
8) Nas obras de Carballal a curva está moi mal porque non está sinalizado e de noite é un perigo, que se debe por alí un sinal.
9) En Fixó as tapas do alcantarillado non existen, hai polas de árbores alí.

13º) SORTEO DE MEMBROS DAS MESAS PARA O REFERÉNDUM DA CONSTITUCIÓN EUROPEA.

Seguidamente procédese á elección, mediante sorteo público dos electores que formarán as 19 mesas electorais deste Concello, co seguinte resultado:

DISTRITO 1º SECCION 1º MESA A

PRESIDENTE: Blanco Rey, Manuel
1º VOCAL: García Rego, José
2º VOCAL: Alonso Domínguez, Roberto

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Domínguez Peteiro, Marcos
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Braña Vázquez, Jesús

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Cancela Prego, María Mercedes
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Bustelo Pena, Ramón

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Dieguez Rodríguez, Antonio
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Camiña Pardal, José Manuel

DISTRITO 1 º SECCION 1 ª MESA B

PRESIDENTE: López Rodríguez, María Mercedes
1º VOCAL: López Gómez, María Elisa
2º VOCAL: Otero Duro, Rafael

1º SUPLENTE PRESIDENTE:Senín Touceda, María Nieves
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Villán Seoane, Óscar

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Picón Salvado, Manuel
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Rebollo Doncel, Petra Cristina

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Sánchez Iglesias, José Luis
2º SUPLENTE 2º VOCAL:De la Torre Dopazo, Manuel

DISTRITO 1 º SECCION 2 ª MESA U

PRESIDENTE: Pérez Abal, Ramón
1º VOCAL: Pena Paramá, María Mercedes
2º VOCAL: Gude González, Purificación

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Lois Lorenzo, Ramón Manuel
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Ordoñez Hoyos, Norma

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Varela González, María Josefa
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Jorge Cajaraville, José Manuel

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Castro Pascual, Manuel
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Rial Gómez, Servando

DISTRITO 1 º SECCION 3 ª MESA U

PRESIDENTE: Seijo Riveiro, Jesús
1º VOCAL: Filloy Lorenzo, María Esther
2º VOCAL: Buján Mirás, Mercedes

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Barrientos De Cabo, José Roberto

2º SUPLENTE PRESIDENTE: Sánchez Castro, Raquel

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Picón Costoya, Julián Ángel
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Saco Iglesias, María Teresa

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Mosquera Ponte, Mónica
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Mirás Edreira, Ana Isabel

DISTRITO 1 º SECCION 4 ª MESA A

PRESIDENTE: García Fraga, Avelino Antonio
1º VOCAL: Jorge Silva, Carlos Antonio
2º VOCAL: Ares Vaamonde, Carlos

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Jorge Furelos, Sonia
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Couto Carballal, Paula

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Berdullas Nieto, María Encarnación
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Carou Martínez, María Josefa

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Calviño Ferreño, María Jesusa
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Brigos Fernández, Ramón

DISTRITO 1 º SECCION 4 ª MESA B

PRESIDENTE: Romero Tobío, Fabián
1º VOCAL: Pérez Mosquera, Francisco Javier
2º VOCAL: Neira Dono, Laura

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Viña Vázquez, María Carmen
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Seijas Freire, Ana María

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Martínez Muñíz, José Vicente
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Villar Cabo, Gumersindo

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Zumalave Casal, Rosalía
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Martínez Sánchez, Ramona

DISTRITO 1 º SECCION 5 ª MESA A

PRESIDENTE: González Antelo, Manuel José
1º VOCAL: De Jesús Martínez, Ramón
2º VOCAL: Fraga Míguez, Leonardo

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Barallobre Naya, Sandra
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Ferreiro García, Héctor

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Blanco Gómez, Adelina
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Duro Cordo, Damián

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Alfonso De Jesús, María Teresa
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Casas Portela, Pablo

DISTRITO 1 º SECCION 5 ª MESA B

PRESIDENTE: Del Río Martínez, Alejandra
1º VOCAL: Taboada Gómez, Margarita
2º VOCAL: Pita Mieres, Beatriz

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Lorenzo Martínez, María
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Magán Nogueira, Mª Isabel

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Pardo Jorge, Martiña
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Pérez Perol, Iván

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Liste Castro, Tania
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Lens Rodríguez, Peregrino

DISTRITO 1 º SECCION 6 ª MESA A

PRESIDENTE: Alonso Martínez, José Ángel
1º VOCAL: Díez Álvarez, Ana María
2º VOCAL: Brizuela Rodicio, Inés

1º SUPLENTE PRESIDENTE:Domenech Ladra, Pedro
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Boullón Veiras, José Carlos

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Hospido Quintana, Laura
2º SUPLENTE 1º VOCAL: García Dieguez, Fernando

1º SUPLENTE 2º VOCAL: García Cortés, María Victoria
2º SUPLENTE 2º VOCAL: García Campos, Margarita

DISTRITO 1 º SECCION 6 ª MESA B

PRESIDENTE: Rico Corredera, María del Rosario
1º VOCAL: Tourís Fresco, Erica
2º VOCAL: Valois Calvo, María de la Concepción

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Queiro Lorenzo, José Antonio
2º SUPLENTE PRESIDENTE: More Rico, María Esther

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Puente Palencia, Paulina Violeta
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Sánchez Aller, Cristina

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Martínez Piñón, Ana
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Mujico Casal, Laura

DISTRITO 1 º SECCION 7 ª MESA U

PRESIDENTE: Prado Álvarez, María de la Esperanza
1º VOCAL: Osorio Pelaez, Pablo
2º VOCAL: Borrajo Castanedo, Enrique Agustín

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Cajide López, Enma
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Gago Vila, Pablo

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Otero Santiago, Vicente
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Vázquez Janeiro, María Pilar

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Varela Señarís, José Antonio
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Gómez Vázquez, Emiliano Manuel

DISTRITO 1 º SECCION 8 ª MESA U

PRESIDENTE: Davila Agulla, Santiago
1º VOCAL: Llerena Portas, María Isabel
2º VOCAL: Touceda Pedreira, Beatriz

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Esmorís Souto, Magdalena
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Leborán Guldrís, María Lourdes

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Franqueiro Bao, Francisco
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Gil Fariña, Denis

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Gil González, Ana Beatriz
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Varela Fernández, Carmen

DISTRITO 2 º SECCION 1 ª MESA A

PRESIDENTE: Grandoso Caballero, Florentino Antonio
1º VOCAL: Vidal Rey, Ernesto
2º VOCAL: Carro Mosquera, Inés

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Bello Cajaraville, Eva
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Gaspar Botana, Raquel

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Mosquera Barreiro, María Avelina
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Castelao Botana, Miguel Ángel

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Romero Mirás, Mario
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Gómez Uzal, Lucía

DISTRITO 2 º SECCION 1 ª MESA B

PRESIDENTE: Grobas Gallego, Emilio
1º VOCAL: Loureiro Vales, Ana María
2º VOCAL:Castelao Barreiro, José Luis

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Boullón Rodríguez, María Jesús
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Paderne Lueiro, María Belén

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Saavedra Piedra, Víctor Manuel
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Regueiro López, María del Carmen

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Elías Castiñeiras, Alberto
2º SUPLENTE 2º VOCAL: López Montes, Secundino

DISTRITO 2 º SECCION 2 ª MESA A

PRESIDENTE: Seijas Barreiro, María Carmen
1º VOCAL: Blanco Pazos, Ana
2º VOCAL: Cao López, Carmen

1º SUPLENTE PRESIDENTE: López García, José Luis
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Fernández Pérez, Carlos

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Seijas Míguez, Juan
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Rodríguez García, Jesús Manuel

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Tato García, Manuel
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Fernández Gómez, Gonzalo

DISTRITO 2 º SECCION 2 ª MESA B

PRESIDENTE: Rodríguez García, José Luis
1º VOCAL: Carabán Mato, Felicitas
2º VOCAL: Bragaña Pequeno, María Carmen

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Vázquez Francisco, Laureano
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Fernández Fuentes, Manuel

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Duarte Álvarez, Fernando

2º SUPLENTE 1º VOCAL: Vázquez Iglesias, Enrique

1º SUPLENTE 2º VOCAL:Fernández Cajade, José Manuel
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Seoane Rodríguez, Manuel

DISTRITO 3 º SECCION 1 ª MESA U

PRESIDENTE: Aldariz Carbia, Francisco Antonio
1º VOCAL: Mata Mata, Josefina
2º VOCAL: Castiñeiras Campos, Lorena

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Loureiro Cebeiro, Bárbara
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Corbelle Carou, Felipe

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Rosende Carballeda, Herminda
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Bendaña Silva, Manuel

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Cajaraville Bello, Nicanor
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Mirás Carneiro, Gerardo

DISTRITO 3 º SECCION 2 ª MESA A

PRESIDENTE: Romero Saez, Miguel Ángel
1º VOCAL: Miranda Martínez, María Mercedes
2º VOCAL: Devesa Regueiro, José Carlos

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Brea Silva, Dolores
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Prieto González, Ana María

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Pena Blanco, María Consuelo
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Pampín Cao, Gerardo

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Rodríguez Gavela, Sofía
2º SUPLENTE 2º VOCAL: Casal Pascual, Gema

DISTRITO 3 º SECCION 2 ª MESA B

PRESIDENTE: Castro Castiñeiras, Alexandra
1º VOCAL: Carbia Castro, Luis
2º VOCAL: Rial Conde, María Lourdes

1º SUPLENTE PRESIDENTE: Sánchez Novo, Juan Antonio
2º SUPLENTE PRESIDENTE: Martínez Fernández, Isabel

1º SUPLENTE 1º VOCAL: Gendra Fieiro, Francisco José
2º SUPLENTE 1º VOCAL: Rebolo Mera, Antonio

1º SUPLENTE 2º VOCAL: Riveiro López, Fernando

2º SUPLENTE 2º VOCAL: Sanín Taboada, Manuel Luis

E non habendo máis asuntos que tratar comprendidos na orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión, pola Alcaldía deuse por rematada a sesión, levantandoa sendo as catorce horas e coarenta e cinco minutos, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, coas reservas do art. 206 do R.O.F., debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Vº e Prace.

O Alcalde, O Secretario,

Asdo. Armando U. Blanco Martínez. Asdo. Javier Nieves González.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE MARZO DE 2005.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Teo (A Coruña), sendo as dez horas do día 29 de marzo de 2005, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Armando U. Blanco Martínez, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ó día da data para a que foron previamente citados.
SEÑORES ASISTENTES:
Alcalde-Presidente:
D. Armando U. Blanco Martínez.
Concelleiros:
D. Antonio Castroagudín Valladares.
D. Manuel R. Cajaraville Campos.
D. Manuel Mata Iglesias.
D. Juan B. Aller Suárez.
D. Ramón Cea Ferreiro.
D. José Albino Vázquez Pallas.
D. Manuel Cao Fuentes.
D. Martiño Noriega Sánchez.
D. Rafael Carlos Sisto Edreira (con retraso).
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.
D. Alexandre Leis Carlés.
D. Manuel Tallón Mesías.
D. Germán Antonio Conde Tarrío.
D. José Carlos Rego Jorge.
D. F. Manuel Parajó Liñares.
Non asiste:
Dª Ánxela Bugallo Rodríguez.
Secretario:
D. Javier Nieves González, Secretario do Concello.
Asiste:
Dª. Monica I. Lado Varela, Interventora do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 25.01.2005.
Sometido a votación o Pleno do Concello por unanimidade dos quince membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen acorda aprobalo sen ningunha rectificación.

2º) DACIÓN DE CONTA DE SOLICITUDE REALIZADA PARA MANTEMENTO, REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E INVESTIMENTOS DESTINADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓN LOCAIS DO ANO 2005.
Incorpórase neste intre ó Pleno con retraso o Sr. Concelleiro Sisto Edreira.

Dada conta da resolución da Alcaldía do 25.02.2005, que transcrita di:

"" Vista a Orde de 29 de decembro de 2004, (DOG nº 7, de 12-01-2005), pola que se regulan as axudas para mantemento, realización de programas e investimentos, destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, e vistas as memorias descriptivas, RESOLVO:

Primeiro) Solicitar á Consellería de Asuntos Sociais, ó abeiro da orde expresada, as seguintes axudas para Servizos Sociais de Atención Primaria, de conformidade co artigo 1.1 da mesma:

Persoal	*170.776,89 €*
Mantemento	*26.800,00 €*
Axuda no fogar	*36.060,80 €*
Realización de programas	*175.261,12 €*

facéndose constar que o Servizo Social de Atención Primaria séguese a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.

Segundo) O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes a súa aportación, da seguinte maneira:

Persoal	*89.007,90 €*
Mantemento	*6.700,00 €*
Axuda no fogar	*9.015,20 €*
Realización de programas	*43.815,28 €*

Terceiro) En consecuencia, o Orzamento Total por programas e investimentos para Servizos Sociais de Atención Primaria é o seguinte:

Persoal	*Aportación C. Autónoma*	*81.768,99 €*
	Aportación C. Local	*89.007,90 €*
	Remanente	*0,00 €*
	Total Parcial	*170.776,89 €*

Mantemento	*Aportación C. Autónoma*	*20.100,00 €*
	Aportación C. Local	*6.700,00 €*
	Remanente	*0,00 €*
	Total Parcial	*26.800,00 €*

Axuda no fogar	*Aportación C. Autónoma*	*27.045,60 €*
	Aportación C. Local	*9.015,20 €*
	Remanente	*0,00 €*
	Total Parcial	*36.060,80 €*

Realización de	*Aportación C. Autónoma*	*131.445,84 €*
	Aportación C. Local	*43.815,28 €*
	Remanente	*0,00 €*
	Total Parcial	*175.261,12 €*

Cuarto) Dar conta da presente resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, consonte co previsto no artigo 8.1 da Orde de 29-12-2004.""

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE TRAVESÍAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.

Dada conta directamente da proposta da Alcaldía dictaminada que transcrita di:

Remitido pola Deputación Provincial da Coruña un exemplar do proxecto: E.P. 8202 AS GALANAS A CACHEIRAS P.K. 1,3 A 1,86 (TEO), cun presuposto de contrata de: 351.457,39 euros, incluído na aprobación inicial do Plan de travesías 2005, 2ª fase, realizada pola Deputación en Pleno do 24.02.2005, e vistas as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007, publicadas no BOP 104, do 08.05.2004, propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o proxecto técnico das obras de: E.P. 8202 AS GALANAS A CACHEIRAS P.K. 1,3 A 1,86 (TEO), cun presuposto de contrata de: 351.457,39 euros.

2º) Autorizar á Deputación da Coruña para executar as obras, e declarar que o Concello conta con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

3º) Adoptar o compromiso de aboarlle á Deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados desde o requirimento da Deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a Deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola Deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, facultando á Deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola Deputación por delegación do Concello.

De conformidade co disposto nas bases o compromiso alcanzará o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

4º) Prestar a conformidade do Concello ás bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han incluír nas distintas fases do plan de travesías provinciais 2004-2007, publicadas no BOP 104, do 08.05.2004.

5º) Adoptar o compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións da travesía.

6º) Delegar no Alcalde-Presidente do Concello para formalizar o correspondente convenio.

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que lle chama a atención o cambio de posición dalgúns membros do equipo de goberno con respecto a anteriores plenos e pregunta, ¿houbo algunha modificación importante nos plantexamentos da Deputación para que o equipo de goberno cambie de parecer?
Sinala o Sr. Alcalde que cambio de parecer ningún, pero que se é unha obra que beneficia ós veciños están de acordo e nada máis, aínda que haxa que pagar sobre oito millóns das antigas pesetas.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que si que hai un cambio de actitude no equipo de goberno municipal, que no último Pleno se manifestou unha clara oposición por un membro do equipo de goberno, que na comisión informativa se abstivo e pregunta, ¿que foi o que mudou?
En segundo lugar gustaríalle que se lle dixera se está algo previsto no orzamento deste ano para os cartos que hai que achegar.
Por Intervención, de orde do Sr. Alcalde, infórmase que haberá que facer unha transferencia de crédito no seu momento.
O Sr. Alcalde sinala que cada persoa é libre e el non pode obrigar a ninguén, que é unha obra para ben dos veciños e do Concello, pero por suposto que debía de asumila a Deputación integramente.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que o Sr. Alcalde non explicou nada pero que votarán a favor.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que o Sr. Parajó foi o que cambiou de posición e gustaríalle que o Sr. Parajó se explicase, porque no programa electoral do Inteo fálase de mellora de travesías con instalación de beirarrúas en zonas con tráfico intenso e no mesmo non figuraba Solláns no seu plan de travesías.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que o Sr. Portavoz do PSG-PSOE ten obsesión con el, que non está de acordo con este plan e vaise abster, engade que non está de acordo porque o que trata a Deputación é de empaquetarlle as obras de vías provinciais ós concellos, que debe ser ela quen asuma os gastos, e que non está en contra das obras de Solláns e que con anterioridade existiu moita oposición veciñal por mor dunha estrada provincial.
O Sr. Alcalde sinala que a obra para nós é custosa pero que é para ben, e espera que Deus lles axude para que saia ben.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta o Pleno do Concello, con quince votos a favor pertencentes ós grupos municipais do PP(8), BNG(3) e PSG-PSOE(4), e unha abstención do grupo Mixto(1), acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.
En explicación de voto o Sr. Parajó expón que con estes cartos que temos que pagar á Deputación perdemos de facer 5 quilómetros aproximadamente de auga ou rede de sumidoiros noutro sitio.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN EN MATERIA TRIBUTARIA.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda.
Dada conta directamente da proposta da Alcaldía dictaminada que transcrita di:

O Pleno da Excmª. Deputación Provincial da Coruña con data 29.6.2001 aprobou as bases para a prestación de servizos tributarios ós concellos da provincia, modificadas por acordo do Pleno provincial do 28.6.2002.
O Pleno deste Concello no seu día delegou na Excmª. Deputación facultades en materia do imposto sobre bens inmobles, imposto sobre actividades económicas e imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
Considerando que resulta conveniente realizar a delegación de máis competencias na Excmª. Deputación, propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Delegar na Excmª Deputación Provincial da Coruña, nos termos e condicións recollidos nas bases para a prestación de servizos tributarios ós concellos da provincia aprobadas pola Corporación Provincial en sesión plenaria celebrada o día 29.6.2001 e modificadas en sesión plenaria celebrada o día 28.6.2002, o exercicio das seguintes competencias:
-. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
-. Recadación voluntaria e executiva da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.
-. Recadación voluntaria e executiva da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
-. Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, incluíndo a colaboración previa cos concellos para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se teñan cometido as infraccións.
-. Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ó ano.
2º) Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles a contar desde o día seguinte á data de publicación, para a presentación de alegacións ó mesmo. De non presentarse alegacións dentro do prazo establecido, este acordo elevarase a definitivo automaticamente.
3º) Facultar expresamente ó Sr. Alcalde para tódolos trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que non están en contra da ampliación da delegación de competencias, pero si do incremento tributario que fai o Concello; e que a xestión recadatoria debía facela o Concello, que ten o seu custo social polo incremento de impostos, e por iso vanse opoñer.
Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta o Pleno do Concello, con trece votos a favor pertencentes ós grupos municipais do PP(8), PSG-PSOE(4) e Mixto(1), e tres votos en contra do grupo do BNG(3), acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE O IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda.
Dada conta directamente da moción dictaminada que transcrita di:

O 28 de decembro de 2002 publicouse a Lei 51/2002 de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988 reguladora das facendas locais.
En virtude da devandita lei, suprimiuse a tributación inxusta e discriminatoria do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), desde o ano 2003 e seguintes a todas as persoas físicas, pequenos e medianos empresarios, comerciantes, profesionais e autónomos que tiveran unha cifra neta de negocio anual inferior a un millón de euros.
Coa finalidade de preservar o principio de suficiencia financeira das entidades locais e prever a posible merma de ingresos que poideran experimentar como consecuencia desta reforma do IAE, a lei prevé tamén que o Estado debe compensar a cada concello, Deputación Provincial, pola perda de recadación que se produza por este imposto no ano 2003 e seguintes, data de entrada en vigor de reforma.
A perda será a expresión da diferencia entre a recadación líquida do ano 2003 e a recadación líquida do ano 2000, entendendo por líquida a recadación do ano corrente e a de exercicios pechados, non téndose en conta a recadación derivada das modificacións dos elementos do imposto en virtude da marxe de decisión das corporacións locais, coa finalidade de que naquelas corporacións que aumentaron os tipos de gravame, ou que puideran ter incrementados os padróns fiscais máis do real, non se visen beneficiadas por riba das demais corporacións que non o fixeron, en tanto en canto se impulsaba a reforma legal.
Unha vez determinada a perda, o Estado efectuaría a liquidación das entregas a conta dentro do exercicio 2004.
Mentres se tramitaba o proxecto de lei citado, e antes da súa aprobación o 27 de decembro de 2002, o 21 de novembro de 2002 acordouse entre o Goberno da Nación, coa rúbrica dos Ministros de Facenda, Sr. Montoro, e de Administracións Públicas, Sr. Arenas, e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), a través da súa presidenta, Sra. Rita Barberá, o Vicepresidente, Vidal Suárez, e os vocais dona Rosa Aguilar, don Lluis Miguel Pérez Segura e don Benito Ros Corelles, en representación do PP, PSOE, IU e demais forzas nacionalistas ou rexionalistas, a ratificación do mecanismo de comprensión pola supresión parcial do IAE ás corporacións locais, ademais doutras medidas de finanzamento complementarias para os concllos turísticos e a implantación da nova taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local.
Durante 2003 efectuáronse liquidacións a conta da compensación, liquidándose coa data tope de 30 de xuño de 2004 a liquidación definitiva a percibir polos concellos e deputacións provinciais.
Durante 2004 a FEMP solicitou ás corporacións locais datos dos cobros da compensación e dos seus padróns, ó obxecto de comprobar se a compensación realizada polo Goberno foi suficiente para paliar a perda da recadación, dándose o caso de que hai concellos que se viron beneficiados, os estancados, mentres que outros, os de maior crecemento e dinamismo, se viron prexudicados ó eliminarse os crecementos anuais do padrón do IAE.
Por outra banda, as corporacións provinciais, como consecuencia de recibir unha compensación pola perda da recadación do recargo do IAE inferior á real, sufriron unha importante diminución de ingresos. Tamén a maioría de concellos se viron cunha compensación económica menor que a recadación extinguida, e todos se viron prexudicados polos menores fondos dispoñibles polas deputacións das que eles son os máximos beneficiarios.
A FEMP contificou en case 300 millóns de euros a perda sufrida polas corporacións locais, anunciando o 14 de decembro pasado que se ia a presentar ante os Tribunais Económico-Administrativos unha reclamación.

A pesar das promesas do PSOE na oposición, reclamando máis finanzamento para os concellos e das súas ofertas electorais dun finanzamento estable e xusto, o certo é que coa aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2005, destináronse as reivindicacións da FEMP a favor dos concellos, e vulnerouse o acordo unánime político-institucional de todas as forzas políticas co anterior Goberno, de que coa reforma do IAE as entidades locais non experimentarían ningunha merma de ingresos.
Consecuentemente, e sendo un clamor de todos os alcaldes reunidos na FEMP a esixencia ó Goberno de que se compense ás corporacións locais polas perdas netas de recadación que a fórmula técnica aplicada conleva, e polo que se solicita ó Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- O Concello de Teo reclama ó Ministerio de Economía e Facenda a compensación adicional económica que permita paliar a perda de recadación neta non cuberta coa compensación prevista na Disposición adicional décima da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988 reguladora das facendas locais.
Segundo.- Contificada a merma de ingresos ocasionada ó Concello, articular a presentación da correspondente reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo competente.
Terceiro.- Sen prexuízo do anterior, adherirse á reclamación xeral que a propia Federación Española de Municipios e Provincias anunciou que se vai tramitar.

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que lles gustaría que o grupo que propón estas mocións fixeran unha exposición dos criterios básicos que os levan a facer esta moción, separándose de posturas do PP adoptadas na FEGAMP.
Sería moito máis produtivo sacar as propostas consensuadas na FEGAMP, tamén polo PP, no tocante á participación dos concellos nos tributos do Estado, e non apoiar estas iniciativas; engade que a proposta da FEGAMP respecto da participación nos tributos do Estado, tendo en conta os criterios de dispersión poboacional, e o envellecemento da poboación, e que se compense pola perda da recadación do IAE sería o que hai que defender. Engade que non entende por qué se opta pola proposta da FEMP, que non tivo unha especial sensibilidade coa postura galega de que se tivera en conta a dispersión poboacional e o envellecemento da poboación.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que votarán a favor aínda que a redacción do art. 2 lle parece improcedente, engade que no xornal Abc do outro día viña que a FEMP obtén do Goberno unha cantidade pola perda de recadación do IAE de 120.000.000 euros e dise polo presidente da FEMP que se ten desbloqueado o asunto, xa nestes momentos hai un acordo, polo tanto, este artigo 2, en principio, entende que a estas alturas sobra, salvo que o Concello de Teo vise minguados os seus intereses neste acordo e pregunta, ¿vostedes teñen contificado a mingua de ingresos polo IAE?, engadindo que se non o teñen paréceme moi forte o art. 2.
O Sr. Alcalde sinala que imaxina que se terá por comparación da recadación doutros anos e le a xustificación do PP desta moción.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que os ingresos que os concellos están a recibir son escasos, xa antes do asunto do IAE, porque asumiron servizos sen financiamento, por iso están todos endebedados, antes co IAE e agora sen el; sinala que coa retirada do IAE moitas empresas deixaron de pagalo e incrementouse ás grandes empresas pero este incremento non cobre o que pagaban antes todas as empresas, hai pois un déficit e o acordo do outro día é bo pero escaso, e como di o presidente da FEMP os concellos, como sigan así, van á bancarrota.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que o básico para solucionar este problema é que se modifiquen os criterios; isto non pode resolverse xudicialmente; haberá que ver onde temos os concellos galegos as diferencias co resto de concellos de España, factores como o envellecemento da poboación e o déficit nas infraestruturas motivado pola dispersión, son o que realmente debe ter se en conta; neste ano os criterios de reparto do Fondo de Cooperación Local segue a ser os mesmos que o ano anterior e remata sinalando que con novos criterios se podería empezar a compensar os concellos polos servizos que están a prestar.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que xa dixo que votarán a favor aínda que a moción está sen contido por mor dos feitos descritos antes; engade que pediría que cando lle manden estas mocións actualízase o argumentario que lle envían, e que a reunión na que se acadou o acordo foi o 23 de marzo, é dicir pode ocorrer que exista un acordo e que o Concello de Teo teña mingua económica na recadación do IAE e nese caso presentar a reclamación económica.
Sinala o Sr. Alcalde que a mingua de ingresos polo IAE é sobre uns 90.000 euros.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que non quere entrar en demagoxia, e que os veciños de Teo para vivir mellor necesitan máis recursos no Concello.
Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno con trece votos a favor dos grupos municipais do PP (8), PSG-PSOE (4) e Mixto (1), e tres abstencións do grupo do BNG (3), acorda aprobar a mesma nos seus propios termos.
En explicación de voto o Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que estes debates a algún se lle están empezando a quedar grandes porque se falou dos criterios a aplicar da FEGAMP.

6º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE CONSTRUCCIÓN DE PISCINA CLIMATIZADA.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción, que transcrita di:
O Concello de Teo, segundo os últimos datos oficiais do INE (Instituto Nacional de Estadística) de 31 de decembro do pasado ano, ten unha poboación censada de 16.428 habitantes. Probablemente a poboación de feito rondará os 18.000 habitantes.
Por número de habitantes o Concello de Teo ocupa o 13º lugar da provincia da Coruña, só por detrás da Coruña, Santiago, Ferrol, Narón, Ribeira, Carballo, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Boiro, Cambre e Ames e por diante de municipios tan coñecidos como Betanzos, Fene, Muros, Noia, Ordes, Rianxo, Padrón, As Pontes, etc., por citar só algúns da provincia coruñesa.
Asemade, o Concello de Teo presenta unha das taxas de crecemento poboacional máis elevadas de Galicia. Só atrancos legais, derivados dunha equivocada política urbanística dos mandatarios teenses, como a suspensión de licenzas decretada no seu día pola Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia e o retraso do POXOM, constituíron un freo evidente, aínda que agardamos coxuntural, a estas indiscutibles expectativas de expansión do noso concello.
Incomprensiblemente pola racanería e miopía políticas do grupo de goberno, este crecemento poboacional de Teo non leva aparellada unha política efectiva de construción de infraestruturas e equipamentos deportivos, culturais, sanitarios, de lecer, etc. acordes co presente e futuro do noso municipio.
Isto pódese observar, por exemplo, na escaseza de instalacións deportivas que, ademais, presentan estados de conservación deficientes e que resultan totalmente insuficientes para a demanda de actividade deportiva, recreativa e competitiva, dos cidadáns teenses.

Entre estes equipamentos deportivos advírtese unha carencia moi significativa e moi solicitada pola poboación teense: unha piscina climatizada municipal. Concellos como algúns dos sinalados da provincia da Coruña que teñen menos poboación que Teo dispoñen xa desde hai tempo de instalacións desta natureza.
Hoxe en día os cidadáns de Teo, para poder practicar actividades deportivas relacionadas coa natación vense na obriga, ou ben de desprazarse a municipios colindantes (Santiago, Padrón, A Estrada…), ou ben a resignarse a non poder facelo. Por certo, moi axiña, o Concello de Ames, de características semellantes ó noso, vai dispor dunha instalación deste tipo. Somos testemuñas de que, nalgúns casos, a inexistenza desta instalación en Teo fai que persoas veciñas de aquí estean a cuestionar marcharse, ou ben que residentes no noso municipio non se decidan a empadroarse de momento en Teo.
Polo demais, cómpre salientar que este tipo de instalacións, ademais de cumprir obxectivos deportivos, e mesmo de saúde, teñen outros cometidos sociais de enorme transcendencia e relevancia: contribúen a artellar territorialmente o municipio, a xerar riqueza na medida en que se converte nun foco de atracción de poboación cara Teo e a vertebrar socioloxicamente o municipio, isto é, a facer comunidade, a cohesionar socialmente, a facer cidade, a facer vecindade, a crear sinais de identidade comunitaria a través das relacións e contactos que se establecen entre os veciños usuarios das mesmas.
ACORDOS:
Por todo isto, cómpre que por parte do goberno municipal, proceda a cuestionarse con urxencia a construción dunha piscina climatizada municipal e para iso debe:
1) Reservar solo dentro do PXOM para acoller este equipamento.
2) Encargar a redación dun proxecto técnico da piscina climatizada.
3) Iniciar as xestións correspondentes coas institucións correspondentes (Xunta e Deputación, fundamentalmente) para recabar as axudas económicas que fagan viable o proxecto a curto prazo.
4) Habilitar os recursos económicos municipais pertinentes para facer as achegas oportunas de fondos propios que contribúan á materialización do proxecto.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que os plenos dos concellos son un lugar de debate democrático onde se ten a oportunidade de ver onde se din verdades e mentiras; engade que a primeira mentira do equipo de goberno é que non hai ningún compromiso electoral do grupo de goberno de facer unha piscina climatizada, falan dunha piscina en Parque Montouto e unha climatización da dos Tilos; engade que a segunda mentira é que o Sr. Parajó na comisión informativa dixo que aquí chamara o Sr. Quintáns, Alcalde de Porto do Son e Deputado Provincial para preguntar se había piscina climatizada, e o que houbo foi unha chamada dun técnico da Deputación sobre o mapa deportivo do Concello.
Engade que o INTEO, no seu programa electoral, dicía climatización de tódalas piscinas de Teo, outra mentira pois.
Explica que presentan esta moción primeiro por motivos poboacionais, así Teo ten suficiente poboación para facer viable economicamente este servizo, hai moitos veciños de Teo que teñen que ir ós concellos limítrofes; en segundo lugar, por razóns de saúde; en terceiro lugar, por razóns sociais e de vertebración do Concello que fai unha instalación deste tipo; e en cuarto lugar por razóns territoriais, pois ben situada no territorio do Concello contribúe á súa vertebración.
Engade que ó que piden pódense sumar sen ningún tipo de problema e que ó ver as resolucións da Alcaldía vese unha migración de Teo a Ames porque dá máis servizos.

O Sr. Alcalde sinala que cando vostede fala de mentiras é o teatro de vostede de sempre, que cando se fala de climatizar unha piscina non é facer unha piscina para patos; en segundo lugar, que no programa se di climatizar pero que isto é unha piscina; e en terceiro lugar, se alguén chamou da Deputación, non sabe quen foi exactamente, pero preguntouse por iso. Engade que despois deunos vostede unha lección de para que vale unha piscina, puro teatro, e remata sinalando que os concelleiros do equipo de goberno saben o que teñen que facer en favor dos veciños, non necesitan os seus consellos e que terá unha reunión pasado mañá coa conselleira para tratar o asunto, polo que votarán en contra porque as negociacións se están a facer.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que é certo que igual que o PSG-PSOE recollía no seu programa electoral a necesidade dunha piscina climatizada, o programa do BNG tamén, e que ó final neste Concello sempre se toman iniciativas partidistas e non se chega a acordos, pero que é evidente que necesitamos unha piscina climatizada por cuestións poboacionais, que con independencia do "estamos niso" pódese aprobar a moción polo que se pretende coa mesma, ¿porqué van estar en contra?¿ porque a presentou o Sr. Leis?. Pois non, e remata sinalando que ás veces debían facer un exercicio de xenerosidade e non partidista, e que votarán a favor.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que por alusións do Portavoz do PSG-PSOE mentireiro é vostede, porque el estivo presente na conversación por teléfono do Alcalde de Porto do Son co Alcalde.
Engade que ve que está a estudar os programas electorais, e fai ben, porque de aí ó mellor pode sacar algo; pregunta ¿a vostede parécelle que eu teño algo contra vostede?, ¿vostede pensa que a min non me gusta que Teo teña piscina climatizada? Sinala que Ames ten piscina pero Teo ten campo de fútbol de herba artificial, había que elixir unhas das dúas cousas e agora cada concello quere a outra inversión.
Engade que cre que é lóxico, por poboación, que Teo teña unha piscina climatizada, ademais a Xunta e a Deputación teñen, por lei, que achegarnos os fondos e como vostede o sabe quere apuntarse o tanto.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que persoalmente el non ten nada contra ninguén, o que fai é crítica política, a ver se dunha vez consegue que o entendan, e non ten nada contra un perdedor político; engade que unha vez máis Parajó mente porque esa conversa non se produciu nunca, que chamen por teléfono ó Alcalde de Porto do Son; o Sr. Alcalde sinala que isto é un Pleno non unha asemblea parroquial.
Engade o Sr. Leis Carlés que, se fan a climatización da piscina dos Tilos, eles vano aprobar e que no programa electoral do PP non vén o da piscina climatizada por moita demagoxia que faga o Alcalde; que fale coa Deputación tamén para sacar cartos, que faga a favor de ser Alcalde de tódolos cidadáns á marxe de cuestións partidistas.
O Sr. Alcalde sinala que os programas de instalacións deportivas van en acordos entre a Xunta e a Deputación e que o equipo de goberno non lle vai preguntar a vostede onde se ten que facer, mirárase no seu momento onde se fai e nós estamos xa en negociacións.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que seguimos nas mesmas, nesta corporación o debate é esteril. Engade que no anterior mandato vivimos o proceso de solicitude de subvención para o céspede do campo de fútbol de Calo e o Sr. Parajó dixo que nós eliximos o campo de fútbol, pero cando se debatiu ese asunto no Pleno en ningún momento se dixo, como dixo o Sr. Parajó, que había que elixir entre as dúas opcións, que non se dixo nada e se furtou o debate; falouse das cantidades, do convenio, de subvencións, pero en ningún momento se dixo que había que elixir entre campo de fútbol ou piscina, que no "nós" eles desde logo non están aí.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que está claro que antes a Deputación daba campos de fútbol ou piscinas, que nunha reunión co Presidente da Deputación se dixo o que se quería, e repite que o Alcalde de Porto do Son falou co Alcalde deste tema; engade que vostede dixo que eu era un fracasado político e ese é vostede, que foi un fracasado en Santiago e marchouse cinco minutos antes de que o Sr. Estévez o botara e remata sinalando: vostede foi sempre un trepador.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que quere facer unha aclaración que é que o Plan de Instalacións Deportivas da Deputación está vixente, pero non pode ir Teo porque está agotado.
O Sr. Alcalde remata sinalando que o Presidente da Deputación nas reunións dá moi boas palabras pero nin un peso para Teo.

Votación e resultado:
Sometida a votación o Pleno do Concello, con sete votos a favor dos grupos municpias do BNG(3) e do PSG-PSOE(4), e nove votos en contra dos grupos do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a moción.

7º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE ACTUACIÓNS NA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE TEO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
A parroquia de Santa María de Teo consta de sete núcleos de poboación: Agromaior, Campos, Fontenlo, Mallos, Noceda, Vilachaíño e Vilar. Ten unha poboación aproximada de 500 habitantes. A demografía practicamente está estabilizada desde hai xa certo tempo.
A súa conformación territorial e sociolóxica responde basicamente a un esquema tradicional de forte impronta rural, aínda que nos últimos tempos obsérvase unha paseniña acción urbanística a base de vivendas unifamiliares.
A agricultura e a gandeiría aqui aínda ten unha certa relevancia, nuns casos como única fonte de ingresos e noutros como actividade complementaria doutras actividades, sobre de todo, no sector da construción.

ACORDO:
Instar ó Goberno Municipal a que de maneira progresiva, previo diálogo cos interlocutores sociais, segundo as dispoñibilidades orzamentarias e no marco dun *Plan de Investimentos Plurianual* se adopten as medidas pertinentes para acometer as seguintes obras:

Lugar de Vilar

- Levar rede de saneamento e abastecemento.
- Eliminar depósito incontrolado de rodas na gavia da estrada Padrón-Ponte Ulla, diante da finca de Santa Marta.
- Asfaltar pista interior do núcleo.

Lugar de Fontenlo

- Levar rede de saneamento e abastecemento ó núcleo tradicional. Incomprensiblemente, en datas recentes estendeuse o tubo da auga e a rede de

sumidoros ó longo da estrada xeral, deixando sen servizo á maioría das casas, que están na outra marxe.

- Reparar a pista que conecta a estrada AC-241 coa Provincial que vai a Campos.
- Dotar de mobiliario deportivo á pista polideportiva. As porterías e canastras existentes están totalmente estragadas. Cómpre tamén limpar o firme da pista e botarlle pintura antideslizante.
- Reasfaltar as pistas interiores do núcleo tradicional.
- Acondicionar os contornos da pista polideportiva para aproveitala mellor como zona de lecer e esparcemento.

Lugar de Noceda

- Levar a rede de saneamento e abastecemento.
- Reasfaltado das pistas interiores da aldea.
- Rematar as obras da fonte e do lavadoiro (a obra realizada dentro do Plan 2001 de Arquitectura Popular da Deputación Provincial quedou inacabada e hoxe en día presenta un aspecto de certo abandono), e limpar e adecentar os contornos.

Lugar de Campos

- Arranxo da marquesiña.
- Reasfaltado das pistas interiores: presenta un estado bastante deteriorado.
- Arranxar a Fonte de Abaixo e o lavadoiro, que ten un aspecto ruinoso, e limpar e adecentar os seus contornos.
- Recuperar a Fonte dos Teios.
- Eliminar o punto de contaminación no río Pereiro xunto á ponte: a fosa séptica non evita que se vertan augas residuais directamente ó curso fluvial.

Lugar de Mallos

- Reparar a pista que vai de Fontenlo a Mallos e Agromaior.
- Levar rede de saneamento e abastecemento.
- Reasfaltar as pistas interiores do núcleo tradicional.
- Reparar a fonte pública e adecentar os seus contornos.
- Reparar as pistas que van ó Prado de Mallos e a da Fonte.

Lugar de Agromaior

- Levar rede de saneamento e abastecemento.
- Asfaltar pistas do interior do núcleo tradicional.

Lugar de Vilachaíño

- Rescatar o Muíño de Freiría no río Pereio.
- Adecentar os contornos do cruceiro.
- Asfaltado das pistas interiores da aldea.

- Levar a rede de saneamento e abastecemento.
- Recuperar a Fonte de Santa Lucía e limpar e adecentar os seus contornos.

Xeral

- Facer xestións coa Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia para arranxar a estrada xeral AC-241, Padrón-Ponte de Ulla.
- Facer xestións coa Deputación Provincial para reparar a estrada provincial C-8201 de Catro Camiños a Campos por Oza.
- Axilizar as xestións para presentar canto antes o avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal e informar rigorosamente ós veciños e veciñas.
- Incrementar as frecuencias horarias da liña regular de autobuses e instalar marquesiñas nesta rota.
- Abrir liña de transporte que comunique a zona con Pontevea.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que estas mocións non expresan que estas cousas se fagan xa, que son mocións que pretenden demostrar como están as parroquias de Teo, engadindo que se coñecen os problemas dos veciños falando con eles.
Así sinala que o primeiro problema é que existe unha desinformación absoluta do plan xeral e en segundo lugar que a estrada está moi mal, solicitando que se fagan xestións ante a Consellería de Política Territorial, que a área polideportiva está nun estado lamentable e que non entende como o PP pode gañar as eleccións nesa parroquia dado o estado no que se atopa, así continúa sinalando que o lavadoiro está inacabado e existen problemas de transporte tanto co resto do Concello como con Santiago.
O Sr. Alcalde sinala que quere dicirlle ó Sr. Leis que con esa moción lle están tomando o pelo ós veciños de Teo, porque moitas cousas que vostedes din nesta moción están feitas, así, por exemplo, a fonte de Santa Lucía amañouse e a fonte de Noceda está rematada; foron restauradas no Plan de Recuperación da Arquitectura Popular, e están rematadas e certificadas; en canto á rede de sumidoiros na aldea de Campos e Fontenlo están moitas casas conectadas, e as que non están poden facelo cando queiran, previos os trámites ante Aquagest; e outras obras faranse este ano e vostedes votaron en contra. O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que eles votaron a favor.
O Sr. Alcalde continúa dicindo que vostede só fai demagoxia e di mentiras que despois publica nun folleto polas parroquias, pero os veciños non son parvos e saben a quen teñen, e saben o que está feito e o que se está a facer, por iso non van apoiar a moción, porque están na parroquia facendo cousas para os veciños.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que esta moción é unha radiografía da situación da parroquia; o problema é por onde comezamos a amañar, que estas mocións contribúen a iso e que a radiografía é indiscutible.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que reta ó Sr. Mata a ver a Fonte de Maceda para ver se está rematada ou non, e que reta ó grupo do PP a que diga se o que se di aquí é mentira; o único que se fixo foi quitar un depósito de rodas, o resto segue igual, e remata sinalando que isto está falado e visto cos veciños polo grupo socialista e non hai nin unha soa mentira.
O Sr. Alcalde sinala que o Sr. Mata ten máis sentido ca vostede e que as fotografías acreditan que as fontes están acabadas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, o Pleno do Concello con sete votos a favor dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(4), e con nove votos en contra dos grupos do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a moción.

8º) MOCIÓN DO PSG-SPOE SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS QUE AFECTAN Á FACENDA LOCAL.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda.

Dada conta directamente da moción que transcrita di:

Desde o Grupo Municipal Socialista, e despois de diversas consultas de expedientes e actas da Xunta de Goberno Local, vense observando unha certa deixadez e falta de rigor por parte do Goberno Municipal na validación e control das facturas emitidas por algunhas empresas que prestan diversos servizos ó Concello: subministros, obras en estradas, construción de liñas de saneamento e abastecementos, mantementos, etc.

Así atopamos facturas que non se axustan á normativa legal vixente, dado que carecen de datos identificativos e/ou presentan omisión de inscrición nos rexistros mercantís correspondentes, da relación pormenorizada dos traballos realizados e materiais empregados, do informe anexo dos servizos técnicos correspondentes, de contratos, etc.

Estas eivas, ademais de contribuír dalgunha maneira á preocupante situación económica das arcas municipais, supón un quebrantamento da Lei Xeral Tributaria do Estado, Lei núm. 58/2003, e moi especialmente do seu artigo 43 que esixe que as empresas que presten servizos ou fagan traballos a terceiros terán a obriga de presentar certificación de estar ó día nas obrigas tributarias. Mesmamente tamén teñen a obriga de presentar certificación da Seguridade Social que acredite que están ó día nas cotizacións dos seus empregados, así como das mutuas que lles corresponda.

Cómpre lembrar que o Concello sería responsable subsidiario co conseguinte custo económico que tales incumprimentos puideran ocasionar.

ACORDOS:

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista, con afán puramente construtivo e co propósito de contribuír á mellor xestión dos recursos económicos municipais, propón ó Pleno a aprobación das seguintes medidas:

1. Todas as facturas a cargo do Concello de Teo virán debidamente identificadas, reseñando a partida orzamentaria que lles corresponda, acompañadas do informe técnico correspondente no caso de obras en viais, saneamento e abastecemento, mantemento de instalacións, etc. Asemade, tamén deberán relacionar con detalle o traballo realizado, localización exacta do mesmo, materiais empregados, cantidades, etc.
2. Creación dun rexistro de empresas que traballen para o Concello, no que consten as certificacións legais que esixe a normativa vixente: facenda, seguridade social, tributos e impostos locais, etc.
3. Identificación dos compoñentes así como dos xerentes das persoas xurídicas e comprobación de que non se atopen incursos en expedientes xudiciais por ser responsables de empresas en suspensión de pagos, crebas, fraudes fiscais, actividades non legalizadas, etc.
4. Aplicación inmediata destas medidas desde a súa aprobación polo Pleno da Corporación e non execución de pagos pendentes namentras non se achegue a documentación requirida.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que a moción a presentan en marzo e ten como base non estes últimos meses, senón os últimos anos, onde poden existir graves irregularidades; engade que lles preocupa a situación na que estaba o Concello, por iso, pola preocupación que teñen piden que as empresas que contraten co Concello estean en regla, máxime coa nova lei; engade que saben que se lle deu traballo a empresas que non estaban conforme á lei de contratos e eles son responsables subsidiarios, por iso presentan unha serie de medidas que poden mellorarse, e que estas medidas que tomemos sirvan para controlar o gasto e pide que se anulen os pagos por talóns.
O Sr. Alcalde sinala que parece que segundo vostede, o Sr. Secretario e a Sra. Interventora non valen para nada.
O Sr. Iglesias Villar sinala que o Sr. Tallón non dixo nada que teña que ver con eses funcionarios, engadindo que a redacción pode ser mellorada, aínda que a comparten na práctica totalidade; que o técnico municipal debe comprobar as obras e non só un concelleiro e que as empresas deberían acreditar estar ó corrente con Facenda e coa Seguridade Social na adxudicación e na liquidación das obras porque senón son responsables subsidiarios destes pagamentos conforme á lei.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que o que se pide na moción se está a facer.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non é certo que se estea a facer o que di a moción, e que a mesma vai dirixida ós políticos, non ós técnicos, que o que formula afecta a cuestións de responsabilidade política.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que non entende que o técnico municipal non comprobe as inversións e que as empresas non acrediten que están ó corrente con Facenda e coa Seguridade Social.
Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con sete votos a favor dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (4), e con nove votos en contra dos grupos do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a moción.

9º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE O DÍA OFICIAL DA MEMORIA DO HOLOCAUSTO E A PREVENCIÓN DOS CRIMES CONTRA A HUMANIDADE.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Educación e Cultura.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
O Consello de Ministros do 10 de decembro de 2004 adoptou o acordo de instituír o 27 de xaneiro como Día Oficial da Memoria do Holocausto e a Prevención dos Crimes contra a Humanidade. A data elixida conmemora a liberación hai 60 anos do campo de exterminio de Auschwitz, símbolo, como desgrazadamente tantos outros (Mauthausen, Dacha, Buchenwald…), da depravación e a ignonimia á que pode chegar o ser humano. Nestes campos de exterminio xunto á poboación xudía sufriron e morreron máis de 10.000 españois que fuxindo da ditadura imposta tras a Guerra Civil, foron capturados polas tropas alemanas cando vivían exiliados en Francia. Tamén sufriron miles de cidadáns europeos e doutros lugares por razón do seu credo, raza ou ideas.
A data do 27 de xaneiro servirá para honrar ós seis millóns de xudeos exterminados no holocausto nazi, tamén a máis de 10.000 españois que sufriron a deportación e morreron nos campos nazis. Será a data que nos recordará o que, con total seguridade, foi o maior crime cometido na historia da humanidade por un goberno, coa complicidade e o silencio do resto, baixo o medo e o terror.

Para que ese silencio non volva mostrarse de maneira tan sonora, para que o esquecemento non nos faga cómplices, a historia dos campos de exterminio nazi deberá ser entendida por todos como unha sinistra seña de perigo.
Ó principio foron exterminados os descapacitados, os "anormais"… despois os xudeus (entre catro millóns e medio e seis millóns) rusos (máis de catro millóns), polacos, iugoslavos, checos, gregos, marroquís, arxelinos, franceses, italianos, españois, ingleses, austríacos, etc. Distintos grupos relixiosos (protestantes, católicos e testemuñas de Xehová…), homosexuais, presos comúns, partisanos e brigadistas, e grandes grupos de persoas de etnia xitana.
No horror do holocausto nazi morreron seis millóns de xudeus e xunto a eles, miles de españois. Todos os supervivintes prometeron facer coñecer ao mundo os horrores vividos nestes campos para que a humanidade non esquencera nin repetira, nunca máis, estes crimes.
No caso dos españois, esta misión foi durante décadas máis gravosa porque a maioría deles non puideron regresar ó seu país. Temos un compromiso, unha esixencia democrática elemental para con eles. Así estamos obrigados a honrar a memoria daqueles homes e mulleres que sufriron o maior crime contra a humanidade, manténdonos sempre atentos, e non esquencer, para que estes feitos, nunca xamais, se volvan a repetir.

ACORDO:

Por todo iso, sometemos á consideración do Pleno da Corporación esta moción para que este adopte os seguintes acordos:
1. O Pleno do Concello de Teo súmase á decisión do Goberno de España de instituír a data do 27 de xaneiro como o *Día Oficial da Memoria do Holocausto e a Prevención de Crimes contra a Humanidade.*
2. O Pleno do Concello de Teo comprométese a conmemorar esta data todos os anos e así mesmo solicita ás institucións galegas a que fagan o mesmo para que sexan lembrados sempre, de maneira singular, os máis de 10.000 españois que sufriron e morreron nos campos de exterminio nazis, os exiliados/as e todos/as aqueles/as que foron deportados/as ou perseguidos/as polas súas ideas.

Debate:
O Sr. Alcalde sinala que van apoiala.
O Sr.Concelleiro Leis Carlés sinala que é unha moción de claro contido político e que lle gustaría contar coa unanimidade de tódolos grupos, piden que o Concello de Teo apoie a decisión política do Goberno español e que, en historia, todo o mundo entende que cando se fala de holocausto se fala do holocausto nazi.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que están totalmente en contra dos crimes contra a humanidade e a favor de que o Concello fixara unha data para recordar isto, e ó mesmo tempo traballar para que isto non se repita.
Engade que con respecto ó holocausto, a mesma palabra holocausto, pensa que ten unha connotación cun determinado grupo de vítimas, nós propoñemos ampliar a vítimas de crimes contra a humanidade, non só holocausto, e que pensan que hai que chamar a atención sobre os galegos mortos nos campos de exterminio nazi e o Concello debía solicitar se entre esas persoas hai algún natural do Concello de Teo e, igualmente, que o Concello se dirixira ós Concellos e Deputacións para reafirmar ás vítimas da Guerra Civil e para os represaliados na ditadura franquista e para o correcto enterramento das vítimas; engade que temos un Tenente de Alcalde desaparecido desde o ano 1936, e remata sinalando que por todo iso é reducionista

o termo holocausto, e considearn máis apropiado o de vítimas dos crimes contra a humanidade.
O Sr. Alcalde sinala que van apoiala tal e como está.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non están contra do que di o BNG e se presentan unha moción neses termos, eles a aprobarán, pero que aquí se trata do holocausto nazi, e neste caso concreto o que di o BNG non cabe exactamente, e que a represión do holocausto nazi non foi só contra os xudeus senón contra moita máis xente.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que presentarán esa moción e que apoiarán a moción se se inclúen na mesma ós galegos.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción coa emenda de adición do BNG, de inclusión dos galegos, o Pleno do Concello, por unanimidade dos dezaseis membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen, pertencentes ós grupos municipais do PP(8), BNG(3), PSG-PSOE(4) e Mixto(1), acorda aprobar a moción.

10º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE O PLAN IBARRETXE.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Educación e Cultura.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
Coa aprobación, o pasado 30 de decembro, no Parlamento Basco do denominado "Plan Ibarretxe", culmina, en dita cámara, o proceso que iniciou o propio Lehendakari hai algo máis de dous anos cando presentou o seu proxecto de substitución do actual marco estatutario pactado, por outro de libre asociación de Euskadi a un Estado plurinacional.
Durante este tempo o Goberno Basco desaproveitou a oportunidade de aglutinar ás forzas democráticas bascas para acometer a reforma do actual Estatuto desde o debate e o diálogo e sobre todo buscando o consenso da maioría da sociedade basca.
O "Plan Ibarretxe" aprobado polo Parlamento Basco cos votos de Batasuna, representa unha involución no camiño percorrido por tódolos demócratas na busca dun lugar de convivencia: unha involución, mesmo, respecto ó Estatuto de Guernica que marcou hai 25 anos un punto de encontro entre as distintas sensibilidades identitarias dos cidadáns bascos.
Opoñémonos ó "Plan Ibarretxe", ante todo, porque cuestiona directamente a nosa legalidade constitucional e porque é un Plan que exclúe ós cidadáns que non se sintan nacionalistas. Opoñémonos, en definitiva, porque o "Plan Ibarretxe" esquence que a principal tarefa do Goberno Basco, a súa auténtica prioridade, non pode ser outra que a de garantir a todos os cidadáns bascos a liberdade, é dicir, acabar con ETA e con quen hoxe en día aínda practican a chantaxe e a extorsión no seu nome.
Ata o de agora iniciáronse procesos de reformas dos estatutos en varias comunidades autónomas. O respecto ó marco constitucional e o consenso da maioría deben ser a base da que se parta para a aprobación dos novos marcos estatutarios, e Euskadi non pode ser unha excepción. Nos procesos de reforma estatutaria, non pode, en ningún caso perderse de vista que o órgano que en última instancia ten a competencia da súa aprobación ou rexeitamento son as Cortes Españolas.

ACORDO:
Por todo iso, sometemos á consideración do Pleno da Corporación esta moción para que este adopte os seguintes acordos:

1. O Concello de Teo manifesta a súa firme oposición ó “Plan Ibarretxe” porque cuestiona directamente a nosa legalidade constitucional.
2. O Concello de Teo afirma que a proposta acordada polo Parlamento Basco debe debatirse e votarse no Parlamento Español, máximo representante da soberanía popular, que é quen en última instancia debe decidir sobre da aprobación ou rexeitamento das iniciativas de reforma das CC.AA. Por iso, o Concello de Teo propón ó Congreso dos Deputados que rexeite a actual proposta elevada polo Goberno e Parlamento Bascos.
3. O Concello de Teo expresa a súa aposta polo respecto á Constitución, o diálogo, o debate e o consenso como única forma posible de culminar con éxito as reformas dos Estatutos de Autonomía.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que o BNG non vai aprobar esta moción por múltiples motivos e por cuestións de fondo; así sinala que visto o cambio de talante do Goberno de Madrid descoñece porqué se presenta esta moción, e descoñece se se presenta en tódolos Concellos, engadindo que é un plantexamento interesado e que o problema basco estáse a converter nunha busca de réditos políticos.
Sinala que se dá por suposto na moción que o Parlamento Basco non debatiu o Plan e que Batasuna é demonizada cando vota a favor deste plan, pero cando vota co PP e PSOE non se demoniza, sinala que se o Sr. Ibarretxe estivo debatindo en Madrid, ¿porqué se trae aquí isto?, e respecto do acordo en si a tomar tampouco está de acordo porque o Parlamento Basco,¿ que pasa, que non representa á soberanía popular?, e que lle gustaría que se falase da proposta de reforma do Estatuto galego, como sempre miramos para fóra, ó tema basco, a demonización, e remata sinalando que xa estamos cansos disto e somos tan demócratas coma vostedes.
O Sr. Alcalde sinala que apoiarían a moción coa emenda transacional seguinte:
Sustitución do acordo segundo polo seguinte texto: Afirmar que corresponde ó conxunto do pobo español, a través dos seus lexítimos representantes das Cortes Xerais, decidir sobre a proposta plantexada, que incumbe á totalidade dos españois.
Sustitución do acordo terceiro polo seguinte texto: Expresar que calquera reforma dos Estatutos de Autonomía debe respectar a Constitución, redundar en beneficio dos cidadáns e nacer do diálogo e o consenso entre o maior número de forzas políticas, a fin de que teñan o maior respaldo social.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que teñen que dicir que tal vez veña con certo destempo, aínda que era óptima cando se presentou pero foi rexeitada a urxencia polo grupo de goberno e iso explica algunhas das razóns expostas polo BNG.
Engade que as posicións están claramente explicadas, que o PSOE é un partido claramente español e constitucionalista e entende que haxa forzas políticas que non entendan este proxecto polo seu carácter nacionalista, e que comprende perfectamente o posicionamento do BNG ó respecto, louvamos a súa coherencia política que botamos de menos no grupo de goberno.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que está seguro de que o Sr. Maragall non apoiaría o que acaba de dicir o Sr. Leis do PSOE; sinala que quere facer unha reflexión de fondo, así sinala que hai un ámbito de actuación estatal, outro autonómico e outro municipal, e esta moción o único que fai é poñer na picota ó goberno municipal do PP do Concello de Teo, é pouco produtiva nese sentido, e que nós non presentamos mocións destas porque buscan máis o consenso entre os grupos.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que está totalmente en contra do Plan Ibarretxe e que lle gustaría que fose consensuada.
O Sr. Alcalde sinala que están en contra do Plan Ibarretxe, e se hai acordo na emenda de transación votarán a favor, senón non.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que se opoñen á emenda porque o Sr. Alcalde nos plantexa un mercadeo.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello, con catro votos a favor do grupo do PSG- PSOE(4), e doce votos en contra dos grupos do PP(8), BNG(3) e Mixto(1), acorda rexeitar a moción.

11º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Educación e Cultura.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
A meirande parte dos alumnos/as de Ensinanza Secundaria e Bacharelato recoñecen problemas á hora de definir as súas traxectorias futuras no que concerne tanto ós posibles estudos posteriores como ás súas actividades profesionais futuras.
Esta situación xera incertidumes e inseguridades nos propios interesados e nos seus familiares que, moitas veces, orixinan situacións conflitivas ou condutas inadecuadas e mesmo poden explicar certos fracasos escolares.
A falta de información axeitada e mesmo de orientación por parte de expertos e profesionais acreditados é, na maioría dos casos, a causa fundamental destas eivas.

ACORDO:
Instar ó grupo de goberno a que, a través da Concellería e/ou Departamento Municipal de Educación, nas vindeiras semanas (en todo caso, antes de que remate o presente curso académico) se leven a cabo actividades encamiñadas a satisfacer estas demandas dos estudantes e pais/nais e/ou titores, como:
1. Organización dunhas xornadas de información e orientación sobre saídas profesionais e laborais e futuros estudos, tanto no eido universitario como no dos Ciclos Formativos de Formación Profesional dirixidas, tanto a xóvenes como a pais/nais e/ou titores. Para iso sería conveniente contar coa colaboración da ANPA e o Equipo Directivo do IES de Teo, de institucións como a USC e a Consellería de Educación, ademais da participación de expertos e persoal cualificado.
2. Realización de campañas de distribución de folletos e publicacións relacionadas co obxectivo desta actividade.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que ante a inminente chegada do fín de curso xorden incertidumes entre o alumnado sobre o seu futuro, e esta incertidume xeralmente leva ó fracaso escolar por falta de información, polo que fai falta poñer expertos que os asesoren; piden que se leven a cabo as demandas dos pais, mediante xornadas de información e que se lles fale de formación e saídas profesionais e nestas xornadas deberían participar as Anpas e persoal cualificado, e finalmente facer folletos das xornadas.

O Sr. Alcalde sinala que non apoiarán a moción, porque esta iniciativa corresponde ós centros escolares integramente, aínda que o Concello colabore nestes aspectos.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que apoirán a moción coa condición de que se retire o último parágrafo da exposición de motivos por poder dar lugar a malas interpretacións.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que o fracaso escolar é moi grande e que existe moito absentismo nos estudos universitarios, e pregunta ¿como saen hoxe en día da universidade para traballar?, ¿como vai facer o Concello isto?; ¿como facían antes os mestres con corenta ou cincuenta alumnos para sair adiante?; agora hai vinte e resulta que desde o Concello se ten que orientar ós rapaces, entón eles que fan, engade que o que hai que facer é traballar máis e que cre que isto non é labor do Concello e isto o consultou con varios mestres.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non se trata de falar de fracaso escolar nin tampouco de que toda a culpa é dos mestres, isto simplemente é unha contribución a un apartado importante para evitar o fracaso escolar, se ben é certo que isto non é competencia propia do Concello pode facelo, porque ademais non lle custará cartos, o único que debe facer o Concello é instar para a organización das actividades, e respecto do asunto dos malentendidos que plantexou o BNG pode suprimirse da moción o parágrafo.
Engade que o problema é o absentismo, o fracaso escolar está aí e non é certo que antes pasaran todos os rapaces, e que non utilice estes argumentos para faltarlle ó respecto ós profesores, aínda que tamén teñan a súa parte de responsabilidade no fracaso escolar, como os políticos, etc.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que o grupo de goberno rexeitou a creación do Consello Escolar que influiría neste asunto.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que cando fala de profesores non se refire a todos, que hai de todo, que isto é labor dos centros escolares, alí é onde hai que debatir isto, incluso pode ser que nos consellos escolares, pero non no Concello.
O Sr. Alcalde sinala que isto corresponde ós centros, polo que votarán en contra.
Votación e resultado:
Sometida a votación a moción coa emenda de supresión do parágrafo final instada polo BNG, o Pleno do Concello con sete votos a favor pertencentes ós grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (4), e nove votos en contra dos grupos do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a moción.

12º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE CREACIÓN DE PRAZAS NA POLICÍA LOCAL E DOTACIÓN DE MATERIAL.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
As funcións da Policía Local están contempladas no artigo 53.1 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, e no artigo 2.1 da Lei 3/1992, de 23 de marzo, de Coordinación das Policías Locais de Galicia. Este último di textualmente:
"Enténdese polo termo Policías Locais os Corpos de Policía e axentes auxiliares propios dos concellos, que terán como función a prestación dos servizos de seguridade dependentes orgánica e funcionalmente dos concellos de Galicia e todas aquelas que lles atribúe a Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, e demais disposicións vixentes".
A Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade establece como funcións da Policía Local as seguintes:

a) Protexer ás autoridades das corporacións locais, e vixianza e custodia dos seus edificios e instalacións.
b) Ordear, sinalizar e dirixir o tráfico no núcleo urbano, de acordo co establecido nas normas de circulación.
c) Instruír atestados por accidentes de circulación dentro do núcleo urbano.
d) Policía administrativa, no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia.
e) Participar nas funcións de policía xudicial, na forma establecida no artigo 29.2 desta Lei.
f) A prestación de auxilio, nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública, participando, na forma prevista nas leis, na execución dos plans de protección civil.
g) Efectuar dilixencias de prevención e cantas tendan a evitar comisión de actos delitivos no marco de colaboración establecido nas xuntas de seguridade.
h) Vixiar os espazos públicos e colaborar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e coa Policía das CC.AA. a protección das manifestacións e o mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requeridos para iso.
i) Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requeridos par iso".

Pois ben, o Concello de Teo, cunha supeficie de case 80 quilómetros cadrados e máis de 17.000 habitantes, dispón hoxe en día dun cadro de persoal de só catro policías municipais. Obviamente, é materialmente imposible que con estes recursos humanos se poidan cumprir coa mínima eficacia as funcións que establece a normativa legal vixente, a pesares dos nunca do todo suficientemente recoñecidos esforzos que están a realizar os actuais axentes da policía municipal teense.
Por outra banda, cómpre salientar que diversas publicacións do Ministerio do Interior recomendan unhas ratios dun policía municipal por cada 1.000 habitantes e, en concellos de especiais características (un concello como o de Teo, cunha poboación diseminada encaixaría dentro desta definición), 1 policía por cada 750 habitantes. Isto é, Teo debería contar hoxe, como mínimo, cun cadro de persoal aproximado de 17 policías locais e só ten 4.
Por poñer un exemplo próximo dun concello de características similares como o de Ames, este municipio conta hoxe con 10 axentes e na oferta pública de emprego do ano 2005 crea 4 novas prazas e na do ano seguinte 6, ata un total de 20 policías, proporción que se adecúa aproximadamente ás ratios antes sinaladas.

ACORDO:
Á vista de todo o exposto anteriormente e previa elaboración dunha relación de postos de traballo (xa solicitada polo grupo socialista nunha moción presentada o 10 de novembro de 2003, rexistro de entrada núm. 2751), o grupo municipal socialista insta ó Alcalde e ó seu grupo de goberno a que facendo uso das competencias que lle confire a lei proceda a:
1) Crear de maneira gradual novas prazas de policía municipal en Teo, de tal xeito que antes de que remate a presente lexislatura se cumpran as devanditas recomendacións do Ministerio do Interior. É dicir, que calculando unha poboación de feito, próxima aos 20.000 habitantes no ano 2007 dispoñamos para aquela dun cadro de persoal de 16/20 Policías Locais en Teo. Máis en concreto, propoñemos a seguinte secuenciación:
· Oferta de emprego do ano 2005: creación de 4 novas prazas.
· Oferta de emprego do ano 2006: creación de 4/6 novas prazas.
· Oferta de emprego do ano 2007: creación de 4/6 novas prazas.

2) Habilitar os recursos económicos pertinentes dentro dos orzamentos municipais para finanzar estas prazas.
3) Adecuar a estrutura orgánica do cadro de persoal ó disposto no Título II da referida Lei 3/1992, de 23 de marzo, de Coordinación dos Policías Locais de Galicia, co seu correspondente Regulamento, estrutura xerárquica, delimitación de funcións no seu Plan de Actuación, etc.
4) Dotar do material técnico axeitado para o cumprimento óptimo das funcións que lle asigna a Lei. En concreto, hoxe en día, e con carácter de urxencia, dada a particular configuración xeográfica do noso Concello, cómpre completar o actual parque móbil (un vehículo turismo e unha moto con características urbanas) adquirindo como mínimo un vehículo todoterreo e unha motocicleta apta para desprazarse por camiños e pistas rurais.
Asemade é necesario, xa hoxe, dotar á Policía Municipal doutros instrumentos imprescindibles, dos que neste momento carecen, como mecanismos de control de velocidade, de control de ruídos, etc.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que xa en novembro de 2003 o PSG-PSOE presentou unha moción sobre a relación de postos de traballo, para facer un estudo das necesidades do cadro de persoal municipal, que é absolutamente escasa en tódolos aspectos.
Unha vez feito isto escollen unha relación de persoal, a que ten máis relación co vecindario, e analizan sobre a necesidade de ampliala ata chegar á ratio que recomenda o Ministerio do Interior: 1 policía por cada 1.000 habitantes, e en concellos de especiais características:1 policía por cada 750 habitantes, engadindo que catro que hai hoxe, máis dous da oferta de emprego público do 2005 é absolutamente insuficiente para unha poboación de 18.000 habitantes e pide tamén adecuar a estrutura deste persoal e dotar ó persoal de material, solicitando expresamente que conste en acta o magnífico traballo que están a facer os policías locais de Teo, pero que se ven absolutamente desbordados, así, por exemplo, sinala que teñen un turismo e unha moto que nun Concello como Teo son inservibles, dado o seu carácter rural, hai que dotalos cun todoterreo, carecen de instrumentos de medición de ruídos e existen graves problemas de exceso de velocidade en zonas, e carécese de instrumentos medidores da velocidade.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez pregunta, ¿cal é a situación da Policía Local neste momento?.
Engade que o BNG ten que facer un exercicio de mínimos para apoiar esta moción, están de acordo co número escaso de persoal e de dotación de material, agora unha vez feito iso, ¿como se organizarán?, ¿van seguir sen regulamento de funcionamento, sen organización xerárquica?, ¿vai seguir sendo a Policía Local un xoguete do Sr. Alcalde?, isto é o que realmente preocupa ó BNG.
Engade que de tódolos xeitos a van apoiar, fan falta máis policías, pero ¿para que?,¿que van facer?, ¿como se van estructurar?, e remata sinalando que lle interesaba que se establecese un regulamento por consenso dos grupos.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que xa dixo na comisión informativa que non se pode comezar a casa polo tellado, que se vai ampliar o cadro de persoal en dúas prazas e ampliarase máis cando se dispoña dun local axeitado, está no orzamento o amaño do local de aquí ó lado e está prevista a compra dun vehículo e remata sinalando que a Policía Local non está só para multar.
O Sr. Alcalde sinala que dixo que non sabía nese momento se había multas, que él dixo que se informara das prohibicións e que el non ten á Policía Local como xoguete, como dixo

vostede, e que na oferta de emprego deste ano hai dúas prazas de auxiliares e unha de cabo, que xa se verá se se convocan, e que o cadro se ampliará e se irá facendo, pero non como di o Sr. Leis, e que se a Policía pide material ata o momento sempre se lle dixo que si, e remata sinalando que no orzamento está a compra dun todoterreo.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que vostede Sr. Alcalde está cheo de contradicións.
O Sr. Alcalde sinala que o que vostede propón xa estaba no orzamento, así a praza de cabo e as de auxiliares, e o todoterreo ten consignación.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés continúa sinalando que non é un problema deste ano, é cousa para o futuro, e que o PP no programa electoral di: ampliación do cadro da Policía Local e que xa non entende nada; que non se pode dicir que o problema é de espazo, aquí hai 80 quilómetros para traballar, que Ames co PP tiña 10 policías locais no cadro de persoal e agora Ames en dous/tres anos vai chegar á ratio do Ministerio do Interior, e como di o BNG, hai que facer un estudo de necesidades reais de persoal, que hai problemas de persoal en todos os departamentos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que comparten a necesidade do incremento aínda que para nós é prioritario dotarse dun regulamento clarificador do funcionamento, engadindo que non coñecen ningún Concello onde o Alcalde dea directrices políticas de aviso de infracción, que aquí ninguén vai en contra de ningún traballador do Concello, que se necesita máis persoal.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que non por existir máis policías se resolven os problemas, en Santiago hai 172 e o outro día había 42 de baixa, non é necesario cantidade como calidade; en Ames hai unha tenda no centro de Bertamiráns que a rouban tódolos meses.
Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello, con sete votos a favor dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(4), e con nove votos en contra dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a moción.

13º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE COMPROMISOS DO CONCELLO TRAS A ENTRADA EN VIGOR DO PROTOCOLO DE KIOTO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Agricultura e Medio Ambiente.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
O ano 2005 é para o Protocolo de Kioto un ano clave. Tras a ratificación do Tratado por Rusia, e tal e como quedaba establecido no propio Protocolo, a súa entrada en vigor produciuse o pasado 16 de febreiro.
Coa ratificación por unanimidade do Protocolo de Kioto por parte do Congreso dos Deputados, España adquiriu un compromiso internacional de limitación do incremento das súas emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI). O termo medio das emisións no período 2008-2012 non poden superar en máis dun 15% ás do ano base 1990. Este compromiso forma parte do da Unión Europea no seu conxunto, que contempla unha redución do 8% no mesmo período.
Non obstante, é un feito que, debido a un desenvolvemento económico non baseado na eficiencia enerxética e á insuficiencia das medidas de mitigación acometidas ata o presente, as emisións da GEI atópanse nunha senda de rápido aumento, que compromete gravemente as posibilidades de España de cumprir o compromiso. Segundo o último inventario publicado, no ano 2002 o aumento das emisións superaba xa o 39%. Cumprir con Kioto significa que España adopte como obxectivo estratéxico o aforro e a eficiencia no consumo de enerxía.

Ademais, España ten un potencial só parcialmente explotado para o desenvolvemento das enerxías renovables. As enerxías renovables non só permiten diversificar o abastecemento enerxético con recursos autóctonos, senón que ademais fano con tecnoloxías non contaminantes, co que o seu desenvolvemento deixa un notable valor engadido no tecido industrial español.
É por tanto preciso establecer, desde tódolos ámbitos de decisión política e xestión administrativa, un compromiso real coa redución de emisión de Gases de Efecto Invernadoiro, a través do fomento de políticas de aforro e eficiencia enerxética, o impulso das enerxías renovables, da mobilidade sostible, en suma, a incorporación dos criterios de sostibilidade en tódalas políticas municipais, con especial incidencia naquelas que poden reducir substancialmente a emisión de gases de efecto invernadoiro nos denominados sectores difusos.
É por iso que consideramos que a aposta dos concellos por modelos de desenvolvemento que supoñan un compromiso claro coa sostibilidade é un dos instrumentos principais da loita contra o cambio climático.

ACORDOS:
Por todo isto, sometemos á consideración do Pleno da corporación esta moción para que este adopte os seguintes acordos:
1. O Concello comprométese a establecer como obxectivo a loita contra o cambio climático, apoiando e fomentando todas aquelas iniciativas, tanto públicas como privadas, que supoñan o desenvolvemento de instrumentos e mecanismos destinados á redución das emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEIs) de fontes difusas.
2. O Concello comprométese a participar en todos aqueles foros que se constitúan co obxecto de establecer políticas sostibles que supoñan a redución dos GEIs, o fomento da eficiencia e o aforro enerxético, o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables e o impulso da mobilidade sostible.
3. Os mecanismos para a consecución dos obxectivos de loita contra o cambio climático deberán implicar ó conxunto das políticas do municipio, e non unicamente as que se desenvolven desde a área de Medio Ambiente, con especial atención ás políticas urbanísticas de mobilidade.
4. O Concello comprométese ó máis alto nivel institucional na consecución dos acordos propostos na presente moción.

Debate: O Sr. Alcalde sinala que apoiarían a moción coa emenda transacional seguinte:
Modificación dos acordos terceiro e cuarto que quedarian da seguinte maneira:
3º) O Concello, dentro do ámbito das competencias que lle son propias como entidade local, comprométese institucionalmente na consecución dos obxetivos asumidos polo Reino de España no marco do Protocolo de Kioto.
4º) O Concello acorda iniciar os trámites para a súa adhesión á Rede Española de Cidades polo Clima.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que este é un problema que concerne ó Concello e que o aceptan como emenda de adición pero non doutro xeito.
O Sr. Iglesias Villar sinala que están de acordo nalgúns aspectos, que lles gustaría que se fixera máis fincapé en que o Concello se comprometera coas enerxías renovables nas novas edificacións, dar publicidade ó protocolo de Kioto no ámbito educativo, facer fincapé no tema do transporte e que estes temas habería que explicitalos. O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que acepta estas consideracións.

O Sr. Alcalde sinala que aceptan as consideracións do BNG e non as nosas, pois non podemos aprobar a moción.
Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con sete votos a favor dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(4), e con nove votos en contra dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a moción.

14º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE PROPOSTAS POR MOR DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa da Muller.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
O día 8 de marzo é un día moi importante para as mulleres e para o conxunto da sociedade. O valor da igualdade, a loita contra da discriminación por razón de sexo, a necesidade de superar calquera atranco que impida que os españois, e por ende os galegos, gocen das mesmas oportunidades, non só é un mandato constitucional no noso país, senón que ademais significa un compromiso coa defensa dos dereitos humanos.
Estes obxectivos atópanse tamén vencellados a unha sociedade que aspira a calificarse a si mesma como xusta e democrática. Xusto porque é de xustiza que todas e todos participemos dos mesmos dereitos e oportunidades. Democrática porque non poderiamos falar do verdadeiro "poder do pobo" se prescindimos dunha das súas metades.
A data do día 8 de marzo, Día Internacional da Muller, proporciónanos a ocasión de recoñecer a teima, o esforzo e a crucial contribución a esta reivindicación de igualdade das asociacións defensoras dos dereitos da muller.
Por iso e pola traxectoria histórica de moitas mulleres comprometidas na defensa destes valores e destes dereitos, cremos que é imprescindible continuar avanzando por ese camiño para consolidar as importantes transformacións sociais que estamos a vivir e para desenvolver e impulsar as novas medidas de orde política, social e de cambio de mentalidades que nos acheguen ó obxectivo da igualdade.
A manifestación máis dramática de desigualdade que aínda hoxe sofre a nosa sociedade é a violencia de xénero. O pasado 22 de decembro de 2004 foi aprobada definitivamente no Congreso dos Deputados, por total unanimidade dos partidos políticos, a Lei Integral de Medidas Urxentes contra a Violencia de Xénero.
O esforzo para concertar vontades a crear un texto lexislativo que aborde en todos os seus aspectos este complexo e terrible fenómeno foi importante. Maior aínda terá que ser o esforzo conxunto para pór en práctica todas as medidas que a lei prevé por parte de todas as administracións públicas e da propia sociedade. Xuntos debemos acadar que ningunha muller no noso país, polo feito de selo, se vexa perseguida, maltratada ou asasinada.
Constatamos ademais que existen en España, de xeito similar a outros países europeos do noso contorno, graves carencias básicas e estruturais que impiden ó conxunto das mulleres desenvolver en plenitude os seus dereitos como cidadáns.
Esta é unha realidade que os poderes públicos, non só non podemos esquencer, senón que temos a obriga e a responsabilidade de pór todolos mecanismos necesarios para que todos estes atrancos á igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, desaparezan.

ACORDOS:
Por todo iso, convencidos/as de canto antecede, sometemos ó Pleno esta moción, para que este adopte os seguintes acordos:

1. Actuacións de ámbito xeral:
· Colaborar, dentro do marco competencial propio, co Goberno Español e co Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia na posta en marcha de maneira rápida e eficaz, de todas as medidas previstas na Lei Integral de Medidas Urxentes contra a Violencia de Xénero, coa finalidade conxunta de erradicar da nosa sociedade, canto antes, as agresións e os crimes contra as mulleres.
· Solicitar do Goberno Español que adopte todas as medidas necesarias para conseguir a igualdade de trato no emprego entre homes e mulleres, promovendo especialmente a incorporación á nosa lexislación das Directivas Comunitarias referidas a esta materia co obxectivo de conseguir a igualdade, non só no acceso ó emprego, senón tamén, dentro xa do marco laboral, na promoción e ascensos, formación e reciclaxe, e sobre todo, na retribución.
. Se ben é certo que en 2004 a taxa de actividade feminina superou por primeira vez na historia o 45% e que a taxa de ocupación das mulleres situouse neste pasado ano no 4,70% fronte ao 2,74% dos homes, aínda queda moito por avanzar para correxir cifras que falan, tamén no ano 2004, dun salario cunha media dun 30% inferior ó dos homes, entre as mulleres de 16 a 29 anos.
· Solicitar, así mesmo, ó Goberno Español unha iniciativa lexislativa para avanzar dunha maneira significativa na conciliación da vida laboral e familiar que consiga realmente liberar ás mulleres dun rol social firmemente asentado, segundo o cal elas son as coidadoras dos fillos, do fogar e dos dependentes practicamente en exclusiva no 94% dos casos empregando unha media de seis horas diarias, segundo sinala o *Libro Branco da Dependencia*, recentemente publicado. Esta situación convértese para millóns de mulleres no noso país nun serio atranco para acceder ou conservar e promoverse nun posto de traballo.
. Solicitar igualmente ó Goberno Español e ó Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas competencias, unha modificación da lexislación vixente para estimular e facilitar a participación das mulleres nos ámbitos de toma de decisións, en correspondencia co seu peso demográfico, para conseguir unha democracia paritaria na confección de listas electorais e na elección de cargos de responsabilidade pública, por parte dos partidos políticos.

2. Actuacións no ámbito municipal de Teo:
· Creación e posta en marcha en Teo do Centro de Información da Muller que desenvolva labores de información, formación e actividades como campañas contra da violencia de xénero, educación familiar, orientación para o emprego, cursos de formación profesional, uso das novas tecnoloxías, etc.
· Creación e desenvolvemento do Consello Municipal para a Igualdade de Sexos, de tal maneira que os homes e mulleres de Teo interesados neste eido poderán dispór dun instrumento eficaz de participación política para a formulación das súas propostas e o seu desenvolvemento práctico na vida cotiá dos nosos concidadáns.
· Organización de campañas para fomentar o asociacionismo para a igualdade de sexos.
· Impulso de políticas encamiñadas ó fomento da práctica deportiva entre as mulleres.
· Organización de actividades formativas (debates, conferencias, mesas redondas, etc.) culturais e lúdico-recreativas para conmemorar este Día Internacional da Muller no Concello de Teo.

Debate:
O Sr. Alcalde sinala que votarán a favor se se acepta a emenda do PP no senso de eliminar da moción o parágrafo referente á democracia paritaria. O Sr. Concelleiro Leis Carlés di que non.

Explica o Sr. Leis Carlés que a moción se presentou con data 25.02.2005 e que no Concello pasou o día e non se fixo nada, agás un curso de informática. Engade que a súa moción ten dous apartados e que para eles o tema da composición paritaria é absolutamente fundamental.
Abandoa neste intre o Pleno o Sr. Concelleiro Rego Jorge.
O Sr. Alcalde explica que por parte do Concello se solicitaron as seguintes axudas: plan de igualdade, obradoiros, xornadas, programa de centro de información á muller e outras e explica que se non hai transación no asunto da democracia paritaria, non a apoiarán.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que eles non pediron o das listas paritarias porque eles son os únicos que o fan neste Concello; engade que os sevizos a nivel de centros de información á muller ten que existir unha planificación a nivel comarcal, para rentabilizar esforzos e facer rendible esa rede, sinala que cren que o centro debe ser comarcal e desde os concellos deben prestarse servizos como educación familiar, orientación para o emprego e outros.
Engade que hai que facer un Consello Municipal da Muller, non un Consello Municipal de Igualade de Sexos, de xeito que teña unha visión global da muller polas distintas necesidades.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que este asunto é repetitivo tódolos anos e que debería consensuarse.
O Sr. Alcalde sinala que se hai consenso na moción votarán a favor.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que serán repetitivos neste tema da muller e que mirando á candidatura do PP se comprende porqué non lles gusta a democracia paritaria, e que neste tema non asumen as precisións e posturas manifestadas polo BNG, e que a través dun Consello de Igualdade de Sexos se pretende a igualdade de sexos, e o que di o BNG do Consello Municipal da Muller é a resposta do machismo ó machismo; e remata sinalando que o centro de información á muller pode facerse a través dun convenio.
O Sr. Iglesias Villar sinala que as mulleres deben ter unha voz moi propia.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que se non se transaciona votará en conta, e que non entende o pasteleo entre PSG-PSOE e BNG porque se el lle chama ó BNG machista móntase unha de coidado.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con tres votos a favor do grupo municipal do PSG-PSOE(3), nove votos en contra dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1), e tres abstencións do grupo municipal do BNG (3), acorda rexeitar a moción.

15º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE EXPLICACIÓN DE EXPEDIENTE URBANÍSTICO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da da Comisión Informativa de Urbanismo.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
Con data 10 de febreiro de 2005, o SEPRONA, a instancias dun veciño afectado, remitiu ó Concello de Teo un Informe-Denuncia por "obras de servidume e policía de regato, alteración do releve con depósito de residuos diversos, incineración de residuos, taponamenoto de canle de rego de fincas, obstrución de paso de pluviais e obstrución de paso de augas dun curso fuvial", contra a empresa "Investimentos Urbanísticos do Noroeste", que está a construír unha urbanización de 8 vivendas unifamiliares en Texexe-Calo.
Esta denuncia foi recibida no Concello de Teo o día 14 de febreiro e figura no Rexistro Municipal co núm. 536.
Non consta oficialmente que o Concello de Teo, e, en particular a Concellería de Urbanismo, que ostenta Manuel Parajó, adoptara ningún tipo de medida a pesar de que a denuncia foi

remitida polo SEPRONA hai agora un mes. É dicir, durante todo este tempo as obras da construtora continuaron (e continúan ó día de hoxe) con absoluta normalidade, sen que o Concello intervira para nada.
Agora é a Subdirección Xeral de Disciplina e Informes da Xunta de Galicia a que, diante da inhibición do Grupo de Goberno teense, respostando á denuncia do SEPRONA, require ó Concello de Teo para que presente toda a documentación sobre da cuestión.
No devandito Informe-Denuncia do SEPRONA (Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil) que se lle remitiu con data 10-02-05 ó Concello de Teo (ademais de ás Delegacións Provinciais das Consellerías de Medio Ambiente e Política Territorial) consta que se produciu:
· "alteración do releve afectando a uns 80 metros de frente dun regato, conformando unha altura media co rego duns 4 metros. Este recheo aproxímase ó curso da auga nalglúns casos ata o mesmo.
· Utilizouse terra, pedras e residuos de demolición e construción nunha cantidade que supera os 700 metros cúbicos. Obsérvanse, asi mesmo, outros residuos como plásticos, metais e madeiras.
· A consecuenica do recheo eliminouse unha canle de regadío e obstruíuse o paso de augas procedentes dun segundo regato. Así mesmo, efectuouse un taponamento mediante formigón dun tubo de paso de augas pluviais sito na estrada local que une Texexe con Luou.
· Nos terreos afectados polas obras observouse que se eliminaron residuos diversos mediante incineración (plásticos, botes, etc.) observándose dous focos con restos dos residuos citados".
En consecuencia, segundo se desprende da denuncia de SEPRONA, con estas obras ocasionouse:
1) Unha modificación da topografía do terreo (alteración do releve) con depósito de materiais na zona de servidume e policía de regatos (recheo de terra e residuos de demolicións e construcións).
2) Eliminación dun curso de rego.
3) Impedimento do paso de augas do regato (taponamento con formigón dun tubo de paso de augas pluviais).
4) Eliminación de residuos mediante incineración e depósitos no terreo.
Todas estas actuacións, a xuízo do SEPRONA, contraveñen as seguintes leis e demais normativa:
· Lei 9/02 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
· Real Decreto 2414/61, que aproba o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.
· Lei 1/95 Ambiental de Galicia.
· Real Decreto Lexislativo 1/2001 que aproba o texto refundido da Lei de Augas.
· Lei 8/02 de Protección do Ambiente Atmosférico de Galicia.
· Lei 10/98 de Residuos.
· Lei de Estradas de Galicia.

ACORDOS:
1. Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó Concelleiro-Delegado de Urbanismo, Manuel Parajó Liñares a que expliquen pormenorizadamente ó Pleno da Corporación as súas actuacións ó respecto no uso das competencias que lles confire a lei.
2. No caso de que se comprobe que non se intervira decidida e efectivamente para "repoñer a legalidade vulnerada", de maneira oficial tras o oportuno expediente informativo e a consecuente proposta de sancións, coa finalidade de cumprir coa legalidade vixente e evitar a sensación na cidadanía de que neste Concello se actúa en materia de disciplina urbanística

con “dobres raseiros” e de maneira atrabiliaria e arbitraria, instar ós devanditos mandatarios municipais a que procedan a abrir o correspondente expediente informativo e a aplicar estritamente todo o procedemento formal que contempla a normativa legal ó respecto, tanto no que concerne a sancións como a medidas para “repoñer a legalidade vulnerada”.
3. Pór en práctica, con urxencia, medidas políticas que preveñan este tipo de incidentes (servizo de policía urbanística, campañas de información e sensibilización…) e, no seu caso, formular iniciativas máis áxiles para responder con eficacia a este tipo de actuacións irregulares.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que o Seprona mandou o informe a instancia dun particular, que chega o día 14 de febreiro e cando di que non actúan é porque non se fai nada ata un mes despois, que inmediatamente debía paralizarse a obra e vostedes non actuaron.
Sinala que a proposta está asinada con data 10 de marzo polo Sr. Parajó, que estaba nas illas afortunadas, e que o día 11, unha vez que vostedes coñecen a protesta do PSG-PSOE, suspenden as obras.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que comprobamos que se ben administrativamente o expediente está correcto, politicamente non, engadindo que non quero recordar as obras de Texexe, con retraso sospeitoso, que parece que se dá unha marxe sospeitosa ó infractor, e que isto politicamente non é correcto.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que ten claro que o día 10 non está aquí, pero ordea por teléfono que se faga a proposta e que a asinará cando veña, e que o ampara a lei e senón vaia ós tribunais.
Engade que se está ante un expediente de recheo onde nos planos municipais non consta ningún regato por aí, e un veciño denunciou e a partir dese momento actuouse, mandouse á Policía Local e ós técnicos e vostede o outro día, na comisión informativa dixo barbaridades de todo tipo, incluso que paralizara a obra, cousa que corresponde ó Alcalde; vostede Sr. Leis quere entender de todo e non entende de nada, vostede está ante un expediente programado desde o primeiro momento perfectamente, e que non se pode dicir que están paralizados os chalets cando o que se paralizou foi un recheo, que o expediente tramitouse dentro dos prazos legais e coa máxima celeridade, e ven vostede dicindo que está todo totalmente mal.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que o comunicado ós medios de comunicación foi do Sr. Alcalde e isto é o que sae na Voz de Galicia; o día seguinte chegou o Sr. Parajó e sae outra nota onde o equipo de goberno quere aclarar que o paralizado é o recheo, e que vostede se encontrou cun decreto de suspensión do Alcalde, e cando vostede ven, asina a proposta. Engade que o Sr. Parajó minte e que se actuou logo de que o PSG-PSOE acudise ós medios de comunicación e que existen dúas varas de medir, con algunhas persoas fálase e trátase de solucionar o problema e cos pobres aplícaselle a lei con todo rigor.
O Sr. Parajó Liñares sinala que está vostede na inopia, fale cos técnicos para saber de urbanismo.
O Sr. Alcalde sinala que o expediente se atopa correctamente tramitado polo que votarán en contra.
Votación e resultado.
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con seis votos a favor dos grupos muncipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(3), e con nove votos en contra dos grupos muncipais do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a moción.

16º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA NÚM. 10/05 Á NÚM. 48/05.
Dada conta mediante a posta a disposición dos concelleiros desde a data da convocatoria do Pleno das resolucións da Alcaldía números 10/05 á 48/05, ámbalas inclusive, o Pleno queda enterado.

Antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo tiña algún asunto urxente non comprendido na orde do día que someter á consideración do Pleno, consonte co art. 91.4 do R.O.F.
O grupo do BNG di que ten seis e o grupo do PSG-PSOE di que ten unha.
FORA DA ORDE DO DÍA:

1º) MOCIÓN URXENTE DO BNG SOBRE A RECUPERACIÓN E USO DA FINCA MUNICIPAL DE "AGÜEIROS" EN LUOU, TRAS O ACORDO PLENARIO DE LESIVIDADE DE 1999 RATIFICADO POLO TSXG.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira da conta da moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
En outubro do ano 2003, hai case ano e medio, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en sentenza da sección segunda da Sala do Contencioso, viña a dar razón ó Concello de Teo que, en sesión plenaria celebrada en outubro de 1999, acordara a lesividade do acordo de cesión da finca de Agüeiros para a construción dun cemiterio na parroquia de Luou.
O Pleno do Concello respondía así ás demandas e ó sentir da gran maioría da parroquia de Luou, que se sentía farta de non ser consultada ou ser directamente ignorada por unha directiva que non respondía á vontade da gran maioría, e que mesmo se negaba a seguir o procedemento estipulado para obter todos os permisos necesarios para o novo cemiterio. Esta situación provocou en pouco tempo a creación dunha nova asociación, a compra dos terreos e a construción dun cemiterio que, contando con todos os permisos necesarios, é hoxe un referente en toda a comarca.
Dado que a citada sentenza do TSXG non é susceptible de recurso de casación, e que a práctica totalidade dos veciños da parroquia de Luou están de acordo con que o Concello recuperase a titularidade da finca, O Concello de Teo non pode nin debe permitir que sobre unha finca da súa propiedade se exerza un uso non autorizado e por persoas que xa non representan a ninguén en Luou.
En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:
1. Que a Alcaldía realice todos os trámites legalmente necesarios, respectando os prazos regulamentariamente establecidos, para a retirada do cadáver depositado na finca de Agüeiros (Luou), de xeito que o antes posible o Concello recupere o uso e goce da mencionada finca.
2. Unha vez retirado o cadáver, o Concello procederá inmediatamente á demolición das construcións existentes e á habilitación da zona para o disfrute público. Neste sentido, o Concello encargará un proxecto de reestruturación do espazo e de habilitacion do contorno como área recreativa, mentres non se lle asigne outro uso colectivo en beneficio dos veciños e veciñas da parroquia de Luou e de todo o Concello de Teo.

O Sr. Alcalde sinala que os avogados están traballando niso.
Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello, con seis votos a favor dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(3), e con nove votos en contra dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.

2º) MOCIÓN URXENTE DO BNG DE ESIXENCIA DE RESPONSABILIDADES POLÍTICAS POLAS IRREGULARIDADES PRESENTES NOS EXPEDIENTES URBANÍSTICOS DO CONCELLO DE TEO ENTRE OS ANOS 2000 E 2003.

O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez expón que no caso de que sexan rexeitadas as urxencias das mocións deben incluirse na próxima sesión, solicitando que conste en acta.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez da conta da moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
O Grupo Municipal do BNG de Teo adicou os últimos meses a facer unha revisión pormenorizada da situación dos expedientes urbanísticos no Concello, completando a revisión dos anos 2000, 2001, 2002 e 2003.
A situación observada é escandalosa, xa que nin se respectaron as normas que rexen o procedemento administrativo común, nin se tratou por igual ó conxunto de veciños do Concello. Pero, sen dúbida, o máis grave é que algúns expedientes se arquiven directamente "por orde do Alcalde e do Secretario" (durante o ano 2002), nunha actuación que o BNG considera manifestamente corrupta e delitiva.
A primeira cuestión relevante é que a gran maioría dos expedientes urbanísticos abertos nestes anos non se pecharon, nin se seguiu o proceso establecido na lei para a súa resolución. Débese lembrar ademais que a Lei 30/1992, do réxime xurídico das admininistracións públicas e do procedemento administrativo común, establece no artigo 89.4 que "en ningún caso poderá a administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridade ou insuficiencia dos preceptos legais aplicables ó caso".
Tampouco resultaría aceptable unha desculpa relacionada coa escaseza de persoal, toda vez que o BNG presentou durante a pasada lexislatura numerosas iniciativas para paliar esta situación, como a rexistrada a finais de maio de 2001 con ocasión da suspensión da normativa urbanística do Concello:
A contratación temporal dun arquitecto superior mentres, no prazo dun ano, non se procede a sacala en propiedade mediante concurso público, e a convocatoria urxente da Comisión Informativa de Urbanismo que deberá, nun prazo máximo de catro meses, levar unha proposta a Pleno sobre outras necesidades de persoal (vixiante de obras, aparellador, etc.) existentes nesta área.
Exemplos de expedientes irregulares:
-. Exemplo de xestión corrupta dun expediente urbanístico no Concello de Teo (petición particular para construción dun muro).

03/05/02: Notificación de reposición da legalidade e exp**.** sancionador, por realización da obra sen licenza.
14/05/02: Presentación de alegacións.
23/05/02: Fin do prazo para presentar alegacións.
19/06/02: Proposta de resolución. Multa de 172,20 euros.
28/06/02: Arquivo por orde Sr. Alcalde e Sr. Secreario
-Cita textual que figura a lapis en varias partes do expediente.

-. Outro exemplo de actuación manifestamente ilegal relacionada cos expedientes.
Obra promovida por Vector Plus en Cacheiras.
O 19 de marzo de 2000 o BNG pide a súa paralización por carecer de licenza despois de varios meses de obras.

O 19 de abril o BNG volve a pedir a paralización, xa que as obras prosiguían.
Documentos que obran no expediente do Concello:
24/03/2000: Comunicación de orde de paralización e de inicio de expediente de reposición da legalidade (Rex. saída núm. 364).
19/04/2000: Comunicación na que se reitera a orde de inmediata paralizacion e de apertura de expediente (Rex. saída núm. 509).
28/04/2000: Comunicación na que se reitera por 2ª vez a orde de inmediata paralización e de apertura de expediente (Rex. saída núm. 549).
Non hai nada máis: Nin expediente de reposición da legalidade, nin acordo de incoar expediente sancionador, nin prazo de alegacións, nin nomeamento de instrutor. Nada.

-. Denuncia feita por concelleiros do grupo de goberno a finais do 2001.
A finais do 2001, certos concelleiros do grupo de goberno, críticos coa xestión do Alcalde denunciaron a utilización duns terreos destinados a uso agrícola pola empresa Maderas Amazonas. A denuncia incidía no feito de que estes terreos foran asfaltados e empregados como almacén de inxentes cantidades de madeira.
O expediente urbanístico aberto por entón foi arquivado o 09/01/02 despois de determinarse que a obra en cuestión era ilegalizable. A día de hoxe aínda se empregan eses terreos para uso industrial sen que o Concello faga nada.
A consecuencia de todo este *modus operandi* e preocupante e moi grave, xa que para algúns, non respectar a lei é gratuíto, sobre todo se se trata de grandes empresas.
Outros veciños si pagan: Dos 15 expedientes urbanísticos abertos en 2002, houbo tres aos que si se lles fixo pagar: 300, 90 e 15 euros, este último por non retranquear un muro.
As grandes construtoras con obras ilegais deben tomarnos a risa. Con respecto a estas, algúns dos expedientes sancionadores polas ilegalidades realizadas tivo que ser promovido directamente pola Consellaría (dada a gravidade da sanción proposta). Hoxe aínda se dirime no TSXG.
Por todo isto o Grupo Municipal do BNG propón a adopción do seguinte acordo:
1. Solicitar do Grupo de Goberno unha explicación que clarifique actuacións tan graves no Concello de Teo en materia urbanística.
2. Solicitar do departamento de urbanismo un informe para ser analizado na Comisión de Urbanismo, onde se expliquen os motivos que provocaron que os expedientes urbanísticos entre os anos 2000 e 2003 presenten tan graves irregularidades.
3. Someter a votación a solicitude de demisión do Alcalde Armando Blnaco como máximo responsable político destes feitos.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello, con seis votos a favor dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(3), e con nove votos en contra dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.

3º) MOCIÓN URXENTE DO BNG SOBRE O DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

O Sr. Concelleiro Iglesias Villar da conta da moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
É innegable que a incorporación xeneralizada das mulleres ó mercado laboral supuxo un dos cambios socio-económicos máis relevantes nas últimas catro décadas que alterou radicalmente o mapa da desigualdade entre os xéneros, supoñendo avances incontestables para a sociedade en xeral e, en particular para as propias mulleres.

Porén, a progresiva feminización do mercado de traballo é un proceso incompleto e sen consolidar (con avances e tamén retrocesos), toda vez, que o obxectivo do acceso pleno das mulleres á vida laboral e, en igualdade, tense mostrado como fuxidío e incerto. Así a crise do emprego, o aumento e mantemento de altas taxas de desemprego, a crecente precariedade, a reestruturación, o declive do chamado estado de benestar, xunto coa pervivencia da tradicional división sexual do traballo –no que os "roles" produtivo-reprodutivo aparecen atribuídos automática e respectivamente a homes e mulleres-, son algunhas das tendenzas que na actualidade obstaculizan a conquista dunha verdadeira igualdade.
En Galicia, as estadísticas reproducen e avalan fielmente a situación anteriormente relatada. Con efecto, abonda con sinalar que a unha elevada e preocupante taxa de desemprego (13,5%) que supera en 2,57 puntos á media estatal (10,93%), os indicadores laborais femininos son especialmente negativos e intolerables: 19,1% de paro feminino, frente ao 9% de desemprego masculino (datos do ano 2004, segundo a EPA). Mais, para frear, ou polo menos paliar esta desigual situación, faise obrigado artellar políticas que incidan directamente na principal orixe da mesma. Neste sentido, é ben sabido o tradicional rol asignado ás mulleres respecto das actividades de asistencia dentro do fogar (traballo non remunerado) e que é realizado por membros femininos na entidade familiar. É este un factor que opera como condicionante básico da participación das mulleres no traballo asalariado. Esa dupla actividade (remunerada e non remunerada) frea o avance cara a igualdade real entre homes e mulleres. Con efecto, o traballo "doméstico" destas últimas repercute sobre o seu traballo asalariado, segregándoas aos segmentos laborais máis precarios. Asemade, esa posición debilitada das mulleres no ámbito laboral contribúe a reforzar a división do traballo na esfera doméstica ao mantelas nunha situación de dependencia económica dos homes. A superación desta situación require actuar, simultaneamente nos dous ámbitos: o público e o privado; no privado, asegurando a corresponsabilidade e unha redistribución equitativa do traballo reprodutivo no interior das unidades de convivencia; no público, asegurando a corresponsabilidade da sociedade na reprodución social, coa implantación dunha rede suficiente de servizos públicos que substitúan boa parte do traballo que agora realizan as mulleres de forma individual e privada. O obxectivo de aumentar a taxa de emprego feminino conleva, ineludiblemente, a necesaria dotación de fondos destinados, dunha parte, á incrementación de servizos e dispositivos de atención ás persoas dependentes, que libere –ao menos parcialmente- ás futuras mulleres ocupadas, así como para o finanzamento de campañas orientadas á mudanza de mentalidades, actitudes e roles sexistas.
Paralelamente ao irrenunciable obxectivo da igualdade entre homes e mulleres e á correspondente interdición de toda discriminación por razón de xénero, Galicia precisa artellar medidas contra o despoboamento e o forte envellecemento da súa poboación e, concretamente contra o baixo crecemento da taxa de natalidade; cuestión, esta última que debe ser relacionada coa débil situación económica das mulleres, tal e como o demostran todos os indicadores socio-económicos.
A emblemática data do 8 de marzo –Día Internacional das Mulleres- é unha boa ocasión para recordar, unha vez máis, a necesidade de arbitrar políticas eficaces contra a desigualdade feminina.
Por todo o exposto, presentamos a seguinte moción para a súa consideración e aprobación polo Pleno desta corporación municipal.

ACORDOS:

1. Esta Corporación comprométese á realización de políticas transversais de xénero que conleven á posta en práctica das medidas de acción positiva, de cara á consecución dunha verdadeira igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres.
2. Esta Corporación impulsará a corresponsabilidade no ámbito familiar ou doméstico. Con tal obxectivo,
A) levará a cabo campañas orientadas á mudanza de mentalidades, actitudes e roles sexistas, con cursos de aprendizaxe de labores tradicionalmente femininas (cociña, limpeza, hixiene do fogar…) destinados a homes, e cursos de aprendizaxe e perfeccionamento que completen o proceso educativo e formativo das mulleres (informática, mecánica, electricidade…).
B) Promoverá e reinvindicará das institucións públicas e, en colaboración coas ANPAS, a posta en práctica dos programas educativos e formativos nos centros de ensino, en materia de igualdade.
3. Esta Corporación impulsará servizos públicos de carácter asistencial que redunden nun maior benestar da sociedade en xeral e das mulleres, en particular.
4. Esta Corporación comprométese a velar pola eliminación de toda clase de discriminacións –tanto directas como indirectas- nos procesos de selección e contratación do persoal ó seu servizo.
Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello con seis votos a favor dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(3), e con nove votos en contra dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.

4º) MOCIÓN URXENTE DO BNG SOBRE A PETICIÓN DE RESPONSABILIDADES POLO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DE OBRAS UTILIZADO SISTEMATICAMENTE POLO CONCELLO DE TEO.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira le a moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
Ás veces basta con ver un expediente de contratación de obras para comprobar ata que punto chega a podredume no Concello de Teo. Asusta ver a impunidade coa que se actúa e o pouco que se gardan as formas.
Para a contratación das obras promovidas polo Concello, incluídas as dos Plans da Deputación, utilízase un procedemento "negociado sen publicidade" no que se invita sempre a tres empresas (a maioría das veces as mesmas). A mesa de contratación, a Alcaldía e o Grupo de Goberno comproban como, vez tras vez, as empresas saltan e burlan os procedementos e principios que deben rexer este tipo de contratación, acordando e pactando un prezo entre elas para eliminar a necesaria competencia e asegurando así un reparto con garantías do pastel.
Diante desta situación, a Alcaldía, en vez de denunciar diante do Tribunal da Competencia estas prácticas ilegais ou simplemente de eliminar ás empresas delitivas nos seguintes procesos, repite a convocatoria restrinxida ás mesmas tres empresas infractoras en anos precedentes.

A propia Deputación da Coruña drixía unha circular ós concellos na que textualmente dicía: "A contratación realizarase mediante subasta ou concurso de procedemento aberto. Tamén poderán adxudicarase mediante procedemento negociado nos supostos e cos requisitos establecidos no R.D. 2/2000 de 16 de xuño.
O mencionado Real Decreto, no seu artigo 141, establece que "se poderá utilizar o procedemento negociado sen publicidade previa cando concorra algunha das circustancias

seguintes, que deberán de xustificarse no expediente", e entre elas cítase, no apartado g) "os de orzamento inferior a 10 millóns de pesetas (60.101,21 euros). Aínda que o sentido da circular está claro, xa que a Deputación mesmo remitiu ós concellos criterios de puntuación para valorar os concursos, o camiño estaba claro para os que quixeran condicionar a elección das empresas, e o primeiro paso era dividir os proxectos para que ningún pasara dos 60.000 euros. Así se fixo no Concello de Teo: as empresas xa tiñan carta branca para facer o que lles dera a gana nos procesos negociados.
Este modo de proceder agocha unha corrución xeralizada da que a Alcaldía e o Grupo de Goberno do PP e INTEO son os máximos responsables, que se ten convertido en forma habitual de traballo e de relación coas empresas. Un simple vistazo ós números das contratacións bastan para tirar conclusións:

-. Exemplos de petición de ofertas POS 2002 (asinado pola Alcaldía en abril de 2002)

Acondicionamento e afirmado da pista de Ribeira

Martínez Montes e Hijos	29975,93 euros
Constantino Fernández Sarmiento	29975,93
Transportes y Maquinaria S.L.	29915,00

Acondcionamento e afirmado da pista de Quintáns

Martínez Montes e Hijos	25937,74 euros
Constantino Fernández Sarmiento	25937,74
Transportes y Maquinaria S.L.	25847,00

Saneamento Ferreiros

Martínez Montes e Hijos	29970,22 euros
Taboada y Ramos S.L.	29970,22
Transportes y Maquinaria S.L.	29910,00

Saneamento Fontenlo

Martínez Montes e Hijos	29509,70 euros
Taboada y Ramos S.L.	29509,70
Transportes y Maquinaria S.L.	24419,00

Saneamento e abastecemento de Osebe

Martínez Montes e Hijos	28590,00 euros
Transportes y Maquinaria S.L.	28592,74
Nemesio Ordóñez	28592,74

Saneamento e abastecemento de Vilaverde

Martínez Montes e Hijos	28490,00 euros

Transportes y Maquinaria S.L.	28500,19
Nemesio Ordóñez	28500,19

Saneamento e abastecemento de Casalonga

Martínez Montes e Hijos	25875,00 euros
Transportes y Maquinaria S.L.	28879,28
Nemesio Ordóñez	28879,28

Exemplos de petición de ofertas POS 2003
A Alcaldía xa sabía o que pasara o ano pasado, e o anterior, e o anterior…
11/02/2003 Remítese oficio a tres contratistas (mediante procedemento negociado) para
1) Afirmado e acondicionamento de pista en Regoufe, Lamas e Seixos

Transportes y Maquinaria CP S.L.	58028,58 euros
Construcciones Taboada y Ramos S.L.	58118,73
Construcciones, Obras y Viales S.A.	58178,83

e 2) Afirmado e acondicionamento de pista en San Sadurniño e Vilar de Arriba

Transportes y Maquinaria CP S.L.	55373,52 euros
Construcciones Taboada y Ramos S.L.	55413,67
Construcciones, Obras y Viales S.A.	55503,82

Ofertas para 1) Afirmado e acondicionamento de pista en Montouto e Cacheiras

Nemésio Ordóñez	58880,94 euros
Gómez y Cía	55880,94
Martínez Montes e Hijo S.L.	58800,00

e 2) Afirmado e acondicionamento de pista en Recesende, A Hermida e Vilar de Calo

Nemésio Ordóñez	55289,93 euros
Gómez y Cía	55289,93
Martínez Montes e Hijo S.L.	55200,00

Lémbrese que os sobres coas ofertas deben entregarse pechados no Concello, e que supostamente ninguén pode coñecer as ofertas dos outros grupos.
Pode que alguén se crea que isto ocorre ano tras ano por casualidade, ou que a Alcaldía non ten moito que ver neste proceso. Absolutamente falso. ¿A quen escolle Armando Blanco para estas invitacións a traballar?¿Aos que mellor traballan?¿Aos máis agradecidos?¿Ou haberá quen deixa un % para a causa?

En consecuencia, o grupo municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:
1. Demandar da Alcaldía, do grupo de goberno, e das forzas políticas que apoiaron ó Alcalde nos últimos anos, unha explicación detallada das causas que levaron a utilizar sistematicamente este sistema (fuxindo do concurso público), unha xustificación do número e titularidade das empresas convidadas, e unha explicación de por que despois de tantos anos

de acordo evidente entre as empresas non se variou o sistema nin se comunicou este ilegal proceder ás autoridades vixiantes de competencia.
2. Demandar as responsabilidades políticas que correspondan ós responsables de protexer este sistema fraudulento de contratación, especificamente do Sr. Alcalde don Armando Blanco.
3. Acordar, a partir deste momento, a utilización da subasta ou do concurso público para a contratación de todo tipo de obras promovidas polo Concello. Garantirase ademais a presenza dun dos membros da oposición en todos os procesos de contratación.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello, con seis votos a favor dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(3), e con nove votos en contra dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.
Abandoa o salón o Sr. Concelleiro Conde Tarrío.

5º) MOCIÓN URXENTE DO BNG SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL E O FUTURO DA OFICINA DE CORREOS DE TEO.

O Sr. Concelleiro Iglesias Villar da conta da moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
No momento actual a Oficina de Correos do Concello de Teo ten un horario de apertura mínimo, e unha dotación de persoal moi pequena. Desde os distintos grupos políticos sociais e veciñais vense chamando a atención da situación deste servizo nos últimos anos. Concretamente nos últimos meses, e aproveitando a sinatura dun convenio de cesión por parte do Concello de Teo ó organismo de Correos fíxose mención da necesidade de que se solucionasen estes problemas que crean gran malestar na poboación. Cremos que o Concello de Teo ten autoridade moral para poder solicitar determinadas melloras no servizo, pois mentres que noutros concellos veciños Correos mercou a prezo de mercado os locais destinados ás súas instalacións, en Teo fóronlle cedidos de balde.
Con esta situación previa chégannos informacións que nos indican que o organismo de Correos ten previsto reordenar o servizo da zona, de tal xeito que dúas persoas que actualmente traballan en Teo pasarían a traballar na oficina do Milladoiro, pasando a parroquia de Calo a recibir o servizo desde o Milladoiro.
Tamén que das dúas persoas que nos próximos meses pasarían a traballar en Teo, unha delas sería adscrita á oficina do Milladoiro.
Como medida de mellora do servizo incluiríase a apertura do despacho de Correos da Ramallosa unha hora máis ó día.
Desde este grupo municipal entendemos que de concretarse esta modificación veríase comprometida seriamente a viabilidade futura dun servizo de calidade de Correos para todo o Concello. A posibilidade de que se dote técnica, persoal e administrativamente o servizo de correos de Teo afástase de xeito irremediable. E aínda que individualmente algúns veciños e veciñas do Concello se visen favorecidas pola proximidade do Milladoiro, debemos ter en consideración as necesidades globais do Concello e as consecuencias presentes e futuras que accións como a que se pretende tomar van ter para o resto dos veciños e veciñas. Así podemos chegar a que exista unha gran oficina no Milladoiro con dotación técnica, infraestrutura e persoal para unha pequena parte do Concello, quedando a maioría de Teo dependente dunha oficina mal dotada, sen persoal, cun horario mínimo de apertura e un reparto non diario.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo, que inclúe a negociación con Correos dos seguintes puntos:
1. Mantemento das zonas e do persoal destinado ó Servizo de Correos de Teo.
2. Apertura das mañás de sábado completas da oficina de Teo.
3. Dotación técnica e de persoal que garanta uns servizos de calidade no reparto e nas demais encomendas de correos.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello, con cinco votos a favor dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(2), e con nove votos en contra dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.

6º) MOCIÓN URXENTE DO BNG SOBRE RECUPERACIÓN MEDIOAMBIENTAL DAS ZONAS AFECTADAS POLAS OBRAS DO AVE Ó SEU PASO POLO CONCELLO DE TEO.
Se reincorpora o Sr. Concelleiro Conde Tarrío.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar da conta da moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
As obras que están levando a cabo desde o ano pasado na parroqua de Calo para a construción das infraestruturas do tren de alta velociade están provocando, como é normal, unha grande cantidade de refugallos e materiais de desfeita. Tendo en conta que esta situación pode ser considerada como un mal necesario para acadar un ben superior, como é a construción dunha importante infraestrutura de comunicación, toleramos o seu almacenamento.
Nos últimos meses tivemos noticias da existenza de certos problemas na zona do Castañal, concretametne en relación á consistencia das rochas, isto fixo necesario ampliar a zona de expropiación e o derrubamento dunha vivenda que inicialmete non estaba contemplada. Como consecuencia disto, tamén se ampliou o terreo expropiado na zona da Charola para poder darlle cabida ós refugallos desa ampliación.
Neste momento a Veiga da Charola, de Bouza Fría e da Oliveira son de inmensos vertedoiros onde se acumulan a terra, pedras e demais produtos do desmonte. Esta zona foi unha zona de uso agrícola, incluída na concentración parcelaria do labradío de comezos dos anos setenta, e cunha importante rede hídrica de regadío, que facía que estas propiedades foran utilizadas como cortiñas. É tamén necesario indicar que a zona está atravesada por unha canle de auga que atravesa a vía por un conduto e que se afasta da zona para desembocar no río Tinto o seu paso por Cabanas.
En consecuencia, o grupo municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:
1. Que o Concello de Teo e os responsables na materia se aseguren de que se respectan os límites de cinco metros arredor da canle do torrente, e no caso de que foran acumulados os escombros nesta zona que existe o preceptivo permiso de Augas de Galicia.
2. Que neste caso se asegure que aínda existindo este permiso se vai rexenerar a zona de cinco metros a cada lado no momento que rematen as obras. Para isto deberá manterse un control sobre a zona a medida que se cumpran os pasos da mesma.
3. Que se solicite a Declaración de Impacto Ambiental, documento obrigado neste tipo de obras, e que tivo que ter un trámite de información no que participou o propio concello. No caso de telo no seu poder ou no momento no que o teñan, que sexa facilitado a todos os grupos que compoñen o Pleno deste Concello.
4. Que xunto coas outras administracións implicadas no proxecto se realice un plan de rexeneración ambiental que recolla a volta á situación anterior ás obras das zonas

circundantes á vía de alta velocidade. Non podemos permitir que a situación de degradación ambiental, visual, hídrica e ecolóxica xerada por estas obras se consolide como un elemento permanente que dificulte futuros proxectos de desenvolvemento da zona.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello con seis votos a favor dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(3), e con nove votos en contra dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.

7º) MOCIÓN URXENTE DO PSG-PSOE SOBRE APOIO DA CORPORACIÓN DE TEO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE EIO DOS MENECOS (OZA) SOBRE DA COLOCACIÓN DE TENDIDO TELEFÓNICO.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés da conta da moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
Con data 12 de marzo dos correntes a AA.VV. "A Unión" de Oza remitiu un comunicado ás forzas políticas teenses no que informa da demanda de veciños e veciñas de Eio dos Menecos sobre da necesidade de tendido telefónico para lles permitir "disfrutar de teléfono fijo, internet o TV por cable".
No mencionado comunicado a AA.VV. "A Unión", a través do seu presidente, roga que se aprobe no Pleno da Corporación de Teo, unha moción para que "desde el ayuntamiento se apoye la petición que con fecha uno de los corrientes hemos remitido al Director Territorial de Telefónica".

Acordo:
O grupo municipal socialista propón ó Pleno da corporación a aprobación do seguinte acordo:
1) O Pleno da corporación de Teo aproba por unanimidade o apoio ós veciños e veciñas de Eio dos Menecos na súa petición de tendido telefónico para poder facer uso deste servizo.
2) O Alcalde e o grupo de goberno do Concello de Teo comprométense a facer xestións diante da Dirección Territorial Telefónica para que, coa maior urxencia posible, sexa atendida esta xusta demanda veciñal.
O Sr. Alcalde sinala que xa se transmitiu pola Alcaldía a Telefónica.
Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello con seis votos a favor dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(3), e con nove votos en contra dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1), acorda rexeitar a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala en explicación de voto que o escrito da asociación se refire a que se leve a Pleno a moción despois da xestión, pero non que ningún grupo pretenda apropiarse dela.

17º) ROGOS E PREGUNTAS.

-. BNG: Presentados polo Sr. Concelleiro Noriega Sánchez:
1º) Rogo: que as mocións que foron hoxe rexeitadas pasen a orde do día do próximo Pleno.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que en Teo está proliferando o tema da cartelería libre.
O Sr. Alcalde sinala que ten toda a razón e que se está vendo a forma de sacar unha ordenanza.

2º) No asunto do desmonte de Rodiñas, ¿que se está facendo respecto da seguridade vial? Solicitouse un informe externo sobre estes extremos que debe constar no expediente.
3º)¿Vostede era coñecedor da situación na que se atopaban os expedientes urbanísticos? Resposta o Sr. Alcalde que neste momento non sabe como está abaixo o tema dos expedientes e os funcionarios saben o que se ten que facer.
4º) ¿Avala o procedemento de contratación das obras do plan de obras e servizos? O Sr. Alcalde resposta que se fai como sempre se fixo e seguirá facéndose.
5º)¿Era coñecedor da opción piscina ou campo de fútbol? Resposta o Sr. Alcalde que se falaría pola Deputación de investimentos nos concellos, pero non o sabe.

-. PSG-PSOE: Presentados polo Sr. Concelleiro Leis Carlés:

1º) Rogo: que respecto da sinalización non é só de carteis, tamén nos indicadores.
2º) A Consellería remitiu ó Concello o Plan de Transporte Metropolitano, ¿imos ter acceso? Resposta o Sr. Alcalde que os técnicos están niso, pensa que non van ter acceso a esa documentación; ¿presentouse algunha suxerencia?Resposta o Sr. Alcalde que estamos niso.
3º) Que hai ofertas dun servizo de limpeza, e pregunta, ¿porqué sae só iso? Resposta o Sr. Alcalde que porque cambiaron as circunstancias respecto dos locais a limpar.
4º) Que o Sr. Vázquez Pallas na prensa di que o PSG-PSOE mente respecto da débeda municipal, rétoo para un debate onde vostede queira, e rógolle que non minta.
5º) Dicirlle ó Sr. Parajó que non teñen ningunha obsesión persoal con vostede, e con respecto ás súas relacións con Xerardo Estévez son de amizade profunda, e que espera que lle sirva de aclaración dunha vez por todas.
6º) Con respecto ás fotografías co Sr. Parajó sinalar que foi cando non o coñecía, que cando o coñeceu negouse a ir na súa lista.

-. Presentadas polo Sr. Concelleiro Tallón Mesías:

1º) Que cando dirixa os Plenos non permita que haxa insultos e moito menos á xente do público. O Sr. Alcalde resposta vostede pide iso, deixémolo aí Sr. Tallón.
2º) Que a obra que hai xunto á Igrexa de Calo os socialistas votaron a favor igual que o cerco da finca do cura de Rarís.
3º) Que non lle cadra o que dixo Parajó do número de metros de saneamento que se podía facer por oito millóns das antigas pesetas.
4º) A pista de Nespereira-Caxade; para cando pensan amañala, porque se quedaron mal haberá avais.
5º)¿Cando van ter local para poder traballar no Concello? Resposta o Sr. Alcalde que cando se poida.
6º) ¿Como está a Ponte de Sestelo? Resposta o Sr. Alcalde que están niso, non teño datos agora.

-. Presentadas polo Sr. Concelleiro Conde Tarrío:

1º) Roga que puxeran un quitamedos na casa do Corgo, na pista que vai a Adrán.
Sinala o Sr. Alcalde que teñen concedidos uns trozos de concentración parcelaria para darlle máis visibilidade nun cruce, e están esperando a que lles dean luz verde a Estructuras Agrarias para facer as obras.
2º) Que o tema do lixo en Fixó está fatal, está todo cheo de lixo.

Resposta o Sr. Alcalde que se está niso e outros vertedoiros incontrolados están sacándose día a día.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Alcaldía deuse por rematada a sesión, levantándoa sendo as catorce horas e coarenta e cinco minutos, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, coas reservas do art. 206 do R.O.F., debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Vº e Prace.

O Alcalde, O Secretario,

Asdo. Armando U. Blanco Martínez. Asdo. Javier Nieves González.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE ABRIL DE 2005.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Teo (A Coruña), sendo as doce horas do día 19 de abril de 2005, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Armando U. Blanco Martínez, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ó día da data para a que foron previamente citados.
SEÑORES ASISTENTES:
Alcalde-Presidente:
D. Armando U. Blanco Martínez.
Concelleiros:
D. Antonio Castroagudín Valladares.
D. Manuel R. Cajaraville Campos.
D. Manuel Mata Iglesias.
D. Juan B. Aller Suárez.
D. Ramón Cea Ferreiro.
D. José Albino Vázquez Pallas.
D. Manuel Cao Fuentes.
D. Rafael Carlos Sisto Edreira.
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.
D. Alexandre Leis Carlés.
D. Manuel Tallón Mesías.
D. Germán Antonio Conde Tarrío.
D. José Carlos Rego Jorge.
D. F. Manuel Parajó Liñares.
Non asiste:
D. Martiño Noriega Sánchez.
Dª Ánxela Bugallo Rodríguez.
Secretario:
D. Javier Nieves González, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN DO CONCELLO DE TEO Á CARTA DE VITORIA.

Dada conta directamente da proposta da Alcaldía dictaminada pola Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal que transcrita di:
Os representantes dos Concellos, Deputacións Provinciais e Forais e Cabildos e Consells Insulares, participantes na conmemoración en Vitoria do 25 Aniversario dos Concellos Democráticos, organizado pola FEMP, suscribiron, o 25 de novembro de 2004, a chamada "Carta de Vitoria" na que se establecen "as metas a conseguir e as etapas a cubrir no cumprimento das nosas obrigas en aras de lograr o maior progreso, xusto e solidario, para as nosas comunidades".

Esta Carta recolle as conclusións de responsables políticos de tódolos niveis de Goberno, académicos, Alcaldes españois e de diversas cidades do mundo, de empresarios, de expertos e de centos de persoas que, no mes de novembro teñen reflexionado e debatido sobre o futuro das nosas cidades e pobos.

Así mesmo, os participantes debatiron sobre o papel dos Gobernos Locais do século XXI, sobre cómo satisfacer "máis e mellor" as necesidades dos seus vecinos, sobre cómo facer a sociedade máis xusta, máis próspera, máis solidaria e máis democrática.

Por acordo unánime da Comisión Executiva da Federación Española de Municipios e Provincias se insta a todos os Concellos, Deputacións Provinciais, Cabildos e Consells Insulares para a adhesión dos mesmos á Carta de Vitoria, polo que propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar a adhesión do Concello de Teo á Carta de Vitoria, na que se conteñen todas as reivindicacións e demandas que desde o municipalismo español se veñen facendo desde fai varios anos, coa fín de garantizar ós Concellos e demais Gobernos Locais o papel que a Constitución lles outorga, tanto desde o punto de vista institucional como o que fai referencia ás súas competencias e recursos.

2º) Remitir certificación deste acordo á Federación Española de Municipios e Provincias.

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que é un feito excepcional que se convoque un Pleno con este único asunto e que lle parece desproporcionado, porque en Plenos importantes se restrinxen as intervencións a tres minutos aínda que supón que se a Femp o pide pode facerse, pero que non consideran necesario seguir ó pé da letra esa petición da Femp, que lle parece excesiva.
Engade que o BNG súmase á celebración do vintecinco aniversario dos concellos democráticos e teñen dado bastantes probas neste aspecto no tempo que levan representando ós cidadáns. Sinala que a Carta de Vitoria vai moito máis alá dunha democracia representativa, e desde Galicia non compartimos o proceso emerxente das cidades, a dispersión da nosa poboación encarece os servizos pero tamén ten grandes ventaxes, así por exemplo a vida faise no entorno natural de orixe de cada quen.
Engade que comparten os aspectos da carta do modelo de cidade para todos e todas, accesibles, participativas e saudables, pero a capacidade efectiva dos gobernos locais non pasa por unhas cidades ailladas, que actuaran como cidades-Estado, e tampouco comparten a necesidade de que os concellos teñan capacidade lexislativa porque as funcións das autonomías e dos concellos son diferentes.
As mancomunidades son unha aposta dos concellos galegos, e tampouco comparten a posición única da Femp sobre representación dos concellos, porque tamén a Fegamp fixo as súas propostas. Continua sinalando que o BNG entende que a redistribución de competencias ten que facerse desde o Estado ás comunidades autónomas e desde as comunidades autónomas ós concellos e que comparte a preocupación polas dificultades económicas dos concellos.
Remata sinalando que están bastante de acordo coas partes declarativas da Carta de Vitoria, pero non co fondo, porque se afasta bastante da realidade.
O Sr. Alcalde sinala que eles a van apoiar.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que votarán a favor porque é unha maneira de sentar as bases para a configuración territorial que se está a facer en Europa, porque se en Europa se está a facer a agregación dos Estados por arriba, falta por facer por abaixo a carrera do municipalismo, a consolidación dos municipios, que non ten que ir en menoscabo do Estado, e que lles parece moi positivo este sentar as bases para o recoñecemento do municipalismo.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que votará a favor porque pensa que a institución máis próxima ós cidadáns son os concellos e se deben apoiar e dotar de recursos e que se os concellos saen beneficiados os veciños sairán beneficiados.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que eles comparten moito do dito polos outros grupos sobre o municipalismo, sobre o da cercanía ós cidadáns e as necesidades económicas dos concellos, pero non están de acordo co modelo que se propón como estructuras independentes á marxe das comunidades autónomas; engade que as comunidades autónomas deben colaborar no sostenemento dos concellos, e remata sinalando que non se pode saltar por encima da realidade plurinacional do Estado e máis que colaborar as comunidades autónomas entran en competencia coas cidades.

Votación e resultado:
Sometida a votación o Pleno do Concello con trece votos a favor pertencentes ós grupos municipais do PP(8), PSG-PSOE(4) e Mixto(1), e con dous votos en contra do grupo municipal do BNG (2), acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Alcaldía deuse por rematada a sesión, levantándoa sendo as doce horas e dezasete minutos, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde acctal, coas reservas do art. 206 do R.O.F., debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Vº e Prace.

O Alcalde acctal, O Secretario,

Asdo. Antonio Castroagudín Valladares. Asdo. Javier Nieves González.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 23 DE MAIO DE 2005.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Teo (A Coruña), sendo as dez horas do día 23 de maio de 2005, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Armando U. Blanco Martínez, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ó día da data para a que foron previamente citados.

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares.
D. Manuel R. Cajaraville Campos.
D. Manuel Mata Iglesias.
D. Juan B. Aller Suárez.
D. Ramón Cea Ferreiro.
D. José Albino Vázquez Pallas.
D. Manuel Cao Fuentes.
D. Martiño Noriega Sánchez.
D. Rafael Carlos Sisto Edreira.
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.
D. Alexandre Leis Carlés.
D. Manuel Tallón Mesías.
D. Germán Antonio Conde Tarrío.
D. José Carlos Rego Jorge.

Non asisten:

D. F. Manuel Parajó Liñares.
Dª Ánxela Bugallo Rodríguez.

Secretario:

D. Javier Nieves González, Secretario do Concello.
Asiste: D. Mónica I. Lado Varela, Interventora do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO: 29.03.2005 E 19.04.2005.

Sometidos a votación o Pleno do Concello por unanimidade dos quince membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen acorda aprobalos coa seguinte corección de erros materiais:

-. No borrador da acta do 29.03.2005 na páxina 13 onde di: O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que reta ó Sr. Mata a ver a Fonte de Maceda, debe dicir Fonte de Noceda.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que quere facer unha observación ó borrador do 29.03.2005, posto que no punto 11º) manifesta que o Sr. Parajó contestou que os mestres agora se dedican a andar de paseo e non figura. O Sr. Alcalde sinala que non está presente o Sr. Parajó por enfermidade.

2º) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS.
Dada conta da resolución da Alcaldía núm. 68/05, do 18.04.2005, que transcrita di:
“” Tendo previsto ausentarme do termo municipal desde o día 21 de abril ata o día 3 de maio de 2005, ámbolos inclusive, e vistos os artigos 44 e 47 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, resolvo:
1º) Delegar o exercicio das funcións da Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde deste Concello, D. Antonio Castroagudín Valladares, durante o prazo sinalado.
2º) Que se notifique esta resolución ó interesado para o seu coñecemento e efectos e se publique no B.O.P.
3º) Da presente resolución daráse conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, consonte co artigo 44.4 do R.O.F.””
O Pleno queda enterado.

3º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2004.
Dada conta da resolución da Alcaldía núm. 52/05, do 30.03.2005, que transcrita di:
“”É necesario rendi-la conta xeral dentro da cal, e de acordo co establecido no artigo 191 do R.D.Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, debe constar a liquidación do orzamento. O órgano competente para a aprobación desta última, segundo dispón o artigo referenciado, é a Presidencia da entidade local.
Visto o expediente de liquidación do orzamento de 2004, informado por Intervención en cumprimento do disposto no artigo 191.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, resolvo:

1º).- Aprobar a liquidación do orzamento de 2004, co seguinte detalle: (en euros)

A) RESULTADO ORZAMENTARIO

1.Dereitos recoñecidos netos	7.191.496,19.-
2.Obrigas recoñecidas netas	7.583.141,37.-
3.Resultado orzamentario(1-2)	-391.645,18.-
4.Gastos financiados con remanente tes.	0,00.-
5.Desviacións de financiación positivas	133.230,88.-
6.Desviacións de financiación negativas	24.627,13.-
5.Resultado orzamentario axustado (3+4-5+6)	-500.248,93.-

B) REMANENTE DE TESOURERÍA

1.Debedores pendentes de cobro fin exercicio	
-De orzamento corrente	2.275.296,12.-
-De orzamentos pechados	238.944,82.-
-De operacións non orzamentarias	56.893,31.-
-Saldos de dubidoso cobro	151.979,38.-
-Ingresos pendentes de aplicación	16.079,43.-
2.Acreedores pendentes de pago fin exercicio	
-De orzamento corrente	2.221.498,67.-
-De orzamentos pechados	445.968,07.-
-De operacións non orzamentarias	199.336,95.-
-Pagos pendentes de aplicación def.	45.489,89.-

3.Fondos líquidos en tesourería	474.667,60.-
4.Remanente de tesourería afectado a gastos con financiación afectada.	133.230,88.-
5.Remanente de tesourería para gastos xerais (1-2+3-4)	**-76.801,64.-**

2º) Que se dea conta da liquidación aprobada ó Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.
3º) Que se remita copia da liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento do disposto no art. 192.5 do R.D.Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.""
O Pleno queda enterado.

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A REDE DE AULAS INFORMÁTICAS MUNICIPAIS.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Educación e Cultura.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
O Grupo Municipal do Concello de Teo consciente da importancia, que ten a sociedade da información, o coñecemento e a aprendizaxe para tódolos nosos conveciños, temos constatado o abandono que desde a Deputación Provincial da Coruña se ten ó respecto da Aula Informática.
Na anterior lexislatura, iniciouse este programa innovador en tódolos concellos da nosa provincia. Os concellos poidemos acceder a contar cunha aula informática, perfectamente equipada, conectada gratuitamente a Internet 24 horas, contamos cun equipo de alfabetizadores dixitais que dinamizaban este novo servizo e sobre todo tivemos unha máis que favorable resposta dos veciños e veciñas de tódalas idades.
O noso concello asinou un convenio co ente provincial no que nos comprometíamos a manter a Aula Aberta, a ofertar cursos para tódolos veciños e a realizar programas de alfabetización para sectores de poboación específicos. Todo isto foi posible grazas á cooperación económica, material e profesional que desde a Deputación Provincial da Coruña se nos brindou.
Co novo goberno este escenario mudou radicalmente. Xa non contamos cos alfabetizadores dixitais, nin contamos con subvencións específicas para manter a Aula Informática, non existe o Centro de Atención ó Usuario (CAU) nin se nos presta a mesma atención que na anterior lexislatura.
Hoxe é constatable que o actual Goberno Provincial esqueceu este programa dirixido ó noso concello, entre outros, e non figura nos seus orzamentos partida específica que cubra, alomenos nas mesmas condicións, a financiación e servizos cos que iniciamos xuntos o obxectivo de achegar ós veciños á sociedade da información, o coñecemento e a aprendizaxe.
Por todo isto presentamos ó Pleno do Concello a seguinte proposta de resolución:
O Concello de Teo, á vista do actual funcionamento da Aula Informática pertencente á Rede de Aulas Informáticas da Deputación Provincial da Coruña, solicita ó Goberno Provincial que retome con urxencia o programa de Aulas Informáticas iniciado na lexislatura anterior, reiniciando alomenos a colaboración cos seguintes programas:
-. Programa de Alfabetización Dixital, nas súas liñas de financiación directa a cada aula.
-. Programa de Alfabetizadores Dixitais, apoiando a través dun educador/a especializado as tarefas propias da Aula Informática.
-. Programa de Teleformación.

-. Programa de Aula Aberta.
Ó mesmo tempo, a Deputación Provincial potenciará o Centro de Atención ós Usuarios (CAU) e garantirá a conexión gratuíta a Internet, 24 horas, a tódalas Aulas Informáticas Municipais.

Debate:
O Sr. Alcalde sinala que antes a Deputación pagaba os custos da Aula de Informática e explica sucintamente os custos para o Concello derivados do funcionamento da aula do ano 2004, e que o que se pretende é que a Deputación continue na mesma liña na que estaba cando gobernaba na Deputación o PP.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que a moción debía adaptarse á realidade de Teo e entende que o Sr. Alcalde debe concretala ó que é Teo. Engade que entenden que as aulas de informática debían estar nun programa un pouco máis amplo, como pode ser de aulas de cultura, e que o Concello continua coa cesión realizada no seu día pola Deputación e a mesma ten un servizo de apoio as 24 horas do día e está conectada a Internet, e que na convocatoria de subvencións da Deputación de animadores culturais para 2005 pode integrarse a Aula de Informática e remata sinalando que van votar en contra porque o anterior programa da Deputación cumpriu os obxectivos e agora está mal programada polo Concello polo que deben reducirse os custos e porque debía integrarse nun programa máis amplo.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que este programa das aulas de informática estaba regulado nun convenio de colaboración, onde figuraban unha serie de contraprestacións por parte do Concello (así seguro de responsabilidade civil, horario mínimo de atención, etc...) e que lle gustaría saber se o Concello cumpre esas condicións.
Engade que no programa de alfabetizadores dixitais da Deputación o persoal foi contratado ó abeiro do programa Labora, cunha vixencia máxima legal dun ano.
Remata sinalando que por parte da Deputación está en proxecto un programa para facilitar a divulgación da informática a nivel municipal, desde onde se impulsarán estes programas de informatización ós concellos, por elo consideran que a moción non é oportuna.
O Sr. Alcalde remata dicindo benvido sexa iso que di vostede que vai vir da Deputación.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción o Pleno do Concello, con oito votos a favor pertencentes ó grupo municipal do PP (8), e sete votos en contra dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (4), acorda aprobar a moción nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Urbanismo.
Dada conta directamente da proposta dictaminada que transcrita di:

Visto o expediente tramitado a instancia de D. Ricardo Carreiro Álvarez, con NIF: 7.232.316-N, en representación de Inversiones Carreiro y Álvarez S.L. de Estudo de Detalle da parcela F, Plan Parcial de San Sadurniño, estrada Santiago-A Estrada (AC 841) en Teo, segundo proxecto redactado polo arquitecto Angel Luís Monteoliva Díaz, de data decembro de 2004, tendo por obxecto a fixación das aliñacións das futuras edificacións (área de movemento máxima) nas parcelas F-1 e F-2. Ditas parcelas proceden da parcelación da parcela F, que é resultante da ordenación do Polígono San Sadurniño, sito na estrada Santiago-A Estrada (AC 841), no Concello de Teo.

Preténdese así mesmo situar a edificabilidade que lle outorga o plan parcial a estas parcelas e, de acordo o mesmo, poder edificar ”en caso de que non se promova á vez a totalidade do conxunto” según se establece no artigo 2.3.3. Edificacións para equipamentos e centro cívico do citado plan parcial.
Resultando que a Xunta de Goberno Local en sesión de data 28.02.2005 acordou aprobar inicialmente o Estudo de Detalle referenciado, coas condicións especificadas na escritura pública de acordos sociais número 61 outorgada ante o notario de O Carballiño D. Ernesto Nicolás Millan de data 17 de febreiro de 2005, obrante no expediente, e someter o expediente a información pública.
Resultando que o expediente foi sometido a información pública para a presentación de alegacións polo prazo de vinte días hábiles mediante anuncio que se publicou no Diario Oficial de Galicia do 09.03.2005 e no xornal El Correo Gallego do 03.03.2005 e se presentaron dous escritos de alegacións asinados por Miguel Sánchez Campos e por Carlos Corredoira Otero.
Visto o informe do Departamento de Urbanismo do Concello onde se sinala que o Estudo de Detalle adecúase ó establecido no art. 73 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Rexeitar a alegación presentada por Miguel Sánchez Campos posto que de conformidade co informe técnico é o propio planeamento de desenvolvemento, o Plan Parcial, o que na ordenanza reguladora 2.1 de condicións de uso recolle a posibilidade de situar o uso hoteleiro e comercial dentro das zonas designadas ó efecto para centro cívico e equipamentos e o estudo de detalle adecúase ó establecido no art. 73 da Lei 9/2002, de 30 de decembro.

2º) Non tomar en consideración a alegación presentada por Carlos Corredoira Otero, por non ter a natureza xurídica de alegación, senón que o que solicita é información sobre a tramitación urbanística, que pode solicitar por escrito en calquera momento de conformidade co disposto na Lei 9/2002.

3º) Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle referenciado coas condicións especificadas na escritura pública de acordos sociais número 61 outorgada ante o notario de O Carballiño D. Ernesto Nicolás Millan de data 17 de febreiro de 2005, obrante no expediente, de acordo co previsto no artigo 86.2º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e o artigo 22.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

4º) Dar traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento definitivamente aprobado á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, en cumprimento do disposto no artigo 92.3º da Lei 9/2002, instrumentos debidamente dilixenciados conforme se aprobaron definitivamente.

5º) O acordo de aprobación definitiva do planeamento deberá publicarse no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e para a súa entrada en vigor de acordo co artigo 92 da Lei 9/2002.

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que máis aló do Estudo de Detalle cren que existe un serio problema con respecto ó cumprimento da legalidade vixente naquel momento; sinala

que o art. 73 da Lei 9/2002 establece que poderán redactarse Estudos de Detalle para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas e que teñen dúbidas de que este Estudo de Detalle afecte a unha mazá completa e que o Plan Parcial de San Sadurniño está dividido en dous subpolígonos e aquí non entra ningún completo e que lles gustaría coñecer a súa opinión sobre o cumprimento da lei porque non afecta a toda unha mazá.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, lése parte do informe do técnico municipal do 28.04. 2005 onde se sinala que o Estudo de Detalle adecúase ó establecido no art. 73 da Lei 9/2002, e pola Alcaldía se sinala que procederán de conformidade con iso.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que van votar a favor porque está informado favorablemente.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que o remitirse ós informes técnicos non evita a responsabilidade política, e engade que durante o pasado mandato o BNG criticou o emprego que se facía dos Estudos de Detalle e despois a Xunta de Galicia deulles a razón suspendendo a normativa urbanística por isto; polo Sr. Alcalde sinálase que iso o di vostede.
O Sr. Concelleiro continua sinalando que é un feito obxectivo e o Sr. Alcalde sinala que as licenzas non están suspendidas na zona, baixouse a edificabilidade.
O Sr. Concelleiro sinala que se remite ó informe do técnico municipal ó dicir completas e nos lindantes se di como feito obxectivo que non é unha mazá completa e que se o defenden debían argumentalo.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta, o Pleno do Concello con doce votos a favor pertencentes ós grupos municipais do PP (8) e PSG-PSOE (4), e tres votos en contra do grupo municipal do BNG (3), acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PROXECTO DE AMPLIACIÓN E REFORMA DA CASA CONSISTORIAL.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da proposta dictaminada que transcrita di:
Téndose confeccionado o proxecto das obras de: Ampliación e reforma da Casa Consistorial, pola arquitecta Mercedes Rosón Varela por un importe de execución por contrata de: 724.428,34 euros, e realizada pola mesma arquitecta a división en dúas fases, sendo o presuposto de execución por contrata da primeira fase a cantidade de: 340.000 euros, con carácter previo á licitación da obra, propoño a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o proxecto das obras de: Ampliación e reforma da Casa Consistorial, redactado pola arquitecta Mercedes Rosón Varela, por un importe de execución por contrata de: 724.428,34 euros, ive incluído.
2º) Aprobar a separata da fase 1ª do proxecto por un importe de execución por contrata de:340.000 euros, ive incluído.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que consensuar unha cuestión como esta non é ir a falar cos técnicos, senón que é unha cuestión de educación, que un proxecto desta importancia debía consensuarse porque ten un prazo de execución de dous anos e pode haber un cambio político e que custa máis de 700.000 euros e que debería preguntárselle se van a querer traballar aquí, nese edificio.

Engade que teñen dúbidas, así onde se van facer os despachos, porque só figura un, dos concelleiros con dedicación exclusiva para exercer as súas responsabilidades e que consideran positivo que se recoñeza ós grupos a existencia dun despacho para a oposición porque a día de hoxe non o teñen, e que teñen unha última dúbida ¿por qué está redactado en setembro de 2003?, ¿por qué se trae agora?, ¿as cantidades son reais?, ¿custan o mesmo os materiais?,¿ vai supoñer un custo maior?, ¿é real o proxecto?, ¿por qué tardan dous anos en traelo?.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que eles tamén reclaman a necesidade de consenso político para este tipo de actuacións, que estamos a falar dun edificio que é a casa común de todos; engade que debe ser funcional, empezando pola funcionalidade da ordenación dos reursos humanos e que o Sr. Alcalde desperdiciou a posibilidade de chegar a consenso, que non estivo á altura das circunstancias e que lle parece que vendo o proxecto pensa que van a asistir a un novo fracaso.
Engade que facendo un exercicio de obxectividade o edificio que está proxectado non resolve nin as necesidades actuais do aparato administrativo nin as necesidades veciñais, que o único claro é o da bicefalia pola existencia de dous despachos; engade que estamos a falar de que se non cumpre agora as necesidades cando estea rematado estará absolutamente obsoleto e estamos a falar de cartos que teñen que pagar os veciños.
Continua sinalando que van votar que sí, pero un sí enormemente crítico, non hai máis que ver as Casas Consistoriais dos concellos limítrofes, e que a primeira imaxe é moi mala, e remata sinalando que pode terminar nun auténtico despilfarro.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala, ¿non vai respostar nada do preguntado?. O Sr. Alcalde sinala que pensa que o proxecto está actualizado. O Sr. Concelleiro continua sinalando que lle parece unha falta de respeto que non dea razóns para prescindir da oposición, o detalle de pedir como queremos que sexa a nosa Casa Consistorial; igual ten que contestar porqué hai que gastar en demolicións os alpendres que se fixeron nestes anos, porque os alpendres que se foron facendo hai que tiralos, alguén terá que respostar porque non se fixeron gratis, e remata sinalando que os que veñan despois deberán facer un concello onde os aparatos administrativo e político deberán traballar en boas condicións.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que o máis coherente para o seu grupo era votar en contra, pero que van facer un enorme esforzo polo sentido da responsabilidade institucional e por elo votarán a favor porque calquera cousa que se faga mellorará as condicións actuais e pide que conste en acta que o voto a favor é por sentido da responsabilidade institucional e é un sí enormemente crítico pola forma de presentar este proxecto e tendo claro que o edificio non atende nin as necesidades actuais.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que por respeto lle conteste o seu grupo.
O Sr. Alcalde sinala que o apoiarán tal e como está.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta, o Pleno do Concello con doce votos a favor pertencentes ós grupos municipais do PP (8) e PSG-PSOE (4), e tres votos en contra do grupo municipal do BNG (3), acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala en explicación de voto que votan en contra porque hai que derrubar o feito e pola forma de traer este proxecto.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Ó CONVENIO DE TRANSPORTE METROPOLITANO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.

Dada conta directamente da proposta dictaminada que transcrita di:
Remitido pola Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, o texto do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago de Compostela, propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:
1º) Aprobar o convenio de colaboración entre a mencionada Consellería e os Concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, Teo, Val do Dubra e Vedra, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago de Compostela, que consta como anexo 1 desta proposta.
2º) Facultar expresamente ó Sr. Alcalde para a sinatura do mencionado convenio de colaboración en representación deste Concello.

Debate:
O Sr. Alcalde sinala que a Dirección Xeral de Transportes levou este tema desde fai tempo, houbo reunións e ó final chegouse a un entendemento e que convenio está suxeito despois a modificacións en función do número de usuarios,etc., modificacións que fará a dirección xeral.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que as modificacións as fará a comisión á que se fai referencia no convenio, e que se abstiveron na comisión informativa dado o texto do convenio e que a modificación dun convenio é posible facela cos procedementos e seguindo os pasos que veñen no propio convenio; sinala que realmente o convenio é un contrato que van ter que asinar as administracións e as empresas, e que debíamos asegurarmos que tanto os traxectos como as liñas xa existentes quedaran consolidadas.
Sinala que o párrafo da páxina 14 do convenio di: Con independencia do mantemento dos servizos Calo/Milladoiro/Santiago na súa actual configuración de itinerarios, paradas, cabeceira na Rúa da Rosa, frecuencias e rebaixas tarifarias que posibilita o Plan de Transporte Metroplitano, acordáronse os seguintes servizos específicos entre os Concellos de Teo e Santiago; e cando se di iso o que se está a dicir é que con independencia do que pase con ese servizo, realizaranse os demais especificados, que debía poñerse máis claro no texto, non pasaba nada por reformular ese párrafo e que eles propoñian un texto máis claro.
O Sr. Alcalde sinala que o levarán como está.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés pregunta, ¿cales foron os motivos do cambio de política tarifaria entre os distintos borradores do convenio?. Resposta o Sr. Alcalde que por acordos da mancomunidade e a dirección xeral.
Engade que tamén con respecto ó inicial cambiouse a porcentaxe da Xunta de Galicia, sinalando o Sr. Alcalde que polo mesmo de antes.
Continua o Sr. Concelleiro sinalando, ¿se fixeron xestións con Hedegasa para a sinatura dun contrato programa coa Consellería de Política Territorial?.
Resposta o Sr. Alcalde que o que se falou entre a Dirección Xeral de Transportes e os concellos foi que as liñas dos Tilos e o Milladoiro non se querian tocar esos horarios nin as liñas porque os veciños estaban moi contentos e que foi a dirección xeral a que consensuou iso.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que se non hai seguridade de que a empresa Hedegasa asine ese contrato, está fora de lugar que se fale aquí do corredor do Milladoiro.
Pregunta, ¿ten o Concello de Teo un estudo sobre as consecuencias dos gastos da cláusula 4ª, sobre a repercusión polos eventuais déficits de explotación?.
O Sr. Alcalde sinala que non se sabe todavia nin a utilización que van ter os servizos, como se vai a saber que déficit vai xenerar.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que pode traer graves consecuencias para Teo, e que ten a impresión de que é un plan excesivamente elaborado nos despachos da dirección xeral sen ter falado bastante coas empresas e cos concellos.
O Sr. Alcalde sinala que é o seu criterio como ben di vostede.
Continua sinalando o Sr. Concelleiro que tiveron o borrador o 23 de marzo e que a consellería anunciaba que o concello fíxese alegacións ou alternativas e a volta de vacacións o Alcalde recoñeceu que aínda non o lera.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que o Sr. Alcalde é un chollo nas negociacións coa mancomunidade; sube os imposto e foi feito pola mancomunidade e o plan de transporte tamén o fixo a mancomunidade, engadindo que vostede ten un rol que desempeñar, para elo foi elixido Alcalde e que a redacción é moi aberta respecto do corredor do Milladoiro, que fixo vostede deixación de funcións e que hai que facer valer os dereitos do Concello.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que vostede non negociou como debía os intereses dos veciños do Concello, así respecto do corredor do Milladoiro a última hora figura ese párrafo que é un lavado de cara á galería, porque as cifras do borrador e do texto definitivo son as mesmas, si se incorpora unha nova liña debía computarse aquí ós usuarios, así pois alguén está a mentir; engade que por último dicir que foi o único concello que tardou en presentar o emplazamento das marquesiñas porque non aparecen nos borradores da mancomunidade e non debatiron na mancomunidade o acceso a Augas Mansas, pero que os operadores din que posiblemente non sexa rentable.
Engade que no Plan de Transporte Metroplitano debía haber algunha referencia para as persoas con minusvalías, que non pensan nos veciños de Oza, non se fala para nada das frecuencias horarias en verano e fins de semana e só figuran dez paradas e algúns operadores lle din que non é posible facelas.
Sinala que votarán un sí enormemente crítico, e que espera que sexa mellorado na comisión de seguimento.
O Sr. Alcalde sinala que respecto do tema das marquesiñas se mandaron vinte ou trinta paradas e se mandaron en tempo e forma e quedouse coa dirección xeral en que as frecuencias, paradas, etc, se dixo que se poderían revisar para mellorar.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que por alusións quere dicir que no borrador do convenio o único que non aparece é Teo.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta, o Pleno do Concello con doce votos a favor pertencentes ós grupos municipais do PP (8) e PSG-PSOE (4), e tres votos en contra do grupo municipal do BNG (3), acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

8º) SORTEO PÚBLICO MEMBROS MESAS ELECCIÓNS PARLAMENTO GALEGO.
Realizado o sorteo para as eleccións ó Parlamento de Galicia a celebrar o 19.06.2005, as mesas quedan compostas polas seguintes persoas:

DISTRITO 1º SECCION 1º MESA A

PRESIDENTE: GOIKOA OTERO, MARIANO
1º VOCAL: FERNANDEZ NAVARRO, ANA
2º VOCAL: CAO COLLAZO, JESUS

1º SUPLENTE PRESIDENTE: DE ARNAIZ DURAN, ANA

2º SUPLENTE PRESIDENTE: IGLESIAS BALSA, ANTONIO

1º SUPLENTE 1º VOCAL: CIMADEVILA REY, CESAR IVAN
2º SUPLENTE 1º VOCAL: HERMIDA GULIAS, M. DO CARME

1º SUPLENTE 2º VOCAL: IGLESIAS CRIADO, MARIA DEL MAR
2º SUPLENTE 2º VOCAL: ALVAREZ FERNANDEZ, CARLOS

DISTRITO 1 º SECCION 1 ª MESA B

PRESIDENTE: TOJO BASCOY, SABELA
1º VOCAL: NOYA CHICO, MARIA JESUS
2º VOCAL: LOPEZ ALVAREZ, MARIA TERESA

1º SUPLENTE PRESIDENTE: RODRIGUEZ YGOY, MARIA LUISA
2º SUPLENTE PRESIDENTE: MELLA VILLAR, DANIEL

1º SUPLENTE 1º VOCAL: ROSILLO JIMENEZ, CARLOS JESUS
2º SUPLENTE 1º VOCAL: PEDROUSO VAZQUEZ, LUIS MAURICIO

1º SUPLENTE 2º VOCAL: ROUCO RIVAS, RAUL
2º SUPLENTE 2º VOCAL: RODRIGUEZ MACEIRA, MANUEL

DISTRITO 1 º SECCION 2 ª MESA U

PRESIDENTE: DOMINGUEZ LOPEZ, DAMIAN
1º VOCAL: CASAL PASCUAL, NIEVES
2º VOCAL: GARCIA FERNANDEZ, MERCEDES

1º SUPLENTE PRESIDENTE: ADELANTADO PEREZ, MARIA
2º SUPLENTE PRESIDENTE: REGUEIRO REQUEIJO, M. TERESA

1º SUPLENTE 1º VOCAL: NOYA PAZOS, SANTIAGO
2º SUPLENTE 1º VOCAL: GARCIA GONZALEZ, CASIMIRO JOSE

1º SUPLENTE 2º VOCAL: ROUCO CASAL, MARIA
2º SUPLENTE 2º VOCAL: LAGO FERNANDEZ, M. DEL CARMEN

DISTRITO 1 º SECCION 3 ª MESA U

PRESIDENTE: CUTRIN JORGE, M. ANGELES
1º VOCAL: TAPIA DE ANDRES, RAIMUNDO
2º VOCAL: FERNANDEZ FERNANDEZ, RAMON

1º SUPLENTE PRESIDENTE: RIO CAMINO, MARCOS
2º SUPLENTE PRESIDENTE: SEOANE CARNEIRO, MARIA TERESA SUSANA

1º SUPLENTE 1º VOCAL: MOSQUERA PONTE, MONICA
2º SUPLENTE 1º VOCAL: VILAS LOPEZ, MANUEL

1º SUPLENTE 2º VOCAL: NOYA MOURO, EVA
2º SUPLENTE 2º VOCAL: RAMOS BENITO, ANTONIO

DISTRITO 1 º SECCION 4 ª MESA A

PRESIDENTE: DA SILVA FIGUEIRA, ANA BELEN
1º VOCAL: BLANCO DONO, JOSE ENRIQUE
2º VOCAL: COUSO CASTELAO, JAVIER

1º SUPLENTE PRESIDENTE: CASAL MARTINEZ, JOSE MANUEL
2º SUPLENTE PRESIDENTE: GOMEZ GUETO, ESPERANZA

1º SUPLENTE 1º VOCAL: CASTELAO FERREIRO, JOSE MANUEL
2º SUPLENTE 1º VOCAL: ISORNA AGRELO, EVA

1º SUPLENTE 2º VOCAL: CAMPOS LOSADA, EDUARDO
2º SUPLENTE 2º VOCAL: CRUCES VAZQUEZ, M. PALMIRA

DISTRITO 1 º SECCION 4 ª MESA B

PRESIDENTE: PIÑEIRO GONZALEZ, RAQUEL
1º VOCAL: LEMA NIETO, JORGE
2º VOCAL: RIO VIEITES, MARIA ANGEL

1º SUPLENTE PRESIDENTE: SEOANE LAMAS, DAVID
2º SUPLENTE PRESIDENTE: PORTELA BARREIRO, MARTA

1º SUPLENTE 1º VOCAL: MOSQUERA EDREIRA, DOMINGO
2º SUPLENTE 1º VOCAL: PASCUAL RIOS, JOSE CARLOS

1º SUPLENTE 2º VOCAL: RODRIGUEZ PARADELA, LUCIANO
2º SUPLENTE 2º VOCAL: MOSQUERA JORGE, MARIA JOSEFINA

DISTRITO 1 º SECCION 5 ª MESA A

PRESIDENTE: DURAN FERNANDEZ-FEIJOO, CRISTINA
1º VOCAL: BELLO GOMEZ, MARTIN
2º VOCAL: IGLESIAS PARDO, MARIA ISABEL

1º SUPLENTE PRESIDENTE: BUJAN LATA, JOSE ANGEL
2º SUPLENTE PRESIDENTE: FERREIRA BALADO, PATRICIA

1º SUPLENTE 1º VOCAL: JORGE DEL RIO, BRAIS
2º SUPLENTE 1º VOCAL: FRAGA QUINTANS, ROSA ANA

1º SUPLENTE 2º VOCAL: GONZALEZ MANTEIGA, JOSE LUIS
2º SUPLENTE 2º VOCAL: ELIAS IGLESIAS, JOSE BENITO

DISTRITO 1 º SECCION 5 ª MESA B

PRESIDENTE: VIÑA FEAS, MARIA JESUS
1º VOCAL: MIRAS TURNES, ANA MARIA
2º VOCAL: VILLAR GARCIA, MIGUEL ANGEL

1º SUPLENTE PRESIDENTE: LAMAS OCAMPO, LUIS
2º SUPLENTE PRESIDENTE: MATA EIRIS, SANTIAGO

1º SUPLENTE 1º VOCAL: MIRAS PALACIOS, JESUS
2º SUPLENTE 1º VOCAL: REY BARGO, ANA MARIA

1º SUPLENTE 2º VOCAL: PEREZ ANDRADE, MANUEL
2º SUPLENTE 2º VOCAL: LOPEZ TRABA, ALBERTO

DISTRITO 1 º SECCION 6 ª MESA A

PRESIDENTE: COLOMER FARIÑA, MARIA JOSE
1º VOCAL: CUNTIN DOCAMPO, LUIS GUSTAVO
2º VOCAL: BUSTELO CODESIDO, PAULO

1º SUPLENTE PRESIDENTE:FERNANDEZ CASTEDO, MANUEL
2º SUPLENTE PRESIDENTE: FERNANDEZ INSUA, FRANCISCO JOSE

1º SUPLENTE 1º VOCAL: BLANCO RAMOS, LUCIA
2º SUPLENTE 1º VOCAL: DORREGO LEAL, MARIA JESUS

1º SUPLENTE 2º VOCAL: CAMPAÑA COLLAZO, ANA ISABEL
2º SUPLENTE 2º VOCAL: CASTILLO GONZALEZ, MARIA PAZ

DISTRITO 1 º SECCION 6 ª MESA B

PRESIDENTE: RODRIGUEZ MARTIN, M. BELEN
1º VOCAL: MARTINEZ LATA, CASTOR
2º VOCAL: PEDROSA CASTILLO, ANA MARIA

1º SUPLENTE PRESIDENTE: LORENZO SALGADO, JOSE MANUEL
2º SUPLENTE PRESIDENTE: NIETO POL, M. DEL CARMEN

1º SUPLENTE 1º VOCAL: PEREZ VILLAR, ESTRELLA

2º SUPLENTE 1º VOCAL: ROZAS BOLAÑO, JUAN JESUS

1º SUPLENTE 2º VOCAL: SEIJAS GAREA, M. JESUS
2º SUPLENTE 2º VOCAL: MONTES PEREZ, JUAN ANTONIO

DISTRITO 1 º SECCION 7 ª MESA U

PRESIDENTE: SUAREZ GARCIA, LAURA
1º VOCAL: SALGADO GONZALEZ, ANXO
2º VOCAL: LAGOA MARTINEZ, VALENTIN

1º SUPLENTE PRESIDENTE: GELABERT GARCIA, MONSERRAT
2º SUPLENTE PRESIDENTE: VALIÑO CAJARAVILLE, JULIA

1º SUPLENTE 1º VOCAL:AGUILERA SERRANO, MERCEDES
2º SUPLENTE 1º VOCAL: CORRECHER GONZALEZ, MARIA CONSUELO

1º SUPLENTE 2º VOCAL: PAGE GONZALEZ, ALBERTO
2º SUPLENTE 2º VOCAL: ROSENDE MIRANDA, JESUS OSCAR

DISTRITO 1 º SECCION 8 ª MESA U

PRESIDENTE: PALLARES RODRIGUEZ, JOSE LUIS
1º VOCAL: MARTINEZ SUAREZ, M. CARMEN
2º VOCAL: ROJO SAAVEDRA, M. PAZ

1º SUPLENTE PRESIDENTE: REY VEGA, MARIA
2º SUPLENTE PRESIDENTE: CONDE BARROS, FRANCISCO

1º SUPLENTE 1º VOCAL: GOMEZ GONZALEZ, JOSE
2º SUPLENTE 1º VOCAL: ZAMUDIO CUTRIN, LUZ

1º SUPLENTE 2º VOCAL: RIOS CEBEY, JOSE A.
2º SUPLENTE 2º VOCAL: FREIRE SANCHEZ, MARIA HERMINIA

DISTRITO 2 º SECCION 1 ª MESA A

PRESIDENTE: GRANDOSO CABALLERO, FLORENTINO ANTONIO
1º VOCAL: VAAMONDE MUÑIZ, JAIRO
2º VOCAL: GOMEZ ROMERO, FATIMA

1º SUPLENTE PRESIDENTE: ANGUEIRA BARRIO, MARIA
2º SUPLENTE PRESIDENTE: SANCHEZ PADILLA, JOSE MARIA

1º SUPLENTE 1º VOCAL: JAMARDO QUINTANS, JOSE

2º SUPLENTE 1º VOCAL: CASTELAO SUAREZ, JESUS

1º SUPLENTE 2º VOCAL: BARREIRO CHICO, MANUEL JOSE
2º SUPLENTE 2º VOCAL: VIDAL BOTANA, MARTIN

DISTRITO 2 º SECCION 1 ª MESA B

PRESIDENTE: RIAL BOUZAS, MARCOS
1º VOCAL: BARRIOS MARTINEZ, M. JESUS
2º VOCAL: LANDEIRA ROIS, JOSE MANUEL

1º SUPLENTE PRESIDENTE: ANTONIO MONTES, MIGUEL ANGEL
2º SUPLENTE PRESIDENTE: GROBAS GALLEGO, ALBERTO

1º SUPLENTE 1º VOCAL: CASAL PASCUAL, JOSEFINA
2º SUPLENTE 1º VOCAL: SINDE VAZQUEZ, ALEXANDRE

1º SUPLENTE 2º VOCAL: MARQUEZ RODRIGUEZ, JOSE MANUEL
2º SUPLENTE 2º VOCAL: CAMBA LIÑEIRAS, EVA

DISTRITO 2 º SECCION 2 ª MESA A

PRESIDENTE: GARCIA CALDELAS, SILVIA
1º VOCAL: FABEIRO CANDAL, CONCEPCION
2º VOCAL: TATO GARCIA, MANUEL

1º SUPLENTE PRESIDENTE: DUARTE GARCIA, ISMAEL
2º SUPLENTE PRESIDENTE: MARTINEZ FERREIRO, JOSE VICENTE

1º SUPLENTE 1º VOCAL: FERNANDEZ ARES, MIGUEL ANGEL
2º SUPLENTE 1º VOCAL: CASTRO CASTRO, MOISES

1º SUPLENTE 2º VOCAL: CALVIÑO VILA, MARIA JOSE
2º SUPLENTE 2º VOCAL: CAÑADA ENGUIDANOS, EMILIO

DISTRITO 2 º SECCION 2 ª MESA B

PRESIDENTE: MARTINEZ LOPEZ, MANUEL LEONARDO
1º VOCAL: VILLAR FOLLA-CISNEROS, LUIS
2º VOCAL: GONZALEZ CAMPOS, HUGO

1º SUPLENTE PRESIDENTE: RILO MERA, M. CARMEN
2º SUPLENTE PRESIDENTE: MOSQUERA GOMEZ, DIEGO

1º SUPLENTE 1º VOCAL: PICALLO DIAZ, JOSE MANUEL
2º SUPLENTE 1º VOCAL: MOSTEIRO LOPEZ, EVARISTO

1º SUPLENTE 2º VOCAL: TAJES RODRIGUEZ, JOSE RAMON
2º SUPLENTE 2º VOCAL: PEDREIRA MATA, ENRIQUE

DISTRITO 3 º SECCION 1 ª MESA U

PRESIDENTE: CAO BANDIN, ELSA
1º VOCAL: IGLESIAS MATOS, PAULA
2º VOCAL: CASTRO IGLESIAS, JESUS

1º SUPLENTE PRESIDENTE:MATA CASTRO, JAIME
2º SUPLENTE PRESIDENTE: CAROU CARBIA, EVELYN

1º SUPLENTE 1º VOCAL: CONDE PEREIRA, M. LUZ
2º SUPLENTE 1º VOCAL: CAMPOS MENDOZA, ANTONIO

1º SUPLENTE 2º VOCAL: SALGUEIRO CASTRO, MANUEL
2º SUPLENTE 2º VOCAL: CASAL CARBIA, JUAN ALBERTO

DISTRITO 3 º SECCION 2 ª MESA A

PRESIDENTE: SOBRINO MOSTEYRIN, ISABEL MARGARITA
1º VOCAL: RIVEIRO CURRAIS, M. VICTORIA
2º VOCAL: MELLA MIGUEZ, CARLOS

1º SUPLENTE PRESIDENTE: RODRIGUEZ LIÑEIRAS, JOSE
2º SUPLENTE PRESIDENTE: PEREIRO DE LA TORRE, ANA LUISA

1º SUPLENTE 1º VOCAL: RIOS RIOS, ANGEL
2º SUPLENTE 1º VOCAL: ALVAREZ SOTO, ALEJANDRO

1º SUPLENTE 2º VOCAL: TABOADA VAZQUEZ, MANUEL
2º SUPLENTE 2º VOCAL: SANTAMARINA VAZQUEZ, MARIA JESUS

DISTRITO 3 º SECCION 2 ª MESA B

PRESIDENTE: VILLAVERDE IGLESIAS, SAMUEL
1º VOCAL: GARCIA GARCIA, MARIA DEL CARMEN
2º VOCAL: VILLAVERDE IGLESIAS, MARIA BEGOÑA

1º SUPLENTE PRESIDENTE: MARTINEZ FERNANDEZ, ISABEL
2º SUPLENTE PRESIDENTE: RODRIGUEZ RIAL, MARIA LOURDES

1º SUPLENTE 1º VOCAL: MATOS VAZQUEZ, RAQUEL
2º SUPLENTE 1º VOCAL: CIMADEVILA TARRIO, M. CARMEN

1º SUPLENTE 2º VOCAL: CAJIDE ROCA, M. MONSERRAT
2º SUPLENTE 2º VOCAL: GARCIA IGLESIAS, RAFAEL

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematada a sesión sendo as 12 horas e dez minutos, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, coas reservas do art. 206 do R.O.F., debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Vº e Prace.

O Alcalde, O Secretario,

Asdo. Armando U. Blanco Martínez. Asdo. Javier Nieves González.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 31 DE MAIO DE 2005.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Teo (A Coruña), sendo as dez horas do día 31 de maio de 2005, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Armando U. Blanco Martínez, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ó día da data para a que foron previamente citados.
SEÑORES ASISTENTES:
Alcalde-Presidente:
D. Armando U. Blanco Martínez.
Concelleiros:
D. Antonio Castroagudín Valladares.
D. Manuel R. Cajaraville Campos.
D. Manuel Mata Iglesias.
D. Juan B. Aller Suárez.
D. Ramón Cea Ferreiro.
D. José Albino Vázquez Pallas.
D. Manuel Cao Fuentes.
D. Martiño Noriega Sánchez.
Dª Ánxela Bugallo Rodríguez.
D. Rafael Carlos Sisto Edreira.
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.
D. Alexandre Leis Carlés.
D. Manuel Tallón Mesías.
D. Germán Antonio Conde Tarrío.
D. José Carlos Rego Jorge.
D. F. Manuel Parajó Liñares.
Secretario:
D. Javier Nieves González, Secretario do Concello.
Asiste: Dª. Mónica I. Lado Varela, Interventora do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE PROPOSTAS SOBRE DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2005 APROBADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO PASADO 14 DE MARZO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
O pasado 14 de marzo a Xunta de Goberno Local aproba unha Oferta de Emprego Público que, no apartado de Persoal Laboral, contempla a creación de 12 prazas:
- Auxiliar de arquivo e biblioteca.
- Auxiliar administrativo.
- Telefonista.

- 2 prazas de policía auxiliar.
- Arquitecto técnico.
- Auxiliar de biblioteca.
- Coordinador de actividades deportivas.
- 4 prazas de peóns de obras municipais.

Esta oferta de emprego faise sen que, con anterioridade, se levara a cabo un estudo rigoroso das auténticas necesidades de persoal na administración pública local teense, tendo en conta a situación presente dun concello de case 20.000 hab., e as súas perspectivas de futuro –de clara tendencia expansionista- polo menos, a curto e medio prazo. E todo iso, a pesares de que o Grupo Municipal Socialista xa presentara no Pleno de 28 de novembro de 2003 unha moción na que solicitaba a elaboración dunha Relación de Postos de Traballo (RPT) en consonancia co disposto nos artigos 14.5, 16 e 20.2 da Lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública (1984) e os artigos 90 e 104 da Lei de bases de réxime local.

Asemade, a devandita proposta do goberno municipal contén postos de traballo de dificilísima xustificación obxectiva, polo menos no que responde ó seu carácter de prioridade, así como aspectos máis que discutibles e "sospeitosos" en canto ás titulacións mínimas esixidas para o desempeño dalgún deles. Así:

1.Prazas de auxiliares de Policía Local:
Non responde, en absoluto, ás necesidades reais de Policía Local, de acordo coas características actuais do Concello de Teo. É unha figura carente practicamente de competencias e que só se contempla en casos extraordinarios, para cometidos puntuais e temporais, como por exemplo de reforzo nas campañas de verán dos municipios turísticos. Por outra banda, é unha figura que vai ver limitadas aínda máis as súas funcións e a súa existencia na futura Lei de coordinación das policías locais de Galicia, levada xa ao consenso das forzas políticas no Parlamento de Galicia.
O que realmente demanda a cidadanía teense, tal como se propoñía na moción presentada polo Grupo Socialista no último Pleno ordinario é o incremento substancial progresivo de membros regulares do cadro de persoal de Policía Local ata aproximarse ás ratios recomendadas polo Ministerio do Interior, isto é, un policía por cada 1.000 hab., como mínimo. Teo ten hoxe en día case 18.000 hab. e só catro efectivos na Policía Municipal. Así é absolutamente imposible que a Policía Local cumpra satisfactoriamente os seus labores e que a cidadanía se vexa cumpridamente asistida.
Por outra parte, o día 11 de abril recibiuse no Concello (rexistro de entrada núm. 1627) unha carta dirixida ao Alcalde Armando Blanco e asinada polo Subdirector Xeral da Función Pública Local (Dirección Xeral de Cooperación Local da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do Ministerio de Administracións Públicas, na que se di textualmente: "(…) A este respecto comunícolle que as funcións que impliquen o exercicio de autoridade, deben quedar reservadas a persoal suxeito ao Estatuto Funcionarial de conformidade co disposto no artigo 92.2 da Lei 7/1984 de 2 de abril e, en supostos de urxencia, con funcionarios interinos ata a provisión en propiedade. Por canto antecede, a oferta de que se trata, queda pendente da cuestión anteriormente exposta.(…)"

2. Prazas de auxiliar de arquivo e biblioteca, de auxiliar de biblioteca e de auxiliar administrativo.

Créase unha praza (ou dúas) para un equipamento inexistente que foi, polo demais, profusamente reclamado polos grupos políticos da oposición: a biblioteca municipal.
Entendemos que, antes que nada, hai que crear a Biblioteca Municipal de Teo e deseñar un plan de actuación da mesma, que fixe os seus fins e prevea as dotacións de recursos humanos e materiais necesarios para poder cumprilos. Unha biblioteca non é un espazo morto nin un almacén de libros, é, fundamentalmente, un instrumento irradiador de cultura a través fundamentalmente, da promoción da lectura. E ao fronte ten que haber persoal competente, por titulación e por capacidade persoal. Para iso existen os estudos superiores de Licenciatura e Diplomatura de Biblioteconomía e Documentación.
O anteriormente dito vale tamén para a praza de auxiliar de arquivo: compre contratar, antes que nada, un documentalista, isto é, un Licenciado en Documentación.
Por outra banda, é absolutamente lamentable e mesmo insultante para os profesionais que veñen desempeñando postos similares na Administración, que para cubrir estas prazas de auxiliar administrativo se esixa a titulación mínima de Graduado Escolar ou equivalente, cando existen uns estudos regrados para estes profesionais dentro do sistema educativo coa titulación de Técnicos Especialistas de 1º Grao en Formación Profesional.

3.Praza de telefonista.
Descoñecemos se esta é unha das prioridades no funcionamento do aparato administrativo municipal. En todo caso, resulta preocupante que, unha vez máis, só se pida o requisito mínimo de Graduado Escolar ou equivalente.

4.Coordinador de deportes.
Só unha reflexión en forma de interrogante: Esíxese a titulación mínima de Graduado Escolar ou equivalente. Que pensarán ó respecto os Licenciados/as en INEF ou os Técnicos Deportivos de FP de 2º Grao.

Acordo:
Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu equipo de goberno a:
1. Reunir de xeito urxente á Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal para informar polo miúdo das razóns obxectivas desta decisión.
2. Paralizar ou deixar en suspenso a Oferta de Emprego Público no que afecta ás prazas de Persoal Laboral ata que se elabore e aprobe a correspondente RPT.
3. Iniciar o proceso de elaboración e aprobación dunha auténtica Relación de Postos de Traballo (RPT) que responda realmente ás necesidades obxectivas de persoal da Administración Local do Concello de Teo a curto, medio e longo prazo. O obxectivo final sería presentala para a súa aprobación polo Pleno antes de que se aproben os orzamentos do ano 2006.
4. Garantir a máxima transparencia e publicidade en todo o proceso administrativo e asegurar a presenza de polo menos un membro dos grupos políticos da oposición, isto é, BNG e PSOE, nas distintas Comisións Avaliadoras.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que piden deixar en suspenso a oferta de emprego público para persoal laboral ata que se aprobe a relación de postos de traballo, e piden facer unha planificación das necesidades do Concello; que creen que esta oferta non responde ás necesidades de persoal do Concello de Teo e non responde ás perspectivas de futuro, sobre todo respecto do persoal laboral; así as prazas de auxiliares da policía local é unha figura que

non ten as competencias que ten a policía local, se emprega en situacións extraordinarias como épocas estivais, que non é a realidade do Concello, que o Concello necesita policías locais non auxiliares da policía local; engade que crean auxiliares de biblioteca e arquivo e biblioteca e creen que a necesidade número un é crear a biblioteca e que esta é moito máis que un mero depósito de libros; engade que chámalle a atención a creación da praza de telefonista que lle gustaría saber a que necesidades responde e por último a praza de coordinador de deportes, que o outro día quedaron perplexos cando na comisión informativa se dixo que era para saber como estaban os pavillóns de deportes, que debían definirse as súas funcións porque debía esixirse unha titulación axeitada.
O Sr. Alcalde sinala que non está de acordo co seu criterio e van a seguir tal e como está de momento.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que apoiarán a moción, que hai unha mala planificación das necesidades de persoal do Concello, que debía haber unha memoria dos departamentos do Concello sobre as necesidades, que aquí ninguén sabe que fai cada departamento, non hai responsables políticos dos departamentos, e remata sinalando que están convencidos de que persoal é necesario, canto e como é outra cousa.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que o equipo de goberno fai a oferta de emprego público e é responsable dela, que é certo que estamos escasos de persoal, que a policía local é escasa e que está de acordo en que se necesitan policías locais, non auxiliares, e espera que no presuposto de 2006 vaian máis policías locais.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que é necesario facer unha relación de postos de traballo, que hai concellos na comarca nos que se fixo unha asistencia técnica coa Universidade de Santiago para facela, que é algo obxectivamente imprescindible facela para saber as necesidades de persoal e en función delo facer a oferta de emprego público.
Engade que non é lóxico crear prazas de auxiliares de biblioteca cando non hai biblioteca, e remata sinalando que deben retirar esta proposta de emprego e encargar unha memoria de necesidades.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que quere incidir na necesidade de memorias por departamentos sobre o que fan e van facer.
O Sr. Alcalde sinala que xa está aprobada.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

2º) MOCIÓN DO BNG SOBRE ESIXENCIA DE RESPONSABILIDADES POLÍTICAS POLAS IRREGULARIDADES PRESENTES NOS EXPEDIENTES URBANÍSTICOS DO CONCELLO DE TEO ENTRE OS ANOS 2000 E 2003.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Urbanismo.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
O Grupo Municipal do BNG de Teo dedicou os últimos meses a facer unha revisión pormenorizada da situación dos expedientes urbanísticos no Concello, completando a revisión dos anos 2000, 2001, 2002 e 2003.
A situación observada é escandalosa, xa que nin se respectaron as normas que rexen o procedemento administrativo común, nin se tratou por igual ó conxunto de veciños do

Concello. Pero, sen dúbida, o máis grave, é que algúns expedientes se arquiven directamente "por orde do Alcalde e do Secretario" (durante o ano 2002), nunha actuación que o BNG considera manifestamente corrupta e delitiva.

A primeira cuestión relevante é que a gran maioría dos expedientes urbanísticos abertos nestes anos non se pecharon, nin se seguiu o proceso establecido na lei para a súa resolución. Débese lembrar ademais que a Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece no artigo 89.4 que "en ningún caso poderá a administración absterse de resolver so pretexto de silencio, escuridade ou insuficiencia dos preceptos legais aplicables ó caso".
Tampouco resultaría aceptable unha desculpa relacionada coa escaseza de persoal, toda vez que o BNG presentou durante a pasada lexislatura numerosas iniciativas para paliar esta situación, como a rexistrada a finais de maio de 2001 con ocasión da suspensión da normativa urbanística do Concello:
A contratación temporal dun Arquitecto Superior mentres, no prazo dun ano, non se procede a sacala en propiedade mediante concurso público, e a convocatoria urxente da Comisión Informativa de Urbanismo que deberá, nun prazo máximo de catro meses, levar unha proposta a Pleno sobre outras necesidades de persoal (vixiante de obras, aparellador, etc.) existentes nesta área.
Exemplos de expedientes irregulares:
−Exemplo de xestión corrupta dun expediente urbanístico no Concello de Teo (petición particular para construción dun muro)
03/05/02: Notificación de reposición da legalidade e exp. sancionador, por realización da obra sen licenza.
14/05/02: Presentación de alegacións.
23/05/02: Fin do prazo para presentar alegacións.
19/06/02: Proposta de resolución. Multa de 172,20 euros.
28/06102: Arquivo por orde do Sr. Alcalde e Sr. Secretario.
(Cita textual que figura a lapis en varias partes do expediente).

−Outro exemplo de actuación manifestamente ilegal relacionada cos expedientes.
Obra promovida por Vector Plus en Cacheiras.
O 19 de marzo de 2000 o BNG pide a súa paralización por carecer de licenza despois de varios meses de obras.
O 19 de abril o BNG volve a pedir a paralización, xa que as obras proseguían.
Documentos que obran no expediente do Concello:
24/03/2000: Comunicación de orde de paralización e de inicio de expediente de reposición da legalidade (Rex. saída núm. 364)
19/04/2000: Comunicación na que se reitera a orde de inmediata paralización e de apertura de expediente (Rex. saída núm. 509)
28/04/2000: Comunicación na que se reitera por 2ª vez a orde de inmediata paralización e de apertura de expediente (Rex. saída núm. 549)
Non hai nada máis: Nin expediente de reposición da legalidade, nin acordo de incoar expediente sancionador, nin prazo de alegacións, nin nomeamento de instrutor. Nada.

− Denuncia feita por concelleiros do grupo de goberno a finais do 2001.
A finais de 2001, certos concelleiros do grupo de goberno, críticos coa xestión do Alcalde denunciaron a utilización duns terreos destinados a uso agrícola pola empresa Maderas

Amazonas. A denuncia incidía no feito de que estes terreos foran asfaltados e empregados como almacén de inxentes cantidades de madeira.

O expediente urbanístico aberto por entón foi arquivado o 09/01/02 despois de determinarse que a obra en cuestión era ilegalizable. A día de hoxe aínda se empregan eses terreos para uso industrial sen que o Concello faga nada.
A consecuencia de todo este modus operandi é preocupante e moi grave xa que para algúns, non respectar a lei é gratuíto, sobre todo se se trata de grandes empresas.
Outros veciños si que pagan: Dos 15 expedientes urbanísticos abertos en 2002, houbo tres ós que si que se lles fixo pagar: 300,90 e 15 euros, este último por non recuar un muro.
As grandes construtoras con obras ilegais deben tomarnos a risa. Con respecto a estas, algúns dos expedientes sancionadores polas ilegalidades realizadas tivo que ser promovido directamente pola Consellería (dada a gravidade da sanción proposta). Aínda hoxe se dirime no TSXG.

Por todo isto o grupo municipal do BNG propón a adopción do seguinte acordo:
1. Solicitar do grupo de goberno unha explicación que clarifique actuacións tan graves no Concello de Teo en materia urbanística.
2. Solicitar do Departamento de Urbanismo un informe para ser analizado na Comisión de Urbanismo, onde se expliquen os motivos que provocaron que os expedientes urbanísticos entre os anos 2000 e 2003 presenten tan graves irregularidades.
3. Someter a votación a solicitude de dimisión do Alcalde Armando Blanco como máximo responsable político destes feitos.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que é unha moción que reflicte unha situación moi grave no momento de maior expansión urbanística do Concello, que non hai ningún expediente pechado, que hai edificacións en pleno centro de Cacheiras que se deixaron sen pechar, nin un expediente en tres anos, e que lles parecen uns feitos gravísimos; engade que cando eles presentaban unha denuncia o Sr. Alcalde dicía que seguiría a súa tramitación, pero non rematou ningún, ¿en que Administración se ve iso?; que están a día de hoxe agardando por unha explicación e presentaron a moción en marzo, incluso dáse o caso simbólico de pequenas multas a pequenos propietarios, pero ¿que pasou cos grandes propietarios?, que non lles digan que non tiñan persoal porque nós presentamos mocións para aumentar o Departamento de Urbanismo con persoal cualificado, e remata sinalando que se non se lle da ningunha explicación é motivo de demisión.
O Sr. Alcalde sinala que aquí os únicos que nos vemos insultados somos nós, con expresións como “xestión corrupta”, “non respectar a lei”, etc, e que isto non é presentable traelo así; engade que nunca asinou nin ordenou que se arquivase ningún expediente, que o de vostedes é o catastrofismo en todo momento.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que votarán a favor pola esencia do contido, aínda que non están cómodos con algunhas das afirmacións contidas e tampouco está de acordo coa petición de demisión do Sr. Alcalde; engade que creen necesario unha comisión de investigación e en función dos seus resultados pedir logo responsabilidades, que esperan acceder á Alcaldía nas eleccións e que está en mans do Sr. Alcalde respostar ás graves acusacións.

O Sr. Alcalde sinala que non sabe se da a talla para ganar vostede unhas eleccións en Teo, iso o dirán os veciños. Engade que lle agradece que non pidan a demisión porque se tivera demitido cada vez que vostedes e o BNG o piden xa estaría en Cuenca.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que anos atrás o Concello por atraer veciños procedentes de Santiago deron manga ancha e por mor diso é lóxico que houbera algunha construcción que non estivera moi legal, pero tampouco foi unha cousa que non permitise o progreso de Teo e remata sinalando que espera que vaia todo a millor co novo plan xeral.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que todavía non dixo o Sr. Alcalde que isto sexa mentira; que eles simplemente din que aquí pasaron cousas gravísimas e que as súas explicacións o reafirman nas súas afirmacións de corrupción e actitude delitiva. O Sr. Alcalde pide que conste en acta o que acaba de dicir o Sr. Concelleiro.
Continua sinalando o Sr. Concelleiro que o expediente de Vector Plus quedou paralizado, déanos unha explicación polo menos, ¿vostede sabe o que é asumir a responsabilidade política?, asumir as decisións tomadas e demitir. Engade que coa moción presentan un traballo de meses e di vostede que lle firen as palabras, que hai actitudes corruptas e delictivas.
O Sr. Alcalde sinala que non sabe se é verdade se os expedientes están como din vostedes porque os expedientes están abaixo nos servizos técnicos.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que pide que o Sr. Alcalde resposte politicamente, faga honra ó cargo de Alcalde.
Pídolle en segundo lugar que me sinale algún papel neste mandato onde o grupo socialista lle pedira a súa demisión, non hai ningún, e en terceirto lugar se eu son Alcalde e lle fan estas afirmacións que se fan aquí e vostede non se preocupa disto, presentaría a demisión o día seguinte, porque debe vostede desmentilas no Pleno ou crear unha comisión de investigación, se cala vostede está outorgando.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que algúns expedientes da moción están prescritos e que estamos nun novo mandato e hai que mirar para diante e que por Urbanismo se propuxo ó Sr. Alcalde crear a praza de asesor de urbanismo.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

3º) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE A PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN DE ACTOS EN CONMEMORACIÓN DO IV CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DA 1ª PARTE DE "DON QUIJOTE DE LA MANCHA" DE MIGUEL DE CERVANTES.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Educación e Cultura.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
O Grupo Municipal Socialista de Teo, diante da conmemoración que se está a levar en España e fóra de España, polo IV centenario da publicación da 1ª parte de Don Quixote da Mancha, insta a todos os grupos políticos a participar nestes actos e a impulsar desde a institución municipal á participación de todos os teenses neste evento.
O Quixote é unha obra que, aínda que escrita orixinalmente en lingua castelá, transcende deste ámbito lingüístico para se converter nun fenómeno literario e cultural de alcance universal.

Intelectuais, investigadores e escritores de todo o mundo amosaron e amosan un profundo interese por esta xoia da literatura española. Tamén os grandes escritores e homes e mulleres da cultura e a investigación galegos non foron alleos, como non podía ser doutro xeito, ós seus influxos e mesmo ó estudo deste fenómeno literario. Mesmo en 1990 apareceu a súa 1ª tradución ó galego baixo a coordinación de Valentín Arias e con ilustracións de renomeados pintores do país como Laxeiro, Virxilio, Lamazares, Lodeiro, etc.

Por outra banda, compre salientar que Galicia é unha comunidade que presenta dúas linguas oficiais: o galego e o castelán. Desde o Partido Socialista, coa perspectiva da normalización lingüística actual, entendemos este fenómeno bilingüe como un feito enriquecedor polo que non queremos renunciar en maneira algunha a ningunha destas aproximacións destes dous patrimonios culturais.
Consideramos, asemade, que o Quixote, quizais a máis importante novela en lingua castelán e que se converteu por méritos propios nun fenómeno universal, é unha obra que presenta un grande interese pola multitude de temas e valores, moitos deles de enorme actualidade, que o autor aborda: a liberdade, o bo uso do goberno, etc. A súa difusión entre as novas xeracións teenses, a maiores do labor docente desenvolvido nos ámbitos académicos, é unha necesidade á que estamos obrigados a contribuír desde as instancias políticas.
Acordo:
Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a :
1. Crear unha comisión para a organización de actos relacionados con esta obra cervantina, integrada por electos públicos, profesores/as dos centros educativos teenses, investigadores/as, intelectuais, alumnos/as, artistas plásticos, etc.
2. Organizar actos que teñan como obxectivo divulgar a obra cervantina ou aspectos relacionados coa mesma, como:
- Exposición de edicións do Quixote, sobre de Cervantes e a súa obra, etc.
- Exposicións pictóricas.
- Proxeccións cinematográficas.
- Representacións teatrais.
- Charlas e conferencias.
- Lecturas públicas compartidas.
- Ciclos de música da época.
- Unidades didácticas para desenvolver entre o alumnado dos diversos niveis educativos.
- Concursos de redacción, de pintura, cómic…, entre os alumnos /as dos centros escolares teenses, etc.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que neste Concello hai un Don Quixote e un Sancho Panza e que o pobre Sancho polos seus desvelos recibe a ínsula Barataria, aínda que por pouco tempo, engadindo que agora é o momento de facer unha celebración para conmemorar o IV Centenario.
O Sr. Alcalde sinala que están para facer unha conmemoración, non sabe se iso que din vostedes ou outros actos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que o BNG apoia claramente o sentido da moción e está polo labor de que se reivindique durante todo este ano a obra de Cervantes e que pensa que esta moción podía apoiarse por todos.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que como xa se está preparando para facer, no seu momento se fará.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que alégrase de que polo grupo de goberno exista apoio para celebrar a conmemoración, que lle chama a atención que coincidindo coa súa proposta se opoñan a ela, pensan que é un gravísimo erro político porque existindo coincidencia a podían aprobar, sería coherente e tería rendabilidade política para vostede e o seu equipo, que a sociedade debía participar nesta celebración e que consideran isto moi importante e pídelle que o teñan en conta, que a celebración debía ser popular en todo o Concello de Teo.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

4º) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE CREACIÓN DE BOLSAS PARA QUE XÓVENES TEENSES, ALUMNOS/AS DE NIVEIS DE ENSINO POSTOBRIGATORIO (BACHERELATO E FP), POIDAN REALIZAR ESTUDIOS DE PERFECCIONAMENTO DE IDIOMAS NO VERÁN EN PAISES ESTRANXEIROS.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Educación e Cultura.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Todos os indicadores económicos e estudos de expertos sinalan que a formación é un dos factores primordiais para o desenvolvemento social e económico dun país, e unha das referencias básicas para a busca de emprego no futuro e, sobre de todo, de emprego de calidade.
Exemplos do manifestado ó principio hai dabondo na historia recente do noso contorno: Irlanda deixou de ser un país cualificado como "pobre" para se converter nun dos países con maiores taxas de crecemento económico da Unión Europea. De ser terra de emigración pasou a ser, en pouco tempo, un país que recibe man de obra cualificada dos restantes países europeos e, sobre todo, dá emprego á xente nova en postos de traballo de alta calidade en termos sociais e laborais. Detrás deste milagre económico irlandés está a forte aposta das súas autoridades políticas pola educación e a formación da súa mocidade.
Entre os elementos formativos imprescindibles hoxe en día para asegurar o futuro laboral dos mozos destaca sobre todo o dominio dos idiomas, fundamentalmente o inglés, e, en menor medida, o francés e o alemán (estes últimos dentro de Europa basicamente).
Cómpre subliñar que aínda que nos últimos tempos houbo unha mellora sensible na calidade da aprendizaxe dos idiomas estranxeiros no sistema educativo regulado, non cabe a menor dúbida de que o contacto directo (é mellor a "inmersión") coa realidade lingüística e cultural deste países, contribuirá significativamente a reforzar o dominio destas linguas por parte dos aprendices. Así mesmo, hai unha vertente cultural engadida que cómpre salientar, derivada da riquísima experiencia persoal que supón o contacto directo con realidades culturais e sociais diferentes das nosas.
Ata o de agora, viaxar ós países de referencia destes sistemas lingüísticos para practicar idiomas, é unha actividade só reservada a mozos pertencentes a familias con máis ou menos elevados recursos económicos.
Cremos, pois, que desde as institucións públicas, en tanto que instrumentos proclives a impulsar políticas compensadoras das desigualdades sociais, cómpre adoptar medidas para que de acordo coas dispoñibilidades económicas das arcas municipais, se facilite que, no noso

caso, rapaces deste municipio con niveis de renda a determinar poidan tamén acceder a este tipo de estudos.

Acordo:
Instase ó Alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a:
1. Crear unhas bolsas de estudo (o número fixaríase en función das dispoñibilidades económicas do Concello, dos idiomas escollidos polos solicitantes, etc., aínda que para comezar propoñemos a creación de dúas bolsas: unha para Bacharelato e outra para FP) para que alumnos/as teenses de Bacharelato e FP de centros públicos, con brillantes expedientes académicos e cun determinado nivel de renda, poidan facer estudos de perfeccionamento de inglés, francés ou alemán nos países de orixe.
2. Establecer unhas bases nas que se teñan en conta criterios de selección baseados na renda familiar, expediente académico, nivel educativo, etc., se fixe o número de bolsas, países de destino da actividade, etc., se determinen mecanismos rigorosos, transparentes e obxectivos no proceso selectivo, etc.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que na busca dun traballo no futuro son necesarios os idiomas, sobre todo para os empregos de calidade; que propoñen na moción a creación de dúas becas e que se tomen en consideración unha serie de criterios; engade que falar outra lingua diferente da materna é imprescindible, que é unha complementación da educación académica dos alumnos.
O Sr. Alcalde sinala que axudan en todo o que poden os xóvenes, en becas, autobuses, etc, pero non pode apoiala por dous problemas, porque teñen problemas económicos e xa gastan moito en becas.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que vostede me diga que dúas becas dan problemas económicos ó Concello preocúpame; engade que se vostede me da un argumento o podería compartir, así por exemplo que pode ser competencia da Consellería de Educación, pero que si só contesta que é un problema económico, por favor, sobre todo vendo como gasta vostede os cartos.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que ninguén dubida que isto sería bo, pero que pedir dúas becas parécelle ridículo para unha poboación como Teo con 18.000 habitantes.
Engade que un mes no estranxeiro custa sobre 250.000 ou 350.000 das antigas pesetas ó mes e nun ano non se perfecciona un idioma; que en Teo hai 2.000 ou 3.000 alumnos de FP e bacharelato e hai moi bos expedientes académicos e con renda parecida, ¿cómo se dan dúas becas?, por sorteo, non me parece lóxico.
Engade que o ano pasado se pagaron 18 millóns das antigas pesetas para becas de estudos e creo que ningún Concello chegou a tanto, por iso votarán en contra.
O Sr. Conde Tarrío sinala que non pode poñer na miña boca que vale 250.000 das antigas pesetas ó mes, porque pódense encontrar outras axudas.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que hai como moito 500 alumnos de FP e bacharelato e que lle preocupa o descoñecemento da realidade do concelleiro e que lle preocupa o gasto de 18 millóns e non haxa para dúas becas, e que falamos de rendemento escolar e criterios económicos que deben permitir a igualdade de oportunidades entre ricos e pobres e que hoxe en día para calquera emprego cualificado é imprescindible o dominio de idiomas, por elo pretenden de momento facer unha pequena contribución con dúas becas e en función da experiencia incrementar o número, para facer da nosa mocidade unha mocidade preparada.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que sabe o que vale iso e que él non dixo que o Sr. Conde dixera que isto vale sobre 250.000/350.000 das antigas pts ó mes, o dixen eu e que non sabe se non se quedaría curto vendo como funciona isto en Inglaterra.
Remata sinalando que partindo da base do dito polo Sr. Noriega sobre competencias de educación e o número de dúas bolsas, non pode estar de acordo.
O Sr. Alcalde sinala que están a axudar en becas, libros, en transporte de alumnos ó instituto e que aínda non sendo obrigatorio o fan en beneficio dos veciños e van seguir facéndoo en beneficio dos veciños.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

5º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A RECUPERACIÓN MEDIOAMBIENTAL DAS ZONAS AFECTADAS POLAS OBRAS DO AVE AO SEU PASO POLO CONCELLO DE TEO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Agricultura e Medio Ambiente.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
As obras que se están levando a cabo desde o ano pasado na parroquia de Calo para a construción das infraestruturas do tren de alta velocidade, están provocando como é normal unha grande cantidade de refugallos e materiais de desfeita. Tendo en conta que esta situación poder ser considerada como un mal necesario para acadar un ben superior, como é a construción dunha importante infraestrutura de comunicación, toleramos o seu almacenamento.
Nos últimos meses tivemos noticias da existencia de certos problemas na zona do Castañal, concretamente en relación á consistencia das rochas, isto fixo necesario ampliar a zona de expropiación e o derrube dunha vivenda que inicialmente non estaba contemplada. Como consecuencia diso, tamén se ampliou o terreo expropiado na zona da Charola para poder darlle cabida ós refugallos desa ampliación.
Neste momento a Veiga da Charola, de Bouza Fría e da Oliveira son de inmensos vertedoiros onde se acumulan a terra, pedras e demais produtos do desmonte. Esta zona foi unha zona de uso agrícola, incluída na concentración parcelaria do labradío de comezos dos anos setenta, e cunha importante rede hídrica de regadío, que facía que estas propiedades foran utilizadas como cortiñas. É tamén necesario indicar que a zona está atravesada por unha canle de auga que atravesa a vía por un conduto e que se afasta da zona para desembocar no río Tinto ó seu paso por Cabanas.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:
1. Que o Concello de Teo e os responsables na materia se aseguren de que se respectan os límites de cinco metros arredor da canle do torrente, e no caso de que foran acumulados os escombros nesta zona que existe o perceptivo permiso de Augas de Galicia.
2. Que neste caso se asegure que aínda existindo este permiso se vai a rexenerar a zona dos cinco metros a cada lado no momento que rematen as obras. Para isto deberá manterse un control sobre a zona a medida que se cumpran os pasos da mesma.
3. Que se solicite a Declaración de Impacto Ambiental, documento obrigado neste tipo de obras, e que tivo que ter un trámite de información no que participou o propio Concello. No

caso de telo no seu poder ou no momento no que o teñan sexa facilitado a todos os grupos que compoñen o Pleno deste Concello.
4. Que xunto coas outras administracións implicadas no proxecto se realice un plan de rexeneración ambiental que recolla a volta á situación anterior ás obras das zonas circundantes á vía de alta velocidade. Non podemos permitir que a situación de degradación ambiental, visual, hídrica e ecolóxica xerada por estas obras se consolide como un elemento permanente que dificulte futuros proxectos de desenvolvemento da zona.

Debate:
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que incluso no momento en que se están a facer as obras podemos ver que se está facendo unha actuación sen ningún tipo de protección medioambiental; en concreto, aínda que hai outro punto con movementos de terra máis grandes (no tunel no Vilar), na zona da Caharola, Castañal e Espiño hai escombros de terra, de vivendas demolidas, que medioambientalmente non poden ter o mesmo tratamento; engade que hai un regato soterrado a cinco metros e que as obras do Ave poden ter un impacto permanente, piden que se comprobe o permiso de Augas de Galicia e que se faga un seguimento das medidas previstas no proxecto de obras para que se cumpran as medidas previstas.
O Sr. Alcalde sinala que as obras, todas as obras, crean incomodidades, tampouco podemos adiantarnos ós acontecementos, que todas as obras se vixían na execución e faise un seguimento polo Ministerio de Fomento, por Augas de Galicia e polas empresas que as están facendo que teñen a súa responsabilidade.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que coñece ben os problemas que está a xerar o Ave porque os sufre todos os días, sabe que xenera moitos problemas e sabe ben como está o tema da Charola, alí non hai un regato hai unha baixada de augas da estrada, alí regato nunca houbo e remata sinalando que lle dixeron que todo iso van rexeneralo cando rematen as obras e non se pode ser adiantado.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que non é adiantarse, é ser precavido, que debíamos ter un plan de rexeneración da zona, que non podemos estar a ver que nos din ou nos deixan de dicir os amigos e finalmente que é unha vía de auga na que ten responsabilidade sobre ela Augas de Galicia.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que vendo que agora xa non é regato estamos en algo de acordo e que espera que isto se rexenere debidamente cando acaben as obras.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

6º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A RECOLLIDA DO LIXO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Agricultura e Medio Ambiente.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Na sociedade actual a recollida e procesado do lixo urbano é unha das grandes problemáticas do medio. Nos últimos anos asistimos a un aumento do volume de refugallos domésticos. Hai varias circunstancias que inciden no agravamento desta problemática:

- Introdución de envases non retornables e de materiais de difícil eliminación (non orgánicos) como son vidro, plásticos e tetrabriks.
- Unha permisividade social cara a mala xestión individual dos residuos, xa que é un problema novo ou recente para a poboación rural.
- A conciencia na administración en xeral, e na municipal en particular, de non abordar esta problemática.

Non existe un acordo xeneralizado sobre os métodos de eliminación física dos produtos de desfeito urbano desta sociedade tan consumista. O único no que todos e todas podemos estar de acordo é que canto menos lixo se produza e se facilite a reciclaxe, mellor para nós e para os futuros e futuras habitantes de Teo, que son os e as que van herdar os nosos erros e os nosos acertos.

No Concello de Teo, ademais de participar da problemática global, ten especial incidencia por varias cuestións:

- Ten un tipo de poboamento de casas adosadas ou individuais de nova construción e con espazos verdes propios e comúns. O nivel de residuos orgánicos destas zonas é alto, sen que exista unha costume ou coñecementos para compoñer un método de eliminación.
- O outro tipo de poboamento rural ten como importante característica para este asunto que é unha poboación que abandonou a produción agrícola, e polo tanto os xeitos tradicionais de eliminación de residuos domésticos. En moitos destes casos, ademais, continúase con pequenas explotacións (galiñas, coellos) que poden supoñer unha fonte extra de residuos. Esta poboación acolleu a recollida do lixo sen unha información previa que sitúe a súa utilización no xusto termo.
- A recollida dos residuos sólidos urbanos en Teo está suxeita a unha serie de peculiaridades que provocan unha insatisfación permanente por parte dos veciños e veciñas. Este estado de opinión réstalle credibilidade ó Concello para ordenar e concienciar aós veciños e veciñas.

Por todo isto e tendo en conta que os problemas medioambientais aféctannos a todos e todas, queirámolo ou non, e que dentro do procedemento de xeración de residuos é onde o Concello ten a posibilidade de desenvolver un papel máis activo, o grupo municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

A elaboración dun proxecto de optimización e mellora na xestión dos residuos sólidos urbanos en Teo. Este proxecto, ademais de conseguir obxectivos medioambientais, debe establecer as medidas necesarias para que a cidadanía lle conceda ó Concello o suficiente creto na xestión do lixo, para que lle permita abordar desde unha óptica educativa e sensibilizadora esta cuestión.

Ademais destes obxectivos hai que sinalar dous máis con evidente repercusión económica. Por unha parte a redución de lixo orgánico, que nun medio social e físico como o de Teo podería chegar a ser mínimo. Isto supoñería unha importante redución de custos. Por outra banda a Consellería de Medio Ambiente participa nunha campaña que bonifica a recollida selectiva e o acerto ó separar os distintos obxectos de recollida.

Este proxecto concretaríase en varias accións:

- Revisión das cláusulas da empresa concesionaria de recollida do lixo. A revisión tendería a potenciar o interese da empresa na reciclaxe e a de penalizar os incumprimentos que debiliten a imaxe do Concello de Teo, como entidade comprometida coa xestión integral de residuos, diante dos cidadáns.
- Elaboración dun documento no que se recollese exactamente a localización de cada un dos colectores de lixo, as súas calidades, a periodicidade da súa recollida, periodicidade da súa

limpeza e a situación de recollida de residuos especiais como mobles, residuos de obras domésticas ou aceite usado.
- Elaboración de dípticos, que resumindo esta información puideran ser distribuídos de xeito masivo, e garantir que chegara un a cada fogar, contendo información sobre as características do servizo de recollida de lixo, que elementos non se contemplan como elementos para retirar e cales si.
- Elaboración de autocolantes para situar en cada tipo de colector indicando a periodicidade de recollida, así como un teléfono municipal de información para calquera problema ou dúbida, especialmente ás referidas a recollidas especiais.
- Establecer un acordo coa Consellería de Medio Ambiente para participar na campaña de instalación de composteiros domésticos, á vez que se difunde a utilización da compostaxe, en especial nas zonas rurais e nas urbanizacións con parcela.
- Establecemento dun plan especial para o compostaxe municipal dos refugallos de xardíns comúns e privados de pequeno tamaño. O Concello facilitaría un lugar de depósito para este tipo de residuos e promovería a compostaxe dos mesmos.
- Campaña informativa a nivel xeral, con actividades específicas dirixidas a todos os centros educativos do Concello, asociacións, e calquera outro tecido social apto para a difusión. Esta campaña informativa e formativa recollerá todos aqueles puntos de interese do proxecto de optimización de residuos, en especial os compromisos adquiridos polo Concello para facela efectiva.

Debate:
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que en Teo existe poboación rural tradicional e de pequenos núcleos residenciais, que o rural produce grandes cantidades de residuos e os urbanos se recollen con singularidade o que resta credibilidade ós veciños.
Engade que se recollen pequenos animais mortos e cañotos de coles en contedores de recollida urbana e isto se produce por falta de información.
O Sr. Alcalde sinala que no seu día había problemas co vertedoiro de Lagoa e no seu momento o Concello apostou por Sogama, co coste que elo tivo, e agora pensa que se fai ben a recollida, se recollen aceites cunha empresa mediante convenio, se fai a recollida selectiva e de pequenos electrodomésticos tamén; se está a facer un punto limpo que está a punto de rematar e se está co tema dos contedores soterrados e pensa que vai ser unha cousa moi boa; engadindo que o outro día se inaugurou en Santiago a planta de transferencia e están na liña correcta para servir ós nosos veciños.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que vostede non entendeu a moción, aínda que esas cousas teñen que ver pero non é o que se solicita; engade que debía rescindirse o contrato co concesionario polo grao de incumprimentos do mesmo por parte do concesionario.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que mellorou moito o servizo co Sr. Cea e sabe que faltan contedores pero se están a facer as xestións coa Xunta para millorar iso.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que o eu me explico mal ou non entendo nada, non dou crédito. Engade que cre que isto baséase na educación, na información, que hai que ensinar ós veciños nas escolas a xestionar o lixo e remata sinalando que sempre que se fala de medio ambiente acábase falando de pistas e non o entende.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).

Queda rexeitada a moción.

7º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A RECUPERACIÓN E USO DA FINCA MUNICIPAL DE "AGÜEIROS", EN LUOU, TRALO ACORDO PLENARIO DE LESIVIDADE DE 1999 RATIFICADO POLO TSXG.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda.

Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:

En outubro do ano 2003, hai case ano e medio, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentencia da Sección Segunda da Sala do Contencioso, viña a dar a razón ó Concello de Teo que, en sesión plenaria celebrada en outubro de 1999, acordara a lesividade do acordo de cesión da finca de Agüeiros para a construción dun cemiterio na parroquia de Luou.

O Pleno do Concello respondía así ás demandas e ó sentir da gran maioría da parroquia de Luou, que se sentía farta de non ser consultada ou ser directamente ignorada por unha directiva que non respondía á vontade da gran maioría e que mesmo se negaba a seguir o procedemento estipulado para obter todos os permisos necesarios para o novo cemiterio. Esta situación provocou en pouco tempo a creación dunha nova asociación, a compra dos terreos e a construción dun cemiterio que, contando con todos os permisos necesarios, é hoxe un referente en toda a comarca.

Dado que a citada sentencia do TSXG non é susceptible de recurso de casación, e que a práctica totalidade dos veciños da parroquia de Luou están de acordo con que o Concello recuperase a titularidade da finca, o Concello de Teo non pode nin debe permitir que sobre unha finca da súa propiedade se exerza un uso non autorizado e por persoas que xa non representan a ninguén en Luou.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Que a Alcaldía realice todos os trámites legalmente necesarios, respectando os prazos regulamentariamente establecidos, para a retirada do cadáver depositado na finca de Agüeiros (Luou), de xeito que o antes posible o Concello recupere o uso e goce da mencionada finca.

2. Unha vez retirado o cadáver, o Concello procederá inmediatamente á demolición das construcións existentes e á habilitación da zona para o gozo público. Neste sentido, o Concello encargará un proxecto de reestruturación do espazo e de habilitación do contorno como área recreativa, mentres non se lle asigne outro uso colectivo en beneficio dos veciños e veciñas da parroquia de Luou e de todo o Concello de Teo.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que non pode facer nada como Alcalde mentras non se pronuncie o Tribunal Supremo, posto que está presentado recurso de casación.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que é unha tomadura de pelo, que o recurso presentouse só para dilatar a execución e estamos a velas vir, e que existe unha responsabilidade do Alcalde de deixar facer o que non debía. Engade que non teñen problema en retirar o asunto sempre que se teña o compromiso de tan pronto se dicte sentencia proceder en consecuencia.

O Sr. Alcalde sinala que os abogados lle din que de momento non debe entrar nela.

O Sr. Concelleiro sinala que retiran a moción.

Pola Alcaldía se retira o asunto da orde do día ó abeiro do disposto no art.28.2.c. do Regulamento orgánico do Concello co compromiso de tan pronto se dicte sentencia proceder en consecuencia.

8º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A PETICIÓN DE RESPONSABILIDADES POLO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DE OBRAS UTILIZADO SISTEMATICAMENTE POLO CONCELLO DE TEO.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda.

Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:

Ás veces basta ver un expediente de contratación de obras para comprobar ata que punto chega a podredume no Concello de Teo. Asusta ver a impunidade coa que se actúa e o pouco que se gardan as formas.

Para a contratación de obras promovidas polo Concello, incluídas as dos Plans da Deputación utilízase un procedemento "negociado sen publicidade" no que se invita sempre a tres empresas (a maioría das veces as mesmas). A mesa de contratación, a Alcaldía e o Grupo de Goberno comproban como, vez tras vez, as empresas se saltan e se burlan dos procedementos e principios que deben rexer este tipo de contratación, acordando e pactando un prezo entre elas para eliminar a necesaria competencia e asegurándose así un reparto con garantías do pastel.

Diante desta situación, a Alcaldía, en vez de denunciar diante do Tribunal da Competencia estas prácticas ilegais ou simplemente de eliminar ás empresas delitivas nos seguintes procesos, repite a convocatoria restrinxida ás mesmas tres empresas infractoras en anos precedentes.

A propia Deputación da Coruña dirixía unha circular ós concellos na que textualmente dicía: "A contratación realizarase mediante subhasta ou concurso con procedemento aberto. Tamén poderán adxudicarse mediante procedemento negociado nos supostos e cos requisitos establecidos no R.D. 2/2000 de 16 de xuño".

O mencionado Real Decreto, no seu artigo 141, establece que "se poderá utilizar o procedemento negociado sen publicidade previa cando concorra algunha das circunstancias seguintes, que haberán de xustificarse no expediente", e entre elas cítase, no apartado g) "os de orzamento inferior a 10 millóns de pesetas (60.101,21 euros). Aínda que o sentido da circular está claro, xa que a Deputación mesmo remitiu ós concellos criterios de puntuación para valorar os concursos, o camiño estaba claro para os que quixeran condicionar a elección das empresas, e o primeiro paso era dividir os proxectos para que ningún pasara dos 60.000 euros. Así se fixo no Concello de Teo: as empresas xa tiñan carta branca para facer o que lles dera a gana nos procesos negociados.

Este modo de proceder agacha unha corrupción xeneralizada da que a Alcaldía e o Grupo de Goberno do PP e IN-TEO son os máximos responsables, que se ten convertido en forma habitual de traballo e de relación coas empresas. Unha simple vista ós números das contratación bastan para tirar conclusións:

Exemplos de petición de ofertas POS 2002 (asinado pola Alcaldía en abril de 2002).

- Acondicionamento e afirmado da pista de Ribeira.

Martínez Montes e Hijos	29975,93 euros
Constantino Fernández Sarmiento	29975,93
Transportes y Maquinaria, S.L.	29915,00

- Acondicionamento e afirmado da pista de Quintáns.

Martínez Montes e Hijos	25937,74 euros
Constantino Fernández Sarmiento	25937,74
Transportes y Maquinaria, S.L.	25847,00

- Saneamento Ferreiros.

Martínez Montes e Hijos	29970,22 euros
Taboada y Ramos, S.L.	29970,22
Transportes y Maquinaria, S.L.	29910,00

- Saneamento Fontenlo.

Martínez Montes e Hijos	29509,70 euros
Taboada y Ramos, S.L.	29509,70
Transportes y Maquinaria, S.L.	24419,00

- Saneamento e abastecemento Osebe.

Martínez Montes e Hijos	28590,00 euros
Transportes y Maquinaria, S.L.	28592,74
Nemesio Ordoñez	28592,74.

- Saneamento e abastecemento Vilaverde.

Martínez Montes e Hijos	28490,00 euros
Transportes y Maquinaria, S.L.	28500,19
Nemesio Ordóñez	28500,19

- Saneamento e abastecemento Casalonga.

Martínez Montes e Hijos	25875,00 euros
Transportes y Maquinaria, S.L.	28879,28
Nemesio Ordóñez	28879,28

Exemplos de petición de ofertas POS 2003.
A Alcaldía xa sabía o que pasara o ano pasado, e o anterior, e o anterior...
11/02/2003 Remítese oficio a tres contratistas (mediante procedemento negociado) para:
1) Afirmado e acondicionamento de pista en Regoufe, Lamas e Seixos.

Transportes y maquinaria CP, S.L.	58028,58 euros
Construcciones Taboada y Ramos, S.L.	58118,73
Construcciones Obras y Viales, S.L.	58178,83

e 2) Afirmado e acondicionamento de pista en San Sadurniño e Vilar de Arriba.

Transportes y maquinaria CP, S.L.	55373,52 euros
Construcciones Taboada y Ramos, S.L.	55413,67
Construcciones Obras y Viales, S.L.	55503,82

Ofertas para 1) Afirmado e acondicionamento de pista en Montouto e Cacheiras.

Nemesio Ordóñez	58880,94 euros
Gómez y Cía	55880,94
Martínez Montes e Hijo, S.L.	58800,00

e 2) Afirmado e acondicionamento de pista en Recesende, A Hermida e Vilar de Calo.

Nemesio Ordóñez	55289,93 euros
Gómez y Cía	55289,93
Martínez Montes e Hijo, S.L.	55200,00

Lémbrese que os sobres coas ofertas deben entregarse pechados no Concello, e que supostamente ninguén pode coñecer as ofertas dos outros grupos.
Pode que alguén crea que isto ocorre ano tras ano por casualidade, ou que a Alcaldía non ten moito que ver neste proceso. Absolutamente falso. ¿A quen escolle Armando Blanco para estas invitacións a traballar? ¿Ós que mellor traballan? ¿Ós máis agradecidos? ¿Ou haberá que deixa un % para a causa?.

En consecuencia o grupo municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:
1. Demandar da Alcaldía, do grupo de goberno, e das forzas políticas que apoiaron ó alcalde nos últimos anos unha explicación detallada das causas que levaron a utilizar sistematicamente este sistema (fuxindo do concurso público), unha xustificación do número e titularidade das empresas convidadas, e unha explicación de por que despois de tantos anos de acordo evidente entre as empresas non se variou o sistema nin se comunicou este ilegal proceder ás autoridades vixiantes da competencia.
2. Demandar as responsabilidades políticas que correspondan ós responsables de protexer este sistema fraudulento de contratación, especificamente do Sr. Armando Blanco.
3. Acordar, a partir deste momento, a utilización da subhasta ou do concurso público para a contratación de todo tipo de obras promovidas polo Concello. Garantirase ademais a presenza dun dos membros da oposición en todos os procesos de contratación.

Debate:
O Sr. Sisto Edreira sinala que na comisión informativa se fixo fincapé nos termos e así como na anterior moción de urbanismo consideraban que era ilegal o que se facía, está é legal; respecto da prodredume non están menosprezando a ninguén, o proceso é que convidan sistematicamente ás mesmas empresas, con pequenas variacións, onde se ve que existe un acordo entre empresas para evitar competitividade e eles din que como o Concello ve iso e non fai nada, se inhibe, ¿por qué segue chamando ás mesmas empresas se ve que se poñen de acordo?.
Engade que a instrución da Deputación di que o procedemento negociado está limitado a obras de menos de 60.000 euros, así o Concello o que fai é dividir as obras e solicitar tres ofertas ás mesmas empresas, a situación é kafkiana, ¿por qué na persistencia nese sistema?, sinala que esta dinámica hai que rompela, que hai que acudir ó concurso e á subasta, que hai dúas empresas que consumen o 40% do presuposto do Concello.
O Sr. Alcalde sinala que na moción pon podridume, impunidade con que se actúa, prácticas ilegais, empresas delictivas, carta blanca para facer, corrupción xeralizada, a quen escolle Armando Blanco os máis agradecidos ou haberá que demandar un tanto por cento, e que como veñan con este lenguaxe noutras mocións vostedes e o PSG-PSOE non virán as mocións ó Pleno e non se lles contestará a nada, porque isto non pasa en ningún Concello.
Engade que o procedemento é legal e contrátase por delegación da Deputación e se fose ilegal xa non as aprobaría a Deputación.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non meta vostede Sr. Alcalde a todos no mesmo saco, sinalando o Sr. Alcalde que dixoo en xeral.

Engade o Sr. Leis Carlés que non comparten este tipo de expresións, pero que o Sr. Alcalde apunte na súa axenda sobre o tema das descalificacións porque a oposición foi a que o sufriu, pero sí comparten a esencia da moción, resposte vostede ás cuestións porque se non as rebate as está asumindo, que en outras mocións xa dixeron que se xeneralizara o concurso público porque o procedemento negociado pode perxudicar ós veciños do Concello, é unha forma oscurantista e que leva a todo tipo de sospeitas, e por iso e coas reservas sinaladas van apoiar a moción.
O Sr. Alcalde sinala que o procedemento é legal, que se piden as ofertas ás empresas que consideran convenientes e se non estivera ben xa o diría a Deputación.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que ben dicen os que presentan a moción que é legal, e que so viu a un Concello facendo un concurso para unha obra do plan de obras e servizos porque todos os concellos o fan por procedemento negociado, engade que pensa que primeiro hai que beneficiar ós veciños de Teo e ás empresas que teñen todos os concellos para traballar de man, porque tamén cando teñen que esperar para cobrar tamén esperan.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que se sinte molesto porque lle digan ó da terminoloxía; engade que unha cuestión legal vostede está a facer que sexa podre, esta xestión xenera corrupción e que o procedemento negociado non é para evitar a competencia, o que non vale é estropear o sistema, que non lles preocupa nin gardar as formas e que sinte ser desagradable nas expresións pero máis desagradable son vostedes cos feitos e que ás veces é máis ofensivo o que se fai que o que se di, que a idea da moción non é tanto criticar un procedemento legal como desnaturalizalo para evitar a competencia e se pasa así en todos os concellos pois é fraudulento.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que debía recuperarse o que é a esencia dunha obra pública, a obsesión debe ser as necesidades dos veciños, que cumprindo a legalidade debe procurarse a calidade das ofertas e o concurso público é o millor sistema e en segundo lugar dicir que non se lle pode botar nada en cara porque sempre estiveron na oposición.
O Sr. Alcalde sinala que vostede pode estimar que o concurso é o millor sistema pero nós vamos seguir como ata agora.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que hai que non sabe estar na oposición nin no goberno e que hai empresas que van ó límite e outras á baixa, e con respecto ó tema de que se poñen de acordo que non o cre, e remata sinalando que o procedemento negociado non é unha práctica que se faga só en Teo, faise en todos os concellos e non pode crearse tanta alarma.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.
Neste intre a Srª. Concelleira Bugallo Rodríguez explica que hoxe presentou a súa demisión e que polas súas obrigas ten que ausentarse do Pleno.

9º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A SITUACION ACTUAL E O FUTURO DA OFICINA DE CORREOS DE TEO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda.
Dada conta directamente da moción, coa emenda de adición aceptada durante o debate, que ten o seguinte contido:

“”No momento actual a oficina de correos do Concello de Teo ten un horario de apertura mínimo, e unha dotación de persoal moi pequena. Desde os distintos grupos políticos sociais e veciñais vense chamando a atención da situación deste servizo nos últimos anos. Concretamente nos últimos meses, e aproveitando a sinatura dun convenio de cesión por parte do Concello de Teo ó organismo de Correos fíxose mención da necesidade de que se solucionasen estes problemas que crean gran malestar na poboación. Cremos que o Concello de Teo ten autoridade moral para poder solicitar determinadas melloras no servizo, pois mentres que noutros concellos veciños Correos mercou a prezo de mercado os locais destinados ás súas instalacións, en Teo fóronlle cedidos de balde.
Con esta situación previa chégannos informacións que nos indican que o organismo de Correos ten previsto reordenar o servizo da zona, de tal xeito que dúas persoas que actualmente traballan en Teo pasarían a traballar na oficina do Milladoiro, pasando a parroquia de Calo a recibir o servizo desde o Milladoiro. Tamén que das dúas persoas que nos próximos meses pasarían a traballar en Teo, unha delas sería adscrita á oficina do Milladoiro.
Como medida de mellora do servizo incluiríase a apertura do despacho de correos da Ramallosa unha hora máis ó día.
Desde este grupo municipal entendemos que de concretarse esta modificación veríase comprometida seriamente a viabilidade futura dun servizo de calidade de correos para todo o Concello. A posibilidade de que se dote técnica, persoal e administrativamente o servizo de correos de Teo afástase de xeito irremediable. E aínda que individualmente algúns veciños e veciñas do Concello se visen favorecidos pola proximidade ó Milladoiro, debemos ter en consideración as necesidades globais do Concello, as consecuencias presentes e futuras, que accións como a que se pretende tomar van a ter para o resto dos veciños e veciñas. Así podemos chegar a que exista unha gran oficina no Milladoiro con dotación técnica, infraestructura e persoal para unha pequena parte do Concello, quedando a maioría de Teo dependendo de unha oficina mal dotada, sen persoal, con un horario mínimo de apertura e un reparto non diario.
En consecuencia, o grupo municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo que inclúe a negociación con Correos dos seguintes puntos:
1. Mantemento das zonas e do persoal destinado ó Servizo de Correos de Teo.
2. Apertura das mañás de sábado completas da oficina de Teo.
3. Dotación técnica e de persoal que garanta uns servizos de calidade no reparto e nas demais encomendas de Correos.
4. Ampliar o servizo de atención ó público da oficina da Ramallosa durante os días da semana.””

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que xa foron varias as iniciativas do BNG sobre o déficit deste servizo, certo é que se teñen dado pasos para avanzar, pero que o organismo de Correos ten previsto reorganizar o servizo e dúas persoas van para o Milladoiro, engade que non se opoñen a que se mellore o Milladoiro porque redunda en beneficio de Calo, pero que o Concello está a perder peso, que lles preocupa que o servizo na globalidade do Concello se vexa perxudicado, e piden que se manteña e aumente o persoal.
O Sr. Alcalde sinala que é demasiado pronto para facelo pero van apoialo; engade que lle informaron dúas persoas desta oficina de traslados de persoal a Milladorio pero que o Xefe da Oficina de Correos lle dixo que de momento non había nada, engade que se fixo a cesión do local e estiveron moito tempo para asinalo porque tiña que ir a Madrid, despois da

conformidade coas condicións da cesión foi cando se asinou a cesión, pero hai o problema de acceso dos minusválidos e estáse a ver polos técnicos como se financia e se constrúe e estamos para facelo, que van apoiar a moción porque pensan que va en beneficio dos veciños para facer un pouco máis de forza.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que as xestións se fagan por escrito.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que non é lóxico que perdamos o que temos en Teo e isto hai que apoialo con toda a forza e mandalo á Correos para que se potencie a oficina de Teo o máximo posible.
Votación e resultado:
Sometida a votación a moción, o Pleno do Concello por unanimidade dos dezaseis membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen, pertencentes ós grupos municipias do PP (8), do BNG(3), do PSG-PSOE(4) e do Mixto(1) acorda aprobar a moción nos seus propios termos.

10º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A RECLAMACIÓN DO HOSTAL BARILOCHE SOBRE GASTOS DOS IRMÁNS VIEITES SUÁREZ.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda.
Dada conta directamente da proposta da Alcaldía que transcrita di:
“”Por mor dun accidente de tráfico acaecido o día 13 de xaneiro de 1999, no que resultou afectada unha vivenda ocupada, en réxime de alugueiro, polos irmáns Luis e Francisco Vieites Suárez, estas dúas persoas foron hospedadas, a pedimento do Concello, no Hostal Bariloche, de Calo.
A situación de hospedaxe durou ata o 19 de novembro de 1999. O compromiso co hostal era que o Concello de Teo pagaría unha parte dos gastos, con cargo ó programa de emerxencia social, e o resto sería aboado coa indemnización reclamada, por vía xudicial, á compañía de seguros do camión accidentado. A este respecto, os dous irmáns asinaron un compromiso, perante a traballadora social do Concello, para facer fronte, de xeito preferente, ós gastos de hospedaxe.
Unha vez recaída sentenza e aboada a indemnización ós afectados, estes non deron coñecemento ó concello, deixando o aloxamento no hostal sen pagar os gastos derivados da súa estancia. Desde aquel momento déronse varios pasos para intentar que esta xente se responsabilizara dos gastos, pero foron infrutuosos. Dadas as circunstancias persoais dos irmáns Vieites Suárez, descartouse calquera actuación xudicial, pois non tería resultado práctico algún.
A propietaria do Hostal Bariloche, Dª Josefina Abeijón Varela, reiterou, mediante escrito de 17 de marzo de 2005, a súa petición de que o Concello asumira os custos da estancia no hostal do citados irmáns durante o ano 1999, pois o seu acollemento foi motivado pola solicitude do Concello.
Tendo en conta as circunstancias que concorren neste caso, esta Alcaldía considera que a reclamación formulada é xusta, por canto o gasto soportado polo Hostal Bariloche deriva dunha actuación municipal, sendo o Concello, polo tanto, responsable último do mesmo, sen prexuízo das responsabilidades que poida esixir ós afectados.
Deste xeito, a Alcaldía somete á Comisión Informativa de Facenda, para o seu dictame e elevación ó Pleno, proposta de adopción do seguinte acordo:
Efectuar un recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe de nove mil oitocentos setenta e nove euros con vinte céntimos, (9.879,20€), a favor de dona Josefina Abeijón Varela, propietaria do Hostal Bariloche, en concepto do pendente pagamento das facturas por manutención e aloxamento dos irmáns Luis e Francisco Vieites Suárez.””.

Debate:
Explica o Sr. Alcalde que estas persoas polo accidente quedaron sen nada e por Servizos Sociais xestionouse a estancia no Bariloche polo tempo que Servizos Sociais estimou, foron a xuízo e fixeron uns compromisos que constan por escrito pola traballadora social e polos irmáns Vieites Suárez; engade que cambiaron de avogado nese tempo, cobraron e non fixeron o que acordaron, e por iso hai que facer un recoñecemento extraxudicial; engade que podían denuncialos pero todos coñecen a estes señores e non teñen nada.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que hai que pagarlle á persoa que ten un negocio, pero que alucina sobre como se tramitou isto, porque é unha axuda de emerxencia social e hai un regulamento no Concello e que vostede Sr. Alcalde saiu no xornal nunha foto levándoos ó Bariloche.
Engade que esta xente ten problemas de atrás moi graves, e pregunta, ¿qué compañía de seguros lle paga 6.000 euros por un ano nun hotel?, lle pagaría un mes como moito e os perxuízos polos danos nas poucas cousas que tiveran; que se asumiron uns compromisos increíbles e o grave é como se está xestionando este tipo de problemas, que compañía lle iba a pagar un ano nun hotel.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que compartindo os argumentos do Sr. Iglesias non debe ser tomado como asunto de trámite, que na proposta da Alcaldía se di previo pedimento do Concello, e pregunta, ¿de quén?, que foi o Sr. Alcalde o que tomou a decisión.
O Sr. Alcalde sinala que iso o dí vostede.
Continua o Sr. Concelleiro sinalando que se a vivenda non era destes señores como iban a cobrar indemnización, engadindo que nos temos constancia de que non cobraron nada ó día de hoxe, e ademais é que só poden cobrar unha indemnización polos pequenos enseres que tiveran na casa alugada.
¿A quén corresponde a responsabilidade de que estes señores permaneceran un ano no Barilocche cando o Concello ten unha casa para estas cousas?.
Resposta o Sr. Alcalde que naquel momento non se podía.
Engade o Sr. Concelleiro que é unha decisión irresponsable súa Sr. Alcalde e a teñen que pagar todos, e pide que se deixe sobre a mesa mentres non se clarexe o tema do cobro da indemnización.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que cre que calquera que mandara faría naquel momento o que se fixo, máxime cando cre que non había outra vivenda do Concello; engade que cre que estiveron metidos alí demasiado tempo e agora hai que tomar a decisión de pagar, sabe o que pasou naquelas datas e pregunta que que lles farían ó Concello se foran familiares e o Concello non fixera absolutamente nada e que como a eles non se lles pode cobrar nada o do Bariloche non pode quedar sen cobrar.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que o problema é quen pensou que se iban a gastar 9.000 euros neste tempo, que comprende que un 9 de xaneiro ten que buscarse un domicilio pero o día 31 había que buscar outra solución, porque unha cousa é a asistencia social e outra tirar os cartos, engade que eles abstéñense aínda que apoian que o Bariloche cobre e a Alcaldía ten moita responsabilidade.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non van a apoiar a moción porque o argumentario que se utiliza polo Alcalde para xustificar o pago é falso.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que isto é unha emerxencia social e pide a sensibilidade dos grupos para que cando se atenda a persoas así traten de apoiar, que é un feito do ano 2000 e que naquel momento había que tomar unha decisión urxente.
Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta da Alcaldía, o Pleno con nove votos a favor pertencentes ós grupos municipais do PP (8) e Mixto (1), catro votos en contra do grupo do PSG-PSOE (4) e tres abstencións do grupo do BNG (3) acorda:
1º) Efectuar un recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe de nove mil oitocentos setenta e nove euros con vinte céntimos, (9.879,20€), a favor de dona Josefina Abeijón Varela, propietaria do Hostal Bariloche, en concepto do pendente pagamento das facturas por manutención e aloxamento dos irmáns Luis e Francisco Vieites Suárez.

11º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE PROPOSTA SOBRE DA APLICACIÓN DO PROTOCOLO ASINADO O 20 DE MAIO DE 2003 ENTRE O CONSELLEIRO DE SANIDADE E O ALCALDE DE TEO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE TEO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Asuntos Sociais e Sanidade.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
O 20 de maio de 2003 o Alcalde de Teo, Armando Blanco e o entón Conselleiro de Sanidade, Hernández Cochón, asinaron un protocolo de colaboración para establecer as bases cara a futura construción dun novo Centro de Saúde no Concello de Teo.
Por parte do SERGAS estaba previsto un investimento total de 1.800.000 euros (incluíndo obra e equipamento).

Por outra banda, no devandito protocolo, o SERGAS comprometíase explicitamente a construír un Centro de Saúde que disporía de:
- prestacións de medicina de familia e enfermaría.
- programas de apoio de odontoloxía, fisioterapia e educación maternal.
- espazos para a atención de urxencias.

No que respecta ó Concello de Teo, o protocolo definía que, en contrapartida, habería que achegar:
- terreos (uns 4.000 metros cadrados inicialmente) e os permisos correspondentes
- dotación de infraestruturas.
- compromiso de mantemento das instalación no futuro.

Mais o realmente grave e preocupante deste protocolo é que tanto no texto do mesmo como no "anteproxecto do plan funcional para o Centro de Saúde de Teo" (sic) que se xuntaba, este equipamento construiríase para "prestar atención sanitaria á poboación que neste momento é atendida nos consultorios dos Tilos, Cacheiras e Pontevea", isto é, non están contemplados aquí os cidadáns que hoxe en día son atendidos no Centro de Saúde de Calo.
Deste xeito, no Concello de Teo, en materia de asistencia sanitaria vai haber dúas categorías con dous tipos diferentes de prestacións e, polo tanto, nunha clara situación discriminatoria:

A) Cidadáns que hoxe son atendidos nos Centros de Saúde dos Tilos, Cacheiras e Pontevea. No novo centro sanitario que se prevé construír de acordo co devandito protocolo gozarán das seguintes prestacións (detalladas no citado Plan funcional para Centro de Saúde en Teo):
- terán atención con quendas de mañá e tarde.
- 6 consultas de medicina xeral.
- 3 consultas de enfermaría.
- 2 consultas de pediatría.
- 1 consulta de enfermaría pediátrica.

− 1 consulta para matrona con sala de educación maternal.
− 1 consulta de odontoloxía.
− 1 ximnasio de fisioterapia.
− área de recepción con arquivo de historias clínicas (20.000 aprox.).
− sala de estar de persoal.
− sala de reunión de biblioteca.
− despacho de xefe de servizo.
− despacho de farmacéutico.
− consulta polivalente.
− área de urxencias.
− zonas comúns (aseos, oficios, salas de espera, etc.).

B) Cidadáns atendidos no Centro de Saúde de Calo: hoxe por hoxe, en relación co anterior, ademais de non dispor de espazos e comodidades para diferentes funcións, carecerán como mínimo, de:
− atención en quendas de mañá e tarde.
− ximnasio de fisioterapia.
− servizo de odontoloxía.
- asistencia farmacéutica.
− área de urxencias.

En datas recentes, o Alcalde de Teo fixo pública unha nota de prensa na que anunciaba que informará ó Conselleiro de Sanidade sobre dun terreo para a construción deste novo centro de saúde nas inmediacións da Casa Consistorial na Ramallosa. Na mesma información o Alcalde Armando Blanco ratificaba o contido do Protocolo nos termos aquí expostos.

Acordo:
Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu equipo de goberno a:
1. Convocar urxentemente á Comisión Informativa de Saúde para informar detalladamente do devandito protocolo e dos pormenores da construción do Centro de Saúde: características técnicas, ámbito de actuación, prazos de construción e posta en funcionamento, etc.
2. Facer xestións inmediatamente diante da Consellaría de Sanidade para que os cidadáns que neste momento son atendidos no Centro de Saúde de Calo teñan garantidas exactamente as mesmas prestacións que as previstas no devandito protocolo para os restantes cidadáns do Concello.
3. En canto ós servizos contemplados no protocolo, para optimizar a asistencia sanitaria dos cidadáns de Teo, deberíanse incorporar os seguintes:
− algunha sala de radiodiagnóstico.
− sala de atención para uso en caso de posibles desprazamentos de especialistas hospitalarios.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que aquí hai dous problemas, un dos terreos, ¿dispón deles?, resposta o Sr. Alcalde que non, engadindo o Sr. Concelleiro que se non dispón como se pode enganar ós cidadáns coas noticias do xornal; engade que o protocolo asinado sae detallado no xornal e no protocolo por dúas veces se di que afecta á poboación de Os Tilos, Cacheiras e Pontevea, polo tanto se está excluíndo a unha parte do Concello de Teo, aínda que eles comparten ese modelo de centro de saúde recollido nese protocolo.

Continúa sinalando que no protocolo hai prestacións de calidade das que se carece neste momento no Centro de Saúde de Calo, que o que se pide é que se garanta ó resto dos veciños de Teo a igualdade na calidade da prestación.
O Sr. Alcalde sinala que vostede di o que quere, calquer veciño dun Concello pode ir a calquera centro de saúde que exista no Concello, vostede fai demagoxía barata; engade que ese centro ía a facerse na leira da urbanización de aquí ó lado, que despois foi embargada e quedámonos sen finca; a finca seguinte foi unha masa común e a Comisión de Seguimento da Concentración Parcelaria reuniuse para ceder anticipadamente a finca, para cedela despois o Concello, pero non asinaron, parece ser que estaban pendentes de outros acordos con concentración parcelaria, e agora está convocada novamente a comisión para ver si se cede.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que na comisión informativa xa mostrou a súa disconformidade coa moción.
Sinala que é un convenio asinado en época electoral pero cunha finalidade obxectiva, que era necesario un novo centro para dar un servizo de calidade a outras zonas que non eran Calo onde xa está o novo modelo de atención primaria; engade que a asistencia sanitaria en Cacheiras é unha bomba de reloxería, non se pode ir ás 7 da mañá para recoller tiquet; agora ben eles non apoian o que se di na moción para cando estea feito o centro, porque agora non hai nada e o centro de saúde non existe, se no seu momento existe desigualdade na prestación con respecto a Calo por suposto que a asumirán, pero agora non é o momento; que non pode tensionarse unha parroquia como Calo cando non existe o centro de saúde feito e por outra banda está a recibir a millor calidade sanitaria agora, e remata sinalando que non comparte o xeito de presentar esta moción o PSG-PSOE.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que cre que esta moción trata dous puntos diferentes que son malos para Teo:
1º) Que tratan de boicotear a construción dun centro de saúde en Teo.
2º) Que pretenden enfrentar ós veciños das distintas parroquias do Concello e pensa que este non é traballo da oposición, pretenden crispar á opinión pública cunha obra tan importante para o conxunto dos habitantes de Teo.
Engade o Sr. Concelleiro que ó centro de saúde poderán acudir todos os veciños do Concello de Teo, todos. Continua sinalando que vostedes lle mandan un panfletiño só ós veciños de Calo para que se vexan discriminados cando agora mesmo o centro médico de Calo é o millor do Concello, pero non o mandan ó resto dos veciños do Concello.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que eles din o que di o protocolo e piden o que se pide na moción; que o protocolo pretende dar solución ós problemas de saúde en Teo, ¿que ocurre?, que existe unha lagoa porque se ofrece a tres lugares e se esquecen outros, que o novo goberno que vai existir neste país vai garantir que este centro de saúde resposte ás necesidades do todos os veciños de Teo e non se pretende crispar ós veciños, e remata sinalando que el defende os intereses dos veciños de Teo.
O Sr. Alcalde sinala que o Alcalde é un e é para todo o Concello e para todos os veciños, que vostede crispa ós veciños en todo o Concello, que recordo o problema da autovía e vostedes que viñeron con bandeiras e ó final fun eu a amañar o problema; o outro día hai un problema en Oza e alí están vostedes enfrentando ós veciños que é o que fan vostedes.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que escoitando o portavoz do PSG-PSOE non coincide con el, que calquera persoa do país en atención primaria pode ir ó centro que queira, o que pasa aquí a día de hoxe é que non poden ir en Teo e a reciben no Milladoiro; hai pois un erro evidente, se está creando un problema onde non o hai, non se pode falar de agravios comparativos no futuro e remata sinalando que cando resulta que a xente de Cacheiras non ten unha asistencia sanitaria digna ó final acabamos falando do sexo dos ánxos.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que os veciños de Calo nunca perderán o centro de saúde, que en todo caso poderá mellorarse se é necesario.
Pregunta, ¿cómo non se senten discriminados as outras parroquias que non teñen campo de fútbol artificial según a súa tesis?, doélle e é o mesmo exemplo que fan vostedes para outras cousas; que vostedes tratan de provocar un enfrentamento que non hai, e vostedes non din os servizos que teñen en Calo e non teñen outros.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 4, do grupo municipal do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións: 3, do grupo municipal do BNG (3).
Queda rexeitada a moción.

12º) MOCIÓN DO BNG SOBRE FUTURAS CONVOCATORIAS DO PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE TEO.
Abandoan o Pleno neste intre os señores concelleiros Tallón Mesías e Rego Jorge.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Asuntos Sociais e Sanidade.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Vista a solicitude enviada polo Concello de Teo á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para o financiamento do Plan concertado de servizos sociais chámannos a atención diversas partidas. Este plan concertado ten a figura xurídica dun acordo das tres administracións (estatal, autonómica e local) para o financiamento e axuda técnica ós servizos sociais municipais, xa que o Concello é a administración responsable desta prestación ós cidadáns segundo o regulado na Lei de bases de réxime local.

O Concello de Teo gastará:
- na festa da nai: 31.290 euros.
- na romaría de xuntanza da terceira idade: 22.900 euros.
- en excursión dun día de duración: 16.300 euros.
- en excursión a Tenerife sur: 26.000 euros.

A suma total destas actividades ascende a 96.490 euros.
Esta contía é excesiva, pero sorprende máis se se compara co total do solicitado: 408.898,81 euros.
É dicir, o 25% do gasto en servizos sociais de Teo, segundo esta solicitude, dedícase a festas, excursións e demais "servizos básicos" ós cidadáns. Pero se descontamos desa cantidade total o comprometido para o persoal, 170.776,89 euros, atopámonos que a cantidade dedicada a festas e excursión aproxímase perigosamente ó 50% para os programas de servizos sociais. Baste un exemplo: o Concello de Teo dedicará, no ano 2005, 30.060 euros ó programa de axuda no fogar e apoio á unidade de convivencia, máis coñecido como axuda a domicilio.
O BNG de Teo, como calquera persoa razoable deste concello, considera insultante que se poida facer unha previsión na que se dea esta desigualdade. O BNG respecta e apoia o dereito dos nosos maiores e das persoas en xeral a gozar de comidas, festas e excursións, pero máis defendemos os dereitos dos nosos maiores a dispoñer de servizos de atención para cando non poidan valerse de seu. Defendemos o dereito a celebrar o día da nai, pero hai que ter en conta que esas mulleres e homes van ter que facerse cargo dos seus familiares case sen axuda,

porque os cartos que se terían que dedicar a estes servizos están sendo utilizados para pagar excursións a Tenerife Sur.
Comparando as cantidades antes sinaladas con outras partidas a indignación é un sentimento lóxico. Baste dicir que se dedican máis cartos á excursión que ó arranxo de vivendas por emerxencia social (6.000 euros), axudas para medicinas e ortopedia de primeira necesidade (5.100 euros) bolsas e axudas ó estudo (6.200 euros). Tres tipos de gasto que, como todas as persoas podemos entender, teñen moita menos importancia que unha excursión ou unha festa.
En fin, que os servizos sociais de atención primaria, que segundo a Lei de servizos sociais de Galicia "desenvolven programas e prestan axudas favorecedoras da participación e benestar social das persoas ou grupos dentro do seu contorno comunitario, especialmente daqueles que están ou corren o risco de estar en situación de carencia ou marxinación", no Concello de Teo dedícanse a festas e excursións. E en vez de traballar coa cidadanía dentro da propia comunidade, mandamos a uns poucos a Tenerife Sur.
O BNG de Teo entende e apoia o dereito das persoas maiores a participar en viaxes e vacacións con características e custos adaptados ás súas necesidades e pensións. Pero este dereito e esta necesidade asegúrase mediante os programas de turismo social e vacacións do INSERSO e da comunidade autónoma, e pagados por unhas administracións que teñen uns orzamentos destinados a tal fin. O Concello de Teo non ten un orzamento que lle permita facer fronte ós custos dun programa de vacacións destinado á maioría das persoas maiores, polo que programando actividades deste tipo sempre serán simbólicas, os seus destinatarios son poucos e os seus obxectivos afastados dos servizos sociais. Recomendámoslle que se quere potenciar o ocio e o lecer entre as persoas maiores estableza un programa que lles permita ás rendas máis baixas acudir ás viaxes e vacacións programadas polas outras administración mediante un sistema de axudas para sufragar os custos dos mesmos.

Por outra banda, e aínda que legalmente nada o impida, sería bo que os provedores que traballan para o Concello de Teo neste tipo de eventos non sexan os mesmos que logo o fan para o partido do goberno ou para o Alcalde señor Blanco. Entendemos que desde un punto de vista político é máis adecuado separar unhas actividades doutras, pois sempre pode haber persoas mal intencionadas, ou simplemente malpensadas, que relacionen economicamente ós que montan as comidas que o Concello organiza cos que montan as paparotas que o Alcalde ofrece, especialmente en épocas electorais. O BNG de Teo comprométese, cando chegue á Alcaldía de Teo, a separar os provedores do Concello das actividades partidarias. Rogariámoslle ó actual Alcalde que faga o mesmo.

Consecuentemente o grupo municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:
1. Dentro dos orzamentos do Plan concertado de servizos sociais en futuras convocatorias, a cantidade destinada a festas, comidas, celebracións, degustacións ou "pinchos" non poderá ser superior ó 10% do orzamento do Plan concertado unha vez retirados os gastos destinados a persoal.
2. Dentro do orzamento do Plan concertado de servizos sociais en futuras convocatorias, a cantidade destinada a excusións e visitas, ben sexa dun ou varios días de duración, non poderá ser superior ó 10% do orzamento do Plan concertado unha vez retirados os gastos destinados a persoal.
3. As actuacións recollidas no Plan concertado de servizos sociais estarán no futuro dirixidas prioritariamente, e tal como tipifica a Lei de servizos sociais de Galicia ós servizos de atención

primaria, a satisfacer as necesidades básicas daqueles veciños e veciñas que están, ou corren risco de estar, en situacións de carencia ou marxinación.
4. En vindeiras convocatorias potenciaranse as partidas destinadas ó arranxo de vivendas de emerxencia social, axudas para medicinas e ortopedias de primeira necesidade e bolsas e axudas ó estudo, marxinadas no actual reparto orzamentario do plan.

Debate:
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que lle parece escandaloso o adicado a festas, que isto non son os servizos sociais, que debía chamarse Concellería de Festas e por elo fan propostas para novas convocatorias do plan concertado, que espera se respecten.
En definitiva solicitan que o presuposto para servizos sociais tivera unha lóxica e tivera que ver cos servizos sociais, que a Tenerife se pode ir no Programa da Vacacións da 3ª idade.
O Sr. Alcalde sinala que van seguir na mesma liña e non van aprobar a moción.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que o servizo de axuda no fogar é raquítico e que a infravivenda municipal está sen atender, que é lamentable que non haxa debate.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

13º) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE SOLUCIÓN DEFINITIVA ÓS PROBLEMAS DA REDE DE SANEAMENTO EN VILAVERDE (PARROQUIA DE CALO).
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
No lugar de Vilaverde dáse un problema similar ó da Pedreira en canto ó asunto da rede de saneamento: parte da aldea goza do servizo e a outra non, a pesar de ter tamén estendida a liña e de ter pagado o servizo, porque non está conectada coa rede xeral.
Tamén, no seu momento, por parte de membros do equipo de goberno se formularon informalmente solucións técnicas (un pozo de bombeo) que non só, non son do agrado do colectivo veciñal, senón que concitan o rexeitamento practicamente xeneralizado por consideralas inadecuadas e que mesmo poderían crear problemas máis graves e de difícil solución no futuro.
Cando os socialistas de Teo nos interesamos nun Pleno xa por este tema, o Alcalde respostou frivolamente, con evidente desprezo para os veciños/as do lugar, que o problema só se solucionaría “se subimos a aldea ou baixamos o río”, atribuíndo o mesmo a unha suposta situación do río por riba da aldea, cousa que, como se pode comprobar, é absolutamente incerta.
Hoxe en día o problema acada cotas de grande magnitude porque os residuos, que proveñen do resto da aldea que conta con este servizo, estáncanse en determinadas zonas do lugar e provocan cheiros insoportables.

Acordo:
Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu equipo de goberno a que coa maior axilidade posible:

1. Abra un proceso de diálogo cos veciños/as e sobre de todo, cos propietarios de posibles predios afectados, que están dispostos a acordar unha solución efectiva ó problema.
2. Encargar a redacción do correspondente proxecto técnico e habilitar os fondos municipais pertinentes para materializalo canto antes.
3. Como solución técnica máis viable os veciños/as afectados propoñen levar a rede pola extrema dunha finca particular, cuxa propietaria está disposta a facilitar a solución, ata chegar a carón do río e desde alí cruzar a tubería para conectar coa rede xeral que baixa pola marxe contraria.
4. Así mesmo, cumpriría que, coa maior prontitude posible, se proceda a revisar as arquetas construídas, pois algunha delas está totalmente levantada e provoca graves riscos e molestias para os veciños.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío pregunta polo tubo da casa Srª Marina, ¿teñen prazos para quitalo?.
O Sr. Alcalde sinala que vai respostarlle a esta moción igual que as outras mocións deste tipo, porque saben das necesidades das parroquias e que se van facendo as cousas cando existe consignación presupostaria, que levan vinte anos e coñecen todas as necesidades dos veciños, que a admitiría como un rogo, pero non como moción, e que aínda que lle diga que vai unha paralela para solventar o problema, que estivo en exposición pública o proxecto e se está a facer, vostede dirá o que queira.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que van apoiala, que as cousas deben facerse pouco a pouco, pero a culpa é súa Sr. Alcalde porque non hai un plan de actuación e as obras fánse a golpe de non se sabe que, que falta o plan xeral e fánse as cousas arbitrariamente.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que quere agradecerlle ó Sr. Conde Tarrío que despois de coarenta anos que naceu en Calo, fai un ano empezou a coñecer Vilaverde; engade que o que plantexan na moción non ven ó caso porque alí o saneamento estáse a facer, e cousas que se plantexan aquí xa foron descartadas no seu día, que o proxecto xa estivo en exposición pública e que non lle veñan agora con esta música.
O Sr. Concelleiro Castroagudín Valladares sinala que os tubos son de pluviais e non se poden quitar e que foron postos fai doce anos.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés pregunta, ¿ten vostede un plan integral de saneamento e abastecemento?, ¿hai veciños en Vilaverde que cando presentamos a moción carecen de abastecemento e saneamento?.
Engade que a moción está perfectamente lexitimada polas necesidades dos veciños que os chamaron alí e trataron de buscar solucións alí.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que vostedes non falaron cos veciños, falaron cunha veciña, porque os veciños saben que o proxecto xa pasou a exposición pública, chegan vostedes tarde; engade que o programa do PSG-PSOE é desacreditar a Parajó con centros de saúde e demais, xa poden levar papeis con nocturnidade e alevosía.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

14º) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE SOLUCIÓN DEFINITIVA ÓS PROBLEMAS DA REDE DE SANEAMENTO EN OSEBE.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.

Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:

No lugar de Osebe, preto da antiga estación do ferrocarril, fronte do bar Moar, existen varias casas que quedaron no seu día sen servizo de sumidoiros. Por parte das autoridades locais díxose que xa había un proxecto e o seu correspondente orzamento para realizar a obra e mesmo se lle explicou ós afectados como se faría. Ó día de hoxe e a pesar de que os socialistas de Teo nos interesamos pola cuestión varias veces diante dos mandatarios municipais de Teo, a obra segue sen levarse a cabo.

Ó parecer, o Concelleiro Castroagudín propúxolle ós veciños resolver o problema facendo fosas sépticas, solución que loxicamente non é aceptada polos afectados.

Así mesmo, o núcleo tradicional de Osebe carece de saneamento e abastecemento. Á veciñanza non lle consta que se cumprira a promesa que se lles fixo no seu día de, aproveitando as obras do ferrocarril, levar a tubería por debaixo da vía do tren para enganchala despois na rede xeral en Vilaverde.

Acordo:

Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu equipo de goberno a que, sen máis dilacións proceda a:

1. Abrir urxentemente un proceso de diálogo cos veciños e veciñas desta parte do Concello para consensuar unha solución axeitada ós problemas de que estamos a falar.
2. Redactar un proxecto técnico coas solucións propostas e acordadas, e habilitar a partida orzamentaria correspondente para financiar e facer realidade o proxecto.
3. Estender a rede de saneamento e abastecemento ó núcleo tradicional de Osebe e levar o tubo por debaixo da vía para enganchalo na rede xeral en Vilaverde.
4. En canto a posibles solucións técnicas para as casas diante do bar Moar, descartar a construción de fosas sépticas e levar a liña desde as vivendas afectadas ata o Río Tinto, para desde alí cruzar o mesmo para conectar na rede xeral que baixa pola outra marxe.

Debate:

O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que cando eu era o presidente dunha asociación vostede Sr. Castroagudín díxome que estaba o presuposto feito.

O Sr. Alcalde sinala que este asunto o admitiría como rogo, non como moción.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que diante do Bar Moar non é Vilaverde é Osebe, e vostede non coñece aquelo; engade que é partidario de levar o alcantarillado por diante, á altura da estrada e en canto á aldea de Osebe está proxectado facer o alcantarillado para cruzalo por unha ponte que existe de antigo.

O Sr. Conceleiro Leis Carlés pregunta ¿está resolto o problema de abastecemento e saneamento?, e remata sinalando que queda en evidencia as discrepancias dentro do propio equipo de goberno en canto a cuestións técnicas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (2).

Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).

Queda rexeitada a moción.

15º) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE SOLUCIÓN DEFINITIVA ÓS PROBLEMAS DA REDE DE SANEAMENTO EN A PEDREIRA (PARROQUIA DE CALO).
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
No lugar da Pedreira, ó longo da estrada a Biduído a tubería da rede de saneamento estendeuse hai case dous anos, mais os veciños/as seguen sen servizo a pesar de ter pagado á empresa concesionaria as taxas polos contadores e acometidas. Isto é, pagaron un servizo (600,98 euros en cada caso) do que, case dous anos despois, aínda non gozan.

Algo similar ocorre na parte da Pedreira que cae cara ó Río Tinto. Aquí tamén, non hai moito, construíuse a rede de sumidoiros, mais permanece inoperativa porque carece de enganche coa rede xeral. Dáse tamén o caso de que os veciños/as pagaron o servizo (falta por pagar a taxa municipal de enganche, 30,05 euros) pero este non existe.
Hoxe en día pode observarse como as tuberías, que, en principio, non están conectadas á rede xeral, rematan vertendo augas residuais de orixe non determinada directamente ó río Tinto na ponte da estrada nova que se fixo por mor das obras do ferrocarril.
Por outra banda, hai varias casas deste lugar, nas chamadas "Penedas" e na parte próxima á vía do tren que non dispoñen destes servizos.

Acordo:
Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu goberno municipal a:
1. Establecer conversas coa veciñanza para informala das posibles solucións.
2. Redactar un proxecto técnico e acompañalo da correspondente provisión de fondos que permita executar as obras.
3. En canto a ideas para solucionar tecnicamente o problema, previas autorizacións legais dos organismos superiores competentes, propoñemos:
A. Ó longo da estrada a Biduído e do novo tramo da desviación da Bertamiráns–A Ramallosa: atravesar o río na zona da nova ponte da estrada de desviación para enganchar coa liña xeral que discorre xusto polo fronte.
B. Na parte da Pedreira que da ó río Tinto: tamén pasar a tubería por debaixo do río para conectar coa rede xeral que baixa pola marxe oposta.
C. Na zona das chamadas Penedas darlle solución ás 4 casas existentes levando a canalización polo antigo carreiro que sae á estrada de Biduído.
D. Nas outras catro casas que están preto da vía do tren podería engancharse na rede xeral de saneamento que baixa desde o concello limítrofe de Ames.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío explica sucintamente a moción. O Sr. Alcalde sinala que a admitiría como rogo, non como moción, e que tamén estivo en exposición pública o proxecto.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que as catro casas están en vías de solución.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que a día de hoxe os veciños carecen de servizo e que alégrase das súas recentes xestións.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

16º) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE CONVOCATORIA URXENTE DA COMISIÓN DE OBRAS E SERVIZOS PARA INFORMAR E TOMAR DECISIÓNS SOBRE O PLAN DE TRANSPORTES METROPOLITANO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
O Plan de Transporte Metropolitano é unha das principais reivindicacións dos veciños e veciñas de Teo.

Por este motivo, o grupo municipal socialista, xa plantexou nesta lexislatura diversas iniciativas institucionais e sociais reclamando a rápida posta en marcha do servizo regular de transportes. Mesmo no último trimestre do pasado ano, con este propósito, levou a cabo unha intensa campaña de sensibilización cidadá ó respecto con iniciativas institucionais, medios propagandísticos e recollida de sinaturas entre a veciñanza.
Pola contra, a actitude do Alcalde Armando Blanco e o seu equipo de goberno sobre a cuestión é dunha irresponsable pasividade, por non dicir de absoluta despreocupación. Ademais de evidenciar en diversas sesións plenarias un descoñecemento total sobre do proxecto de Plan de transportes que estaba a elaborar a Consellería de Política Territorial e a Mancomunidade de Santiago, agora ven de recoñecer publicamente que non se podía pronunciar sobre do borrador presentado porque non tivo tempo para revisar o expediente.
Isto resulta desde todo punto de vista inexplicable porque o grupo socialista tivo coñecemento que, con data 22 de marzo de 2005 (rexistro de entrada núm. 1319), chegou ó Concello de Teo o citado borrador do Plan de transporte metropolitano da comarca de Santiago, remitido pola Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial.
Na carta, coa que se xuntaba o texto, o Director Xeral de Transportes explicaba que enviaba o borrador para que o Concello de Teo presentara as alegacións e suxestións que estimara oportunas, porque á volta das vacacións de Semana Santa convocaría ós alcaldes dos municipios afectados para recabar todas as opinións e ultimar os detalles antes de pechar definitivamente o devandito plan.
Mesmo, no último Pleno da Corporación de Teo, celebrado o martes 29 de marzo, o grupo socialista pediu ó Alcalde información sobre deste borrador e mesmo lle preguntou se os grupos da oposición ían ter oportunidade de examinalo para suxerir ideas sobre o mesmo. O Alcalde manifestouse absolutamente en contra de facilitar o texto.
Como puidemos comprobar estes días, diversos alcaldes de municipios da redonda pronunciáronse publicamente ó respecto. Incomprensiblemente, o Alcalde de Teo é o único rexedor que manifesta que non pode opinar porque non tivo tempo para revisar o expediente, despois de telo durante bastantes días á súa disposición.
Esta actitude neglixente por parte do Alcalde Armando Blanco e o seu grupo de goberno plásmase no mesmo documento do borrador remitido pola Consellería de Política Territorial nun feito concreto e claramente significativo: o Concello de Teo é o único municipio afectado do cal non figura no texto (Anexo III) a proposta de emprazamentos das paradas de autobús tal como lle esixía a estipulación sexta do devandito convenio.

Por outra banda, cómpre concretar diversos aspectos que no convenio non están suficientemente clarexados ou que nin sequera están suxeridos e dos que a Corporación Municipal se debera pronunciar ó respecto, como:

- A aposta pola figura xurídica do Consorcio de Transportes.
- A inexistencia de liñas específicas con destino e saída nas urbanizacións dos Verxeles e Augas Mansas, respectivamente.
- A adecuación dos autobuses para persoas con problemas de minusvalías ou dificultades de mobilidade.
- A falta de referencia ó actual servizo de autobuses a Campos-Teo por Oza.
- As frecuencias horarias en períodos de verán e fins de semana e festivos.
- Conexións con outras zonas do Concello que carecen de servizo de transportes como a zona de Cacheiras este (Feros, A Torre, Penelas, Procelas...) e partes de Oza, ou que dispoñen dun servizo deficiente como Teo, Rarís, Luou...
- Contemplar a renovación e mesmo instalación de mobiliario urbano nas liñas que neste intre ven desenvolvendo a empresa Hedegasa-Autobuses de Calo.
- Incremento puntual dos servizos que presta Hedegasa nalgunhas partes do concello como Texexe, etc.

Acordo:
Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu equipo de goberno a que proceda a convocar con carácter de urxencia a Comisión de Obras e Servizos para:
1. Informar sobre do contido do borrador do Plan metropolitano de transportes elaborado pola Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia.
2. Informar dos criterios do grupo de goberno sobre deste asunto.
3. Analizar e tomar acordos sobre dos temas antes apuntados e outros que puideran ser obxecto de consideración, para defender na instancia que vai aprobar definitivamente o convenio.
4. Aprobar unha proposta de emprazamento de paradas de autobús. Poderíase tomar como base a moción que sobre deste punto presentou o grupo socialista con data 17 de setembro de 2004 e que, literalmente, propoñía o seguinte:

A. Instalación de novas marquesiñas (porque actualmente non as hai) e sinalización de paradas e paneis informativos para os usuarios:
1) Dirección Santiago – A Estrada:
- entrada da Urbanización Parque Montouto (punto quilométrico 1,5 aprox.).
- en Montouto, a carón da gasolineira e fronte á nave industrial de Almar (punto quilométrico 2 (aprox.).
- fronte á urbanización Braña dos Alféreces en Cacheiras (punto quilométrico 3 aprox.).
- fronte á urbanización Dolmen en Cacheiras (punto quilométrico 3,5 aprox.).
- fronte a Talleres Vieites en Cacheiras (punto quilométrico 4 aprox.).
- fronte ó teleclub de Cacheiras (punto quilométrico 4,3 aprox.).
- fronte ó restaurante Pórtico en Cacheiras (punto quilométrico 4,8 aprox.).
- fronte á urbanización As Camelias (punto quilométrico 5,2 aprox.).
- en Catrocamiños no cruce coa estrada ós Verxeles e Oza (cómpre substituír a marquesiña existente) (punto quilométrico 7 aprox.).
- fronte á urbanización A Ramallosa (Lucí), a carón do restaurante Pazos Méndez (punto quilométrico 7,5 aprox.).

- fronte á oficina de Correos na Ramallosa (cómpre substituír a existente) (punto quilométrico 8 aprox.).
- na Florida (Rarís) (punto quilométrico 9 aprox.).
- fronte ó bar Avenida, no cruce da estrada a Rarís e Luou (punto quilométrico 3,5 aprox.).
- a carón do Centro de Saúde de Pontevea (punto quilométrico 11 aprox.).
- en Pontevea (punto quilométrico 11,5 aprox.).

2) Dirección A Estrada-Santiago:
- saída pasarela de Parque Montouto en Montouto, Os Tilos.
- cruce do Raxó en Cacheiras.
- a carón do bar Manolo, en Cacheiras.
- diante do restaurante Peteiro.
- en Catrocamiños, no cruce da estrada ós Verxeles e Oza.
- fronte ao multicentro Pernas en Pontevea.

B. Colocar sinalizacións de paradas e paneis informativos en marquesiñas xa existentes:
1) Dirección A Estrada – Santiago:
- no alto de Montouto, fronte ó Centro de Xardinaría Montouto.
- a carón do tanatorio de Montouto en Cacheiras.
- fronte á urbanización Fontana, a carón do bar Canaletto, en Cacheiras.
- fronte á urbanización O Grilo en Cacheiras.
- fronte á urbanización As Torres en Cacheiras.
- fronte ós edificios 50A e 50B de Cacheiras e a carón da ferretaría Teo Ámate (cómpre cambiar de orientación a marquesiña existente).
- fronte á urbanización A Ramallosa, a carón do colexio de educación primaria.
- na Florida-Rarís.
- no Ferreiriño-Reis, fronte ó bar A Granxa.
- diante do Centro de Saúde de Pontevea.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que a moción se presenta o 15 de abril e nesa data ningún grupo tiña o documento e vostede negouse a dalo ós membros da oposición; queren dicir que cando eles critican este tema critican a xestión que fixo o Alcalde na Mancomunidade e que desaproveitaron unha oportunidade cara ó futuro para mellorrar este plan; engade que hai operadores dispostos a prestar servizos que non aparecen no plan, así hai esquecemento da zona de Oza e dunha parte de Cacheiras que neste momento carecen de servizo de transporte e que había operadores para facer Os Verxeles e Augas Mansas directamente con Santiago e non con desviacións de liñas, vostedes non negociaron isto correctamente.
Engade que sí o Plan Metropolitano pero cunha clara crítica ó grupo de goberno por deixar os problemas apuntados de cara ó futuro, e finalmente que pide que teñan en conta estas reflexións cara ó futuro na Comisión de Seguemento.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que o que queren deixar claro é que foi o único grupo que votou en contra porque na redacción do plan en ningún caso se garante este servizo e iso será responsabilidade dos que votaron a favor, e remata sinalando que non queda garantizado por escrito.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que se fixo o que se puido pero que se vai mellorar, para empezar se conseguiron cousas moi importantes e con respecto ó que di o Sr. Sisto que

sí que pediron formalmente que todos os lugares que non figuraban alí debían ser tomados en consideración.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que fixeron constar que constara pero non consta, no texto se di "con independencia do....," e eles propuxeron un párrafo alternativo, e remata sinalando que se non vai ben dentro dun ano ou dous en base a que vamos a reclamar.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 2, do grupo municipal do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións: 3, do grupo municipal do BNG (3).
Queda rexeitada a moción.
Abandoa neste intre o Pleno o Sr. Concelleiro Cajaraville Campos.

17º) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE ASUNTO RELACIONADO CO ESCRITO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE DATA 30 DE MARZO DE 2005, POLO QUE SE RECLAMA O REINTEGRO DE 10.045,59 EUROS DAS SUBVENCIÓNS PARA AS OBRAS DO "CEMITERIO MUNICIPAL 1ª FASE" E "SANEAMIENTO Y ABASTECIMIENTO EN OSEBE Y VILAVERDE" E PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN PARA CLAREXAR OS FEITOS E DEPURAR RESPONSABILIDADES.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Con data 11 de abril de 2005, núm. de rexistro 1632, recibiuse no Concello de Teo un escrito da Deputación Provincial da Coruña, de 30 de marzo (núm. REL 02150000) no que, ademais de notificar a recepción dun escrito da Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas respecto dunhas subvención concedidas para obras do Concello de Teo denominadas Cemiterio municipal 1ª fase e Saneamento e abastecemento de Osebe e Saneamento e abastecemento en Vilaveerde, xuntase un informe de Intervención Territorial de 1 de marzo de 2005 (saída MAP núm. 1430, de 7 de marzo de 2005, recibida da Deputación da Coruña co núm. 19007, de 16 de marzo de 2005) do que extraemos literalmente as seguintes observacións:

"Primeira: obra 162 do Plan 2000 Cemiterio municipal (1ª fase).
Que a declaración de intencións por parte do Concello de dotar de partida orzamentaria con fondos municipais para a completa finalización das obras non é suficiente para revogar o reintegro posto que: os niveis de xestión administrativa e financeira do Concello son moi deficientes, como se consignou no informe de control financeiro, e as fotografías do cemiterio, de 20 de febreiro de 2005, mostran que se encontra en clara situación de abandono e non pode incorporarse ó uso público por falta do esencial, nichos/sepulturas, e no edificio de servizos funerarios, por falta dos servizos de auga e electricidade, entre outros, indispensables para a súa operatividade. E, por outra parte, aínda aceptando que a inversión prevista de 57.262,21 euros se teña materializado nas obras executadas, estas non eran por si mesmas completas, susceptibles de incorporación ó uso público como esixen as circulares da Deputación "cada obra identificarase cun proxecto, non debendo incluírse como obras independentes os orzamentos parciais do proxecto".

Segunda: Obras 351 e 352 do Plan 2002: Saneamento e abastecemento en Osebe e Saneamento e abastecemento en Vilaverde
Que estas obras non se executaron nos termos proxectados, de aí o reintegro parcial requirido, e ademais están plagados de irregularidades (fracciónanse en dous proxectos cando se refiren ó mesmo espazo físico e dánselle nomes de lugares diferentes, certificáronse partidas non executadas, o que supón unha falsidade ó non realizar os modificados) e por último, o alegado polo Concello, directamente ou a través do informe técnico, contén incoherencias como as seguintes:
- Se as beirarrúas eran de recente construción, por que se suxeriu unha substitución no proxecto.
- Non é certo que as obras se realizaron na súa totalidade e con arranxo ó proxecto, xa que se substituíron partidas sen o pertinente modificado ou reformado.
- Dáse por feito que as substitucións realizadas supoñen custos similares en relación ó proxecto, o que non se probou numericamente.
- As afirmacións de que "as obras foron afectadas polo trazado na execución do ferrocarril de alta velocidade AVE" son incertas. Nas propias fotografías remitidas polo Concello para xustificar a canalización a través do firme da vía pública, non se observa vía de ferrocarril algunha que afecte ó trazado da rúa ou ó seu contorno e as obras corresponden a zona claramente urbana".

Acordo:
Dada a gravidade das observacións formuladas pola Oficina de Intervención Territorial, que poñen en entredito as actuacións do goberno municipal encabezado polo Alcalde Armando Blanco e que poderían ter graves consecuencias mesmo para as xa maltratadas arcas municipais, instamos ó mesmo e ó seu grupo de goberno a:
1. Convocar con carácter de urxencia ás Comisións de Obras e Facenda para clarexar os feitos sinalados.
2. Aprobar a constitución dunha comisión de investigación conformada por concelleiros representantes das diferentes forzas políticas segundo criterios de proporcionalidade para analizar detalladamente os diferentes expedientes e sacar as conclusións correspondentes co obxectivo de determinar as responsabilidades políticas e outras a que houbera lugar.

Debate:
O Sr. Alcalde sinala que son obras que non se fixeron como correspondía, que as aceras estaban feitas e o alcantarillado levouse por fora para non rompelas, e respecto ó cemiterio é o mesmo, pero que debía haber outra fase pero non había cartos e non se puido facer e se fará cando haxa cartos e como non houbo continuidade na obra pois hai que devolver esa cantidade, engade que non se pediu outra fase para o cemiterio porque o meteron noutras cousas de abastecemento e saneamento e que o responsable é o técnico que fai os proxectos e certifica as obras.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que hai dúas cuestións:
1ª. Detectan o escrito do Ministerio, (o Sr. Alcalde sinala que pero que detectan, se están todo o día no Concello), que é un organismo técnico, onde se detectan graves problemas e le o informe; vostedes presentaron dous proxectos aparentemente diferenciados para facer unha soa obra e se non convoca a comisión de investigación van obrigarlles a acudir a outro tipo de instancias.

De momento resposte, ¿que van facer á vista do informe?, ¿onde está o proxecto da fase I?, ¿onde está o proxecto da fase II?, ¿onde está o permiso da Xunta?, ¿como gastou 60.000 euros nunha obra que presenta este aspecto?.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que non hai nada que investigar, que as cousas están moi claras, engade que é a proba fehaciente do que se dicía antes de dividir as obras en dous proxectos.
Respecto de tema do cemiterio o problema dos cartos é o de menos, ¿para que invertiron aí eses cartos?, aquí se tira para adiante con todo e así pasa coa Casa do Concello e así agora hai que gastar 24.000 euros en demoler, que aquelo que fixeron é absolutamente impresentable facelo hoxe tanto no aspecto económico como funcional ou construtivo e que ós técnicos haberá que esixirlles en función dos proxectos que fan, que aquelo é unha lata da sardiñas, e isos son cartos tirados.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que está comprobado que cando goberna o PP na Deputación vai contra os Alcaldes do PSOE e o revés, porque se é un só proxecto para dúas obras moi mal inspeccionan na Deputación, engade que as obras dos dous proxectos de abastecemento e saneamento están feitas e non están de acordo coa interpretación que fai a Intervención das obras de Vilaverde.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que o saneamento se fixo en Casalonga non en Vilaverde nin Osebe; e no caso do cemiterio municipal non hai unha persoa que certifique, hai dúas, unha certifica en decembro de 2000 obras que se fan en abril e o Concello aproba un día antes da finalización da obra a certificación de obras.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que alguén terá unha responsabilidade política de enterrar alí 14.000.000 das antigas pesetas.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares explica onde están Vilaverde, Osebe e Casalonga, e sinala que vostedes non coñecen os sitios, deben patear máis os sitios.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 8, dos grupos municipais do PP (7) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

18º) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE A CONVOCATORIA URXENTE DA COMISIÓN DE SEGUEMENTO DO PXOM.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
O pasado 21 de xaneiro de 2005 e despois de reiteradas demandas ó respecto con moción incluída, por parte do grupo municipal socialista, reuniuse a Comisión de Seguimento do PXOM tras máis dun ano de inactividade.
Na devandita xuntanza presentóusenos un calendario estimado de prazos para o proceso de aprobación definitiva do Plan que contemplaba o mes de abril como data para a presentación do primeiro borrador do avance.
Atopámonos a piques de rematar o mes en cuestión e non hai o máis mínimo indicio por ningures que apunte a que se cumpra por parte do equipo de goberno este compromiso. Deste xeito, acumúlase inexplicablemente o retraso do proceso de aprobación do PXOM e paralelamente increméntase a preocupación e malestar veciñal polo novo retraso e a absoluta falta de información oficial ó respecto.

O novo retraso, polo demais, pon en dúbida as manifestacións públicas do Concelleiro de Urbanismo que situaba en xaneiro de 2006 a aprobación provisional do PXOM como paso previo á aprobación definitiva que lle correspondería en última instancia á Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia.
De materializarse estes feitos, poderiamos estar diante dun novo golpe de incalculables consecuencias negativas para a expansión do Concello de Teo, do que sería moi difícil recuperarse en termos económicos, sociais e urbanísticos, tendo en conta que case todos os concellos da redonda disporían antes deste instrumento de planificación e desenvolvemento urbanístico.

Acordo:
Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu Delegado de Urbanismo e Presidente da Comisión de Seguimento do PXOM, Manuel Parajó, a que, con carácter urxente e antes de que remate o presente mes de abril proceda a:
1. Convocar a Comisión de Seguimento do PXOM.
2. Presentar o borrador do Plan Xeral para reiniciar os trámites de aprobación definitiva do mesmo, ou, no seu defecto:
A. Explicar as razóns deste novo retraso.
B. Informar da situación actual na que se atopa o documento do mesmo.
C. Tomar todas as medidas para que antes de que remate o vindeiro mes de maio dispoñamos do devandito borrador para ser analizado na correspondente Comisión de Seguimento.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que se presentou en abril cando se incumprira o prazo de presentación, que pide ó Alcalde que faga todo o posible no seu equipo de goberno para esixir a discreción necesaria, porque agora mesmo coa información incluso se pode enganar a un veciño.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que non ten sentido manter a moción.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que neste momento o documento do plan atópase secuestrado e ninguén pode dar información pese ó que diga vostede.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 8, dos grupos municipais do PP (7) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

19º) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE PROPOSTA DE ACTUACIÓNS NA PARROQUIA DE OZA.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
A parroquia de Oza ten hoxendía máis de 1.000 habitantes distribuidos en 13 núcleos de poboación: Agoso, Cachóns, Castres, Cepeda, Eo dos Ferreiros, Eo dos Menecos, A Ermida, Laña, Outeiro, O Piro, Ribas, Os Verxeles e Vilanova.
Na actualidade é unha das parroquias do concello que está a experimentar un maior proceso constructivo que, obviamente, provocou un incremento sustancial da súa poboación. Este

fenómeno, asemade, está a propiciar un cambio estructural moi fondo tanto no que concerne á súa composición sociolóxica como á distribución espacial do seu territorio.
Os núcleos rurais tradicionais son alterados pola proliferación de vivendas residenciais unifamiliares e mesmo de grandes urbanizacións como Os Verxeles e outras de menor entidade que veñen levantándose ó longo e ancho do conxunto parroquial.
Esta presión demográfica e urbanística, en troques, como ocorre noutras partes do concello, non levou aparellada a dotación de servizos e infraestructuras que este crecemento impoñía. Así, ós problemas estructurais de raíz, propios dun tipo de asentamento tradicional, superpóñense os derivados deste rápido e intenso crecemento urbanístico dos últimos anos. O resultado final, como non podería ser doutra maneira, é a acumulación de problemas para os que nin sequera se albiscan trazas de solucións a curto prazo pola inoperancia e pasividade do goberno municipal.

ACORDO:
Instar ó Goberno Municipal a que de maneira progresiva, previo diálogo cos interlocutores sociais, según as dispoñibilidades orzamentarias e no marco dun Plan de Investimentos Plurianual, se adopten as medidas pertinentes para acometer as seguintes obras:
Lugar de Agoso:
- Realizar tarefas de limpeza e acondicionamento no Campo da Festa.
- Previo acordo cos seus propietarios, arranxar o local da Sociedade Agrícola e Gandeira de "A Unión".
- Reasfaltado da pista que ven de Vilanova.
- Elaborar un proxecto de reacondicionamento do aparcadoiro do cemiterio parroquial para llo presentar ós veciños/as.
- Axudar ó arranxo das instalacións deportivas parroquiais: pista de tenis, campo de fútbol, piscina, etc.
- Levar o servizo de saneamento a tódalas casas do lugar. Actualmente só serve ás vivendas situadas na estrada provincial.

Lugar de Cachóns:
- Reforzar a sinalización vertical e horizontal do cruce da estrada provincial coa que vai a Bamonde.
- Asfaltar a pista de Cachóns a Bamonde.
- Pavimentar a pista interior do núcleo tradicional.
- Recuperar a auga da antiga fonte e do seu corgo.
- Extender rede de abastecemento.
- Namentras non se atopa unha solución mellor (Estación Depuradora), facer limpeza e levar a cabo o mantenemento regular da fosa séptica da rede municipal que neste momento está a verter augas residuais directamente no río Tella.

Lugar de Castres:
- Arranxar a pista interior do núcleo.
- Adecentar e limpar os contornos do lavadoiro e do seu corgo.
- Levar rede de saneamento e abastecemento.

Lugar de Cepeda:
- Facer xestións para retirar o poste de luz existente diante dunha urbanización de chalets na estrada Catrocamiños-Sta. Eufemia.

- Rebachear a estrada de Santa Eufemia.
- Realizar diferentes accións para o control de velocidades na estrada principal.
- Cubrir tódalas necesidades do lugar coa liña de saneamento prevista construir dentro do POL.

Lugar de Eo dos Ferreiros:
- Reparar ou repoñer os paneis de sinalización topográfica do lugar.
- Adecentamento e limpeza da fonte.
- Arranxar e limpar o lavadoiro. Nalgunha parte presenta aspecto de certa ameaza de derrube.
- Reasfaltar a pista que vai a Eo dos Menecos.
- Estender rede de saneamento e abastecemento.

Lugar de Eo dos Menecos:
- Asfaltar a pista do interior do núcleo tradicional.
- Levar rede de saneamento e abastecemento.
- Xestionar a urxente solución co problema da liño telefónica.

Lugar de Ribas:
- Reasfaltar a pista de O Porto que vai a Agoso por diante do Centro Social.
- Facer un proxecto de adecentamento e reacondicionamento do Campo da festa de Santa Eufemia e dos contornos da capela.
- Solucionar axeitadamente o conflicto xurdido no Campo da Festa, tendo como referencia sempre o cumprimento da legalidade, a primacía do interese xeral e a salvagarda do interese social e histórico-artístico e etnográfico da zona.
- Adecentar o Parque Infantil e axeitalo á normativa europea.
- Levar rede de saneamento ás casas que aínda carecen deste servizo (na actualidade só teñen alcantarillado as vivendas situadas a carón da estrada principal).
- Limpeza de gabias no interior do núcleo.
- Limpeza e adecentamento da fonte.
- asfaltado da pista que serve ás casas da zona das Pozas.

Lugar de A Ermida:
- Reasfaltar as pistas do interior do lugar e a que vai a Agoso.
- Estender a rede de saneamento e abastecemento.

Lugar de Laña:
- Sinalizar debidamente o cruce que constitúe un auténtico punto negro da rede viaria. Non hai nin siquera un sinal vertical de STOP.
- Rede de saneamento e abastecemento.

Lugar de Os Verxeles:
- Facer un repintado das ruas coa sinalización horizontal.
- Eliminar verquedoiros incontrolados existentes nos montes que rodean á urbanización.
- Urxe solucionar efectivamente os gravísimos focos contaminantes (existen alomenos 3 colectores que verquen abundantes caudais de augas residuais) do río Portoameneiro, convertido hoxe nunca auténtica cloaca. Namentras non se atopa unha solución definitiva (EDAR) compre facer labores regulares de mantenemento das plantas depuradoras existentes e das fosas sépticas.

- Eliminados os focos contaminantes poderíase facer unha área recreativa na zona onde conflúen os ríos Portoameneiro e Tella.

Lugar de Outeiro:
- Cubrir todas as necesidades do lugar coa rede de saneamento prevista construir a través do POL.
- Reasfaltado da pista interior.

Lugar de Vilanova:
- Asfaltado do interior do núcleo tradicional.
- Levar rede de saneamento e abastecemento.
- Adecentar os contornos do lavadoiro.

Cuestións xerais:
- Facer xestións coa Deputación para arranxar a estrada provincial C.P-8201, Catrocamiños-Teo por Oza, tratando en todo caso de eliminar as curvas de Cachóns.
- Clarexar e solucionar o problema do campo de fútbol.
- Mellorar o servizo de transporte incluindóo no Plan de Transportes Metropolitano.
- Recuperar e sinalizar as burgas de Laña e Carreira.

Debate:
O Sr. Alcalde sinala que admitiría isto como rogo, non como moción.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que a moción foi froito de reunións coa Asociación de Veciños de Oza e traballo de campo que fixemos nos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que votarán a favor porque valoran positivamente as necesidades pese a que non se prioricen actuacións porque cará ó futuro pode ser fonte de conflictos e están en contra da coletiña de en función das dispoñibilidades presupostarias.
O Sr. Alcalde sinala que o campo de fútbol está adxudicado ó Sr. Martinez para facer a explanación, e se fará cando haxa cartos.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que iso que di Martiño de que posiblemente non se poidan facer, Parajó vai estar aquí para dicir que se fagan.
O Sr. Alcalde sinala que vostede Sr. Leis fai demagoxia barata.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 8, dos grupos municipais do PP (7) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

20º) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE PROPOSTA DE ACTUACIÓNS NAS PARROQUIAS DE BAMONDE E VILARIÑO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
A parroquia de Bamonde ten hoxendía uns 300 habitantes distribuidos en 7 núcleos de poboación: Coto, A Igrexa, Lamas, Malfurado, Quintáns, Reboredo e Tribaldes. A parroquia de Vilariño ten, pola súa parte, escasamente 180 veciños/as e consta de 2 núcleos: Cerdeira e Vilariño. Ámbalas dúas parroquias caracterízanse por conservar, en liñas xerais, a estructura

territorial propia do asentamento tradicional galego e de non estar sometidas, de momento, a ningún tipo de presión constructiva en forma de edificios de vivendas ou urbanizacións de chalets adosados ou unifamiliares. A súa problemática, polo tanto, garda máis relación coa precariedade de servizos propia de estructuras poboacionais tradicionais e de base agraria, que van evolucionando moi paseniñamente cara a tipos de vida máis ligados a outras actividades productivas. De tódolos xeitos, desde o punto de vista das infraestructuras e do plantexamento urbanístico e territorial, a zona obedece, como xa dixemos, a esquemas de vida tradicionais e rurais. Son escasísimas as vivendas de carácter residencial habitadas por persoas que poderíamos definir como foráneas. Por outra banda o movemento demográfico inclínase co estancamento e mesmo á lixeirísima perda de poboación. Este dato supón un evidente contraste con outras áreas xeográficas do noso municipio e coa tendencia xeral do noso concello no seu conxunto.

ACORDO:
Instar ó Goberno Municipal a que de maneira progresiva, previo diálogo cos interlocutores sociais, según as dispoñibilidades orzamentarias e no marco dun Plan de Investimentos Plurianual, se adopten as medidas pertinentes para acometer as seguintes obras:

Parroquia de Bamonde:
Lugar de Coto:
- Asfaltar a pista que vai desde A Igrexa ó Coto.
- Acondicionar o Parque Infantil e axeitalo á normativa europea e evitar o seu uso como zona de paseo de cans.
- Levar rede de saneamento e abastecemento.
- Repoñer o panel informativo institucional.
- Asfaltar a pista que vai a Tribaldes.
- Mellorar o alumeado público: hai varios puntos de luz que non funcionan.

Lugares de Lamas e Malfurado:
- Recuperar o corgo existente no pista que vai de Lamas a Malfurado.
- Adecentar e limpar os contornos do lavadoiro.
- Reasfaltar a pista que vai pola parte alta de Lamas.
- Levar rede de saneamento e abastecemento a todas as casas do lugar que quedaron á marxe deste servizo, probablemente por non planificar axeitadamente con antelación o trazado que se está a construir.

Lugar de A Igrexa:
- Elaborar un proxecto para acondicionar e mellorar o aspecto actual do Campo da Festa. Compriría asi mesmo tomar decisións respecto dos edificios colindantes de propiedade municipal.
- Facer xestións co Arcebispado para conseguir a cesión da Casa Reitoral e instalar alí un museo relacionado cos feitos históricos da Batalla de Cacheiras.
- Reasfaltar a pista que vai a Tribaldes.
- Optimizar o funcionamento do Centro Socio-Cultural revitalizando as súas actividades propias e as derivadas da propia oferta municipal.

Lugar de Tribaldes:

- Mellorar o alumeado público.
- Facer xestións con Fenosa para solucionar os constantes caídas de tensión da rede eléctrica.
- Estender a rede de abastecemento e levar o servizo de alcantarillado a todas as casas do lugar que aínda carecen del.
- Adecentar o contorno do lavadoiro e recuperar a fonte.
- Asfaltar a pista do Lombiño que vai desde a estrada principal de entrada á parroquia a Tribaldes pola finca da Asociación de Cazadores.
- Limpar e realizar labores regulares de mantemento na fosa séptica.
- Adecentar o Parque Infantil e axeitalo á normativa europea.
- Recuperar o corgo.

Cuestións xerais:
- Compre tomar medidas de tal xeito que os veciños/as da parroquia poidan facer uso tamén do Campo de Fútbol municipal.

Parroquia de Vilariño:
Lugar de A Igrexa-Vilariño:
- Limpar os contornos da fonte de San Benito e do seu lavadoiro.
- Levar redes de saneamento e abastecemento.
- Adaptar o parque infantil á normativa europea: valar, etc.
- Clarexar o asunto da propiedade dos contornos do Campo da Festa e elaborar un proxecto de acondicionamento do mesmo.

Lugar de Cerdeira:
- Con motivo da próxima construcción da rede de saneamento dentro do POL da Deputación, compre asegurar este servizo a todas as casas do lugar.
- Asfaltar o camiño antigo a Pontevea.
- Sinalizar a zona de O Cacheiro.

Cuestións xerais:
- Construcción dunha pista polideportiva.
- Xestionar con Fenosa unha solución efectiva para os graves problemas que orixina a caída de tensión da rede eléctrica.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que parece que vostede está a rirse das demandas dos veciños porque en todos estos casos as mocións responden ás súas necesidades.
O Sr. Alcalde sinala que a Casa de Bamonde está cedida a unha empresa polo Arcebispado para vivenda de turismo rural, como trinta ou coarenta máis en Galicia.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que o do campo de fútbol de Bamonde o presentaron eles como rogo e non se solucionou e agora vía moción tampouco.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 8, dos grupos municipais do PP (7) e Mixto (1).
Queda rexeitada a moción.

21º) MOCIÓN DE INTEO SOBRE A VALORACIÓN DA EXPROPIACIÓN DO CORREDOR ALTERNATIVO Á C-541.

Dada conta da moción coa emenda de adición presentada polo Sr. Concelleiro Parajó Liñares, que transcrita di:

1.- Recentemente producíronse, con motivo das obras de adecuación da vía férrea ó AVE, diversas expropiacións en terreos propiedade de veciños deste Concello, (prezos aboados polo Ministerio de Fomento) na parroquia de Calo.

2.- Actualmente estanse iniciando as expropiacións para as obras da vía de alta capacidade alternativa á C-541 (prezos a aboar pola Xunta de Galicia) nas parroquias de Rarís, Lucí, Oza, Cacheiras e Os Tilos (máis de 700 propietarios de 2.352 fincas).

Os prezos aboados nun caso e os que se pretenden aboar no segundo son os seguidamente relacionados:

CLASE DE TERREO	VIA FERREA	CORREDOR ALTERNATIVO
URBANO	42,07 €/m2(7.000 Ptas/m2)	32,00 €/m2(5.324Ptas/m2)
NUCLEO URBANO TRADICIONAL.	42,07€/m2(7.000 Ptas/m2)	24,00 €/m2(4.000Ptas/m2)
MONTE	2,85 €/m2(475 Ptas/m2)	3,00 €/m2 (500 Ptas/m2)
LABRADIO	5,41 €/m2 (900 Ptas/m2)	5,11 €/m2 (850 Ptas/m2)
PRADO	5,86 €/m2(975 Ptas/m2)	5,11 €/m2 (850 Ptas/m2)

Descoñécense na actualidade, os prezos que se aboarán polas vivendas expropiadas.

Estímanse como totalmente anómalas estas diferenzas, o que provoca veciños de primeira (expropiados por Fomento) e de segunda (expropiados pola Xunta).

É polo que se propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) O Pleno do Concello, á vista das diferenzas existentes nos baremos empregados, acorda requerir á Xunta de Galicia para que equipare os prezos que se aboarán polas fincas e vivendas afectadas polas obras da Vía de Alta Capacidade Alternativa á C-541 ós abonados polas afectadas polas "Obras de adecuacion da vía férrea (AVE).

2º) Asimesmo pedir que as vivendas expropiadas sexan valoradas, de mutuo acordo entre os propietarios e a Xunta de Galicia ou empresa encargada, tal como fixo o Ministerio de Fomento no tramo do AVE, en Calo.

3º) Do mesmo xeito, solicitar que se envíe o proxecto da obra motivado polas afeccións da estrada, tanto de fincas como vivendas.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que van levala adiante porque o que poida ser de axuda para os veciños o apoiarán, engadindo que como mínimo que se faga como fixo Fomento co tema do Ave.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que logo de presentar a moción o día 28 de abril pasaron moitas cousas e o outro día llo comentou ó Conselleiro que lle dixo que estaba feito por tasación.

Engade que pide que para as vivendas haxa mutuo acordo como fai Fomento e pide que envíen o proxecto para ver como van valorar no proxecto.

O Sr. Alcalde sinala que referente ó tema do mutuo acordo entre a Consellería e os afectados que segundo lle comunicaron queren facer as entrevistas persoais eles, que queren facer as xestións de tasación de xeito individual con cada persoa con casa afectada.

O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que apoia a iniciativa e que se faga unha presión política máis importante na Consellería, que lles parece inxusto que non se pague como se pagou noutros sitios e remata sinalando que sabe que ó Sr. Alcalde lle custa moito reivindicar ante instancias superiores.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que a Xunta de Galicia na expropiación da autoestrada de Lalín pagou moitísimo máis, e que o que o que lle chama a atención é o cinismo en toda a tramitación desta obra, e agora resulta que se convirte en campeón das reivindicacións veciñais e outra contradición é que un membro do equipo de goberno presente unha moción que o grupo de goberno debe facer, que é unha cousa cara á galería, non fai falta aprobar aquí nada porque debía de telo negociado xa, e remata sinalando que isto é demagoxía política e oportunismo, non obstante van apoiala e agardan resultados.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que as mocións que presentan os outros son demagoxia e as do PSG-PSOE son todas boísimas, que se lle adiantou e por iso ten que dicir, porque se lles adiantou.
O Sr. Alcalde sinala que vostede Sr. Leis enarbolaba a bandeira de certos sectores de perxudicados, puro teatro; e engade que os señores que teñen as casas afectadas sí teñen o cariño e consideración desta Alcaldía e estou dando pasos vendo como está o asunto, para ver como poden pedir.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que se non a presenta Parajó o Alcalde lles diría que estaba mal e a rexeitaría.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que o conseguido ata agora foi mérito dos propios veciños, non do Alcalde.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen, pertencentes os grupos municipais do PP(7), do BNG (3), do PSG-PSOE(2) e do Mixto(1), acorda aprobar a moción nos seus propios termos.

22º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA Nº 49/05 Á Nº 85/05.
Dada conta mediante a posta a disposición dos concelleiros desde a data da convocatoria do Pleno das resolucións da Alcaldía números 49/05 á 85/05, ámbalas inclusive, o Pleno queda enterado.

Antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo tiña algún asunto urxente non comprendido na orde do día que someter á consideración do Pleno, consonte co art. 91.4 do R.O.F.
O grupo do PSG-PSOE di que ten unha.

FORA DA ORDE DO DÍA:

1º) MOCIÓN URXENTE DO PSG-PSOE REFERENTE Á PROPOSTA DE DESMANTELAMENTO DA ROTONDA CONSTRUIDA NA RÚA AMENEIRO DE OS TILOS E DESPRAZAMENTO DA MESMA, CON FORMA CIRCULAR, CARA Á SÚA LOCALIZACIÓN ORIXINAL.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés da lectura á moción para xustificar a urxencia da mesma, sinalando que ven acompañada de documento con sinaturas presentado hoxe no Rexistro, e que ten o seguinte contido:

No pasado mes de abril, o grupo municipal socialista, recollendo o sentir veciñal, denunciaba diante dos medios de comunicación a construción dunha rotonda na rúa Ameneiro dos Tilos, executada por orde do Goberno Municipal de Teo.
No devandito comunicado cualificábase de "irracional" e "antiestética" a devandita rotonda e adiantábase que ía provocar máis problemas que solucións. O tempo deunos a razón: os utilitarios manobran con dificultades e créase unha zona perigosa para o tráfico rodado e os autobuses escolares que se dirixen ó colexio dos Tilos non poden practicamente virar e vense obrigados a bordear a rotonda polo sentido prohibido.
Mais agora o problema acrecéntase porque a sinalización horizontal da mesma, realizada estes días para completar o proxecto, remata provocando enormes atrancos para os veciños dos edificios contiguos, xa que, ademais de ver restrinxidas as súas zonas de aparcamento, agora teñen enormes dificultades para acceder e saír dos garaxes das súas vivendas.
A pesar da denuncia pública socialista e das constantes queixas veciñais, o goberno teense non se deu por aludido, fixo oídos xordos e rematou por consolidar a "desfeita chapuceira".
O malestar e indignación veciñais son evidentes, sobre todo pola obstinación da Alcaldía e do goberno teense e a falta de diálogo cos afectados máis directos antes de consumar as obras.
Cómpre, pois, que o goberno teense corrixa os erros cometidos, aínda a pesar de que todos somos conscientes que ó remate quen paga estas "improvisacións e despilfarros" son os petos dos cidadáns. De todos os xeitos, máis vale sempre rectificar a tempo que lamentar.

Acordo:
Instar ó goberno teense a que proceda coa maior urxencia posible a:
1. Demoler a obra realizada e devolver o tráfico na devandita rúa ó seu trazado orixinal.
2. Construír unha pequena rotonda circular alí onde estaba a primitiva co fín de organizar o tráfico rodado, exclusivamente, en dirección ó colexio e rúas adxacentes.

O Sr. Alcalde sinala que a fixeron os técnicos municipais.
Sometida a votación a urxencia dase o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(2).
Votos en contra: 8, dos grupos municipais do PP(7) e Mixto(1).
Queda rexeitada a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.

23º) ROGOS E PREGUNTAS.

Preguntas prsentadas por escrito polo BNG:

1) Nos últimos días a empresa R está procedendo, por fin, á canalización do cable de fibra óptica na zona dos Tilos que da servizo ós edificios. Este servizo demandado desde hai tempo polos veciños da zona vai supoñer, sen dúbida, un avance na estensión das novas tecnoloxías e a diversificación e unha mellor recepción dos sinais de TV.
Con todo, e do mesmo xeito que pasara coa rede do gas, a zona de vivendas unifamiliares da urbanización semella que vai quedar tamén fora deste servizo. Esta situación suporía unha grave discriminación cara unha parte da urbanización e racharía a homoxeneidade da urbanización que é unha das súas características diferenciais.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita a seguinte información:
1. ¿Ten coñecemento o Concello de que a empresa R está a proceder á canalización do cable de fibra óptica? ¿sabe se o servizo se vai estender neste momento ó conxunto de toda a urbanización incluídas as vivendas unifamiliares?
2. Se a empresa só vai dar servizo á zona de edificios, ¿realizou o Concello algunha xestión de cara a conseguir que a empresa preste o servizo a toda a urbanización? ¿que argumentos utilizou nesta negociación?
3. ¿Existe algún compromiso formal da empresa de prazos de posta en marcha do servizo ó conxunto ou a parte da urbanización? (lembremos que as canalizacións foron realizadas en setembro do ano 2000).
O Sr. Alcalde resposta que naquel momento se fixeron xestións e se estivo sempre pendentes deles, que sempre se dixo que era moi costosa e engade que van facer un segundo sondeo e se estivo chamando a R e aínda non respostaron e estaba presente o Presidente da Asociación de Veciños.

2) O grupo municipal do BNG recolleu nestes días as queixas dun grupo de veciños do Faramello (en Calo) que nos trasladaron a situación que están a vivir desde hai case un ano e que ten relación coas obras do AVE ó paso polo lugar.
Desde principios dos anos 70 os veciños do Faramello abastecíanse dun manancial existente na zona (recoñecido legalmente) que foi danado pola empresa encargada das obras do AVE cortándose o devandito servizo. Desde o principio a empresa comprometeuse a restablecer o funcionamento do mesmo, cuestión que a día de hoxe resulta case que improbable. Mentres tanto o Concello conseguiu a conexión dos veciños do lugar a Aquagest (servizo municipal) dun xeito gratuíto namentres non se resolvía o problema.
A día de hoxe, case un ano despois, o problema segue sen resolverse e Aquagest demanda dos veciños o cobro do servizo da auga que ata agora foi de balde (non o reclama con efectos retroactivos).

O grupo municipal do BNG solicita a seguinte información:
1. ¿Que medidas adoptou o grupo de goberno con respecto a este problema?
2. ¿Sabe se a día de hoxe a empresa encargada das obras do AVE ten decidido restablecer o servizo orixinal de auga ós veciños do Faramello?
3. En caso de que a resposta sexa negativa, ¿que medidas ten decidido adoptar o grupo de goberno para facer cumprir á empresa encargada das obras o compromiso cos veciños?
Resposta o Sr. Concelleiro Castroagudín Valladares que a UTE meteulle a auga a todos os veciños, pero agora quere que os consumos e as taxas as paguen os interesados, elo é problemático e queren agora ter o servizo que tiñan antes que era gratuito.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que algún tipo de medida haberá que adoptar porque antes era gratuito.

3) Vista a solicitude enviada polo Concello de Teo á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para o financiamento do Plan concertado de servizos sociais chámannos a atención diversas partidas. Este plan concertado ten a figura xurídica dun acordo das tres administracións (estatal, autonómica e local) para o financiamento e axuda técnica ós servizos sociais municipais, xa que o Concello é a administración responsable desta prestación ós cidadáns segundo o regulado na Lei de bases de réxime local.
En consecuencia coa valoración realizada na moción presentada de cara a vindeiras convocatorias o grupo municipal do BNG solicita a seguinte información:

1. Nos orzamentos entregados para a solicitude de subvención do Plan concertado de servizos sociais hai orzamentados dous cursos de informática un para mozos e outro para mulleres. A diferenza no custo dun e doutro é moi alta. ¿Cantas horas vai a ter cada un dos cursos de informática? ¿Cal é o prezo por hora de cada un?
2. Na proposta de subvención do Plan concertado de servizos sociais indícase que o Concello corre co custo total da Aula de Informática municipal, sen que ningunha outra administración colabore no seu mantemento. ¿Canto é o custo anual desta Aula de Informática? ¿Cal é o motivo para que o Concello de Teo considere necesaria esta dotación e non outras? ¿Existe, e se é o caso, onde podemos atopar unha memoria de actividades da citada aula?
3. ¿Cal é o motivo de programar unha excursión a Tenerife Sur por parte do Concello cun custo de 26.000 euros e cantas persoas hai previsto que vaian? ¿Que sistema de difusión da información se vai a utilizar para dar a coñecer esta excursión? ¿Que sistema se vai utilizar para seleccionar ós participantes?
4. ¿A onde se vai organizar a excursión dun día de duración cun custo de 16.300 euros que aparece recollida na solicitude de subvención do plan concertado? ¿Cantas persoas se van beneficiar desta iniciativa?
Resposta o Sr. Alcalde dando lectura ós informes emitidos pola traballadora social sobre os custos destes cursos, e respecto da aula de informática que agora a Deputación lavouse as mans e págao o Concello e respecto do excursión a Tenerife Sur que é o de sempre anúnciase mediante bando e se hai máis solicitantes que número de prazas faise un sorteo público diante dos veciños e participantes que queiran ir, e respecto da cuarta pregunta que non o sabemos pero nomalmente é Portugal onde haxa feria para que poidan aproveitar os veciños para poder comprar.

O Sr. Concelleiro Iglesias Villar pregunta verbalmente:
1) ¿Saben da alcantarilla rota en Calo preto do Bar Bustelo?
Resposta o Sr. Castroagudín que é un tubo de pluviais que se rompeu fai dous ou tres días, non é unha alcantarilla.
O Sr. Alcalde sinala que iso é perigoso e si se di abaixo amáñase pronto.
Roga que no PXOM se teña en conta toda a finca da Sociedade de Agricultores en Calo fronte á Igrexa para que quede como zona verde.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que había que pedirlle á Deputación que sinalice o lugar de Luou e que non é elegante que na colocación da 1ª pedra non estea a oposición.
Rogo: Que a Comisión de Seguimento do Plan Xeral non sabe que seguimento fai porque se enteran antes polos xornais.
Enterámonos da inauguración da Sala de Lectura dos Tilos, ¿o lote bibliográfico comprouse polo Concello?.Resposta o Sr. Alcalde que comprouse polo Concello para a Bilblioteca.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que o PSG-PSOE fixo xestións con Gas Galicia e R e que R está disposta a levar o cable sempre que sexa por vía aérea, piden que o Concello dea os permisos correspondentes e que agora son os veciños os que teñen que tomar a decisión e debe existir a máxima implicación do goberno municipal para conseguir isto, pide que haxa a máxima colaboración por parte do Concello.
En segundo lugar sinala que de repente aparecen aquí no Concello ofertas de fincas en Carballeira de Francos. Sinala o Sr. Alcalde que non teño datos agora.
¿Hai algunha novidade con respecto á travesía de Sollans?. Resposta o Sr. Alcalde que non teño datos.

¿Por qué unhas subvencións teñen anticipos e outras non?. Resposta o Sr. Alcalde non teño datos.
¿Ten datos con respecto as áreas naturais pedidas a Medio Ambiente anunciado nos medios de comunicación?. Resposta o Sr. Alcalde non teño datos.
Roga que os locais que se poñen a disposición para celebración de actos nas eleccións poidan ser pechados e en todas as parroquias.
¿ Por qué aparece unha factura de Aquagest de 2.548 euros agora cando as obras se fixeron o ano pasado?. Resposta o Sr. Alcalde non teño datos.
Que no rexistro do Concello figuran cos núm. 1754 e 1775 do 19.4.2005, ofertas de vendas de fincas por importe de: 8.422 euros e 36.000 euros. Resposta o Sr. Alcalde que non teño datos.

O Sr. Concelleiro Conde Tarrío pregunta por qué non hai taboleiros para carteis electorais en Vilariño, Teo e Baamonde?. Resposta o Sr. Alcalde que non o sei.
¿Como está a Ponte de Sestelo?. Resposta o Sr. Alcalde que estaban co proxecto.
Ó lado do taboleiro da Escola de Fixó hi un remolque que non deixa ver o taboleiro e impide a visión. Resposta o Sr. Alcalde que mandarase alí á policía.
¿Pagouse a cantidade da sentencia de San Sadurniño.? Resposta o Sr. Alcalde que pode ser que se pagara estes días.
Roga que se poñan quitamedos na zona de Adrán xunto ó pazo.
Sinala finalmente que en algunhas pistas do monte a xente tira de todo, respostando o Sr. Alcalde que iso é culpa de quen o tira, pero van collelos.

E non habendo máis asuntos que tratar comprendidos na orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión, pola Alcaldía deuse por rematada a sesión, levantandoa sendo as quince horas e coarenta minutos, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, coas reservas do art. 206 do R.O.F., debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Vº e Prace.

O Alcalde, O Secretario,

Asdo. Armando U. Blanco Martínez. Asdo. Javier Nieves González.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 15 DE XUÑO DE 2005.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Teo (A Coruña), sendo as dez horas do día 15 de xuño de 2005, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Armando U. Blanco Martínez, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente correspondente ó día da data para a que foron previamente citados.
SEÑORES ASISTENTES:
Alcalde-Presidente:
D. Armando U. Blanco Martínez.
Concelleiros:
D. Antonio Castroagudín Valladares.
D. Manuel R. Cajaraville Campos.
D. Manuel Mata Iglesias.
D. Juan B. Aller Suárez.
D. Ramón Cea Ferreiro.
D. José Albino Vázquez Pallas.
D. Manuel Cao Fuentes.
D. Martiño Noriega Sánchez.
D. Rafael Carlos Sisto Edreira.
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.
D. Alexandre Leis Carlés.
D. Germán Antonio Conde Tarrío.
D. F. Manuel Parajó Liñares.
Non asisten:
D. José Carlos Rego Jorge.
D. Manuel Tallón Mesías.
Dª. Ánxela Bugallo Rodríguez.
Secretario:
D. Javier Nieves González, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA.
Dada conta da urxencia da convocatoria o Pleno do Concello por unanimidade dos 14 membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen, pertencentes ós grupos municipais do PP (8), BNG (3), PSG-PSOE (2) e Mixto (1) acorda ratificala.

2º) 2º SORTEO PARA ELECCIÓN DE MEMBROS DE MESAS PARA AS ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO DE GALICIA 2005.
Realizado o segundo sorteo por mor das alegacións dos interesados admitidas pola Xunta Electoral de Zona no primeiro sorteo realizado, segundo fax da mesma de data 14.06.2005, a mesa do Distrito:1. Sección:001.Mesa B, queda composta cos seguintes membros:
-. 1º suplente do Presidente: Outeiriño Quintas, Alberto.

-. 2º suplente do Presidente: Rey Torres, Olga María.

3º) DACIÓN DE CONTA DE DEMISIÓN DUNHA CONCELLEIRA.

Dada conta do escrito de demisión como concelleira asinado por Dª. Ánxela Bugallo Rodríguez con DNI: 32.762.987-Q, concelleira do grupo municipal do BNG elixida nas eleccións municipais de 2003 como compoñente da lista do BNG no Concello de Teo no posto número 4, de data 31.05.2005, con rexistro de entrada no Concello núm. 2620, do 31.05.2005, polo que presenta a súa renuncia ó posto de concelleira por motivos de dispoñibilidade persoal.

Polo grupo municipal do BNG sinálase que os membros da candidatura do BNG nas eleccións locais de 2003 que terían que substuila serían os números da lista 6: Dª Mercedes García Conde; 7: D. Manuel Pérez Calvelo; 8: D. José María Mosquera Barreiro; 9: D.Luís Humberto Busto Abella, 10: D. Andrés Fernández Martínez; 11:Dª Rosario Castro Rodríguez e 12: D. José Alvaro Vieites Novo**,** e que todas estas persoas presentarán mañán no Rexistro do Concello os escritos de renuncia para ocupar o posto vacante, polo que a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante é a número 13 das listas do BNG: Dª. Carmen Diéguez González.

O Pleno do Concello por unanimidade dos catorce membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen, pertencentes ós grupos municipais do PP (8), BNG (3), PSG-PSOE (2) e Mixto (1), acorda:

1º) Tomar coñecemento do escrito de renuncia do cargo de concelleira de Dª. Ánxela Bugallo Rodríguez, concelleira do BNG.

2º) Indicar que a xuízo da Corporación a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante é Dª. Carmen Diéguez González, candidata núm. 13 das listas do BNG nas últimas eleccións locais do ano 2003.

3º) Remitir certificación deste acordo á Xunta Electoral Central xunto con copia compulsada dos escritos de renuncia anticipada dos outros candidatos para a expedición da credencial acreditativa da condición de concelleira deste Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematada a sesión sendo as dez horas e oito minutos, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, coas reservas do art. 206 do R.O.F., debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Vº e Prace.

O Alcalde, O Secretario,

Asdo. Armando U. Blanco Martínez. Asdo. Javier Nieves González.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 26 DE XULLO DE 2005.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Teo (A Coruña), sendo as dez horas do día 26 de xullo de 2005, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Armando U. Blanco Martínez, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ó día da data para a que foron previamente citados.
SEÑORES ASISTENTES:
Alcalde-Presidente:
D. Armando U. Blanco Martínez.
Concelleiros:
D. Antonio Castroagudín Valladares.
D. Manuel R. Cajaraville Campos.
D. Manuel Mata Iglesias.
D. Juan B. Aller Suárez.
D. Ramón Cea Ferreiro.
D. José Albino Vázquez Pallas.
D. Manuel Cao Fuentes.
D. Martiño Noriega Sánchez.
D. Rafael Carlos Sisto Edreira.
Dª. Carmen Diéguez González.
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.
D. Alexandre Leis Carlés.
D. Germán Antonio Conde Tarrío.
D. Manuel Tallón Mesías.
D. F. Manuel Parajó Liñares.
Non asisten:
D. José Carlos Rego Jorge.
Secretario:
D. Javier Nieves González, Secretario do Concello.
Asiste: Dª. Mónica I. Lado Varela, Interventora do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO: 23.05.2005, 31.05.2005 e 15.06.2005.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que quere facer unha aclaración, sinalando que na páxina 8 da acta do 23.05.2005 onde di: “Sinala que o párrafo da páxina 14 do convenio di: Con independencia do mantemento dos servizos Calo/Milladoiro/Santiago na súa actual configuración de itinerarios, paradas, cabeceira na Rúa da Rosa, frecuencias e rebaixas tarifarias que posibilita o Plan de Transporte Metroplitano, acordáronse os seguintes servizos específicos entre os Concellos de Teo e Santiago; e cando se di iso o que se está a dicir é que con independencia do que pase con ese servizo, realizaranse os demais especificados, que

debía poñerse máis claro no texto, non pasaba nada por reformular ese párrafo e que eles propoñian un texto máis claro", que quería dicir que non existía un compromiso claro e por escrito de que esas liñas que afectaban ó interior do Concello se ían a manter.
Sometidos a votación o Pleno do Concello por unanimidade dos quince membros presentes pertencentes ós grupos municipais do PP(8), BNG(3), PSG-PSOE(3) e Mixto (1) acorda aprobalos sen ningunha rectificación.

2º) TOMA DE POSESIÓN DE NOVA CONCELLEIRA DO BNG.

Dada conta da credencial remitida pola Xunta Electoral Central de data 5 de xullo de 2005, con rexistro da saída núm. 1918, do 06.07.2005, con rexistro de entrada no Concello núm. 3304, do 07.07.2005, de designación como Concelleira deste Concello en favor de Dª. Carmen Diéguez González, en sustitución por renuncia de Dª. Ánxela Bugallo Rodríguez e previa renuncia anticipada de quenes a anteceden na candidatura do BNG nas eleccións locais do 25.05.2003, e téndose dado cumprimento pola interesada do disposto no art. 75.5 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no art. 30 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, e previa promesa de conformidade co disposto no RD 707/1979, do 5 de abril, toma posesión do cargo de Concelleira desta Corporación, incorporándose ó Pleno.
O Sr. Alcalde dálle a benvida á Corporación.

3º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO PRESUPOSTO DE 2004.

Dada conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:
Formulada e rendida a conta xeral do presuposto do Concello de 2004, e dictaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 25 de maio de 2005, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 116 da Lei 7/85, do 2 de abril, mediante anuncio no BOP. núm: 129, do 8 de xuño de 2005 e no taboleiro de edictos do Concello e non presentándose durante dito prazo e os oito días hábiles seguintes ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de Secretaría obrante no expediente, por esta Alcaldía proponse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do presuposto do Concello de 2004.
2º) Consonte co art. 212 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, rendir a conta xeral para a fiscalización externa ó Tribunal de Contas (Consello de Contas en Galicia).

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que o resultado presupostario é de:-391.645,18 euros e o axustado da un déficit de:-500.248,93 euros, polo que non poden compartir unhas contas que dan ese resultado.
Engade que por outra parte aprobaronse con respecto ó presuposto inicial quince expedientes de modificacións de crédito, un pasou polo Pleno e o resto foron aprobados pola Alcaldía e sinala que a lei é clarísima porque o RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais sinala no art. 179 que, en todo caso a aprobación das transferencias de crédito entre distintos grupos de función corresponderá ó Pleno, agás cando as baixas e altas afecten a créditos de persoal, engadindo que cre que é moi claro e os catorce expedientes que non pasaron polo Pleno deberían telo feito, por iso non poden votar a favor

da conta e o terceiro motivo é o tipo de contratos que en 2004 permanecían vixentes, aínda estando caducados, pero que se verán na moción que presentaron para este Pleno.
O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que como ben dixeron cando o equipo de goberno presentou o presuposto de 2004 que era virtual, agora se demostra que tiñan toda a razón.; engade que á vista da documentación que viron están diante dunha xestión nefasta, que teñen un déficit de oitenta e pico millóns das antigas pesetas, que aumentaron o déficit, e así mesmo teñen un remanente de tesourería negativo para gastos xerais e que lle gustaría que lle explicaran que pensan facer.
Engade que hai desfases en gastos en distintas partidas e en canto ós ingresos xa diximos nós cando se fixo o presuposto que non presupostaran o imposto sobre actividades económicas que xa estaba suprimido; engade que en taxas e multas hai un desfase de 3,2 millóns das antigas pesetas, que pasa que non hai ilegalidades ou non se sancionan; que preocúpanos igualmente se non saben pedir ou qué porque existen desfases tamén en transferencias correntes da Xunta e da Deputación e igualmente en transferencias de capital, ¿que pasa con iso?, ¿como xestionan vostedes?.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que puxeron sobre a mesa cuestións bastante claras e que o mínimo que pode facer a Alcaldía é dicir porqué non se cumpre a lei, que a lei di entre distintos grupos de función e cando as altas e baixas afecten a créditos de persoal, que algunha xustificación terán que dar; por outra parte con respecto ós contratos de consultoría e asistencia non poden ter unha duración superior a catro anos e existen polo menos dous contratos que requiren unha explicación pola Alcaldía.
O Sr. Alcalde sinala que tiveron á súa disposición toda a documentación e nós estamos de acordo coa documentación que se presenta e non temos nada máis que dicir.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que quere preguntar á Srª. Interventora se eses expedientes de modificación están correctos.
Por Intervención, de orde do Sr. Alcalde, se informa que dos quince expedientes algúns son xeracións de créditos que polas bases de execución do presuposto corresponde aprobar ó Sr. Alcalde e os de transferencias foron revisados despois da Comisión Especial de Contas e a competencia para a aprobación é do Sr. Alcalde e polo tanto están correctos tal como están.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta o Pleno do Concello con nove votos a favor dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1), e con sete votos en contra dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (3) acorda consonte coa mesma:
1º) Aprobar a conta xeral do presuposto do Concello de 2004.
2º) Consonte co art. 212 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, rendir a conta xeral para a fiscalización externa ó Tribunal de Contas (Consello de Contas en Galicia).

4º) APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO.

Pola Alcaldía sinálase que se retira o asunto da orde do día por estar pendente de comprobación de datos.

5º) MOCIÓN DO PSG-PSOE REFERENTE A ESTRAGOS NA REDE VIARIA DE OSEBE.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.

Dada conta directamente da moción que transcrita di:

Todos os cidadáns teenses participamos da idea de que as obras de modernización do ferrocarril redundarán moi positivamente no progreso e benestar da sociedade galega no seu conxunto.
Somos conscientes, así mesmo, de que a realización destas obras ocasiona atrancos e molestias que, en principio, todos estamos dispostos a soportar en aras dese beneficio común ó que antes aludiamos.
De todos os xeitos, tamén non é menos certo que determinadas incomodidades se poden alixeirar e mesmo evitar se os representantes públicos amosan un pouco de sensibilidade e boa disposición e un moito de dilixencia e preocupación polos cidadáns máis directamente afectados. Nisto incluímos non só ós responsables das empresas construtoras e ós representantes do Ministerio, senón tamén ós gobernantes teenses que son os encargados de velar e defender os lexítimos intereses dos seus concidadáns.
Así ocorre que na zona de Osebe algunhas estradas interiores de vital importancia para os veciños e veciñas da zona, presentan desde hai moito tempo un estado tan lamentable que se fan case intransitables para vehículos e moi perigosas para os peóns.
Precisamente, a duración desta situación e as súas consecuencias inmediatas é o que provoca o profundo malestar da veciñanza. E o que máis chama a atención é a despreocupación absoluta por parte do alcalde Armando Blanco, Parajó, etc., sobre todo porque os problemas se veñen padecendo desde hai moito e ademais, sobre deles foron advertencias por distintos medios en repetidas ocasións.
As estradas máis afectadas e para as que reclamamos solucións urxentes e efectivas son as seguintes:

1. Estrada que comunica o lugar de Osebe coa N-550 pola rotonda de Picaelgallo.
Esta vía está enormemente deteriorada en varios dos seus tramos, o que fai difícil o paso de vehículos e viandantes. Mesmo provoca dificultades de accesos dos veciños/as ás súas propias vivendas. Tamén está necesitada do reforzamento de puntos de luz, xa que o grave estado da mesma e a insuficiente iluminación agravan aínda máis o problema.
2. Estrada do Castañal a Vilaverde.
Os estragos son tan grandes que nalgunhas partes do seu percorrido o firme desapareceu e case non se adiviñan os laterais da calzada.

ACORDO:

O Grupo Municipal Socialista de Teo, diante dos problemas formulados e facéndose eco das reiteradas queixas veciñais, urxe ó Goberno Municipal de Teo a:
1. Invitar ó alcalde Armando Blanco e ós concelleiros do seu grupo a desprazarse á zona para comprobar “in situ” o alcance dos estragos denunciados.
2. Procurar os mecanismos pertinentes para facer un seguimento periódico das obras e poder así detectar e solucionar os problemas con maior axilidade e eficacia.
3. Facer xestións urxentes cos responsables técnicos das obras e das empresas construtoras para que solucionen os problemas referidos coa maior urxencia e efectividade posibles.
4. Reforzar a iluminación da zona instalando novos puntos de luz, polo menos no tramo da estrada Osebe-Picaelgallo.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que o AVE é necesario pero que cren que as estradas interiores de Osebe están fatal tanto para persoas como para vehículos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que van apoiar a moción porque é unha cuestión de sentido común, que isto debía estar arranxado xa pola acción do goberno sen necesidade de presentar mocións.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que sabe perfectamente como están as estradas afectadas pola AVE.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que a acción de goberno debía ter resolto isto, e que isto hai que solucionalo día a día con independencia do arranxo final.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que está moi ben que o Sr. Parajó coñeza o estado das estradas, pero que o que se debate é se van arranxarse ou non.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que ten outro turno para falar, e indícolle que incluso hoxe pola mañán estiven alí, incluso podería dicir que esta mañán comezaron a asfaltar; engade que o outro día alí non estaban vostedes para o asunto do vial alternativo á ponte, que cre que comezaron hoxe, e que a parte diso eles teñen un compromiso de asfaltar todas as pistas que estén deterioradas, o que non poden facer é arranxar para que se estraguen cinco minutos despois polos camións, pero para dar solución á ponte van asfaltar agora para o vial alternativo.
O Sr. Alcalde sinala que non van apoiar a moción porque existe un compromiso da UTE Santiago-Padrón para arranxar os camiños e mantelos durante as obras en estado correcto e que co desvío alternativo van amañar iso.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 7, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

6º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE DESMANTELAMENTO DE ROTONDA EN OS TILOS E DESPRAZAMENTO DA MESMA.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
No pasado mes de abril, o Grupo Municipal Socialista, recollendo o sentir veciñal, denunciaba diante dos medios de comunicación a construción dunha rotonda na rúa Ameneiro dos Tilos, executada por orde do goberno municipal de Teo.
No devandito comunicado cualificábase de “irracional” e “antiestética” a devandita rotonda e adiantábase que ía provocar máis problemas que solucións. O tempo deunos a razón: os utilitarios manobran con dificultades, créase unha zona perigosa para o tráfico rodado e os autobuses escolares que se dirixen ó colexio dos Tilos non poden practicamente virar e vense obrigados a bordear a rotonda polo sentido prohibido.
Mais agora o problema acrecéntase porque a sinalización horizontal da mesma, realizada estes días para completar o proxecto, remata provocando enormes atrancos para os veciños dos edificios que lindan, xa que ademais de ver restrinxidas as súas zonas de aparcamento, agora teñen enormes dificultades para acceder e saír dos garaxes das súas vivendas.

A pesar da denuncia pública socialista e das constantes queixas veciñais (hai mesmo cartas con sinaturas de cidadáns da zona), o goberno teense non se deu por aludido, fixo oídos xordos e rematou por consolidar a "desfeita chapuceira". O malestar e indignación veciñais son evidentes, sobre todo pola obstinación da alcaldía e do goberno teense e a falta de diálogos cos afectados máis directos antes de consumar as obras.

Compre, pois, que o goberno teense corrixa os erros cometidos, aínda a pesar de que todos somos conscientes que ó remate quen paga estas "improvisacións e despilfarros" son os petos dos cidadáns. De todos os xeitos, máis vale sempre rectificar a tempo que lamentar.

ACORDO:

Instar ó goberno teense a que proceda coa maior urxencia posible a:
1. Demoler a obra realizada e devolver o tráfico na devandita rúa ó seu trazado orixinal.
2. Construír unha pequena rotonda circular onde estaba a primitiva co fin de organizar o tráfico rodado, exclusivamente, en dirección ó colexio e rúas adxacentes.

Debate:
Abandoa neste intre o Pleno o Sr. ConcelleiroTallón Mesías.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que seguen insistindo na idea da comisión de que crearon vostedes un problema onde non o había; sinala que cando presentan a moción non o fan de xeito caprichoso nin como dixo nos medios de comunicación o Alcalde para desprestixiar ós técnicos municipais, como fai sempre o Alcalde, que cando plantexan isto é polo malestar dos veciños e que non afecta a dúas ou tres unidades de vivendas como dixo o Sr. Pallas senón a todos os veciños, e que existe no Concello un escrito asinado por veciños; que vostede Sr. Alcalde dixo no Pleno que probablemente teñan razón pero non vamos levalo adiante.
Engade que unha rotonda é para regular o tráfico, non é unha cuestión estética, que o problema que había era unha rotonda de forma triangular que creaba problemas de confusión para o tráfico e que agora creouse un problema polo sitio onde está colocada e que só vai crear problemas de tráfico, por iso pide que fagan o favor de retirala para abaixo e facela onde estaba pero de forma circular.
O Sr. Alcalde sinala que iso que di vostede non sei se o dixen, e respecto diso de que se creou un problema onde non o había que aquí viñeron veciños a pedir aquela rotonda e por iso se fixo, con todo o respecto para os outros veciños; que o proxecto se fixo polos técnicos municipais e que se fixo cos técnicos e para os veciños, e se hai algunha crítica dos veciños a respectan, pero non var levar adiante a moción.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que estamos a falar dunha rotonda e pregunta, ¿cren que pode establecerse un debate político sobre unha rotonda?.
Engade que aquí só se buscan rendementos políticos por calquera tema constantemente, que isto é unha cuestión técnica e se existen queixas veciñais deberá dárselle unha solución e remata sinalando que van apoiala se existen veciños perxudicados e pode agora modificarse.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que considera que a rotonda está correcta.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que vostede Sr. Alcalde no último Pleno recoñeceu iso e a pesar de que vostede diga que o Presidente da Asociación de Veciños viu aquí, non era isto exactamente o que pediu o mesmo.
Engade que o sentido dunha rotonda é controlar o tráfico e facilitar o mesmo, e era absolutamente innecesario porque alí non existían estes problemas, o problema estaba

motivado polo carácter triangular dunha isleta que existía alí e agora se xenera un problema de tráfico e de seguridade vial.
O Sr. Alcalde sinala que pon en dúbida iso que di vostede que dixen.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que dálle a razón ó PSG-PSOE co da creación dun problema, porque o problema o crean eles onde non o hai, incluso coas sinaturas dos escritos porque hai algún dos chalés; engade que o PSOE ou o seu portavoz trata de crear un problema onde non o hai, só o crea el.
O Sr. Alcalde remata sinalando que non van votar a favor polos motivos expostos.
Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 6, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

7º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE CONSTRUCIÓN DUN CAMPO DE FÚTBOL EN OZA.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
Coa finalidade expresa de construír un campo de fútbol en Oza, o goberno municipal de Teo, presidido por Armando Blanco mercou diversas parcelas de monte na zona de Monte de Agoso-Agro do Retorno-Retorno de Castiñeiras en maio de 1999 e novembro de 2001.
A superficie adquirida foi de 12.300 metros cadrados, e o custo total da operación acadou a cifra de 14.260.550 pesetas.
O prezo por metro cadrado pagado foi en todos os casos de 1.000 ptas, excepto tres toxeiras propiedade de Jesús Naveira Pequeno dun total de 1.545 metros polas que se pagaron 3 millóns de pesetas, é dicir, a case 2.000 pesetas o metro cadrado.
(Por certo, a Xunta de Galicia está a pagar o monte expropiado para as obras do corredor alternativo á variante de Cacheiras a 500 ptas o metro cadrado no ano 2005).
O programa electoral da candidatura encabezada por Armando Blanco nas últimas eleccións municipais recollía entre os seus compromisos coa parroquia de Oza o "remate das obras de construción do novo campo de fútbol e construción de gradas no mesmo".

A día de hoxe atopámonos coa seguinte situación:
1. Gastáronse máis de 14 millóns de pesetas para facer, supostamente, un campo de fútbol en Oza, mais nin hai tal campo construído nin comezado, e nin sequera existe un proxecto técnico do mesmo.
2. Pagáronse as fincas de distinta maneira sen que conste xustificación obxectiva algunha de tales diferenzas.

ACORDO:
Instar ó Alcalde e ó seu grupo de goberno a:
1. Dar explicacións sobre dos diferentes prezos pagados e sobre das razóns da non construción, ata o de agora, do campo de fútbol, a pesar de que no seu programa electoral falaba de "remate das obras de construción do novo campo de fútbol".

2. Proceder á elaboración dun proxecto técnico para a construción do campo e adoptar as medidas pertinentes para previr os recursos económicos correspondentes que permitan o financiamento das obras.
3. Realizar as obras de construción do campo de fútbol dentro da presente lexislatura.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que estamos a falar dun compromiso electoral do seu grupo Sr. Alcalde, que falaba de remate e que non existe nin proxecto.
En segundo lugar que vostede volve a mentir, que o Pleno de maio onde estaba a moción en Oza o Alcalde dixo que estaba adxudicado ó Sr. Martínez, ¿onde está adxudicado?.
Engade que quería facer unha rectificación porque o Sr. Parajó na comisión informativa dixo que se mercara unha finca máis, que non é certo, fixose unha rectificación ou subsanación por problemas de tipo administrativo, pero non se mercou ningunha finca, pero hai unha cuestión que preocúpame máis, que hai unha certificación dun acordo de que será adicado a campo de deportes e que o Alcalde dixo que será mercada cos cartos da venda de parcelas de San Sadurniño, que non está xustificado en absoluto o prezo por estar preto dunha vía de comunicación, que teñen informes que llo acreditan, e remata sinalando que lle gustaría que o Sr. Alcalde lle resposte ás afirmacións do Pleno anterior e pregunta ¿onde está está o proxecto?.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que o BNG vaise abster e vaise xustificar.
Os motivos da abstención son os prezos que se pagaron polas fincas, que foi no anterior mandato e este grupo igual que o resto no ano 2000 aprobou os prezos de adquisición, sen entrar a valorar se lles meteron un gol naquel Pleno, porque o BNG igual que o PSOE votaron a favor.
Con respecto á construción do campo de fútbol os terreos son públicos e terá que dárselle unha utilidade.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que recoñezo que as palabras do Sr. Noriega son coherentes co que se fixo fai anos e pregunta, ¿canto valen hoxe eses terreos?,¿ se mercarían polo mesmo prezo?, respostando o mesmo que creo que hoxe non se venderían a ese prezo.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que hai persoas que son especialistas en terxiversar as cousas, que o PSG-PSOE é coherente co que votou hai anos, o que se pide é que se faga o campo de fútbol, que se cumpra o compromiso que vostedes teñen cos veciños de Oza, non terxiversen, non manipulen, que somos nós os que estamos a dicir que se cumpra, que o compromiso electoral é o remate cando non existe nin proxecto, e pregunta ¿está adxudicado ó Sr. Martínez?.
Remata sinalando que piden que se faga o campo de fútbol porque existe esa necesidade e é unha reivindicación vecinal que lles fixeron veciños de Oza, que simplemente piden explicación dos prezos e esperan que por coherencia voten a favor co que fixeron no anterior mandato.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que non poden apoiar a moción, pero sí comparte co Sr. Leis que é unha obriga do Sr. Alcalde á que lle compromete o seu programa electoral, se teñen coherencia voten a favor, que o do campo de fútbol é un compromiso seu e que o mellor non é unha prioridade absoluta, que o mellor existen outras necesidades e que o BNG respecta que estes terreos poidan ser para campo de fútbol.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que se a moción só fose para facer un campo de fútbol ó mellor se retomaría a postura, porque na moción se fala do prezo e doutras cousas.
¿Canto tempo ten un equipo de goberno para facer o que promete?. Ten ata maio de 2007, e como saben que alí vaise facer un campo de fútbol cando comecen as obras van dicir que se

fixo por nós, igual que co tema da piscina que foron a falar con Zapatero e co Presidente da Deputación e despois din que a fixeron eles.
O Sr. Alcalde sinala que o PSG-PSOE pretende enfrentar ós veciños da parroquia e quere agradecer que se lle recorde o programa electoral; engade que parece que hai que facelo cando vostede mande e tamén que pouco respecto ten vostede polos seus compañeiros do pasado mandato que votaron a favor deste tema e do prezo; engade que pensa que cando se mercou por uns prezos foi en base a uns informes técnicos e criterios e que se pagaron a diferentes prezos en función dos accesos, e que non sabe se teñen algo contra o veciño ó que se refiren na moción e non é moi ético poñelo con nome e apelidos, e que o ano pasado foi cando se foi ó notario por un problema de documentación, polo tanto non podemos meternos nunha propiedade privada e que a obra do Sr. Martínez era de explanación e que é potestade do Alcalde encargala ó Sr. Martínez, e remata sinalando que se levará adiante cando o equipo de goberno considere, non cando diga vostede.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 2, do grupo municipal do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións: 4, do grupo municipal do BNG (4).
Queda rexeitada a moción.

8º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE AS OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECEMENTO REALIZADAS NA CASALONGA DENTRO DO POS 2002.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
Dentro do POS do 2002 aparecen como realizadas unhas obras denominadas "Sanemaento e abastecemento na Casalonga" por unha cantidade total de 25.879,28 euros (= 4.313.040,80 ptas).
O trazado que figura no proxecto contemplaba a extensión das redes de sumidoiro (saneamento) e auga potable (abastecemento) desde a ponte de Osebe ata as casas situadas máis alá da vía do tren.
Segundo o proxecto técnico e a documentación anexa, estas obras, a pesar de que reciben este nome, corresponden en realidade a un tramo pertencente ó lugar de Osebe.
A obra foi recepcionada o 15 de novembro de 2002 e a certificación final está asinada con data 13 de febreiro de 2003.
Pois ben, todos os veciños da zona son testemuñas de que:
1. O Concello de Teo só realizou as obras de abastecemento.
2. As obras de saneamento (rede de sumidoiros) fíxoas no ano 2000 a empresa Espina&Delfín, que traía a rede desde Tarrío (Ames) nun proxecto custeado polo Concello de Ames. Os veciños da parte de Teo pagaron a acometida dos seus petos. Asemade, en ningún caso atravesa a vía do ferrocarril.
ACORDO:
O Grupo Municipal Socialista insta ó alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a:
1. Clarexar os feitos, e sobre todo, respostar cumpridamente ás seguintes interrogantes:
¿A que fai referencia en realidade este proxecto supostamente realizado polo Concello de Teo?

¿Están no certo os veciños/as da zona cando manifestan que o Concello de Teo non fixo a rede de saneamento porque xa estaba feita desde o ano 2000?
¿Se non se fixo o saneamento ó cargo do Concello de Teo en que se empregaron os 25.879,28 euros que figuran como pagados por unhas supostas obras de "saneamento e abastecemento"?
2. Crear unha comisión de investigación constituída por electos municipais, de maneira proporcional ós resultados electorais, garantindo a presenza de todas as forzas políticas, co fin de que elabore un ditame sobre os feitos e determine, no seu caso, as responsabilidades de todo tipo a que houbera lugar.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que como se dixo na comisión informativa está mal chamado o proxecto porque afecta a unha zona de Osebe, que é un erro que induce a confusións posteriores e que pediría que cando se fagan os proxectos se denominen ben. Engade que o proxecto refírese a abastecemento e saneamento e que o Concello de Teo o único que fixo foi o abastecemnento de acordo co proxecto que está aquí aprobado e dificilmente poido facer o saneamento porque estaba feito dous anos antes.
Engade que nós non inventamos a moción, foron os veciños os que lle deron a información de que iso se fixo polo Concello de Ames e os veciños da zona fixeron as conexións ás obras feitas por Espina e Delfín, polo que unha de dúas, ou hai dúas redes de saneamento ou vostedes non poderon facer o saneamento.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que lles parecen unhas cuestións graves e que está máis que xustificada a solicitude de creación dunha comisión de investigación, agás que vostedes dean unha explicación satisfactoria.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que el no ano 2000 non tiña nada que ver coa adxudicación destas obras e despois figura nos papeliños que poñen por Calo.
Engade que o primeiro que hai que facer é coñecer a zona e que pediu informes técnicos e lle dixeron que estaba todo correcto.
O Sr. Alcalde sinala que respostará ó final.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que iso é unha desfachatez pola súa parte, porque así non terá réplica; sinala que ten fotografías das arquetas co anagrama de Espina e Delfín e facturas dos veciños que engancharon, que é absolutamente imposible que vostedes fixeran o saneamento.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que de que quere que fale se vostede non quere debatir, de que quere vostede que fale, que o lóxico sería que vostede respostara, o PSG-PSOE explicara e vostede pechara.
O Sr. Alcalde sinala que como sempre vostedes están con acusacións e temas falsos; que as obras están correctamente realizadas e sinala que voulle ler o informe técnico realizado polo enxeñeiro de camiños autor do proxecto e director das obras referenciadas D. Gilberto Rodríguez Rodríguez, de data 22.07.2005, que transcrito di:
"" Asunto: Obras correspondentes ó proxecto denominado "Saneamento e abastecemento en Casalonga".
1º) Que as obras correspondentes ó proxecto titulado "Saneamento e abastecemento en Casalonga" consistiron basicamente na instalación de 100 metros de tubería de saneamento e 550 metros de tubería de abastecemento. O trazado de dita obra discurriu, no seu conxunto, entre as proximidades da ponte de Osebe e a vía do tren, segundo aparece reflexado no plano de situación de dito proxecto.

2º) Que o presuposto do proxecto unicamente contempla a instalación de 100 metros de tubería de alcantarillado, é dicir, tan só unha pequena parte do trazado que incluía a instalación das redes de abastecemento e saneamento, mentras que na maior parte do mesmo (225 metros por cada marxe), proxectouse unicamente a rede de abastecemento.
Os 100 metros de alcantarillado se instalaron nas proximidades da ponte de Osebe, conectándose co colector que discurre ó longo do río Tinto. En ningún caso contempla o proxecto que a rede de saneamento cruce a vía do ferrocarril.
3º) Que o presuposto do proxecto ascende a un total de 25.879,28 euros. Dita cantidade resulta da suma dos importes de cada unha das unidades de obra, unha vez aplicados os porcentaxes contemplados no artigo 131 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. As unidades de obra integrantes do proxecto son as necesarias para a correcta execución das obras, incluíndo partidas para excavación, instalación de canalizacións cos seus correspondentes accesorios, reposicións de pavimento e de servizos afectados. Así mesmo, os prezos aplicados son os habituais en proxectos de similares características.""

Rematada a lectura pola Alcaldía, se pregunta a Secretaría, ¿pode unha empresa pola súa conta facer obras de saneamento doutro Concello no noso?.
Por Secretaría se informa que os concellos exercen as súas competencias dentro de seu límite territorial, polo que en prinicipo outro Concello non pode facer obras neste, agás que exista algún tipo de convenio interadministrativo para a prestación dun servizo que sexa de interese ós veciños de ambos, ou existira algún tipo de autorización por parte do Concello de Teo.
Remata o Sr. Alcalde sinalando que a empresa e os técnicos din que isto está perfecto; polo tanto esa dúbida que creou vostede entre os veciños, vamos a velo e ó mellor no xulgado porque vostedes o único que fan é crispar á xente, que o informe está perfecto e as obras tamén e ó mellor nos temos que ver no xulgado.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 6, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

9º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE A PLENA EQUIPARACIÓN DE DEREITOS PARA LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS E BISEXUAIS.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Asuntos Sociais e Sanidade.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
Hai 26 anos que o noso país se sacudiu a ditadura e apostou pola democracia e as liberdades. Durante todo este tempo, centos de miles de cidadáns e cidadás, por mor dunha orientación ou identidade sexual diferente á maioritaria, tiveron que agardar, reivindicar, sufrir e loitar para verse recoñecidos como cidadáns cos mesmos dereitos.
Hoxe é xusto afirmar que a maioría da sociedade española e galega está a favor da plena equiparación de dereitos para gais, lesbianas, transexuais e bisexuais.
O papel das institucións europeas por recoñecer a plena igualdade legal e social para gais, lesbianas e transexuais, traduciuse en diferentes tratados e resolucións que o noso país asinou

e que ten que desenvolver: o Tratado de Amsterdam, no seu artigo 13 e na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, no seu artigo 21, a Resolución A-0028/94 do 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo sobre " A igualdade de dereitos dos homosexuais e as lesbianas na Comunidade Europea", a Resolución A4-0478/98 tamén do Parlamento Europeo sobre "o respecto dos dereitos humanos na Unión Europea" e a resolución A316/89 sobre "A discriminación dos transexuais".
A posición favorable do Goberno de España a iniciar as reformas lexislativas necesarias (matrimonio entre persoas do mesmo sexo, Lei de parellas de feito, Lei de identidade sexual, asunción no catálogo de prestacións sanitarias dos procesos transexualizadores, etc.) contribuirá definitivamente á plena equiparación de dereitos destes cidadáns e cidadás.

ACORDO:
Diante da próxima celebración do Día do orgullo gai, lésbico, transexual e bisexual, o noso concello quere comprometerse e contribuír a que os nosos veciños e veciñas gais, lesbianas, transexuais e bisexuais logren a plena igualdade de dereitos, por iso rubricamos esta declaración e estes compromisos:
1. O noso concello comprométese a impulsar medidas para a plena equiparación social de gais, lesbianas, transexuais e bisexuais; accións de sensibilización e loita contra a homofobia e a transfobia; medidas educativas; medidas de integración; servizos de asesoramento e orientación para gais, lesbianas, transexuais e bisexuais, etc.
2. O noso concello únese á iniciativa emprendida por diferentes colectivos internacionais e diferentes países para declarar o día 17 de maio, como Día mundial contra a homofobia e a transfobia.
3. O noso Concello comprométese a enviar copia deste acordo á Federación Estatal de Lesbianas, Gais e Transexuais (FELGT) e ás organizacións GLTB do noso contorno.

Por todo isto rubricamos esta declaración como mostra do noso compromiso coa liberdade, a democracia, a solidariedade, a convivencia, a diversidade e a modernidade. En definitiva, con esta moción queremos apoiar a plena equiparación de dereitos para lesbianas, gais, transexuais e bisexuais.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que con esta moción preténdese levar ó goberno local o que está feito a nivel estatal e conectar co sentido maioritario da sociedade teense, e que cren que o Concello ten que sumarse a este fenómeno colectivo.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que están de acordo coa plena equiparación de dereitos tal como foi recollida no Parlamento Español, agora ben cren que a posición das administracións locais poden asumila se non fose por dous puntos que fan inviable a moción: o 1º punto no referente ós servizos sociais do Concello, porque isto xa debe estar realizado polo Concello e se non é así habería que levar ós sevizos sociais ó xulgado por non facer o que por lei deben facer. En segundo lugar respecto da data de celebración o 17 de maio existen distintas posturas respecto do mesmo, e ademais coincide co día das letras galegas, e remata sinalando que existen outro tipo de asociacións que se desvinculan desta federación afín ó PSOE.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares pregunta se hai forma de cambiar eses puntos.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que pregúntase para que sirven as comisións informativas porque vostedes non fixeron nada.

O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que votaron a favor na comisión informativa e posteriormente tivo un debate e estableceuse o posicionamento, estamos de acordo coa moción pero nós imos máis alá, sobre todo no primeiro punto porque debe facerse polos servizos sociais e respecto da data de celebración das distintas asociacións se informaron e pode consensuarse.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que as comisións informativas están para iso, que sería bo ter unha Comisión de Portavoces para traer xa ó Pleno as cousas rematadas, que vostedes están á espera do que poida suceder no Pleno.
Engade que van mantela tal e como está redactada porque o 17 de maio está maioritariamente aceptada non só en España senón en todo o mundo e é prefectamente complementaria co día das letras galegas e dicir que a federación é afín ó PSOE non é correcto aínda que si foi a que traballou co PSOE.
Continua sinalando que parece que o Sr. Parajó é o xefe do P.P., que vostedes digan cal é a súa alternativa ó texto da moción, que non digan que vostedes fan o que di o BNG.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que mantemos os mesmos dous puntos e no fondo creo que a moción nos queda un pouco curta respecto das reivindicacións que o BNG podería facer.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que vai aprobar a moción do PSG-PSOE tal e como está ou tal e como a consensuen co BNG; que ten que escoitalo, con isto quero dicir que o Inteo por unha vez e sen que sirva de precedente vai apoiala.
O Sr. Alcalde sinala que se non hai acordo se pasa a votación e hai liberdade no grupo para votar o que se desexe.
Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 3, dos grupos municipais do PSG-PSOE (2) e Mixto (1).
Votos en contra:0.
Abstencións: 12, dos grupos municipais do PP (8) e do BNG(4).
Queda aprobada a moción.

10º) MOCIÓN DO BNG SOBRE O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E A SÚA TRAMITACIÓN.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Urbanismo.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
O proceso para a redacción do PXOM de Teo pretendeuse vender desde un principio como unha empresa colectiva de todos os cidadáns e de todas as forzas políticas do concello; un proceso no que todos e todas teriamos a oportunidade de opinar e no que se garantiría a transparencia e a igualdade de oportunidades.
Dous anos despois de iniciado este proceso pode afirmarse, sen lugar a dúbidas, que a coalición de goberno formada polo Partido Popular e os Independentes de Teo teñen dado todos os pasos necesarios para facer da redacción do PXOM un proceso escuro, controlado polo acceso á información privilexiada, falto do necesario control político por todas as forzas que integran o Pleno municipal e condicionado, exclusivamente, polas forzas que compoñen a coalición de goberno.
Unha coalición que goberna grazas a 18 votos (da emigración, para ser exactos) asume en exclusiva os criterios de redacción dun PXOM pensado para 8 ou 10 anos, e que en principio debera ser un documento colectivo, no que todas as forzas achegaran e se sentiran partícipes,

e que dera garantías e estabilidade ós cidadáns de Teo de cara ó futuro, fose cal fose o resultado das próximas eleccións municipais.
Neste momento, co documento base entregado precipitadamente na Consellaría, agardando que unha Xunta de Galicia en funcións dea o visto e prace a un proxecto sen prever as consecuencias cara o futuro, os grupos políticos que forman a corporación de Teo aínda non tiveron a posibilidade, tan sequera, de expoñer as súas posicións, de dar as súas opinións con respecto ó plan. A coalición de goberno levou ó límite a normativa legal para conseguir que o avance do PXOM, o documento no que se fixan as directrices básicas de actuación, non pasara polo Pleno municipal.
Ademais, agora, xa entregado na Consellaría, négase a facilitar á oposición o documento base para que as distintas forzas políticas poidan facer o estudo detallado, sereno e sensato que a redacción dun PXOM para unha década demanda. A información facilitada limítase a dúas sesións (falta unha) na que se expoñen de forma xenérica as grandes liñas do PXOM, sen acceso a detalles, sen documentos escritos, sen posibilidade de opinar, sen posibilidade de que as forzas políticas que representan ó 50% da poboación de Teo sexan tidas en conta.
Os veciños de Teo denuncian ademais o uso que da información privilexiada con respecto ó PXOM se fixo, consecuencia da falta de transparencia que debe rexer a redacción dun plan no que tantos cartos se poñen en xogo. Se alguén tivo a intención de conseguir un PXOM para Teo, que favorecese á colectividade, no que todos e todas participáramos, fixo exactamente todo o contrario do que debería facer para conseguilo.
Por último, semella un despropósito e unha provocación que un goberno cunha maioría social tan precaria agache o proxecto do PXOM e non lle ofreza a súa posibilidade de estudo á oposición ata que este se poña en información pública, ó mesmo tempo que a calquera cidadán, que só ten que estudalo desde un punto de vista particular.
En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:
1. Poñer a disposición de todas as forzas políticas da corporación municipal de Teo o proxecto do PXOM realizado pola empresa encargada do mesmo, posibilitando así o seu estudo, a súa valoración e a posibilidade de propostas complementarias ou alternativas que enriquezan o proxecto, antes da súa exposición a información pública.
2. Convocar un Pleno extraordinario, ou incorporar na orde do día dun Pleno ordinario, a discusión e valoración do documento redactado sobre o PXOM, de xeito que as achegas das distintas forzas políticas poidan ser tidas en conta e/ou incorporadas antes da exposición pública ó conxunto da cidadanía.

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que non teñen capacidade de discusión, que o plan é para Teo e que non sabe se coincide coas aspiracións que ten o plan xeral de Santiago; que aquí pretendeuse desde o inicio sacar un plan de consenso entre grupos políticos e veciños, que o BNG aínda non tivo un momento para poder dicir cales son as posicións do BNG, os condicionamentos mínimos nosos, para poder aprobar ese plan; engade que non teñen ningunha posición preestablecida pero que debería dárselle a oportunidade de deixalos expoñer os seus criterios, se a idea é facelo por consenso, e por outra parte que xa o dixo na comisión informativa, que o procedemento de Santiago non lle parece correcto, temos que ter posicións políticas de grupo e que incluso en función da exposición pública podería facerse outra exposición despois en función dos seus criterios.
O Sr. Alcalde sinala que o sentir é que o vexan antes da exposición pública, que os técnicos máis ou menos en quince días poderán sacar o conxunto do Concello a parte das puntualizacións que faga a Consellería, que pensa que van tardar moi pouco en mandar o

informe e que o terán a súa disposición e que pretende que exista ese consenso do que fala o BNG e remata sinalando que non vai tardar moitos días o informe da Consellería e por iso non van levar adiante a moción.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que está fora de toda dúbida as diferentes actuacións do PSG-PSOE sobre o plan, sobre a súa redacción, e para o consenso.
Engade que normalmente as iniciativas do PSG-PSOE son rexeitadas e despois a presión social consigue cousas e por iso agora se desbloqueou a tramitación, que van votar a favor polo tema de conseguir o consenso, de todos modos agora está pendente do informe da consellería, iso quere dicir que a consellería pode aprobalo ou rexeitalo, que o documento que está na consellería non é o definitivo, non me importaría agardar ó documento definitvo, o que reclamo é lealdade con respecto a este plan porque me consta que hai alguén que está absolutamente informado e mandando información a veciños do Concello.
O Sr. Alcalde pregunta, ¿quen é?.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que entérese vostede de que hai xente con información privilexiada, por elo creo que a mellor maneira de evitar suspicacias é o que di a moción, que corremos moitísimos riscos con este documento neste momento, que o que non se pode facer é sacar información do documento e dala ós veciños, que o mellor o risco é para os veciños, que ese documento tal e como está neste momento non se pode difundir porque incluso pode vir rexeitado pola consellería.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que como sempre dixen tírase a pedra e escóndese a man, que teño a conciencia moi tranquila se se está a referir a mín.
Engade que imos facelo como en Santiago, que o Alcalde de Santiago dixo que a súa tramitación é exemplar; sinala que Teo comezou no ano 2002 e está para vir o informe previo á aprobación inicial e exposición pública e que o equipo redactor é moi bo, tal vez un pouco restrictivo, e que traballa para máis concellos; que dixemos que cando viñera o informe e se informara polos técnicos e polo equipo redactor despois o verán e que se o Alcalde non manda o contrario se fará así, que aquí non hai ocultismo, houbo reunións da Comisión de Seguemento e o xoves hai outra e non pasa nada, e que antes da exposición pública poderán facer aportacións os grupos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que o BNG participou na mesa de contratación do plan xeral e votou á mellor oferta e que alí había técnicos da consellería e do Colexio de Arquitectos, que non se poden simplificar as cousas.
Engade que a iniciativa demanda a participación dos grupos na elaboración do PXOM e que o diálogo é un proceso bidireccional e se queren un consenso por cuestión de trasparencia deben velo antes.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que a ver se agora as comisións de seguemento son unha gracia do PP e Parajó, que non veñan de campeóns da transparencia, que esa comisión foi esixida pola oposición.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que o que ten que ser confidencial é o que afecta ós intereses particulares.
Tras lograrse consenso de que se faga na comisión de seguemento e non nun Pleno, e sometida a votación a moción coas emendas in voce aceptadas, o Pleno do Concello por unanimidade dos quince membros presentes, pertencentes ós grupos municipais do PP (8), BNG (4), PSG-PSOE (2) e Mixto (1), dos dezasete que legalmente o compoñen, acorda:

1º) Poñer a disposición de todas as forzas políticas da corporación municipal de Teo o proxecto de PXOM unha vez recibido o informe da Consellería e despois do informe dos técnicos e do equipo redactor e convocar á Comisión de Seguemento composta polos seus

titulares ou suplentes pero á que poderán asisitir todos os concelleiros do Concello antes da exposición pública, posibilitando así o seu estudo, a súa valoración e a posibilidade de propostas complementarias ou alternativas que enriquezan o proxecto, antes da súa exposición a información pública.

11º) MOCIÓN DO BNG SOBRE O SERVIZO Ó CONXUNTO DA URBANIZACIÓN DOS TILOS DAS REDES DE FIBRA ÓPTICA E GAS, MEDIANTE SOTERRAMENTO DESTAS CONDUCIÓNS E DA TELEFONÍA AÉREA.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
Nas últimas semanas a empresa R procedeu ó cableado da rede de fibra óptica na zona dos Tilos que dá servizo ós edificios. Este servizo demandado desde hai tempo polos veciños da zona vai supoñer, sen dúbida, un avance na extensión das novas tecnoloxías e a diversificación e unha mellor recepción dos sinais de TV.
Con todo, e do mesmo xeito que pasara coa rede do gas, a zona de vivendas unifamiliares da urbanización semella que vai quedar tamén fora deste servizo. Esta situación suporía unha grave discriminación cara unha parte da urbanización e racharía a homoxeneidade da urbanización que é unha das súas características diferenciais.
O dereito de toda a urbanización a contar con este servizo, debe facerse ademais coas condicións recollidas no proxecto de urbanización, soterrado e cableado, de forma que o tendido aéreo non pode ser unha opción aceptable para o Concello.

O mesmo poderiamos dicir do tendido da condución do gas e o servizo ó conxunto da urbanización, tema que xa deu lugar a varias discusións e iniciativas, tanto veciñais como das forzas políticas do Concello.
O propio Concello deberá ademais asumir a súa responsabilidade na permisividade do tendido aéreo do cableado telefónico (en contra do postulado no proxecto de urbanización), o que de deu lugar a unha situación de provisionalidade que xa dura máis de 22 anos. O compromiso do Concello de rematar con esta situación provisoria ten tamén que facerse efectivo.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Convocar conxuntamente e con urxencia á empresa R e á empresa distribuidora do gas para conseguir un convenio a tres bandas (R–Gas–Concello) que permita solucionar definitivamente o servizo de gas e de fibra óptica a toda a urbanización e o soterramento da liña aérea de teléfono.
O obxectivo sería conseguir a apertura dunha única gabia que permitise o soterramento do conxunto das conducións, respectando as condicións técnicas e de seguridade, e aforrar no investimento e nas molestias que sempre ocasionan estas obras.
As condicións económicas serían asumidas entre as tres partes, en función dos compromisos adquiridos, da rendibilidade da inversión e das responsabilidades de cada parte, actuando o Concello como entidade dinamizadora, fiscalizadora dos compromisos e licenzas, e coactiva nos límites claramente marcados pola lei.

Debate:

O Sr. Alcalde expón que teñen contactos con R e Gas Galicia e que viu o novo xefe de Gas Galicia e quedou en reunirse con el proximamente.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que para darlle forza ó proceso cre máis conveniente crear unha comisión para que estas dúas entidades vexan que é unha proposta con respaldo institucional e que nos deramos uns prazos para conseguir isto.
O Sr. Alcalde sinala que o respaldo do Pleno por unanimidade é bastante respaldo.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que se teña en conta este compromiso de Gas Galicia para dar servizo a toda a urbanización e que se teña en conta no proceso de negociación o informe do servizo de asistencia técnica a municipios da Deputación.

Tras consenso entre os grupos o Pleno do Concello por unanimidade dos quince membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen, pertencentes ós grupos municipais do PP (8), BNG (4), PSG-PSOE (2) e Mixto (1), acorda:

1º) Convocar conxuntamente e con urxencia á empresa R e á empresa distribuidora do gas para conseguir un convenio a tres bandas (R–Gas–Concello) que permita solucionar definitivamente o servizo de gas e de fibra óptica a toda a urbanización e o soterramento da liña aérea de teléfono.
O obxectivo sería conseguir a apertura dunha única gabia que permitise o soterramento do conxunto das conducións, respectando as condicións técnicas e de seguridade, e aforrar no investimento e nas molestias que sempre ocasionan estas obras.

12º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A ILEGALIDADE DA VIXENCIA DE CERTOS CONTRATOS.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
O 2 de maio do ano 2000 o Concello de Teo contrata por un ano, con carácter prorrogable, un servizo de asistencia xurídica mediante o tipo de contratación previsto no artigo 197.2b da Lei de contratos das administracións públicas, segundo se especifica no expediente, que corresponde ós contratos de consultoría e asistencia. Afírmase que a contratación á Alcaldía conforme ó artigo 21ñ da LBRL, modificada pola Lei 11/99. Sen entrar a discutir a competencia para a contratación (aínda que o BNG non coincide coa argumentación xurídica que outorga esta competencia de contratación á Alcaldía), o resultado é a contratación de don Enrique Herrero de Padura e outros como asistente xurídico do Concello de Teo por un importe líquido a percibir de 117.600 ptas mensuais.
Nestas mesmas datas o Concello de Teo contrata un servizo de asesoría ou asistencia xurídico-urbanística, coa mesma empresa e por un importe económico similar. Os argumentos xurídicos da legalidade e competencia da contratación son os mesmos que para o caso anterior.
Estes citados son os únicos contratos asinados entre as partes, pois foron os presentado ó BNG, cando en novembro de 2004 solicitou a consulta do expediente de contratación (prego de condicións, proceso de selección e contratación,...) de don José Enrique Herrero de Padura. A única variación significativa foi que en decembro do ano 2000 o concello aceptou que don José Enrique Herrero prestará persoalmente estes dous servizos contratados, tras separarse da sociedade que tiña con outros e ós que, conxuntamente, lles fora concedido o contrato.

Por poñer un exemplo dos custos asumidos polo Concello, no ano 2003 páganse a esta persoa 40.382,19 euros (case 7 millóns de ptas), que corresponden á provisión de fondos para recursos máis ó pago mensual. Os pagos líquidos de 1.517,55 euros prolónganse mes a mes polo menos ata xullo de 2004, aínda que supoñemos que se seguen producindo na actualidade.
Pois ben, a Lei 53/1999, que modifica a Lei 13/1995, de contratos das administracións públicas, vixente no momento en que se asinan estes contratos, establece:
Artigo 199. Duración.
1. Os contratos de consultoría e asistencia e os de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a dous anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das administracións públicas, se ben poderá preverse no mesmo contrato a súa modificación e a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización de aquel, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos, nin estas poidan ser concertadas, illada ou conxuntamente, por un prazo superior ó fixado orixinariamente.
Consecuentemente, a Alcaldía do Concello de Teo, pese ás críticas que o BNG fixo en repetidas ocasións ós mecanismos de contratación (e moi especialmente á contratación desta persoa), non só renovou a vixencia do contrato repetidamente, senón que o mantivo e o prorrogou en condicións de manifesta ilegalidade (polo menos a partir de maio de 2004).
Non é obxecto desta moción entrar a valorar a competencia ou incompetencia das persoas contratadas, pero é ridículo que un profesional contratado polo Concello como asistente xurídico nin sequera sexa capaz de asesorar sobre a ilegalidade do seu propio contrato a partir de maio de 2004.
Por desgraza, este non é o único caso. Pode citarse, por exemplo, o contrato con Deportegestión S.L., con data de inicio do 14 de xaneiro do ano 2000, asinado entre as partes para cubrir inicialmente entre 15 e 40 horas semanais nas Escolas Deportivas Municipais (cun custo máximo, por tanto, dunhas 320.000 ptas por mes, como tope, ou o que é o mesmo, menos de 4 millóns de ptas por ano aínda que houbera escolas deportivas todo o ano).
En novembro do ano 2004 o Grupo Municipal do BNG solicitou a consulta "do expediente de contratación (prego de condicións, características das actividades contratadas, proceso de selección e contratación,...), da empresa Deportegestión S.L.", sendo este citado o único contrato asinado entre o Concello e a empresa.
Curiosamente, só no ano 2003, Deportegestión S.L. recibiu 168.599,52 euros (máis de 25 millóns de ptas), que por suposto non coinciden coas condicións do contrato. Por certo, os servizos prestados por esta empresa a partir de xaneiro de 2004, serían completamente ilegais polo vencemento do prazo improrrogable do contrato.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:
1. Cumprir a lei. Interromper, de inmediato, calquera tipo de servizo prestado ó Concello por calquera empresa en base a un contrato xa sen vixencia e sen posibilidade de prórroga.
2. Censurar a actuación política da Alcaldía e do grupo de goberno do Concello de Teo por ter permitido estas manifestas ilegalidades.
3. Cubrir os servizos municipais que sexan precisos no futuro mediante unha convocatoria pública, en libre competencia entre todas as empresas capacitadas e con vontade de facelo, nun proceso transparente e con garantías.

Debate:

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que retiran da moción o párrafo que di: Por poñer un exemplo dos custos asumidos polo Concello, no ano 2003 páganse a esta persoa 40.382,19 euros (case 7 millóns de ptas), que corresponden á provisión de fondos para recursos máis ó pago mensual. Os pagos líquidos de 1.517,55 euros prolónganse mes a mes polo menos ata xullo de 2004, aínda que supoñemos que se seguen producindo na actualidade; e que ó final da segunda páxina onde di 168.599,52 euros (máis de 25 millóns de pts) debe dicir 50.152,60 euros (máis de 8 millóns de pts), engadindo que pide disculpas por iso que foi por un erro.
O Sr. Alcalde sinala que pedir disculpas despois de saír nos medios de comunicación non é correcto.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que saiu despois de facer as correccións, engadindo que transcurriu o prazo e por conseguinte non se poden efectuar pagos por estes contratos e que eles actuan en función da documentación que se lles deu abaixo sobre dúas persoas, e que por suposto non existía ningunha modificación dos contratos, engadindo que con Deportexestión se fixo para unhas horas cuns custes de 4 millóns ó ano e ó final se lle pagan 8 millóns sen facer modificación do contrato, partindo da base de que fagan outras cousas e non só as escolas deportivas.
Sinala que van querer cobrar por eses contratos vencidos; que o asesoramento debía ser tal e como sinalaron no seu momento correcto, porque que o asesor non saiba que o seu contrato é ilegal.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que hai outros na mesma situación, así axuda a domicilio, que isto é unha decisión política, de responsabilidade política.
O Sr. Alcalde sinala que hai efectivamente máis contratos que remataron e xa se comentou sobre Deportexestión e axuda a domicilio para ir tramitándoos, preguntando a Secretaría se isto é correcto.
Por Secretaría se informa que sí que se comentou iso pola Alcaldía e coa Interventora, e que se considera que con independencia da vixencia destes contratos se os servizos se prestan efectivamente teñen que pagarse polo concello, todo elo sen prexuízo da responsabilidade que asume a persoa que aproba os pagamentos. Remata o Sr. Alcalde sinalando que o Alcalde non pode deixar de prestar agora estes servizos ós veciños.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 6, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto(1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares en explicación de voto sinala que asume o que haxa que asumir ata os novos concursos.

13º) MOCIÓN DO BNG SOBRE ACTUACIÓNS URXENTES PARA GARANTIR A RIQUEZA DO RÍO TINTO E DA SÚA RIBEIRA.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Agricultura e Medio Ambiente.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
O río Tinto percorre a parte oeste do Concello de Teo, debuxando nalgún dos seus tramos a fronteira co Concello de Brión e, en menor medida, co de Rois. Este río, afluente do Sar, é o único río do concello de Teo na zona da Mahía, da que forma parte esta zona do concello.

O seu valor ambiental, paisaxístico e etnográfico é importantísimo. Sobre el téndense diversas pontes, incluída a medieval coñecida coma "ponte romana" de Francos, e a poucos centos de metros atópase o importante castro Lupario. Ó longo do seu percorrido existen diversas zonas de muíños, que ata hai un par de décadas prestaron un importante servizo para a supervivencia dos veciños e veciñas da zona. Na súa ribeira medra unha importante masa arbórea composta por especies de ribeira como freixos e ameneiros, ademais de impresionantes carballos. A vexetación de ribeira, cunha alta necesidade de protección, é espectacular. Existe ademais unha poboación fáunica na que destacan varias especies de anátidas, donicelas, e ata o de agora unha presenza importante de troitas, anguías e demais fauna piscícola.
Este patrimonio incuestionable estase vendo ameazado, xa que nos últimos anos apareceron problemas que van minguando as calidades do río e da zona que atravesa. Así, o abandono das explotacións forestais fai que se ceguen os camiños seculares por falta de uso, isto conxugado coa apertura de novas pistas forestais que requiren importantes movementos de terras e o nacemento de arrós, provocan que moitas zonas do río e a súa ribeira queden sen acceso. Moitos dos camiños de paso que abren coa súa actividade os pescadores de río atópanse mortos neste momento, descoñecemos se polo decaemento da riqueza piscícola do río ou como efectos colaterais do anterior.
As novas vías de comunicación facilitan o acceso de vehículos a zonas apartadas, así móstrase en varios lugares acumulacións de lixo, desperdicios e escombros.
A introdución das novas tecnoloxías e fontes de enerxía, muíños eléctricos, así como o abandono da actividade agrícola e gandeira predominante na zona ata os anos setenta, tiveron como efecto colateral o abandono dos métodos tradicionais de moer o millo e os cereais. Isto axudou ó abandono e deterioro dos muíños e das construcións anexas como as madres e canles.
A situación actual caracterízase polo abandono xeneralizado das ribeiras, dificultades de acceso en moitos tramos, deterioro e ruína nas construcións da ribeira, coa facilidade que implica que non haxa testemuños, cortas ilegais de árbores protexidos da ribeira e depósitos de lixo.

Proposta.
O Grupo Municipal do BNG propón unha serie de medidas urxentes, con independencia da necesidade que concretaremos proximamente dun planeamento global para as ribeiras dos ríos do concello, para frear o deterioro desta zona. O obxectivo final de todas elas é que a poboación se achegue ó río como medida que free a impunidade nas actuacións que se producen no seu contorno.

- Creación dunha rota de sendeirismo entre a ponte do río Tinto, na aldea de Riotinto ata a ponte da Besada no Faramello. Esta rota sería limpada e sinalizada polo Concello de Teo na marxe esquerda do río. A limpeza de materia vexetal para facilitar a circulación complementarase coa limpeza do lixo urbano das ribeiras.
- Frear o deterioro dos muíños que están nas marxes do río Tinto, en especial o da "Revoltiña", e os de Vilaverde e Francos. Independentemente da futura actuación etnográfica na zona, o estado dos mesmos é tan grave que se non se fai algo é posible que non haxa posibilidade de recuperación.
- Instamos ó Concello a que se planifique unha actuación etnográfica máis ampla, buscando para iso os fondos e apoios mediante os medios que estime oportunos.

- Que se establezan contactos co Concello de Brión e Rois para que se acometan un plan similar ou, polo menos, para que minoren o nivel de degradación do río, as ribeiras e as construcións nos seus termos municipais.

Debate:
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que a zona é dunha grande riqueza e que se están a facer actuacións, algunhas incluso delitivas, como talas de madeira; continua sinalando que pensan que hoxe o río debe mudar a súa finalidade para pasar a ser de disfrute dos veciños, porque agora a cidadanía demanda zonas verdes e rotas que é importante ofertarlle.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que está absolutamente dacordo con esta moción, e que están interesados en lembrar que por onde hai que dar exemplo é polo propio Concello, ensinando fotos según di do río Tinto no camiño portugués e que o proxecto aprobado por Augas de Galicia non se corresponde co realizado, e que presentarán unha moción oportunamente.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que sabe como está o río Tinto porque o ve todos os días, e que cando vostede ía eu xa estaba de volta e que sobre iso que veu xa se lle pediu un informe a Aquagest. Engade que sabe que o río Tinto está mal e que se pediu na plan xeral para ver se se pode facer algo e que sabe tamén que os muíños non son do Concello.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que ninguén lle contestou ó que presentou na moción, que hai que centrarse no que é o medio ambiente, no pode ramatarse sempre falando de cemento, que hai que poñerse a facer algo e que unha rota de sendeirismo é limpar os camiños dos pescadores, non meter cemento, e se trata de facer actuacións preventivas porque hai muíños que practicamente non se ven e que como non se actúe agora vanse arruinar.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non é competencia dos redactores do plan xeral facer rotas de sendeirismo, esa é unha decisión política a adoptar polo goberno do momento, que non é certo que a rotas de sendeirismo as teñan que facer os redactores do plan, e remata sinalando que as agresións ós ríos se están a facer con coñecemento dos grupos de goberno.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que sabe o que o equipo redactor debe facer ou non, que debe deixalo programado.
O Sr. Alcalde sinala que non van aprobar a moción porque hai outros ríos no concello e que para arranxar as marxes dos ríos hai que pedirlle permiso ós propietarios e en segundo lugar facer un proxecto, que ó mellor economicamente non podemos facer, para remitir á consellería, e en terceiro lugar se necesita o consentimento dos titulares dos muíños porque non se poden facer obras en propiedades privadas sen permiso, e remata sinalando que unha cousa é o dereito de paso e outra facer actuacións nas fincas privadas.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 6, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto(1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

14º) MOCIÓN DO BNG PARA PROMOVER O USO DO GALEGO NO XULGADO DE PAZ.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
O proceso de incorporación do galego a todos os ámbitos da vida na Galiza, asumindo o seu uso como lingua propia e corrixindo os graves déficits que se arrastraban do pasado, ten avanzado en distinta medida nos diversos ámbitos da administración. Desde o BNG de Teo valoramos positivamente os esforzos que o Concello de Teo ten dado para a incorporación do seu uso administrativo, na rotulación das dependencias ou na propia imaxe pública e informativa do Concello. Pretendemos seguir avanzando neste proceso, e quedan moitas cousas por facer.
Un dos aspectos nos que é máis evidente o distanciamento entre a cidadanía e a administración en relación co idioma é o ámbito da xustiza. O campo de actuación do Concello con respecto a esta administración redúcese ó Xulgado de Paz de Teo, e aínda así somos conscientes das limitacións que a administración local ten. Con todo, é evidente que o Xuíz de Paz é escollido pola corporación (e polo tanto pódense fixar criterios) e ademais existe unha evidente e necesaria relación de apoio para satisfacer certas demandas infraestruturais (de local, de fotocopias no seu momento,...)
Na actualidade o único que está en galego no Xulgado de Paz de Teo é a placa co nome, e en todo caso o idioma de comunicación cos veciños que algún ou algúns dos funcionarios poidan utilizar circunstancialmente. As notas informativas, os carteis de avisos, as comunicacións e escritos, as citacións, os cuños e selos que identifican e autentifican calquera actuación administrativa, etc., non están en galego, feito que separa a xustiza dunha realidade social en Teo ben diferenciada nese aspecto.
Consecuentemente, semella lóxico xestionar co propio Xuíz de Paz a posta en marcha dun Plan de Normalización Lingüística no Xulgado de Teo –vía convenio- que, respectando os dereitos dos funcionarios (igual que se fixo no resto das administracións), garanta tamén o dereito dos cidadáns a ter acceso a unha xustiza en galego, moito máis no ámbito próximo e inmediato dun Xulgado de Paz.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Negociar e xestionar co Xuíz de Paz do Concello de Teo a posta en marcha, con carácter urxente, dun Plan de Normalización Lingüística no Xulgado de Paz de Teo, que permita a progresiva galeguización de todos os aspectos relacionados coa actividade pública e de relación cos administrados, coa redacción e presentación de impresos e documentos, coa rotulación de dependencias, coa publicidade de notas e avisos, coa identificación en cuños e selos, e coa progresiva incorporación no uso oral.
Este Plan de Normalización promoveríase desde o Concello mediante un convenio que garantise o pequeno investimento económico necesario para a posta en marcha destas medidas, nun programa progresivo a realizar a medio prazo, pero de inmediato inicio.

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que valoran positivamente cousas feitas polo Concello neste ámbito e así o fan constar na moción, pero que tentando mellorar esa liña do goberno municipal téntase de xeito amistoso de ver vías para a posible galeguización do Xulgado de Paz, porque está claro que ó Xuíz de Paz o propón o Concello, así no tema das fotocopias existía talante de diálogo, pois do mesmo xeito trátase da busca de vías para galeguizar o mesmo.

Polo Sr. Alcalde sinálase que se se trata dunha actuación que se realice desde un punto de vista amistoso co xulgado pode aprobarse, pero que nós non podemos impoñer nada e que ademais os convenios para os cursos de lingua por exemplo son organizados pola Xunta de Galicia para o persoal dos xulgados.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 15, dos grupos municipais do PP (8), BNG (4), PSG-PSOE (2) e Mixto (1).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.
Queda aprobada por unanimidade.

15º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE APLICACIÓN DA NORMATIVA DE LIMPEZA DE MATORREIRAS, SILVEIRAS, TOXEIRAS, POR PARTE DOS PROPIETARIOS DE FINCAS.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Urbanismo.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
Nalgúns lugares do Concello de Teo atópanse a carón dunha ou de varias vivendas terreos privados convertidos en grandes toxeiras, matogueiras, silveiras, etc., que ademais de antiestéticos, de ser un foco de ratas, serpes e outros animais, e de fontes de acumulación de lixo, constitúen un gravísimo perigo para as vivendas anexas polo risco de incendios, sobre todo no período de verán.
Na Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia fala no seu artigo 9 dos "Deberes de uso, conservación e rehabilitación" que recaen sobre dos propietarios de fincas.
No apartado 1b deste mesmo artigo recóllese que "os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación".
Máis tarde, no apartado 4 deste mesmo artigo 9 faise fincapé en que os propietarios deberán manter a/s súa/s propiedade/s nas condicións necesarias para evitar, entre outras cousas, os incendios: "os propietarios das terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga".
Pola súa banda, o artigo 199 da referida Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que leva o título de "Deber de conservación e ordes de execución", marca as pautas que debe seguir toda institución diante do deixamento dos propietarios e do perigo que esta acción supón para as persoas e para o medio ambiente.
O 10 de febreiro de 2005 o propio Alcalde de Teo, Armando Blanco, publica un bando no que insta ós cidadáns de Teo a que manteñan limpas as súas fincas, dacordo co que se establece no artigo 9 e 199 da mencionada Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
Os resultados prácticos deste bando son nulos porque os gobernantes teenses, unha vez máis, non se esforzan en facer cumprir o que eles mesmos se encargan de ordenar.

ACORDO:

Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a aplicar a normativa legal vixente neste asunto e para iso:
1. Facer con urxencia un informe-inventario das fincas próximas a vivendas ou núcleos habitados que se atopen nesta situación.
2. Instar de contado ós propietarios afectados a cumprir coa legalidade vixente e a levar a cabo de inmediato a limpeza dos terreos.
3. No suposto de incumprimento, actuar dacordo ó disposto no apartado 4 do artigo199 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no referente a este asunto: "No caso de incumprimento da orde de execución de obras, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables ata lograr a execución das obras ordenadas".

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que a moción foi presentada con bastante antelación á desgraza destes días, engadindo que hai veciños do Concello de Teo que están preocupados pola situación de fincas lindantes e que o primeiro punto da moción podería facerse en colaboración cos Alcaldes de barrio.
Continua sinalando que na comisión informativa púxose de manifesto unha contradicción entre o Sr. Cea e o Sr. Parajó, porque o primeiro dicía que se vai facendo e o segundo que non hai medios, engadindo que hai que ir comezando a facer cumprir a lei e que nalgúns casos están a falar de propiedades de grandes inmobiliarias que están dispostas a facelo se alguén lles obrigase. Pregunta, ¿Sr. Cea, se o fai o Concello se lle apliacrá a taxa correspondente?, ¿existen ingresos por este concepto?; e remata dicindo que solicitan que o Concello esixa ós veciños que limpen as fincas e senón que o faga o Concello.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que están de acordo coa iniciativa, que máis vale previr que lamentar, prefiren a política de prevención que a de mortos consumados que se estila agora e que dubidan que poidan aplicarse pola vía coercitiva, que non sabe como o Concello podería facer cumplir as multas sen chegar ós xulgados, que cre importante concienciar á cidadanía e cren nas campañas de concienciación que poida realizar o Concello.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que é problema dos 315 concellos de Galicia, non só de Teo, e que non hai medios económicos nin humanos para isto, que é moi fácil facer leis o difícil e cumprilas, e que ás dificultades para cobrar as multas engádese o problema dos propietarios, así se unha finca é de 15 propietarios ¿quen a limpa?, ¿ a quen se lle pasa a conta?, ¿que pasa cos que están no estranxeiro?, que o que hai que facer é o que se fai ata agora, nas problemáticas tratar de falar cos veciños e intentar de mutuo acordo que se limpen, esta é a forma de solucionar este problema, a mellor forma.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que pensa que non se len as mocións, que piden que se faga un inventario das que están o carón das casas e que está dacordo co dito polo BNG de que falta o tema das campañas de concienciación ou sensibilización.
Engade que hai que ir comezando con campañas de sensibilización e con afán disuasorio, pregunta, ¿a quen lle pagan as taxas de limpeza de fincas que está facendo o Concello?, ¿non haberá trato de favor?, e remata sinalando que esta non é maneira de actuar, pregunta, ¿pasouse algunha taxa por estes traballos?.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que nas que el fixo algo para que se limpase foi de común acordo cos propietarios; que nos Verxeles se lle requiriu e cumpriu, e que hai máis que se están seguindo se hai denuncias.
O Sr. Alcalde sinala que non van a estimala.

O Sr. Cea sinala finalmente que a limpeza a pagaron os veciños afectados.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:6, dos grupos municipais do BNG (4), e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra:9, dos grupos municipais do PP (8) e do Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.
Abandoa neste intre o Pleno o Sr. Concelleiro Noriega Sánchez.

16º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE IRMANAMENTO DO CONCELLO CON OUTROS DA UNIÓN EUROPEA.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal.
Dada conta directamente da moción que transcrita di:
As irmandades entre vilas e cidades xorden despois da 2ª Guerra Mundial (antecedentes deste fenómeno xa aparecen na Idade Media, como foi o caso da Hansa xermánica ou federación de cidades mariñeiras, que desde o século XIII se uniron para axudarse desde o punto de vista comercial) coa finalidade de estreitar lazos entre lugares distantes: estas relacións contribúen de forma máis efectiva ó desenvolvemento da cidadanía europea.
Jean Bareth, un dos fundadores en 1951 do Consello de Municipios de Europa (desde 1984 chamado Consello de Municipios e Rexións de Europa), dixo que "a irmandade é o encontro de dúas comunidades que se asocian para actuar nunha perspectiva europea, para confrontar os seus problemas e para desenvolver entre eles uns lazos de amizade cada vez máis estreitos".
O Instituto Galego da Análise e Documentación Internacional sinala que "desde 1990 máis de 11.000 cidades e municipios participaron nestas acción de irmandades" e "en maio de 2003, 80.000 europeos participaban en accións de irmandade cofinanciadas pola Comisión Europea".

Toda irmandade leva consigo unhas relacións culturais, deportivas, escolares, turísticas, etc., que beneficiarían ós cidadáns de Teo e sobre todo á xuventude: a amizade, o descubrimento doutras culturas e modos de vida, o intercambio de coñecementos, etc., servirán como punto de partida para consolidar a idea de Europa como algo moito máis profundo que unha mera unión de estados con fins puramente economistas.
Así mesmo é interesante salientar que a Comunidade Europea presenta propostas para apoiar aquelas irmandades que promovan os encontros de cidadáns (convocatoria de 2005: DOCE C 259 de 21/10/04), xa que para este organismo estes intercambios permiten:

- Vincular fortemente ós cidadáns ás reflexións e ós debates sobre da construción da Unión Europea.
- Intensificar as relacións e os intercambios entre os cidadáns procedentes de países que participan no programa.
- Promover e difundir os valores e os obxectivos da Unión Europea.

ACORDO:
Ínstase ó Pleno da corporación e ó grupo de goberno a:

1. Crear un comité que sexa o encargado de establecer os criterios de selección e sinalar as posibles vilas para a irmandade. Suxerimos que estas pertenzan, nun principio, ós ámbitos lingüísticos do francés, inglés ou alemán. Así mesmo, esta comisión deberá iniciar os primeiros contactos cos dirixentes políticos daquela/s vila/s para facer posible a irmandade.
2. Elaborar un protocolo que regule as accións futuras polas que se van rexer as relacións entre as colectividades irmandadas, que deberá ser ratificado, no caso do Concello de Teo, polo Pleno.
3. O Concello de Teo e a/s vila/s designada/s para a irmandade deberán solicitar conxuntamente da Unión Europea as axudas necesarias para levar a cabo tal finalidade.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que hai subvencións da Unión Europea para estas irmandades de ata 70.000 euros e que isto sería bo para nós e unha boa forma de promocionarmos a nivel europeo.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que quere facer unha aclaración: que a suxerencia ó ámbito lingüístico o debía de facer o propio comité, non a moción, e polo resto estamos absolutamente de acordo.
O Sr. Alcalde sinala que non estamos de acordo porque non hai porqué reducir a posibilidade de irmandades á Unión Europea.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que cando se di de establecer relacións culturais refírese a cultura e linguas diferentes, estamos a falar de interese para a mocidade, que isto en definitiva era para ser máis europeo.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:5, dos grupos municipais do BNG (3), e do PSG-PSOE (2).
Votos en contra:9, dos grupos municipais do PP (8) e do Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

17º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA Nº 86/05 Á Nº 124/05.
Dada conta mediante a posta a disposición dos concelleiros desde a data da convocatoria do Pleno das resolucións da Alcaldía números 86/05 á 124/05, ámbalas inclusive, o Pleno queda enterado.

Antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo tiña algún asunto urxente non comprendido na orde do día que someter á consideración do Pleno, consonte co art. 91.4 do R.O.F.
O grupo do PSG-PSOE di que ten catro, o BNG unha e o Mixto unha.

FORA DA ORDE DO DÍA:

1º) MOCIÓN URXENTE NÚMERO 1, DO BNG, REFERENTE Á ADECUACIÓN DAS FUNCIÓNS ENCOMENDADAS Ó POSTO DE TRABALLO DE COORDINADOR DEPORTIVO E O NIVEL DO POSTO DE TRABALLO.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira da lectura á moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
O día 15 de xullo publicáronse no BOP da Coruñ

dixo, de propiedade comunitaria e que, por conseguinte, prestan servizo a todos os parroquianos.
Lamentablemente, nun exemplo máis de falta de cordura e de desinterese polos problemas veciñais, o alcalde de Teo e o seu grupo de goberno acolleu a iniciativa socialista cunha negativa rotunda expresada na sesión plenaria celebrada o pasado 31 de maio de 2005.
Estamos a falar, polo demais, de equipamentos deportivos, como o caso da piscina, que teñen unha grande demanda de uso no período estival e que, dadas as condicións en que se atopa, crea numerosas molestias e incomodidades ós seus usuarios. De aí a urxencia dunha actuación rápida e decidida por parte do goberno municipal encamiñada a solucionar as deficiencias que presentan estes equipamentos.
Por outra banda, a asociación que está a xestionar as instalacións está pendente de cobrar as subvencións municipais correspondentes ó pasado ano 2004. A situación de precariedade é extrema, ata o punto de que de non cobrar estas axudas nos próximos días verase abocada a considerar o peche inmediato da piscina diante da asfixia económica a que están sometidos. Por parte do concello tampouco houbo resposta a esta demanda.
Cónstanos así mesmo que por parte da asociación Centro Cultural Santa Eufemia se fixeron diversas xestións para informar ás autoridades teenses sobre do problema, así como para solicitar a intervención das mesmas e levar a cabo as obras correspondentes que conduzan á súa solución definitiva. De momento, non se coñece oficialmente que houbera a máis mínima resposta por parte do alcalde Armando Blanco e do seu grupo de goberno.
Ó remate, esta incomprensible inacción dos mandatarios municipais, intencionada ou non, remata por prexudicar a un continxente importante de veciños e veciñas do noso concello.

ACORDO:
Instar ó grupo de goberno a que coa maior prontitude posible:
1. Faga efectiva de inmediato a subvención municipal correspondente ó pasado ano 2004.
2. Encargue a elaboración dun proxecto técnico que contemple solucións efectivas para o conxunto das instalacións deportivas a que nos estamos a referir.
3. Acometa con urxencia as obras necesarias para que se poidan usar satisfactoriamente, polo menos, determinadas instalacións que se están a usar nesta etapa de verán, como é o caso da piscina.
4. Convoque canto antes unha xuntanza entre o grupo de goberno e a Xunta Directiva do Centro Cultural Santa Eufemia para coñecer de primeira man estas e outras demandas veciñais e tratar de buscar solucións axeitadas ás mesmas no menor prazo de tempo posible.

Sometida a votación a urxencia dase o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.

3º) MOCIÓN URXENTE NÚMERO 3, DO PSG-PSOE, SOBRE PROPOSTA PARA UN PACTO LOCAL POLA INTEGRACIÓN E A CONVIVENCIA.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés da lectura á moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
No ano 2003 o número de inmigrantes superou por primeira vez a cifra de cidadáns españois que residen no exterior. Este feito, que se producira con bastante anterioridade nos estados do noso contorno, situou á sociedade española diante dunha nova realidade que debe xestionarse

colectivamente. España, polo seu desenvolvemento e crecemento económico pasou de ser un país de emigrantes a ser un país receptor de inmigración.
A diversidade é unha poderosa fonte de riqueza económica, social e cultural; mais para poder logralo cómpre impulsar un amplo conxunto de políticas encamiñadas a favorecer a integración social e garantir a convivencia cidadá.
Evidentemente é fundamental reforzar a seguridade en zonas máis sensibles de cada municipio, aínda que convén ter en conta que a dimensión do reto diante do que nos atopamos fai necesaria a articulación de compromisos colectivos e a posta en marcha de políticas sociais de carácter transversal.
De cara a este obxectivo, o goberno de España incluíu unha partida de 120 millóns de euros (será xestionada polos concellos a través das CC.AA.) nos Orzamentos Xerais do Estado do ano 2005 destinada a promover a integración social destes novos cidadáns.

ACORDO:
Por todo isto o Grupo Municipal Socialista de Teo presenta para o seu debate e aprobación en Pleno a seguinte moción:
"O Pleno do Concello de Teo aproba impulsar un pacto local pola integración e a convivencia por consenso de todos os grupos políticos e no que participen empresarios, sindicatos e organizacións de inmigrantes destinado a:
- Reforzar os servizos públicos, as políticas sociais e a seguridade nas zonas máis sensibles da localidade, con especial atención á acollida e integración.
- Priorizar a loita contra o racismo e a xenofobia.
- Deseñar, acordar e levar a cabo un Plan municipal integral para a integración e a convivencia.
- Facilitar o labor das organizacións de inmigrantes e de solidariedade, con especial atención ás organizacións xuvenís e de mulleres.
- Solicitar ó goberno da CC.AA. a partida orzamentaria necesaria para o financiamento das políticas anteriormente mencionadas."
Copia deste acordo enviaríase á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración.

Sometida a votación a urxencia dase o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.

4º) MOCIÓN URXENTE NÚMERO 4, DO PSG-PSOE, SOBRE PROPOSTA PARA CORRIXIR CON URXENCIA A OBRA REALIZADA PARA A CONDUCIÓN DA TUBERÍA DO SANEAMENTO QUE ATRAVESA O REGATO DE RODOÍLO NO LUGAR DE RIOTINTO (CALO).
O Sr. Concelleiro Leis Carlés da lectura á moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
Dentro do POS 2004, o goberno municipal de Teo, vén de executar unha obra de saneamento no lugar de Riotinto, parroquia de Calo, que supuxo, entre outras cuestións, o cruzamento da condución a través do regato de Rodoílo, máis coñecido como río Tinto.
A obra realizada, ademais de constituír un grave atentado ambiental e contra o patrimonio paisaxístico, resulta unha chapuza monumental desde o punto de vista técnico:
1. Lévase a condución dos sumidoiros a través do río Tinto en medio dunha masa de pedra e cemento que cruza o regato sobresaíndo bastante por riba do nivel das augas.

Esta tubeira que, en principio se supón que debera ir soterrada por debaixo da canle fluvial e mesmo por debaixo do leito do río, ademais de constituír un elemento alleo, antinatural e antiestético, vaise converter nun obstáculo máis para o fluxo normal das augas do río. O "enxeño" emerxe, como xa dixemos por riba do nivel das augas, en forma de "pontella chapuceira" e pode observarse xunto da ponte de Riotinto en pleno Camiño Portugués nun fermoso tramo do mesmo. O negativo impacto visual é absolutamente evidente.
Asemade, estamos a falar dunha zona que en épocas invernais provoca enchentes importantes que chegan a alcanzar ás vivendas lindeiras. Este obstáculo engadido en forma de presa contribuirá certamente a acrecentar o risco de inundacións na zona.
Por último, esta "masa informe de pedras e cemento" corre o risco de desaparecer moi axiña, pois ten unha cimentación moi feble (aséntase practicamente sobre o lameiro do leito do río) e a corrente da auga vaina socavando paseniño.
2. Por outra banda, hai diversos problemas que poden facer inservible a condución e provocar refluxos das augas fecais, posto que:
− Incomprensiblemente a tubeira que conecta as dúas arquetas a través do río presenta un diámetro sensiblemente menor que o da rede xeral e a que ven da parte de arriba do lugar da Pedreira.
− A tubeira na parte central fai unha figura bombeada, o que dificultará o paso dos vertidos.
− A arqueta da rede xeral está notablemente máis alta, o que ocasionará, por unha banda, que as augas non desemboquen facilmente na mesma e que as que veñen pola condución xeral reborden e desauguen a través da nova tubeira que cruza o regato.
− Por último, os materiais empregados son dunha calidade ínfima.
A indignación entre a veciñanza é enorme porque foron testemuñas incrédulas da progresiva execución da chapuza e porque ve que o resultado final é unha auténtica desfeita desde os puntos de vista técnico, ambiental e estético.

ACORDO:
Ínstase ó grupo de goberno a que antes de que chegue o inverno proceda a reparar todas estas deficiencias, de tal maneira que se corrixan os erros técnicos observados, levantado toda a obra realizada e executando un novo proxecto que, ademais de servir eficazmente para o fin previsto, sexa respectuoso co medio e evite o impacto visual negativo neste contorno tan fermoso e tan significativo desde a perspectiva histórica, cultural e paisaxística.

Sometida a votación a urxencia dase o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.
5º) MOCIÓN URXENTE NÚMERO 5, DO PSG-PSOE, SOBRE PROPOSTA PARA O CONTROL DE VELOCIDADES DE VEHÍCULOS NAQUELAS ESTRADAS QUE DISCORREN A TRAVÉS DE NÚCLEOS HABITADOS NO NOSO CONCELLO.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés da lectura á moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:
O exceso de velocidade por parte dos vehículos constitúe hoxe un serio problema que afecta a unha parte importante da poboación do noso municipio, ata o punto de se estar a converter nunha grande perturbación para a convivencia pacífica e a tranquilidade colectiva dos nosos cidadáns.

A falta de cultura cívica dalgúns condutores desaprensivos, xunto coa especial configuración urbana do noso concello cunha trama case continua de áreas habitadas en forma de asentamentos tradicionais, urbanizacións, concentracións de vivendas unifamiliares, etc., e unha rede viaria obsoleta, sen beiravías nin beirarrúas, mal sinalizadas e peor iluminadas, con trazados moi perigosos que atravesan moitos núcleos de poboación, etc; contribúen a acrecentar o risco para a integridade física de viandantes, peóns ou simplemente cidadáns que gocen pacificamente das súas horas de descanso.
En non poucas ocasións xa houbo queixas veciñais manifestadas a través de escritos colectivos ou pronunciamentos individuais demandando solucións efectivas para este grave problema.
Que se saiba son moitos os puntos especialmente conflitivos que cómpre atender, mais agora e a modo de exemplo, salientamos dous que o puxeron de manifesto recentemente e sobre dos que se podería comezar a actuar para logo ir estendendo medidas semellantes a outros lugares do concello que se atopan en circunstancias parecidas. Referímonos ós casos da urbanización Augas Mansas e ás vivendas da zona de Carballal, na estrada que vai desde Adrán a Calo. Veciños e veciñas deses lugares expresaron as súas preocupacións e inquedanzas a través de diferentes medios reclamando solucións eficaces para atallar este grave problema que afecta ás súas respectivas comunidades.

ACORDO:
Instamos ó grupo de goberno a que aborde o problema coa maior dilixencia e seriedade posible para atopar solucións comezando polo diálogo directo cos veciños afectados.
Entre as medidas que propoñemos para atallar esta problemática (ademais de contemplar outras de maior alcance, a medio e longo prazo, como a construción de beirarrúas, reforzamento do alumeado público, ensanche e mellora de calzadas, etc.) salientamos as seguintes:

- Encargar á Policía Municipal (botando man da colaboración veciñal) a elaboración dun mapa de puntos negros de circulación afectados especialmente polos excesos de velocidade.
- Levar a cabo campañas de información e concienciación entre os cidadáns.
- Despregue da Policía Local no control de velocidades, previa posta á súa disposición dos medios necesarios para poder cumprir satisfactoriamente coa súa labor.
- Mellora e reforzamento da sinalización vertical e horizontal.
- En determinados lugares, utilización de elementos disusasorios (acompañados da sinalización complementaria correspondente) ó uso en moitas cidades, vilas, zonas residenciais e áreas periurbanas españolas e europeas, como a construción de “mesetas” ou “dormilóns”, que nalgúns casos poden servir mesmo de paso de peóns.

Sometida a votación a urxencia dase o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(2).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP(8) e Mixto(1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a mesma, polo que non se procede ó debate da moción.

6º) MOCIÓN URXENTE NÚMERO 6, DO INTEO, SOBRE AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA ESTRADA N-550.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares da lectura á moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:

O Ministerio de Fomento ten previstas a realización de obras de ampliación da Estrada N-550 entre o punto quilométrico 68.6 e o 70.2 (rotonda das Viñas a Talleres Barros), con duplicación de calzada, ordenación de accesos, construción de enlace e mellora do trazado da estrada.
Considéranse obras insuficientes para o gran desenvolvemento que está a acaecer nas marxes da estrada e o gran aumento de tráfico que esta a soportar a citada estrada N-550.

É polo que se solicita que o Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:
O Pleno do Concello de Teo solicita do Ministerio de Fomento:
1. Que se amplíen as obras da estrada N-550, desde o punto quilométrico 70.2 (rotonda das Viñas) ata polo menos, o punto quilométrico 71.470 (rotonta Bar Raña, entrada estrada da Deputación a Bertamiráns).
2. Que ditas obras inclúan beirarrúas a ambas marxes da estrada N-550 (é dicir, construción de travesía) así como pasos de peóns, xa que pola intensidade de tráfico case é imposible que os peóns a poidan atravesar.

Sometida a votación a urxencia dase o seguinte resultado:
Votos a favor: 14, dos grupos municipais do PP (8), BNG (3), PSG-PSOE (2) e Mixto(1).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.
Queda aprobada por unanimidade, polo que se procede ó debate da moción.

Debate:
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que o que pretende facer Fomento é insuficiente para o lugar polo desenvolvemento do mesmo e que hai lugares onde é imposible cruzar a estrada e para que se fagan beirarrúas e se poñan pasos de peóns porque son moi necesarias estas melloras.
O Sr. Concelleiro Castroagudín Valladares sinala que debe incluirse no acordo que se deixe establecido o saneamento, que se acepta.
Se reincoprora neste intre ó Pleno o Sr. Concelleiro Tallón Mesías.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que en principio están de acordo, e pregunta que onde está o proxecto.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que mandaron estes planos, non o proxecto.

Sometida a votación a moción coa emenda de adición consensuada, o Pleno do Concello por unanimidade dos quince membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen, pertencentes ós grupos municipais do PP (8), BNG (3), PSG-PSOE (3) e Mixto (1), acorda:

1º) Solicitar do Ministerio de Fomento que se amplíen as obras da estrada N-550, desde o punto quilométrico 70.2 (rotonda das Viñas) ata polo menos, o punto quilométrico 71.470 (rotonta Bar Raña, entrada estrada da Deputación a Bertamiráns).
2º) Que ditas obras inclúan beirarrúas a ambas marxes da estrada N-550 (é dicir, construción de travesía) así como pasos de peóns, xa que pola intensidade de tráfico case é imposible que os peóns a poidan atravesar, deixando establecido o saneamento.

18º) ROGOS E PREGUNTAS.
Rogos e preguntas formuladas por escrito polo BNG para este Pleno:

1ª-. Pregunta sobre movementos de terra no contorno de Carboeiros, na carballeira de Francos (Calo).
No contorno da carballeira de Francos estanse a realizar unhas obras de recheo que, segundo indicaron diversos veciños, están destinadas a permitir salvar o desnivel existente entre a pista que entra nesta zona desde Cabanas e o alto de Carboeiro, dentro da citada carballeira.
Esta é unha das zonas menos danadas deste privilexiado contorno.
Pregunta: ¿Que medidas pensa adoptar o goberno municipal para minorar ou evitar o dano que suporía o acceso indiscriminado de vehículos a esta zona, e sobre todo na celebración da feira do Sanmartiño?
Resposta o Sr. Alcalde que está nunha obra do Programa Traslatio Europeo e deron cartos para facer melloras e respecto do acceso de vehículos no seu momento se fará.

2ª-. Pregunta sobre un recheo con escombros en Francos (Calo).
No lugar de Francos, na saída desta aldea en dirección a A Besada estase realizando un recheo con terra e material de demolición, tipo ladrillo, ademais de lixo de variada procedencia. Este recheo estase a facer nunha zona escarpada na ladeira natural do pequeno monte no que se asenta a aldea da Rúa de Francos. O mencionado recheo está destruíndo a topografía orixinal do terreo. Ademais está construíndo un grande arró sobre as leiras de aproximadamente 4/5 metros. Este arró non conta con ningunha medida de protección que reteña o material de recheo nin os escombros acumulados, todo isto atópase a unha distancia do río menor de 100 metros. O risco de que a auga arrastre parte deste recheo ó río é moi alto. En vista do volume acumulado dedúcese que moitos camións cargados tiveron que transitar cara a este terreo pola pista que comunica a aldea coa antiga estrada, e que é parte do Camiño Portugués, polo que o firme da mesma está altamente afundido en varias zonas.
Preguntas:
1. Existe permiso para este recheo?
2. En caso afirmativo, como é posible isto?
3. En caso negativo, rógase que se nos indiquen as medidas inmediatas que se van a tomar, así como o proceso que se seguirá para garantir que se realiza unha efectiva reparación do contorno, das deterioracións na vía e garantías ambientais para o río e as fincas lindeiras.
O Sr. Concelleiro Castroagudín Valladares sinala que non estou enterado disto; tras aclaración do lugar concreto polo Sr. Iglesias Villar, o Sr. Castroagudín sinala que é de Touceda e ten permiso.
3ª-. Rogo:
Rogo sobre unha toma ilegal de auga no Faramello (Calo).
No lugar de Faramello, na ponte que cruza o río Tinto á altura da Besada está colocada unha toma de auga dunha motobomba. No firme da pista aprécianse restos de lubricante mecánico. A esta altura do ano o río Tinto ten un caudal mínimo, e as probas suxiren que estamos ante unha toma de auga ilegal por parte dalgún propietario de cisterna ou motobomba, e/ou un lugar no que se podería estar a realizar labores de limpeza da citada maquinaria.

Rogamos que se ordene á Policía Local do Concello que retire este aparello ilegal, así como que se realice unha obra de acondicionamento para impedir que practiquen estas labores con total impunidade neste punto do río.
O Sr. Alcalde sinala que toma nota para mandar alí á Policía.
4ª-. Pregunta:
O Grupo Municipal do BNG de Teo quere transmitirlle ó grupo de goberno o malestar existente entre a veciñanza do lugar de Cobas e da Urbanización dos Tilos polas obras que se

están a realizar como consecuencia do enlace previsto entre a devandita urbanización e a paralela á antes coñecida como C-541.
Este enlace, que pasa polo lugar de Cobas, estaba previsto no proxecto definitivo, e así foi revisado por este grupo municipal, mais as críticas ó mesmo céntranse no gran impacto ambiental do trazado e no feito de que o enlace semella non axustarse ó proxecto polas dimensións do mesmo.
O Grupo Municipal do BNG quere facer as seguintes preguntas:
1. ¿Axústanse as obras ó proxecto inicial ou existiron variacións non comunicadas ó Concello e ós veciños?
2. ¿É consciente o Concello do tremendo impacto que as obras presentan na realidade do lugar de Cobas?
3. ¿Contémplase un enlace dobre carril cando no proxecto semella un enlace bidireccional dun carril?
O Sr. Alcalde resposta que segundo lle informou a consellería as obras da autovía AG-59 (Santiago-Pontevea), así como as dos correspondentes ramais, axústanse ás previstas nos proxectos aprobados. O ramal de conexión da AG-59 coa urbanización dos Tilos é un ramal bidireccional. O ramal de conexión coa AC-841 en Cacheiras é de catro carrís con separación entre calzadas mediante barreira ríxida, e a ocupación realizada ata a data realizouse sobre o terreo expropiado que contempla toda a afección, é dicir, a anchura dos viais e a dos correspondentes terrapléns, desmontes e camiños de servizos.

Preguntas verbais:
-. O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que historicamente se lle paga ás asociacións que tiñan piscinas abertas, ¿que pasa este ano?.
O Sr. Alcalde resposta que están para pagar como todos os anos e que vánse pagar un día destes vía convenio, para tres piscinas privadas.
-. Con respecto ós criterios de solicitude de persoal para o Plan Labora, ¿existiron informes de departamentos sobre necesidades?.
Resposta o Sr. Alcalde que pensa que si que se fixeron.
-. O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que para a debida transparencia, ¿saiu na prensa o anuncio da praza de monitor deportivo?. Resposta a Alcaldía que saiu no Correo Gallego.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que saiu na prensa e que vai no tribunal como membro e preséntase o que quere, o cal non quere dicir que senón pode estar no tribunal non estará, pero si pode si, e remata sinalando que o Sr. do PSG-PSOE sabe ben que esa familia non necesita axuda.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que convocaronse tres prazas, de coordinador de deportes, arquitecto, e auxiliar administrativo da oferta de emprego público de 2005, e pregunta, ¿os membros da oposición van nos tribunais? Respóstase que non, ¿cal é a publicidade? Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, informáse que a través do BOP, do DOG e do BOE.
-.¿Teñen os terreos para a piscina cuberta climatizada?. Resposta o Sr. Alcalde que non dispoño de datos.
-. ¿Vostede asume o agradecemento e felicitación que lle enviou vostede ó Presidente da Deputación?. O Sr. Alcalde resposta que felicitouno polas obras que vai levar a cabo en Cacheiras e Solláns e que tamén lle dixo que tiveran en conta as outras estradas provinciais do Concello con problemas serios e a parte diso a piscina municipal.

-. ¿Porque retirou o recoñecemento extraxudicial de crédito?. Resposta o Sr. Alcalde que porque faltan datos, ¿onde está o paradoiro dos libros?, resposta o Sr. Alcalde que cando se saiba se lle informará.
-. ¿O grupo de goberno dispón do proxecto do AVE?. Resposta o Sr. Alcalde que pregunte vostede abaixo nas oficinas, que non teño datos.
Rogo:Que se repoñan as canastras dos Tilos.
O Sr. Alcalde sinala que mandaron arranxar as porterías e quedou Pereiras para sacalas e os columpios vánse arranxar tamén.
-. O proxecto de mellora da AC-541, ¿cando se vai someter a exposición e cando se fará a presentación pública?. Resposta o Sr. Alcalde que cando se mande oficialmente.
Engade o Sr. Concelleiro que o Alcalde fixo a presentación pública en período electoral.
-. Respecto dos carnés do Deportivo, ¿ quen foi o que dixo que non ía a dispoñer deles porque xa os solicitou?
-.¿Cales son os resultados concretos sobre os xustiprezos?. Resposta o Sr. Alcalde que mandouselle á Xunta oficialmente e eu tratei persoalmente coa consellería.
-. Respecto a Oza ¿cando se vai pagar a subvención concedida?. Resposta o Sr. Alcalde que cando estea todo o expediente completo e se poida pagar, non cando diga vostede.
-. O Sr. Concelleiro Tallón Mesías pregunta verbalmente:
-. No Pleno de maio pregunteille porqué non se poñían taboleiros para as eleccións en tres lugares. Resposta o Sr. Alcalde que sigo sen sabelo, que non o sei, mirarei.
-. Respecto da Ponte de Sestelo, ¿teñen pensado amplialo?. Resposta o Sr. Alcalde que para iso comprouse a leira; nesta semana non.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío pregunta verbalmente:
-. ¿Como está o alcantarillado na Pedreira?. Resposta o Sr. Alcalde pendente do permiso de Augas de Galicia; ¿e en Vilaverde? Igual.
-. Xunto á escola das Galanas a estrada está en mal estado, que habería que intentar que a constructora bachee aquilo.
-. ¿Hai algún can abandoado en Chaodorrio?.
O Sr. Alcalde resposta que se nos di o lugar mándase á empresa.
-. Se os veciños pagaron a Espina e Delfín, ¿teñen que pagar de novo?. Resposta o Sr. Alcalde que teñen que pagar a Aquagest.

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematada a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, coas reservas do art. 206 do R.O.F., debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Vº e Prace.

O Alcalde, O Secretario,

Asdo. Armando U. Blanco Martínez. Asdo. Javier Nieves González.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2005.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Teo (A Coruña), sendo as dez horas do día 27 de setembro de 2005, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Armando U. Blanco Martínez, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ó día da data para a que foron previamente citados.
SEÑORES ASISTENTES:
Alcalde-Presidente:
D. Armando U. Blanco Martínez.
Concelleiros:
D. Antonio Castroagudín Valladares.
D. Manuel R. Cajaraville Campos.
D. Manuel Mata Iglesias.
D. Juan B. Aller Suárez.
D. Ramón Cea Ferreiro.
D. José Albino Vázquez Pallas.
D. Manuel Cao Fuentes.
D. Martiño Noriega Sánchez.
D. Rafael Carlos Sisto Edreira.
Dª. Carmen Diéguez González.
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.
D. Alexandre Leis Carlés.
D. Germán Antonio Conde Tarrío.
D. Manuel Tallón Mesías.
D. José Carlos Rego Jorge.
D. F. Manuel Parajó Liñares.
Secretario:
D. Javier Nieves González, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 26.07.2005.

Sometido a votación o Pleno do Concello por unanimidade dos dezasete membros que legalmente o compoñen acorda aprobalo sen ningunha rectificación.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REDUCCIÓN DE GASTOS.

Dada conta da proposta da Alcaldía dictaminada pola Comisión Informativa de Facenda, do seguinte teor:
Considerando que o resultado da liquidación do exercicio 2004 arroxa un remanente líquido de tesourería para gastos xerais negativo por importe de 76.801,64 euros, e de conformidade

co disposto na regra 354.3 da ICAL e no artigo 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e previo informe de Intervención e dictame da Comisión de Facenda, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:
1º) Reducir os gastos do novo orzamento municipal para 2006 na contía de 76.801,64 euros.

Debate:
O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que non van aprobar a proposta en consideración a que non se axustan os presupostos á realidade como xa teñen manifestado anteriormente, e que lles gustaría saber en que gastos ou partidas vai reducir o Sr. Alcalde este importe.
O Sr. Alcalde sinala que por lei hai que facelo porque había un déficit e había tres formas de facelo e optaron por reducir gastos e neste momento non sei en que, pero que os técnicos o informarán.
O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que esta é unha cuestión política, non técnica.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que o déficit ven motivado por decisións políticas tomadas polo goberno e por unha mala xestión e agora se di que é unha cuestión técnica, que debe ser vostede Sr. Alcalde responsable; engade que lle falta información porque politicamente se debe dicir que gastos se van reducir, e solicita que o Sr. Alcalde aclare que gastos se van reducir.
O Sr. Alcalde sinala que se mirará en que partidas se reducen.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que o déficit non é tan elevado e non hai que darlle tanta importancia.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto(1).
Votos en contra:0.
Abstencións: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala en explicación de voto que a abstención se debe á falta de información.
Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS PARA 2006.

Dada conta da proposta da Alcaldía dictaminada pola Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal, do seguinte teor:
Visto o Decreto da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais 209/2005, do 14 de xullo (DOG. núm: 147, do 02.08.2005), polo que se determina o calendario laboral para o ano 2006 na Comunidade Autónoma de Galicia, e correspondendo ó Concello facer a proposta de dous días festivos locais para o ano 2006, propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2006 os seguintes días:
-. Xoves día 25 de maio de 2006: Festividade da Ascensión.
-. Sábado día 11 de novembro de 2006: San Martiño.
2º) Remitir certificación deste acordo á Xunta de Galicia.

Debate: Non se produciu.
Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:17, dos grupos municipais do PP (8), BNG (4), PSG-PSOE (4) e Mixto(1).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.
Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MODIFICACIÓN DOS COMPOÑENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Dada conta do escrito asinado polo grupo municipal do BNG, de data 29.08.2005, con rexistro de entrada núm. 4434, do 01.09.2005, polo que se comunica a modificación dos compoñentes das comisións informativas permanentes que sufren unha remodelación trala substitución da concelleira Dª. Ánxela Bugallo por Dª. Carmen Diéguez, o Pleno do Concello queda enterado.
A composición das comisións informativas por parte do BNG queda do seguinte xeito:

Comisión Especial de Contas: Ignacio Iglesias Villar e Rafael Sisto Edreira.
Suplentes: Carmen Diéguez González e Martiño Noriega Sánchez.

Comisión de Facenda: Rafael Sisto Edreira e Martiño Noriega Sánchez.
Suplentes: Carmen Diéguez González e Ignacio Iglesias Villar.

Comisión de Réxime Interno Persoal: Martiño Noriega Sánchez e Rafael Sisto Edreira.
Suplentes: Ignacio Iglesias Villar e Carmen Diéguez González.

Comisión de Urbanismo: Carmen Diéguez González e Rafael Sisto Edreira.
Suplentes: Martiño Noriega Sánchez e Ignacio Iglesias Villar.

Comisión de Obras e Servizos: Rafael Sisto Edreira e Ignacio Iglesias Villar.
Suplentes: Martiño Noriega Sánchez e Carmen Diéguez González.

Comisión de Asuntos Sociais: Carmen Diéguez González e Martiño Noriega Sánchez.
Suplentes: Ignacio Iglesias Villar e Rafael Sisto Edreira.

Comisión de Educación e Cultura: Martiño Noriega Sánchez e Carmen Diéguez González.
Suplentes: Rafael Sisto Edreira e Ignacio Iglesias Villar .

Comisión de Agricultura e Medio Ambiente: Carmen Diéguez González e Ignacio Iglesias Villar.
Supentes: Martiño Noriega Sánchez e Rafael Sisto Edreira.

Comisión de Xuventude e Deportes: Ignacio Iglesias Villar e Martiño Noriega Sánchez.
Supentes: Rafael Sisto Edreira e Carmen Diéguez González.

Comisión da Muller: Carmen Diéguez González e Ignacio Iglesias Villar.

Supentes: Martiño Noriega Sánchez e Rafael Sisto Edreira.

5º) MOCIÓN DO PSG-PSOE REFERENTE Á CORRECCIÓN DA OBRA DE SANEAMENTO QUE ATRAVESA O REGATO DO RIO TINTO.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
Dentro do POS 2004, o Goberno Municipal de Teo ven de executar unha obra de saneamento no lugar de Riotinto, parroquia de Calo, que levou entre outras cuestións, ó cruzamento da condución a través do regato do río Tinto.
A obra realizada, ademais de constituír un grave atentado ambiental e en contra do patrimonio paisaxístico, resulta unha chapuza monumental desde o punto de vista técnico:

1. Lévase a condución da rede de sumidoiros a través do río Tinto, en medio dunha masa de pedra e cemento que cruza o regato sobresaíndo bastante por riba do nivel das augas.
Esta tubeira que, en principio suponse que deberá ir soterrada por debaixo da canle fluvial e mesmo por debaixo do leito do río, ademais de constituír un elemento alleo, antinatural e antiestético, vaise converter nun obstáculo máis para o fluxo normal das augas do río. O "enxeño" emerxe, como xa dixemos, por riba do nivel das augas, en forma de "pontella chapuceira" e pode observarse xunto da ponte de Riotinto, en pleno Camiño Portugués, nun fermoso tramo do mesmo. O negativo impacto visual é absolutamente evidente.
Asemade, estamos a falar dunha zona na que en épocas invernais prodúcense enchentes importantes que chegan a alcanzar as vivendas lindeiras. Este obstáculo engadido en forma de presa contribuirá certamente a acrecentar o risco de inundacións na zona.
Por último, esta "masa informe de pedras e cemento" corre o risco de desaparecer moi axiña, pois ten unha cimentación moi feble (aséntase practicamente sobre o lameiro do leito do río) e a corrente da auga vaina socavando paseniño.
2. Por outra banda hai diversos problemas que poden facer inservible a condución e provocar refluxos das augas fecais, posto que:
− Incomprensiblemente a tubeira que conecta as dúas arquetas a través do río presenta un diámetro sensiblemente menor ca o da rede xeral e a que ven da parte de arriba do lugar da Pedreira.
− A tubeira fai, na parte central, unha figura alombada, o que dificultará o paso dos vertidos.
− A arqueta da rede xeral está notablemente máis alta, o que ocasionará, que as augas non desemboquen facilmente na mesma e que as que veñen pola condución xeral reborden e desauguen a través da nova tubeira que cruza o regato.
−Por último, os materiais empregados son dunha calidade ínfima.

A indignación entre a veciñanza é enorme porque foron testemuñas incrédulas da progresiva execución da chapuza e porque ve que o resultado final é unha auténtica desfeita desde os puntos de vista técnico, ambiental e estético.

ACORDO:
Ínstase ó grupo de goberno a que antes de que chegue o inverno proceda a solucionar todas estas deficiencias de tal maneira que se corrixan os erros técnicos observados, levantando toda a obra realizada e executando un novo proxecto que, ademais de servir eficazmente para

o fin previsto, sexa respectuoso co medio ambiente e evite o impacto visual negativo neste contorno tan fermoso e tan significativo desde as perspectivas histórica, cultural e paisaxística.

Debate:
O Sr. Concelleiro Rego Jorge le un escrito referente en resumo a que a Agrupación Socialista Local de Teo sempre apoiou ó grupo municipal e que todas as iniciativas políticas do grupo municipal foron aprobadas polos órganos do partido, pedindo que figure transcrito integramente na acta.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que presenta unha cuestión de orde, porque iso non é da orde do día.
O Sr. Alcalde sinala que non ven ó caso incorporala na acta integramente.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que se trata dunha obra do POS 04 e que é unha actuación chapuceira, e que anteriormente os argumentos para rexeitar a moción foron os de sempre, polo que denunciaron ante Augas de Galicia e o Seprona e o Alcalde di nos medios de comunicación que é unha obra provisional e pregunta, ¿está o Concello para facer obras provisionais?, pide que dunha vez por todos se arranxe esta chapuza.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que están a favor da moción, porque aquelo ten que arranxarse porque esteticamente é un desastre, hai que arranxalo xa; engade que hai que facer unha planificación do que se quere facer con ese río, que isto é un detalle máis no maltrato que se está a facer con este río, que é unha pena que non se aproveite o patrimonio que temos e remata sinalando que hai que facer unha actuación global.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío le escrito de Augas de Galicia sobre incumprimento das cláusulas da autorización instando ó Concello para que no prazo dun mes se adapten as obras ó autorizado, é dicir dános a razón, e pregunta, ¿que é para vostede unha obra provisional?, é só para o verán ou só para o inverno.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que lles gustaría que Augas de Galicia fixese inspección de toda a rede hidrográfica e fixera informes tan ben feitos coma este.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que estamos a falar dunha obra de trinta mil das antigas pesetas e existe só unha persoa que protestou pero que como hai que facer propaganda hai que montar este follón.
Engade que o que ten que facer Augas de Galicia é limpar o río e sinala que as fotografías do Seprona son as mesmas que fixeron os do PSG-PSOE.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés pide que conste en acta as declaracións do Sr. Parajó.
O Sr. Alcalde sinala que a obra é de colocación dun metro ou metro e pico, polo problema do nivel e mentras non se solucione o problema se taponarán os tubos de saída das casas conectadas porque nese prazo non se poden facer, porque levará tempo e cartos quedando mentras eses señores sen servizo polo problema do nivel, que haberá que falar con Augas de Galicia para ver se dan máis tempo porque ten que facerse unha memoria ou proxecto e pedir permiso de particulares para levala máis arriba.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto(1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

6º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE ARRANXO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE OZA E PARA FACER EFECTIVO O PAGO DE SUBVENCIÓNS.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
No pasado mes de maio, o Grupo Municipal Socialista presentou unha moción (rexistro de entrada núm. 2365, de 18/05/05) na que se formulaban diversas necesidades da parroquia de Oza e para as cales se solicitaba a atención efectiva por parte do grupo de goberno co fin de proceder á súa solución de "maneira progresiva, previo diálogo cos interlocutores sociais, segundo as dispoñibilidades orzamentarias e no marco dun Plan de Investimentos Plurianual".
Entre os numerosos problemas formulados nos diferentes lugares da parroquia fíxose mención da urxente necesidade do "arranxo das instalacións deportivas parroquiais: pista de tenis, campo de fútbol, piscina, etc.", situadas no lugar de Agoso, mais que son, como xa se dixo de propiedade comunitaria e que, por conseguinte prestan servizo a todos os da parroquia.
Lamentablemente, nun exemplo máis de falta de cordura e de desinterese polos problemas veciñais, o Alcalde de Teo e o seu grupo de goberno acolleu a iniciativa socialista cunha negativa rotunda expresada na sesión plenaria celebrada o pasado 31 de maio de 2005.
Estamos a falar, polo demais, de equipamentos deportivos, como o caso da piscina, que teñen unha grande demanda de uso no período estival e que dadas as condicións en que se atopa, crea numerosas molestias e incomodidades ós seus usuarios. De aí a urxencia dunha actuación rápida e decidida por parte do goberno municipal encamiñada a solucionar as deficiencias que presentan estes equipamentos.
Por outra banda, a Asociación que está a xestionar estas instalacións está pendente de cobrar as subvencións municipais correspondentes ó pasado ano 2004. A situación de precariedade é extrema, ata o punto de que de non cobrar estas axudas nos próximos días verase abocada a pensar no peche inmediato da piscina diante da asfixia económica á que están sometidos. Por parte do Concello tampouco houbo resposta a esta demanda.
Cónstanos así mesmo que por parte da asociación Centro Cultural Santa Eufemia se fixeron diversas xestións para informar ás autoridades teenses sobre o problema, así como para recadar a intervención das mesmas e levar a cabo as obras correspondentes que conduzan á súa solución definitiva. De momento, non se coñece oficialmente que houbera a máis mínima resposta por parte do Alcalde Armando Blanco e do seu grupo de goberno.
Ó remate, esta incomprensible inacción dos mandatarios municipais, intencionada ou non, remata por prexudicar a un continxente importante de veciños/as do noso concello.

ACORDO:
Instar ó grupo de goberno a que coa maior prontitude posible:
1. Faga efectiva de inmediato a subvención municipal correspondente ó pasado ano 2004.
2. Encargue a elaboración dun proxecto técnico que contemple solucións efectivas para o conxunto das instalacións deportivas ás que nos estamos a referir.
3. Acometa con urxencia as obras necesarias para que se poidan usar satisfactoriamente, polo menos determinadas instalacións que se están a usar nesta etapa de verán como é o caso da piscina.
4. Convoque canto antes unha xuntanza entre o grupo de goberno e a Xunta Directiva do Centro Cultural Santa Eufemia para coñecer de primeira man estas e outras demandas veciñais e tratar de buscar solucións axeitadas ás mesmas no menor prazo de tempo posible.

Debate:
O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que con anterioridade presentaron unha moción sobre necesidades na parroquia de Oza, onde pedían que falando cos veciños e según dispoñibilidades presupostarias se fixeran proxectos para esta parroquia; engade que as instalacións están nun estado lamentable e por iso presentaron a moción para tratar de buscar medidas e que entre o que piden é que se faga o pago da subvención de 2004 que entón estaba sen pagar, e que se elaborara un proxecto para as instalacións deportivas e que se reuniran coa Xunta Directiva desa Asociación para saber sobre as necesidades; engade que tiñan aberta a piscina sen ter cobrado a subvención, e remata sinalando que cren que existe desidia cos veciños de Oza, e que pedimos o mesmo trato para todas as asociacións do Concello.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que están de acordo basicamente coa moción e que tiveron reunións coa asociación e que lles pediron que mentras estaban en negociación co Concello non presentaran ningunha moción, só se presentou unha pregunta nun Pleno anterior sobre se estaba pagada ou non a subvención.
Engade que queren pensar que o retraso foi debido a un erro na xustificación ou algo así, pero que pensan que o Alcalde non trata igual a todas as asociacións; que debían existir convenios coas asociacións para a prestación de servizos e remata sinalando que as instalacións están nun estado lamentable.
O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que nós estamos a falar de que se faga un proxecto para as instalacións deportivas que hai alí, dentro das limitacións presupostarias do Concello, e que lle estrana que este ano se faga un convenio e outros anos non, ¿por qué?. Remata sinalando que faga vostede Sr. Alcalde un esforzo e xúntese con esta xente, que debe olvidar posibles enfrontamentos persoais para ben de todos os veciños.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que non entende que non haxa un diálogo pese ó denso que é o Pleno, que vostede debe contestar porque non ten sentido que eu faga un monólogo, que se da unha situación absurda propia dos irmáns Marx porque vostede pecha e nós non podemos replicar.
O Sr. Alcalde sinala que eu contestarei ó rematar ás súas exposicións.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que o Concello de Teo é o que máis cartos da na zona en subvencións, que nin Santiago da tantas subvencións como Teo, porque aquí se dan preto de coarenta millóns das antigas pesetas; engade que aquelas instalacións son propiedade deles e lles damos no prazo das subvencións anuais porque nós non podemos dar diñeiro ó tun tun, que a subvención está pagada e remata dicindo que se fai demagoxia barata.
O Sr. Alcalde sinala que sobre o favoritismo quero dicirlle que eu son Alcalde de todos e para todos e que isto non é unha moción sería un rogo ou suxerencia, pero o traen aquí para saír nos medios de comunicación; quérolle dicir que se pagou eses cartos e que estaban as tres sen pagar, Cacheiras, Oza e Calo, que son privadas e había unha orde de pago miña dunha partida onde eu non podía e tivo que retrasarse o pago e a única forma de facelo foi vía convenio.
Respecto ás instalacións quérolle dicir que son privadas e non podemos dar cartos para iso, agás pequenas cantidades por convenio ou para promocionar algo, e que Calo co campo de fútbol o entregaron por cincuenta anos e se fixo iso para todos os veciños, polo tanto se eses señores queren poden facer algo así, e despois se tomará en conta ou non en función dos gastos que represente.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

7º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE O CONTROL DE VELOCIDADES DE VEHÍCULOS EN ESTRADAS QUE DISCORREN A TRAVÉS DE NÚCLEOS HABITADOS.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo, do seguinte teor:
O exceso de velocidade por parte dos vehículos constitúe hoxe un serio problema que afecta a unha parte importante da poboación do noso municipio, ata o punto de estarse a converter nunha grande perturbación para a convivencia pacífica e a tranquilidade colectiva dos nosos cidadáns.
A falta de cultura cívica dalgúns condutores desaprensivos, xunto coa especial configuración urbana do concello, cunha trama case continua de áreas habitadas en forma de asentamentos tradicionais, urbanizacións, concentración de vivendas unifamiliares, etc. e unha rede viaria obsoleta, sen beiravías, nin beirarrúas, mal sinalizadas e peor iluminadas, con trazados moi perigosos que atravesan moitos núcleos de poboación, etc., contribúen a acrecentar o risco para a integridade física de viandantes, peóns ou simplemente cidadáns que goza, pacificamente, das súas horas de descanso.
En non poucas ocasións, xa houbo queixas veciñais manifestadas a través de escritos colectivos ou pronunciamentos individuais demandando solucións efectivas para este grave problema.
Que se saiba son moitos os puntos especialmente conflitivos que cómpre atender, mais agora e a modo de exemplo, salientamos dous que o puxeron de manifesto recentemente, e sobre dos que se podería comezar a actuar para logo ir estendendo medidas semellantes a outros lugares do concello que se atopan en circunstancias parecidas. Referímonos ós casos da urbanización Augas Mansas e ás vivendas da zona do Carballal na estrada que vai desde Adrán a Calo. Veciños/as destes lugares expresaron as súas preocupacións e inquedanzas a través de diferentes medios reclamando solucións eficaces para atallar este grave problema que afecta ás súas respectivas comunidades.

ACORDO:
Instamos ó grupo de goberno a que aborde o problema coa maior dilixencia e seriedade posible para atopar solucións comezando polo diálogo directo cos veciños afectados.
Entre as medidas que propoñemos para atallar esta problemática (ademais de contemplar outras de maior alcance, a medio e longo prazo, como a construción de beirarrúas reforzamento da iluminación pública, ensanche e mellora das calzadas, etc.) salientamos as seguintes:
− Encargar á Policía Municipal (botando man da colaboración veciñal) a elaboración dun mapa de puntos negros de circulación afectados especialmente polos excesos de velocidade.
- Levar a cabo campañas de información e concienciación entre os cidadáns.
- Despregue da Policía Local no control de velocidades, previa posta á súa disposición dos medios necesarios para poder cumprir satisfactoriamente co seu labor.
- Mellora e reforzamento da sinalización vertical e horizontal.
- En determinados lugares, utilización de elementos disuasorios (acompañados da sinalización complementaria correspondente) ó uso en moitas cidades, vilas, zonas residenciais e áreas

periurbanas españolas e europeas, como a construción de “mesetas” ou “durmiñóns” que, nalgúns casos, poden servir mesmo de pasos de peóns.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que atopámonos cunha rede viaria obsoleta, que foron corredoiras que polo desenvolvemento urbanístico convertéronse en vías urbanas; engade que no Rexistro do Concello existen varios escritos neste sentido e que se require algún tipo de solución; engade que vostedes nalgún caso deron como resposta a sinalización vertical pero foi ineficaz e que é un fenómeno xeralizado en todo o Concello, que os trazados son moi primitvos e obsoletos, non hai nin beirarrúas nin beiravías e que existe risco para as persoas e mesmo para o propio tráfico rodado e que nós na moción plantexamos diversas propostas e que son importantísimas as campañas de sensibilización cidadá e que son conscientes da insuficiencia da plantilla da Policía Local pero que debe estar para prestar servizos ós cidadáns, non para levarlle a sinatura ó Sr. Alcalde, e que en última instancia propoñen elementos disuasorios, que non son as bandas rugosas que puxeron vostedes nos Tilos que o único que fan é facer ruido e non serven para controlar a velocidade, nós falamos de construción de mesetas ou durmiñóns.
Engade que quere sumarse ó dito por Martiño, que non lle parece serio que non resposte na primeira quenda porque se a isto se lle suma o das comisións informativas onde só se vota porque os concelleiros non saben de que van os asuntos, isto demostra a falta de criterio da Alcaldía e é unha falta de respeto ós grupos da oposición.
Remata sinalando que esta é unha moción claramente construtiva.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que isto é un monólogo, vostede Sr. Alcalde non sabe de diálogo; engade que están basicamente de acordo coa moción pero que tamén son conscientes das limitacións do Concello, dado o limitado da plantilla da Policía Local que o final é un elemento meramente decorativo.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que levan tempo instalando sinais de velocidade sobre todo nas máis perigosas, así por exemplo en Augas Mansas e que está claro que cada día se corre máis e é moi difícil controlar isto, e menos mal que non están en mellor estado porque senón isto sería o Xarama; engade que non é moi partidario da instalación das mesetas, así en Ames as puxeron e agora parece que as queren quitar e que este tema sería difícil de controlar pese a aumentar a Policía Local.
O Sr. Alcalde sinala que o tema da velocidade é un problema nacional, e que nós cando nos piden unha cousa a atendemos, así pasou coas bandas rugosas fai moitos anos e tiveron que retirarse e nos Tilos pasou algo semellante, que estamos mirando para algún paso de peóns nos Tilos e se está a ver como poden facelos mesetas. Engade que coas bandas rugosas a veciñanza non poden durmir pero haberá de ver as formas de poñer eses durmiñóns e pintalos como pasos de peóns para que a xente se conciencie.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

8º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE XUNTANZA DE COMISIÓNS PARA DAR EXPLICACIÓNS SOBRE A ADQUISICIÓN DE FINCAS PARA A CONSTRUCIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE OZA.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
Na certificación asinada polo naquel entón Secretario en funcións, expedida con motivo da adquisición dunhas fincas para a construción dun campo de fútbol en Oza, contéñense estas afirmacións:
"O conxunto destas fincas da parroquia de Oza será dedicado a campo de deportes e outros usos".
"(...) o Alcalde manifesta que todas as fincas descritas serán mercadas con cartos que se obteñan da venda das parcelas de San Sadurniño e os que sobren serán ingresados nunha conta bancaria para ser utilizados en vivendas de protección oficial e en investimentos na urbanización San Sadurniño".

ACORDO:
Instar ó Alcalde Armando Blanco a que convoque con carácter extraordinario e urxente as Comisións de Economía/Facenda e de Obras/Servizos para que se dean explicacións fidedignas sobre estes extremos:
1. Parcelas vendidas de San Sadurniño (acreditar coa documentación correspondente):
− Relación das parcelas vendidas.
− Contía da operación.
− Destino dos cartos obtidos.
2. Cartos obtidos coas vendas das parcelas de San Sadurniño:
− Número de conta bancaria onde se ingresaron os sobrantes despois da adquisición das parcelas para o campo de fútbol de Oza.
− Cantidade sobrante.
3. Investimentos en vivendas de protección oficial:
− Investimentos realizados coa partida devandita no Concello de Teo en vivendas de protección oficial.
− Investimentos realizados en xeral en vivendas oficiais no Concello de Teo desde o ano 1999.
4. Investimentos realizados na urbanización San Sadurniño:
− Investimentos realizados na urbanización San Sadurniño con cargo ós sobrantes da operación de venda de parcelas municipais nesta urbanización.
− Investimentos realizados polo Concello de Teo na urbanización San Sadurniño desde 1999.
Nota: Esiximos que en todos os casos se presenten ós membros das comisións toda a documentación existente para os efectos.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que temos que lamentar unha vez máis que na comisión informativa ningún membro do equipo de goberno dera ningunha información, para iso cobran e descargarían os Plenos; que pediría ó Sr. Alcalde que lles dera información sobre os asuntos; engade que nas actas de Plenos dos anos 1999 e 2001 acordouse mercar fincas onde o Sr. Alcalde dixo literalmente o que figura na moción; pide que o Sr. Alcalde lle conteste, non para coñecemento do grupo municipal socialista, senón para que os cidadáns o saiban.

Pregunta, ¿cales foron as fincas de San Sadurniño vendidas?; ¿cal foi a contía da operación e destino dos cartos?, ¿cales son os investimentos realizados con estes cartos en vivendas de protección oficial?, e finalmente vostede fala tamén neses Plenos de que investirían cartos en San Sadurniño, ¿cales son eses cartos investidos en San Sadurniño desde o ano 1999 e cales foron os sobrantes?.
Remata sinalando que se non da esta información é que está ocultando algo, porque os silencios son moi significativos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que qué quere que lle diga Sr. Alcalde, que me parece unha falta de respeto.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que según ten entendido se ían destinar a mercar fincas, así campo de fútbol de Oza, campo de festa de Rarís, e que o resto está nunha conta bancaria no BBVA onde está o diñeiro sobrante.
O Sr. Alcalde sinala que cando vostede quera información pídaa en Secretaría cando estime conveniente, e que se dará cando se lle poida dar porque o persoal é escaso.
Engade que mercouse unha finca para vivendas de protección oficial e que co cambio das normas pola suspensión non se puido facer, e mercáronse unha serie de fincas, e que se ten vostede a lista para qué o pregunta. Engade que non ve porqué teñen que reunirse as comisións porque cando vostede pide información, ¿ se lle está dando ou non?, e remata sinalando que as fincas mercáronse para ben dos veciños alí onde o necesiten.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que son conscientes de que están paralizando o Concello, pero se piden información e vostede non a da, non teñen máis remedio que pedir.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

9º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE UN PACTO LOCAL POLA INTEGRACIÓN E A CONVIVENCIA.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Sociais e Sanidade, do seguinte teor:
No ano 2003 o número de inmigrantes superou por primeira vez a cifra de cidadáns españois que residen no exterior. Este feito, que se producira con bastante anterioridade en Estados do noso contorno, situou á sociedade española diante dunha nova realidade que debe xestionarse colectivamente. España, polo seu desenvolvemento e crecemento económico pasou de ser un país de emigrantes a ser un país receptor de inmigración.
A diversidade é unha poderosa fonte de riqueza económica, social e cultural; mais para poder logralo cómpre impulsar un amplo conxunto de políticas encamiñadas a favorecer a integración social e garantir a convivencia cidadá.
Evidentemente é fundamental reforzar a seguridade nas zonas máis sensibles de cada municipio, aínda que convén ter en conta que a dimensión do reto diante do que nos atopamos fai necesaria a articulación de compromisos colectivos e a posta en marcha de políticas sociais de carácter transversal.

De cara a este obxectivo o Goberno de España incluíu unha partida de 120 millóns de euros (será xestionada polos concellos a través das CC.AA.) nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2005 destinada a promover a integración social destes novos cidadáns.

ACORDO:
Por todo isto o Grupo Municipal Socialista de Teo presenta para o seu debate e aprobación en Pleno a seguinte moción:
"O Pleno do Concello de Teo aproba impulsar un pacto local pola integración e a convivencia por consenso de todos os grupos políticos e no que participen empresarios, sindicatos e organizacións de inmigrantes destinado a:

- Reforzar os servizos públicos, as políticas sociais e a seguridade nas zonas máis sensibles da localidade, con especial atención á acollida e integración.
- Priorizar a loita contra o racismo e a xenofobia.
- Deseñar, acordar e levar a cabo o Plan municipal integral para a loita contra o racismo e a xenofobia.
- Facilitar o labor das organizacións de inmigrantes e de solidariedade con especial atención ás organizacións xuvenís e de mulleres.
- Solicitar ó goberno da CC.AA. a partida orzamentaria necesaria para o financiamento das políticas anteriormente mencionadas."

Copia deste acordo enviaríase á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración.

Debate:
O Sr. Concelleiro Rego Jorge sinala que pensa que este é o momento oportuno para presentar esta moción polos asuntos que apareceron recentemente nos xornais, porque a integración é un proxecto solidario onde deben primar os dereitos humanos; engade que este Concello debe camiñar cara a unha sociedade solidaria e debe afrontarse con vontade política e que a elaboración deste plan debe ser enriquecida polos grupos municipais e polos interesados, que deben evitarse todas as discriminacións que conleven á xenofobia e que este plan debe ter en conta unha serie de actuacións, así: Información, vivenda, educación e cultura, sanidade, emprego, área da muller, área de deportes e actividades físicas e área de participación e asociacionismo.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que están de acordo con isto, pero que pedir unha actuación tan amplia é unha forma para que non se faga nada; engade que a nivel de inmigración debe ser o nivel comarcal o que pode facelo, que cremos que as competencias e a capacidade de deseño do plan debe ser máis comarcal, aínda que cren que o Concello pode tomar a iniciativa, que desde o Concello se propoña que se faga a nivel comarcal.
Neste intre abandoa o Pleno o Sr. Concelleiro Noriega Sánchez.
O Sr. Alcalde sinala que non están de acordo coa moción porque estas actuacións estamos nesa liña de facelo polos servizos sociais, así temos unha psicóloga, temos a Mancomunidade para atender ós inmigrantes e se lle dan solucións.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 7, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:1, do Sr. Noriega Sánchez ó abeiro do disposto no art. 100 do ROF.
Queda rexeitada a moción.

10º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE LIMPEZA DA PONTE VEA E DE CONSOLIDACIÓN DA SÚA ESTRUCTURA.

Incorpórase ó Pleno o Sr. Concelleiro Noriega Sánchez.
Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
A ponte Vea é unha construción datada no século XVI que servía de vía de comunicación ós peregrinos portugueses que camiñaban cara Compostela. Xunto coa ponte romana de Francos constitúe un dos símbolos emblemáticos da arquitectura civil do Concello de Teo.
Hai certo tempo deixou de recibir tráfico rodado e hoxe érguese maxestosa no río Ulla, no lugar de Pontevea, parroquia de Reis, como unha edificación que é testemuña pétrea dun rico pasado e convertida nunha xoia do noso patrimonio histórico-artístico; ademais de seguir prestando servizos, agora como pasarela peonil, como atalaia privilexiada desde a que contemplar a beleza do río Ulla ou como plataforma para a práctica deportiva da pesca.
Lamentablemente, desde que perdeu a súa funcionalidade histórica como vía de comunicación para o paso de vehículos a ponte, vítima da incuria e a despreocupación, iniciou un proceso de lenta, mais inexorable degradación, ata chegar ata o día de hoxe no que presenta un aspecto de deterioro máis que preocupante.
O panorama non pode ser máis desolador: algunhas zonas da súa estrutura presentan fendas ameazadoras e a maleza ameaza a súa estabilidade, ademais de contribuír ó seu afeamento estético.
Cómpre pois intervir decididamente. Todos os organismos competentes debemos contribuír á súa consolidación asegurando o seu coidado inmediato de maneira regular.

ACORDO:
Instar ó Goberno Municipal de Teo, presidido polo Alcalde Armando Blanco, a que coa maior urxencia posible recabe a colaboración de todas as entidades presuntamente interesadas (Concellos de Teo e A Estrada, Deputacións da Coruña e Pontevedra, Consellería de Política Territorial, Consellería de Cultura, etc.) co fin de:
1. Facer un estudo técnico para valorar o estado actual da ponte e as conseguintes necesidades de intervención.
2. Adoptar as medidas pertinentes para consolidar a súa estrutura e actuar puntualmente para devolverlle á mesma a súa fisionomía tradicional e a súa monumentalidade e prestancia históricas.
3. Proceder de contado á limpeza de toda a maleza que está a proliferar entre a pedra e que ameaza con acelerar o seu proceso de degradación, ademais de constituír un fenómeno dunha máis que evidente agresión desde o punto estético.

Debate:
O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que son conscientes que non é soamente responsabilidade do Concello, senón que é unha responsabilidade compartida con outras Administracións; que piden un esforzo ó equipo de goberno para que de acordo co Concello de A Estrada se solicite a implicación das Deputacións da Coruña e Pontevedra e da Xunta para preservar esa ponte que ten a súa historia, que se poñan en contacto con esas entidades para que se adecente e se garanta a súa estrutura, e que lle gustaría que opinara o Sr. Cajaraville por veciñanza; sinalando para rematar que lle gustaría que lle conteste ás mocións por respeto, que faga un esforzo e que se pronuncie o grupo municipal do PP.

O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que estamos de acordo basicamente coa iniciativa porque se pide que pola vía do diálogo con outras Administracións se consiga isto, que lle parece unha moción lóxica.
O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que o Alcalde non entende a moción ou non ten educación coa oposición pese a estar doctorado, que fáltalle a máis mínima cordialidade coas persoas.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que é unha falta de educación da Alcaldía.
O Sr. Alcalde sinala que contestarei ó final e senón estou de acordo llo motivo e xa está.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que pediría que o grupo ó que pertence a consellería competente fixera as xestións para sacalo posteriormente na revista.
Abandoa neste intre o salón de plenos o Sr. Concelleiro Sisto Edreira.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que nós xa estamos a tramitar coa Deputación.
O Sr. Alcalde sinala que hai días que están pedidas pola Alcaldía entrevistas coa Xunta, que a ponte depende da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e das Deputacións e hai anos por esta Alcaldía se fixeron xestións para repoñer as pedras que caeran polas Deputacións e púxose iluminación polo Concello e limitouse o paso de camións.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que sen permiso de Patrimonio.
Engade o Sr. Alcalde que non están de acordo porque isto sería un rogo, pero vostedes pretenden ser os que gobernan, e que lle dan pena as palabras do Sr. Tallón sobre educación e falta de respeto, dáme pena, porque eu creo que teño demostrado a través dos anos a educación, a ética e o respeto.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 7, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:1, do Sr. Sisto Edreira ó abeiro do disposto no art. 100 do ROF.
Queda rexeitada a moción.

11º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE REVISIÓN URXENTE DAS FOSAS SÉPTICAS MUNICIPAIS E TOMA DE MEDIDAS PARA O CORRECTO FUNCIONAMENTO.

Incorpórase ó Pleno o Sr. Concelleiro Sisto Edreira.
Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
No Concello de Teo existen 17 foxas sépticas municipais ou “depuradoras compactas”. O estado das mesmas, como se pode comprobar no *dossier* fotográfico adxunto é absolutamente lamentable.
Da inspección pormenorizada realizada polo Grupo Socialista pódese concluír o seguinte:
- O estado de abandono en que se atopan os recintos exteriores destas foxas evidencian a falta de atención e de mantemento regular das mesmas.
- A maioría, por non dicir todas, están inoperativas, e dicir, non cumpren a súa función, o que ocasiona que as augas residuais se vertan directamente ós ríos e regatos, contaminando as súas canles e os terreos limítrofes. Algúns regatos como o caso do río Portoameneiro na súa confluencia co río Tella van convertidos nunhas auténticas cloacas ó ar libre (neste río contabilizáronse ata tres colectores vertendo directamente as súas augas fecais).
Máis do mesmo podemos dicir do río Santa Lucía, o río Tinto e outros regatos menores.

Por outra banda, a inexistencia dun Plan Integral de Saneamento está a ocasionar un fenómeno preocupante: fanse conducións de saneamento sen orde nin concerto, sen planificación algunha (algunhas delas pasan anos e seguen inoperantes; outras presentan problemas técnicos irresolubles nos seus enganches, etc.) e, no mellor dos casos, só serven para sacar das casas as augas residuais, e logo vértense directamente ós ríos e regatos próximos, ou esparéxense polas leiras, contaminando todo ó seu paso. O estado inservible destas foxas sépticas non fan senón incrementar o problema.

ACORDO:
Ademais de reclamar de forma teimuda a urxente elaboración dun Plan Integral de Saneamento (xa reclamada nunha moción socialista presentada o 11 e setembro de 2004, que foi rexeitada polos votos en contra dos grupos políticos do goberno municipal), instamos ó Alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a:
1. Facer unha inspección de todas as foxas sépticas municipais que desemboquen na elaboración dun informe no que se recolla o estado actual das devanditas infraestruturas.
2. Proceder de contado á limpeza de todas as foxas sépticas (tamén dos seus recintos exteriores e mellorar a súa accesibilidade) e a súa posta en servizo, polo menos mentres non se atope unha solución técnica mellor.
3. Encargar á empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, ó mantemento das citadas foxas sépticas e velar polo seu correcto funcionamento.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que pediría ó Sr. Alcalde que non invoque cuestións persoais sobre cuestións éticas do Sr. Tallón, engadindo que vostede fai insidias e que se quere fale vostede claramente sobre o que deixa entrever.
Engade que temos dezasete foxas sépticas e é obriga do Concello mantelas, que non é certo que sexa a empresa Aquagest a encargada da supervisión das foxas sépticas, que o mantemento das depuradoras compactas é do Concello. Sinala que xunta á moción reportaxe fotográfica e que algunhas son auténticas mámoas polo estado no que se atopan e polas dificultades para localizalas, que piden un plan integral de saneamento, que non se pode cometer o mesmo erro que se está a cometer co POL deste ano en que se volve a facer o mesmo, engadindo que se non se manteñen isto non é saneamento, sacar as augas negras para levalas ó río ou ás beiras non é saneamento, que se van facendo por tramos e que case todas verten directamente ó río e que vostede pode dicir que para iso está a Edar de Pontevea, pero nós lle dicimos o que hai hoxe en día, porque a depuradora vai para longo, e remata sinalando que piden que se encargue a unha empresa o mantemento das mesmas.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que están de acordo coa moción.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que pensa que a táctica de non contestar do Sr. Alcalde debe corrixila, que é por medo, que fai oposición á oposición, que vostede evidencia que non goberna porque se o fixera tomaría a iniciativa e iste grupo municipal non tería campo para presentar tantas mocións; engade que xa non lle quero entrar no tema da falta de respeto cos grupos da oposición, cos votantes ós que representan, e pido que reconsidere a súa actuación para o próximo Pleno e cambie de posición, porque está quedando mal vostede e o seu grupo político.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que non gasto máis cordas vocais con vostede Sr. Alcalde.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que non se poden utilizar tácticas para colapsar ó Concello, e que cada un emprega a táctica que cre conveniente para defenderse, e respecto do tema das depuradoras que sí é verdade que Aquagest leva as depuradoras aínda que non o teñan no contrato, que se está traballando nelo para que as leven ata que funcione a depuradora de Pontevea e que este non é problema exclusivo de Teo e así o dixo o Conselleiro de Medio Ambiente, que investirían moito máis diñeiro para solventar estes problemas que hai en todos os concellos.
O Sr. Alcalde sinala que esas depuradoras que vostedes falan as está mirando Aquagest sin cobrar e a parte cando hai algunha cuestión particualr van e a solucionan, e que as foxas é unha solución que se fixo para sacar as augas residuais de moitas aldeas e tamén se está a negociar con Aquagest para ver si se pode legalizar iso.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

12º) MOCIÓN DO PSG-PSOE REFERENTE Á PRESENTACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DE REORDENACIÓN VIAL DA TRAVESÍA DE CACHEIRAS.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
Ó longo da presente lexislatura o Grupo Municipal Socialista formulou diversas iniciativas, institucionais e sociais, co fin de axilizar, por unha banda, a concreción do convenio asinado no mes de maio de 2003 (xusto antes das eleccións municipais) polo Alcalde A. Blanco e o entón Conselleiro Núñez Feijóo para a mellora da seguridade viaria da C-541 (hoxe AC-841) e dos accesos desde as urbanizacións lindeiras, e pola outra, urxindo á presentación pública do devandito proxecto.
Entre as iniciativas, cabe salientar as seguintes:
1. Iniciativas institucionais:
− Moción: “proposta de medidas urxentes para o núcleo urbano de Cacheiras” (rexistro de entrada núm. 2753/10-11-03). Debatida no Pleno de 28 de novembro de 2003.
− Moción: “esixencia de información e pronta execución dos proxectos da Consellería de Política Territorial para o trazado da C-541 A Estrada – Santiago ó seu paso polo núcleo urbano de Cacheiras” (rexistro de entrada núm. 865/21-04-04) debatida no Pleno do 25 de maio de 2004.
− Moción: “proposta para a elaboración e desenvolvemento dun Plan Especial de Actuación Integral na Urbanización dos Tilos” (rexistro de entrada 1449/16-06-04) debatida no Pleno de 27 de xullo de 2004.
2. Iniciativas sociais:
− Campaña informativa e de sensibilización social con distribución de folletos informativos, carteis, pancartas, etc., e recollida de sinaturas entre os veciños/as da zona para “esixir a inmediata exposición pública do proxecto técnico e posterior realización urxente das obras referidas”. O 13 de maio de 2005 entregáronse no Concello de Teo máis de 1000 sinaturas.

O 16 de xuño de 2005, nun acto de claro contido electoralista (estabamos ás portas das eleccións autonómicas) ten lugar unha rolda de prensa protagonizada polo Alcalde de Teo, Armando Blanco e o Director Xeral de Obras Públicas, Agustín Hernández, na que "presentan" "el proyecto de reordenación vial de la travesía de Cacheiras en el tramo comprendido entre la zona de O Castiñeiriño y el núcleo de A Ramallosa (Teo)".

Nas informacións aparecidas ó día seguinte en diversos medios de comunicación dánse conta dos detalles técnicos da obra ademais do custo total da mesma, que ascenderá ós 7 millóns de euros. Nese acto, o mesmo Sr. Hernández confirmou que "estaba previsto que la expropiación de los terrenos afectados se llevara a cabo antes de que termine el año, lo que implica que las obras no comenzarán hasta el año próximo".
A partir desta rolda de presa preelectoral, unha vez máis o silencio máis absoluto. Nada se sabe do asunto. Nin os grupos políticos da oposición, nin os principais interesados e afectados, os cidadáns de Teo, os veciños/as da zona, os comerciantes, etc., teñen coñecemento algún do devandito proxecto.
No último Pleno ordinario o Grupo Municipal Socialista interesouse pola cuestión diante do Alcalde e este contestou que "xa se dará a coñecer".
Este proxecto de reordenación viaria –absolutamente vital para o presente e futuro do Concello de Teo- comeza a ser un mal remendo do Guadiana: o Alcalde Armando Banco sácao, cando lle interesa persoalmente, en períodos electorais, e de contado volve a metelo no caixón ata a próxima.
Estase a practicar un xogo irresponsable, burlándose da boa vontade da cidadanía, cun proxecto que, como xa dixemos, ten un carácter estratéxico para o desenvolvemento do Concello de Teo, e sobre todo, para a parte do municipio que está a experimentar o máis alto grao de crecemento demográfico.
Isto, ademais de perpetuar *sine diae* unha situación insostible de risco constante para condutores e viandantes, e de dificultades para os accesos e saídas de vehículos desde as urbanizacións existentes nas proximidades, supón tamén un atranco para a consolidación comercial da zona e un obstáculo para o seu desenvolvemento urbano e para a construción de equipamentos, espazos de lecer e áreas verdes.

ACORDO:
Ínstase ó Grupo de Goberno a:
1. Entregar unha copia do proxecto a cada un dos grupos políticos que forman parte da Corporación.
2. Organizar un acto público no mes de setembro para dar a coñecer o proxecto anunciado na devandita rolda de prensa de xuño deste ano e abrir un período de exposición do mesmo e de consultas para que todos os cidadáns de Teo, principalmente os máis directamente afectados, poidan estudalo con detalle e recibir cantas informacións desexen ó respecto.
3. Pór a disposición da Consellería de Política Territorial de todos os medios dispoñibles para facilitar os trámites administrativos e urxir a execución do proxecto coa maior prontitude posible.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que son os representantes políticos os que teñen que dar a información para non saturar ós servizos administrativos.
Engade o Sr. Concelleiro que vostedes anunciaron un proxecto que está aí detrás no salón de plenos, presénteo ós veciños, se existe o proxecto presénteo ós grupos políticos da

Corporación e faga un acto público para presentalo, e senón o quere facer por medo, o PSG-PSOE pode facelo.
Abandoa o salón de plenos o Sr. Concelleiro Iglesias Villar.
Engade que vostede como grupo de goberno debe tomar a iniciativa porque vostede como representante de todos os veciños debe tomar a iniciativa, que pide que este asunto se desbloquee porque é un problema urxente que está afectando á convivencia de veciños e ó desenvolvemento industrial da zona, que empeza a existir unha fuxida de veciños e que é absolutamente vital este proxecto para o desenvolvemento do Concello.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que están de acordo coa iniciativa.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que os veciños que marchan ou non veñen é pola publicidade negativa do PSG-PSOE de Teo.
O Sr. Alcalde sinala que pensa que saben o que teñen que facer, que isto se falou aquí varias veces, que se presentou o adianto do proxecto á prensa e despois o proxecto estaba encargado a unha empresa onde estaba practicamente rematado e non deu tempo ó anterior goberno da Xunta para ultimalo e agora ten pedida coa nova conselleira unha reunión para ver como vai levar adiante o proxecto porque é urxente, e despois traérase para que vostedes e os veciños o vexan e remata sinalando que nós sabemos o que hai que facer.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 7, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:1, do Sr. Iglesias Villar ó abeiro do disposto no art. 100 do ROF.
Queda rexeitada a moción.

13º) MOCIÓN DO PSG-PSOE PARA A CREACIÓN DUNHA NOVA PÁXINA WEB OFICIAL DO CONCELLO.
Incorpórase ó Pleno o Sr. Concelleiro Iglesias Villar.
Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
O Concello de Teo dispón na actualidade dunha páxina web de carácter puramente informativo e pola que se está a pagar, incriblemente, a cantidade de 991,80 euros mensuais en concepto de mantemento.
Esta páxina web ten un carácter puramente informativo (datos do Concello, resultados deportivos, teléfonos dos servizos administrativos...) e carece dos demais servizos que a Unión Europea establece para avaliar as e-Administración. Así:
- Descarga de formularios.
- Envío por rede con resposta física.
- Resolución íntegra por Internet ou trámite finalista (para este nivel supremo cómpre ofrecer a certificación dixital ou un rexistro por nome de usuario e contrasinal).

Recentemente concellos do noso contorno como Santiago e Ames veñen de presentar as súas correspondentes páxinas web, que superan en moito o servizo que actualmente presta a páxina do Concello de Teo.
Na maioría das páxinas web dos concellos españois, estas permiten múltiples posibilidades de información e comunicación. A través destas web o cidadán e o administrado no só pode coñecer as funcións, actividades e prestacións das distintas áreas e servizos municipais, senón

que lle permite acceder ós modelos de formularios pertinentes para iniciar calquera trámite oficial coa administración.
Estas páxinas actúan como unha auténtica oficina municipal aberta as 24 horas e os cidadáns poden formalizar reclamacións, queixas e suxestións, e poden mesmo dirixirse á Alcaldía ou ó municipio solicitando audiencia ou trasladándolle opinións.
Algúns concellos (iso si, polo de agora os menos) inclúen mesmo a chamada "carpeta cidadá" ou "valixa electrónica" que co nome e contrasinal ou cun certificado dixital permite ó veciño/a acceder a todos os datos que o municipio sabe del, sexan do empadroamento ou fiscais, e facilitan a tramitación de expedientes.
Hai concellos que permiten mesmo pagar impostos, taxas ou multas pola rede, e mesmo dispoñen de servizo de plano das rúas.
En definitiva, unha páxina web municipal, por moi modesta que sexa, só cumprirá en plenitude o seu fin de servizo público auténtico e polo tanto xustificará a súa existencia, cando ademais de achegar informacións ós cidadáns do Concello, da súa estrutura orgánica, curiosidades..., engade convocatorias, concursos, etc., e sobre todo, cando permite achegar a administración á cidadanía permitindo acceder a formularios e impresos, tramitar asuntos administrativos ou mesmo a trasladar queixas e suxestións ós mandatarios públicos.
No caso concreto do Concello de Teo dispoñemos actualmente dunha páxina web que presenta as seguintes eivas:

- Non foi adxudicada mediante concurso público, nin dispón de contrato de servizos.
- O custo de mantemento actual é escandalosamente caro en relación co servizo que presta.
- Ten un carácter exclusivamente informativo. Os seus contidos son, polo demais, excesivamente restrinxidos.
- Non lle permite ós veciños/as tramitar asuntos, nin moito menos facerlle chegar ós mandatarios públicos ideas, propostas, queixa, etc.

ACORDO:
Instamos ó grupo de goberno a que, no marco dunha política de descentralización administrativa co fin de acadar unha administración municipal máis eficiente e máis próxima ó cidadán, proceda a:
1. Sacar a concurso público a edición dunha nova páxina web municipal.
2. Adxudicar mediante contrato o mantemento mensual ou anual que, en todo caso, terá un prezo razoable entre os que se manexan no mercado para as páxinas destas características.
3. A páxina web contará como mínimo, ademais dos contidos informativos de rigor, os seguintes:
− Informacións sobre os acordos adoptados polos órganos de goberno.
− Planos de rúas ou información sobre os lugares e rúas do municipio.
− Informacións xerais de interese para o cidadán, mesmo subministradas por outras administracións públicas.
− Conexións cos grupos municipais.
− Posibilidade para o cidadán de descarga de formularios para tramitar asuntos administrativos.
− Posibilidade de que o cidadán poida trasladar queixas, suxestións, propostas e mesmo concertar entrevistas co alcalde e cos edís e/ou grupos políticos.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que a páxina web dun Concello debe ser algo máis; que o que hai é un taboleiro informatizado, que cren que debe facilitárselle ós usuarios o acceso a

formularios porque isto é unha axuda para os veciños, engade que a páxina é controvertida porque foi adxudicada sen concurso público e cren que é demasiado custosa para o fin que cumpre, porque non da ningún servizo ós veciños.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que basicamente están de acordo, que ten un custo moi elevado e senón funciona ben con este prezo isto é criticable.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que creo que vostede Sr. Alcalde é descortés co BNG e co PSG-PSOE, que eu fago unha primeira quenda e vostede quere que eu lle conteste, ¿para qué?, e remata sinalando que isto é polo menos unha falta de delicadeza, que isto non é procedente.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que a páxina web foi unha das primeiras dos concellos da comarca en funcionar, e que é certo que hoxe está un pouco curta e cre que se está a traballar niso e que o Sr. Alcalde se non supera os 12.000 euros pode contratala.
O Sr. Alcalde sinala que se non está de acordo coas mocións o dí ó final, engadindo que nós estamos contentos tal e como está a páxina e se está rectificando estes días para meter os temas culturais destes meses.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

14º) MOCIÓN DO PSG-PSOE POLA QUE SE SOLICITA A RETIRADA DAS COMPETENCIAS DELEGADAS EN MATERIA DE URBANISMO, E A DESTITUCIÓN DO PRESIDENTE DAS COMISIÓNS DE URBANISMO E DE SEGUEMENTO DO PXOM.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal, do seguinte teor:
O 27 de outubro de 2004 o Alcalde Armando Blanco asinaba un decreto polo que delegaba varias competencias en materia de política urbanística na persoa do concelleiro Manuel Parajó Liñares.
Durante este tempo a xestión do Sr. Parajó veu sendo obxecto de todo tipo de controversias e mesmo de crítica que acadou a súa máxima expresión na forma sospeitosamente escurantista con que está a levar o proceso de elaboración do PXOM.
A súa última actuación na que literalmente "secuestra" o informe da Consellaría de Política Territorial e impide a membros da corporación a súa consulta, en tanto que documento oficial que se supón depositado no Rexistro oficial do Concello, é a pinga que rebordou o vaso dun comportamento reiteradamente antidemocrático e impropio dunha persoa con responsabilidades nesta materia ó máximo nivel por decisión persoal do Alcalde Armando Blanco.
Este feito, que se ven sumar a outros moitos manifestados ó longo deste proceso, é dunha grande transcendencia cando estamos a falar da necesidade de propiciar un clima de serenidade e racionalidade como premisa irrenunciable para acadar un PXOM que responda axeitadamente ás expectativas de presente e futuro do noso Concello e que sexa apoiado pola inmensa maioría da sociedade teense. Toda esta declaración de principios e expresión de vontade por parte da maioría da corporación teense queda posta en dúbida polas actuacións do Sr. Parajó.

A maiores hai máis razóns nas que sustentar a nosa petición:

1. O Sr. Parajó non tivo reparos a recoñecer publicamente algo que todo o mundo sabe: a súa dedicación a certo tipo de negocios relacionados coa "intermediación inmobiliaria", (que o Sr. Parajó, cinicamente, definiu como un "hobby") sen ser un profesional do sector oficialmente recoñecido, e que, desde o noso punto de vista, parécenos absolutamente incompatible co exercicio das súas responsabilidades políticas como concelleiro delegado de urbanismo. E moito menos cando é a persoa encargada de dirixir o proceso de elaboración do PXOM de Teo.
2. Existe unha carta dunha veciña de data 08/04/2005, rexistro núm. 1578) na que literalmente se di: "(…) que se le hizo un informe urbanístico respecto a este muro y que a consecuencia de lo expuesto tuvo un incidente muy lamentable con el responsable de urbanismo del Ayuntamiento de Teo...". Gustariamos que o Sr. Parajó explicase en que consistiu este "incidente muy lamentable".
3. Os seus comportamentos, xa como responsable de urbanismo nos casos dos dous conflitos urbanísticos de Texexe, evidencian unha actitude, como mínimo irresponsable e neglixente, respecto da obriga que ten de observar e velar pola legalidade urbanística, precisamente, unha das competencias delegadas polo Alcalde.
4. A disciplina urbanística en Teo é unha quimera: dos oito expedientes abertos por supostas infraccións urbanísticas desde que o sr. Parajó asume a delegación de urbanismo ata ben entrado o ano 2005, só un, propiamente, se pode considerar iniciado polo departamento do que é responsable o sr. Parajó. Os demais, ou ben son produto de denuncias veciñais, ou ben do SEPRONA, da Policía Autonómica ou dos partidos políticos. É dicir, en materia de disciplina urbanística o sr. Parajó está a practicar a política de "laissez faire", de "mirar para outro lado", incumprindo unha das súas responsabilidades por delegación da alcaldía.

ACORDO:
Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista, insta ó Alcalde Armando Blanco a que retire as competencias delegadas en materia de urbanismo a favor do sr. Manuel Parajó Liñares, segundo o disposto no referido decreto de 27 de outubro de 2004, e proceda á súa destitución como presidente das Comisións de Urbanismo e de seguimento do PXOM.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que esta moción non vai dirixida contra ninguén, vai dirixida ó Sr. Alcalde como responsable máximo de urbanismo e polo tanto van entrar a debate só co Alcalde. Continua sinalando que a situación do urbanismo en Teo é insostible, que se está a tramitar o PXOM pero determinados tipos de comportamentos poñen en perigo o consenso necesario.
Engade que é descoñecido para os grupos e absolutamente coñecido por grupos inmobiliarios a través dun membro da Corporación, que hai un ocultismo absoluto, incluso digo máis porque o nivel de desinformación chega a membros do grupo de goberno e o Sr. Parajó chega a vetar o acceso ó informe da Consellería sobre o PXOM, que iso é ridículo porque podo velo porque está no Rexistro, chegamos a este extremo de ocultar información e o dito refírese ó tema do plan xeral.
Respecto do tema do trato cos cidadáns produciuse un incidente moi lamentable, explique vostede Sr. Alcalde en que consistiu este incidente, e pregunta, ¿as taxas para construción de muros son de 200.000 das antigas pesetas?.

Dicimos tamén que nun medio de comunicación o Sr. Parajó di que é un "hobby" e chega o colmo dos colmos ó dicir o Sr. Parajó que sí se dedica ós negocios inmobiliarios, pero non o fai en Teo, ¿confirma o Sr. Alcalde estas palabras do Sr. Parajó?, espero a súa resposta.
Engade que respecto do tema das infraccións que non existe ningún expediente tramitado de principio a fín, e ademais hai discriminación no trato ós poderosos e ós débiles.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que votarán a favor e que non cremos que o señor concelleiro deba dimitir, que eles desde un principio defenderon que non debía ser nomeado responsable de urbanismo, que o problema non é solicitar agora a súa dimisión senón telo nomeado Concelleiro de Urbanismo e que a responsabilidade é de quen o nomeou. Engade que nunca houbo neste Concello ningunha disciplina urbanística, xa existía antes o problema e a chegada do Sr. Parajó non a cambiou e que xa o denunciaron antes; engade que a súa vinculación a negocios inmobiliarios eles xa o dixeron no anterior mandato, que non é ético, e que todas estas cuestións xa as esperaban cando o Sr. Alcalde o nomeou, e que vemos un enfrontamento claro entre o Sr. Parajó e o equipo de goberno e que debe facerse memoria histórica sobre os antecedentes do Sr. Parajó en anteriores mandatos, e remata sinalando que metelo en urbanismo foi como meter ó raposo a coidar o galiñeiro.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que o enimigo a batir é Parajó porque o seu voto tumba todas as mocións, e que cos problemas do PSG-PSOE teñen que meterse con él, porque é o enimigo público número un do PSG-PSOE de Teo.
Engade que o outro día lle chamou mentireiro porque todo o que di vostede é mentira, que vostedes queren que os veciños teñan as fincas para patacas, que non poidan edificar, vostede Sr. Portavoz do PSG-PSOE ven con algún empresario xunto ós técnicos a ver como vai quedar o plan próximo para ver de mercar fincas, vostede defende os muros ilegais dos seus amigos como en Pedreira e Nespereira, iso é o que defenden vostedes, a ilegalidade.
Continua sinalando que ó mellor no próximo Pleno ten que presentar unha moción para botalos como concelleiros por nefastos, e que foi un erro do xornal porque sí fago negocios inmobiliarios en Teo tamén, que eu non me escondo, e que unha señora de Luou presentou unha denuncia e esa señora que é amiga miña sentoulle mal cambiar un pouquiño que estaba mal, ese foi o gran lío que houbo, ese foi o lío que montou vostede, e que desde que leva urbanismo todo vai correctamente, vostede só fai demagoxia, non quere o plan xeral para nada pero a xente vai saber quen é o PSG-PSOE porque vou dicirllo eu.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que xa dixen que non vou contestar a ninguén máis que ó Sr. Alcalde, que o PSG-PSOE non ten inimigos públicos e que o PSG-PSOE só fai política, e a responsabilidade é do Sr. Alcalde, e por último dicirlle que a todos os veciños que nos veñen a pedir información os levan ós técnicos municipais para que lle dean a información e que o responsable é o Sr. Alcalde porque Parajó actúa por delegación da Alcaldía.
Respecto de expedientes paralizados sinala que no caso Excorrigal hai un problema urbanístico e non hai ningunha medida urbanística tomada; respecto da bolsa de auga de Umbrela os técnicos non a coñecen; no caso da Pedreira non hai ningunha intervención e a denuncia presentada polo PSG-PSOE en Fixó, que logo despois hai unha denuncia dun particular e non hai ningunha medida tomada, e que desde que tomou posesión o Concelleiro de Urbanismo non hai ningún trámite de infraccións urbanísticas que fora sancionado.
O Sr. Concelleiro Martiño Noriega sinala que o problema é o nomeamento do concelleiro como responsable de urbanismo, pero dificilmente pode relevalo por incumprimento da legalidade cousa que o Sr. Alcalde fai desde sempre; engade que ninguén tivo máis enfrontamentos a nivel político que nós pola forma de facer política e urbanismo do Alcalde e Parajó, e remata sinalando que non están polo labor de que Parajó sexa Concelleiro de Urbanismo nin Armando Alcalde.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que lle chamou mentireiro e o volve a dicir, porque dixo vostede antes que ninguén veu o informe da Xunta sobre o PXOM e iso é mentira porque se llo ensinou o Sr. Secretario o día que estivo vostede no Concello e o veu vostede incluso antes que este Concelleiro, e que non se lle dixo que non se lle dera que o que dixo este Concelleiro foi que o pediran ó Concelleiro de Urbanismo.
Engade o Sr. Concelleiro que nunca chamou ó señor de Vilar de Calo, que él si me chamou tres veces. O Sr. Concelleiro Leis Carlés pide que conste en acta o que acaba de dicir o Sr. Parajó.
Continua dicindo o Sr. Parajó que é vostede un mentireiro, que a grúa depositada alí temporalmente teñen todo o dereito do mundo a depositala e pide que se olviden del no PSG-PSOE, que eu non ando no partido pidindo ter cargos no PSG-PSOE, que eu estou a traballar polos veciños. Pregunta a Secretaría: ¿ quen aproba as taxas?; ¿ as liquidacións as fago eu?. Por Secretaría se informa que a ordenanza a aprobou o Pleno do Concello e a ordenanza é a publicada no BOP e as liquidacións fánse por Intervención.
O Sr. Alcalde sinala que non existe ningún impedimento á información sobre o plan xeral e respecto do muro de Cantoña que non sabía do tema e respecto do enfrontamento entre nós debe sabelo vostede porque nós non sabemos nada, e remata sinalando que non hai ningún motivo para destituir ó Sr. Parajó.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

15º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE PROPOSTA POLA QUE SE SOLICITA A ADQUISICIÓN DE ENTRADAS PARA QUE XÓVENES DE TEO POIDAN ASISTIR A EVENTOS DEPORTIVOS OU CULTURAIS (TEATRO, CINE, MÚSICA...) QUE SE DESENVOLVAN PREFERENTEMENTE NOS CONCELLOS LIMÍTROFES OU EN CERTOS CASOS MOI RELEVANTES NALGUNHA OUTRA LOCALIDADE GALEGA.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Educación e Cultura, do seguinte teor:
A mocidade de Teo é un dos grandes activos do noso municipio. E como tal, ha de ser a nosa aposta principal polo futuro, por un concello moderno onde as ideas de benestar, prosperidade e igualdade, equitativamente repartidas, se fagan realidade.
Por outra banda, o investimento en educación e cultura ten que ser un dos obxectivos prioritarios da acción política municipal. Obviamente estamos a falar de educación e cultura para todos, aínda que neste caso nos centremos nun dos colectivos máis desamparados e esquecidos pola política oficial do actual equipo gobernante en Teo.
Non nos podemos conformar cunha concepción do proceso educativo como algo limitado ó ensino regrado e a unhas idades concretas. Esta concepción reducionista da formación cultural é hoxe un anacronismo que, loxicamente, temos que superar e adaptar ós novos tempos que corren.
Hai exemplos recentes, e moi preto de nós (caso de Irlanda), de países pobres que a través de políticas ambiciosas centradas nun forte investimento en educación acadaron un nivel de desenvolvemento económico e de benestar social que en moi pouco tempo os puxo á cabeza

de Europa. Así, países de tradición fortemente migratoria pasaron a ser territorios de acollida de cidadáns de toda Europa, e mesmo doutras partes do mundo. Ademais, estes fluxos inmigratorios caracterízanse polo seu compoñente altamente cualificado, que redunda moi significativamente no conxunto da poboación como se pode observar no importante crecemento do PIB e da renda *per cápita.*
Cómpre, pois, que desde a institución municipal contribuïamos a impulsar políticas formativas e culturais que sirvan de reforzamento e complemento dos programas educativos regulados que son competencia, basicamente, doutras institucións.

Entre estas formas de axudar a facer da mocidade teense un colectivo de mozas e mozos emprendedores, cultos, libres e responsables, podería incluírse a de facilitar o acceso a todo tipo de espectáculos e programas artístico-culturais (cine, teatro, música...) e mesmo deportivos que se leven a cabo nos concellos limítrofes co noso. Non debemos esquecer que gozamos do privilexio da proximidade dun concello, capital de Galicia, como o de Santiago de Compostela, que dispón dunha magnífica oferta cultural, pública e privada, ó longo de todo o ano.
Por outra banda, non descubrimos nada novo ó afirmarmos, lamentablemente, que os bos produtos culturais non sempre son alcanzables polas capacidades adquisitivas da maioría da poboación e moito menos para colectivos como os dos mozos que, precisamente, non se caracterizan pola súa solvencia económica.
En definitiva, con esta moción preténdese facilitar o acceso de moitas mozas e mozos de Teo que non o poderían ter doutra maneira ós máis modernos produtos culturais, e paralelamente posibilitar que o consumo e goce dos mesmos pase a ser unha das súas prioridades vitais, e non só unicamente nos seus momentos de lecer.

ACORDO:
Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a habilitar unha partida orzamentaria destinada a adquirir entradas para que mozas e mozos teenses (seleccionados de acordo con procedementos e baremos obxectivos que habería que regulamentar) poidan asistir a certos eventos culturais que se levaran a cabo nos concellos limítrofes ou, en casos especiais, noutros concellos de Galicia.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que a moción ten como finalidade habilitar unha partida no presuposto para que xóvenes teenses poidan acceder a eventos, que o deporte é algo máis que fútbol e senón hai problemas para ir ó Deportivo e sempre van os que van, creo que non debería haber problemas para aprobar isto.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que aquí teñen que discrepar co PSG-PSOE, aínda que están de acordo co fondo da moción. Engade que non establecen prioridades nin ten en conta as repercusións presupostarias e que por iso isto cheira a certo electoralismo, que hai que ser responsable porque se poden pidir moitas cousas, pero hai que ser consciente da situación do Concello e que por un exercicio da responsabilidade non poden estar de acordo, porque hai que facer unha política de iniciativas para que os rapaces vaian a actividades culturais.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que é inviable totalmente e que os carnés do Deportivo pode levalos calquera, pero hai que pedilos, que eu son socio e que o ano pasado foron moitos rapaces á Coruña a ver partidos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que espera que se transcriba ben a súa exposición.

O Sr. Alcalde sinala que se está traballar cos xóvenes moi ben desde o Concello, e que os carnés os pode levar calquera membro da Corporación e que respeta ós que lle guste o fútbol.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 4, do grupo municipal do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións: 4, do grupo muncipal do BNG (4).
Queda rexeitada a moción.

16º) MOCIÓN DO PSG-PSOE PARA A IMPLANTACIÓN DA CITA PREVIA NO CENTRO DE SAÚDE DE CACHEIRAS.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Sociais e Sanidade, do seguinte teor:
O Centro de Saúde de Cacheiras presenta unha eiva importante no terreo administrativo que repercute moi negativamente no servizo que presta ós seus usuarios: a inexistencia de cita previa. Isto, ademais, provoca unha situación de discriminación dentro do propio ámbito municipal, xa que os usuarios doutros centros sanitario do Concello de Teo si dispoñen deste servizo.
Este é un problema que foi obxecto de preocupación reiterada, tanto polos directamente afectados, a AA.VV. "San Simón de Ons", o persoal sanitario do centro e as forzas políticas da oposición. Todas as iniciativas formuladas foron infrutuosas: hoxe o centro segue adoecendo deste atranco que, naturalmente, provoca fondo malestar entre os cidadáns, e mesmo entre os propios profesionais sanitarios que, ademais de ser testemuñas dos quebrantos que ocasionan ós seus pacientes, este fenómeno afecta loxicamente ó desempeño das súas propias funcións.
A negativa sistemática das autoridades sanitarias do goberno anterior da Xunta de Galicia e a pouca eficacia ou desinterese amosado polos mandatarios municipais teenses son os factores que explican obxectivamente esta grave situación.
Cómpre salientar que entre os meses de maio e xuño de 2004 os socialistas de Teo recollemos máis de 600 sinaturas de veciños/as afectados nas que se pedía ó xerente de Atención Primaria da Área Sanitaria de Santiago, literalmente:
1. "O establecemento do sistema de cita previa para as consultas e demais servizos sanitarios neste Centro de Saúde e a conseguinte dotación dos recursos humanos e materiais necesarios para o seu óptimo funcionamento.
2. A realización efectiva neste Centro de Saúde, durante os períodos vacacionais do Servizo de Pediatría, a través das correspondentes substitución do pediatra titular e do restante persoal sanitario relacionado con esta especialidade".

Incomprensiblemente, ningunha das cuestións formuladas foi atendida satisfactoriamente.
A construción dun novo Centro de Saúde na Ramallosa seguramente solucionará definitivamente este atranco que sofren os cidadáns usuarios do centro sanitario de Cacheiras. En todo caso, estamos a falar dunha solución a medio prazo, é dicir, hai que agardar a que se constrúa o novo edificio e que se poña en funcionamento. Namentres os veciños e veciñas da zona en cuestión seguirán afectados por este problema na súa atención sanitaria.
Cómpre, pois, que desde o goberno municipal, e desde a Corporación de Teo, do mesmo xeito que fixeron outros concellos da redonda (Touro, O Pino, etc.), se adopten as medidas

oportunas para solucionar o problema, polo menos namentres non entre en funcionamento o novo Centro de Saúde da Ramallosa.

ACORDO:
Instar ó alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a que, coa maior axilidade posible tome a decisión de destinar persoal contratado polo Concello dentro do Plan Labora para encargarse do servizo de cita previa no Centro de Saúde de Cacheiras.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non é unha idea súa orixinal, que foi sacada dos medios de comunicación sobre o que se fixo noutros concellos e que lles pareceu moi boa idea; engade que xa se sabe que isto debe tramitalo a Xunta e adiántolle que o PSG-PSOE xa ten solicitada entrevista para solucionar isto e que pode facerse a través do Programa Labora como en O Pino e Touro, polo menos mentras non se solucione o problema pola consellería, e pode facerse con carácter transitorio e a tempo parcial, e non tería moito custe, e deste xeito eliminar un probelam que xenera disputas entre os veciños.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que adiantan o seu voto a favor, pero sempre con moitos peros respecto das iniciativas sanitarias presentadas polo Sr. Jano, que en moitos casos é polo descoñecemento que ten da asistencia primaria; engade que para nós a solución é a creación dun novo centro de saude con PSX e que non lle parece correcto que o Concello teña que contratar isto, que o Concello o que ten que facer é poñer a disposición os terreos para un novo centro de saúde, engadindo que un centro de saúde ten un traballo grandísimo e un labora a tempo parcial non faría nada, falar diso sería unha irrealidade e remata sinalando que non van poñer trabas para que vaia adiante a moción.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que cando fala alguén non persoalice as propostas, que as propostas son do grupo municipal, pese ó interés dalguén en persoalizar.
Engade que para saber de política sanitaria non hai que ser médico e nós documentámonos e que nós apostamos por un gran centro de saúde en Ramallosa fronte á postura do BNG de creación dun centro en Montouto, e remata sinalando que a súa é unha postura constructiva para tentar eliminar un problema.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que é kafkiano que debatan os grupos que van votar a favor e máis kafkiano aínda que o grupo de goberno non diga nada; engade que está farto de que en temas sanitarios se lle terxiverse, así vólvese a sacar o de Montouto, que eles dicían o que en principio estaba no convenio, que nós imos votar a favor, que non se pode liar todo.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que non interfiran vostedes señores do PSG-PSOE o traballo do equipo de goberno, non queiran ser máis papistas que o Papa, engade que nós estamos a facer xestións con Sanidade para que se poña a cita previa e para que o Sintrón se faga en Teo, que se fai e xa está, que non hai que armar follón.
O Sr. Alcalde sinala que a cita previa é cousa do Sergas, non do Concello, e por iso votan en contra.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 8, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

17º) MOCIÓN DO PSG-PSOE REFERENTE Á SOLICITUDE DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN DE OBRAS E SERVIZOS.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
No pasado Pleno ordinario celebrado o 26 de xullo dos correntes, o Grupo Municipal Socialista presentou unha moción na que se solicitaba que "o alcalde Armando Blanco e o seu grupo de goberno aclaren o ocorrido sobre das obras de saneamento e abastecemento supostamente realizadas na Casalonga dentro do POS 2002" e se procedese á "creación dunha Comisión de Investigación encargada de analizar os feitos e de depurar as responsabilidades a que houbera lugar".
Na devandita sesión o alcalde non foi capaz de dar explicacións solventes sobre o que se lle demandaba e limitouse a ler un escrito asinado polo "enxeñeiro de camiños, autor do proxecto e director das obras", don Gilberto Rodríguez Rodríguez, que entre outras afirmacións contén as seguintes:
1. "Que as obras correspondentes ó proxecto "Saneamento e abastecemento en Casalonga" consistiron basicamente na instalación de 100 metros de tubeira de saneamento e 550 metros de tubeira de abastecemento (…)
2. Que o orzamento do proxecto unicamente contemple a instalación de 100 metros de tubeira da rede de sumidoiros, é dicir, tan só unha pequena parte do trazado que incluía a instalación das redes de abastecemento e saneamento, mentres que na maior parte do mesmo (225 metros por cada marxe), proxectouse unicamente a rede de abastecemento.
Os 100 metros de rede de sumidoiro instaláronse nas proximidades da ponte de Osebe, conectándose co colector que discorre ó longo do río Tinto. En ningún caso contempla o proxecto que a rede de saneamento cruce a vía do ferrocarril (…)".

Destas verbas parece deducirse que hai unha confusión entre o proxecto auténtico da Casalonga (chamado no expediente "Saneamento y abastecimiento de Osebe y Villaverde") e o auténtico de Osebe (expediente titulado inadecuadamente "Saneamiento y abastecimiento en Casalonga") ou ben de que non estamos a falar do mesmo proxecto (non hai 225 m de lonxitude entre a ponte de Osebe e a vía; non se estendeu a rede de abastecemento polas dúas marxes...), etc. Por outra banda hai inexactitudes nas medidas porque se fala de 225 metros por cada marxe no abastecemento e antes dicíase que se instalaron 550 metros de tubeira de abastecemento (225 metros x 2 = 450 metros).
En definitiva, non se nos contestou en absoluto, ou máis ben, introducíronse novos elementos de confusión, polo que a sospeita, a dúbida da irregularidade permanece e planea sobre a xestión do alcalde Armando Blanco e o seu grupo de goberno. A negativa a crear a Comisión de Investigación acrecenta as dúbidas e pon en sospeita, aínda máis se cabe, a actuación dos mandatarios teenses implicados.
O Grupo Socialista demostrou con documentación gráfica e escrita que o saneamento desta zona de Osebe (non da de Casalonga) xa estaba feito desde o ano 2000, polo que era imposible que o Concello de Teo "repetira" esta obra.
Despois do Pleno o concelleiro Antonio Castroagudín, contradicindo en parte ó alcalde recoñeceu que, efectivamente, o saneamento xa estaba feito e que o que se denominaba "Proxecto de saneamento e abastecemento da Casalonga" deberá chamarse simplemente "Proxecto de abastecemento". Sustentaba a súa afirmación no feito de que era un problema de confusión no título e que na memoria podiamos comprobar que o proxecto se refería "exclusivamente ó abastecemento".

ACORDO:
Diante das contradicións entre o afirmado polo alcalde e a realidade, entre o mesmamente afirmado polo enxeñeiro director da obra e entre o que manifesta o Sr. Castroagudín e o director das obras e o alcalde, no ánimo de despexar todas as dúbidas, de que a verdade se esclareza, e de restituír a confianza dos cidadáns na palabra do Sr. Alcalde (segundo o texto lido no Pleno), así como de verificar as afirmación ó respecto do Sr. Castroagudín, o Grupo Municipal Socialista solicita a convocatoria da Comisión de Obras para que o Sr. Castroagudín poida expresar oficialmente a súa opinión sobre a cuestión, na súa condición de concelleiro principal coñecedor do desenvolvemento e execución do devandito proxeto.

Debate:
Neste punto auséntanse durante o debate os concelleiros Noriega Sánchez, Iglesias Villar e Diéguez González.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que debe existir un erro porque os veciños presentan facturas de pago e o Concello di que o fixeron eles e outro erro máis debe ser que as tapas son de Espina e Delfín e o Concello di que a fixeron eles.
A conclusión clara que sacan do informe do enxeñeiro e que hai confusión do proxecto, pregunta, ¿fixeron ou non fixeron desde a Ponte de Osebe ata a vía do ferrocarril o saneamento?, engadindo que si se cobrou e non se fixo podería heber delito.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que o BNG está disposto a aprobar calquera cousa que se propoña claramente e se diga claramente, que a clave é determinar se houbo un mal uso dos fondos públicos, que isto debe clarexarse dunha vez, que eles argumentan que hai unha mala interpretación dos lugares, que se poñan as cousas encima da mesa e se clarexen.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que non coñecen os límites das aldeas, a parte diso que lle estrana que despois das aclaracións do Sr. Castroagudín despois se lle diga que é para meterse con eles e que hai testemuñas diso.
O Sr. Alcalde sinala que está suficientemente explicado todo isto, que lles leu o informe do técnico e que non comprende se é que non entenden o galego ou o castelán, que vostedes queren darlle a volta a todo e remata sinalando que xa se leu non Pleno anterior o informe do enxeñeiro e por iso van votar en contra.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 5, dos grupos municipais do BNG (1) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:3, dos concelleiros Noriega Sánchez, Iglesias Villar e Diéguez González ó abeiro do disposto no art. 100 do ROF.
Queda rexeitada a moción.

18º) MOCIÓN DO PSG-PSOE POLA QUE SE SOLICITA A BUSCA DE SOLUCIÓNS PARA A RETIRADA E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS ABANDOADOS.

Incorpóranse ó Pleno os concelleiros Noriega Sánchez, Iglesias Villar e Diéguez González.
Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
Un fenómeno que está a xurdir no Concello de Teo e que garda relación directa co desenvolvemento urbano do municipio e coa aplicación da nova normativa legal existente ó

respecto, é o da retirada de vehículos abandonados e o posterior depósito nuns terreos ou dependencias que cumpran os requisitos de idoneidade e legalidade.
Hoxe comezan a ser frecuentes as denuncias de cidadáns que observan a existencia prolongada de coches e outro tipo de vehículos abandonados nas rúas ou en lugares públicos. A Policía Local séntese desbordada e impotente para atender cumpridamente as demandas de retirada destes vehículos da vía pública, precisamente porque carecen de lugar onde depositalos. Obviamente, o Concello de Teo está obrigado a prestar este servizo respectando escrupulosamente os procedementos e as disposicións legais vixentes, para o que se fai imprescindible buscar algún tipo de fórmula que permita, por unha banda, previr estes comportamentos incívicos, e no caso de materializarse obrar en consecuencia e proceder á retirada dos vehículos co fin de facer respectar a legalidade e satisfacer as xustas demandas dos veciños/as que se ven prexudicados por este tipo de feitos.
Non estamos só diante de problemas puramente estéticos, senón que debemos de afrontar o problema desde a súa perspectiva ambiental e de salubridade pública.

ACORDO:
O Grupo Municipal Socialista insta ó alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a que coa maior prontitude posible busque solucións efectivas e definitivas para este problema, comezando polas medidas de carácter preventivo, informativo e de concienciación cívica.
En canto ó proceso de retirada e depósito de vehículos caben varias fórmulas, entre as que propoñemos as seguintes:

1. Mancomunar este servizo de retirada e depósito, é dicir, procurar solucións concertadas cos restantes municipios que forman parte da Mancomunidade da Comarca de Compostela.
2. Realizar un convenio para o servizo de recollida e depósito con algunha empresa do contorno que teña autorización legal para a almacenaxe destes “residuos sólidos”.
3. Habilitar uns terreos ou dependencias propias para destinalos a este servizo, previa homologación legal e obtención dos permisos oficiais e demais requisitos establecidos ó efecto.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que é un problema en principio novo motivado polo proceso de urbanización do Concello, que nun primeiro momento levouse a un lugar inadecuado e a propia Policía Local é insuficiente para levalos alí, porque non entran máis, e por isto propoñen unha serie de posibilidades.
Auséntanse do Pleno os concelleiros Noriega Sánchez e Diéguez González.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que están absolutamente de acordo coa moción e que é responsabilidade do grupo de goberno darlle unha solución.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 6, dos grupos municipais do BNG (2) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:2, dos concelleiros Noriega Sánchez e Diéguez González ó abeiro do disposto no art. 100 do ROF.
Queda rexeitada a moción.

19º) MOCIÓN DO PSG-PSOE POLA QUE SE SOLICITA A APERTURA DUN CAMIÑO E OUTRAS ACTUACIÓNS NA ZONA DE A XESTA.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
O Grupo Municipal Socialista ven de constatar, diante da denuncia dalgúns veciños/as da Xesta (Calo), unha serie de problemas que afectan a esta zona.
Ó parecer, hai algúns anos fixéronse unhas obras para arranxar a fonte da Xesta. O resultado final non foi o máis axeitado, xa que ademais de que non foron utilizados os materiais orixinais, hoxe a fonte presenta un acceso enormemente complicado.
Por outra banda, no tramo final do camiño que pasa por diante da devandita fonte (no lugar da Pereira, na desembocadura deste camiño na estrada que vai a Mazas) xorde un problema que require urxente solución: o actual trazado deste camiño neste lugar non responde ó que se observa no plano da Concentración Parcelaria desta zona (polígono 7), pois na actualidade este camiño transcorre a través da finca núm. 879, cando no devandito plano da concentración contémplase un trazado alternativo, feito que xa foi denunciado polo propietario do citado predio diante do Concello de Teo (escrito de data 3 de maio de 2004), sen recibir, polo momento, ningún tipo de resposta polas autoridades competentes.
Este feito provoca importantes trastornos e prexuízos, non só para a persoa propietaria dos terreos, senón para os veciños/as da zona que fan uso frecuente do mesmo.

ACORDO:
O Grupo Municipal Socialista de Teo insta ó alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a:
1. Verificar fidedigna e documentalmente o anteriormente exposto.
2. Reparar de forma satisfactoria a fonte da Xesta.
3. Facer cumprir de contado o recollido nos documentos de Concentración Parcelaria, respecto do camiño antes sinalado e, polo tanto, ordenar e executar a apertura da devandita vía no lugar da Pereira (A Xesta) de acordo co disposto nos mencionados planos da concentración.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que non se pode meter a cabeza debaixo do ala e deixar que as cousas pasen.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que esta moción é un exemplo de como se fai oposición; engade que ten problemas de conciencia cando ven unha moción como esta e que non sabe si se pretende solucionar un problema ou crealo. Continúa dicindo que respecto deste problema foron dándose pasos e que as estacas non naceron alí por xeneración espontánea, que logrouse xuntar alí ó perito para sinalizar porque alguén quería solucionar o problema e que cren que hai mecanismos de colaboración para intentar solucionar os problemas dos veciños e que a pesar do traballo que levan feito non van darlle o gusto de votar en contra, pero tamén deixar patente que isto non é forma de solucionar as cousas.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que está de acordo co dito polo Sr. Sisto Edreira, engadindo que se presentan mocións por presentar, para poñer nos panfletos, e que xe fixeron xestións pero claro, o de sempre, moción ó canto.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que o PSG-PSOE non sabía que o BNG, o Sr. Parajó e outros concelleiros estaban levando isto, engadindo que as mocións non son banais, todas teñen un fín común e que xa non sabe en que posición están porque lles ataca todo o mundo.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que de dezanove mocións abstiveronse nunha, que para o grupo do BNG presentar tal cantidade de mocións é banalizar pero ninguén lles nega a lexitimidade de presentar tantas mocións, que si se trata unha moción na que pode existir despilfarro de cartos públicos con outra referente a unha cuestión particular, unha se banaliza.
Abandoa neste intre o salón o Sr. Concelleiro Rego Jorge.
Engade o Sr. Concelleiro que non creo que teñamos que publicitar que estabamos tratando este tema e o certo é que os pasos se foron dando e está claro que non é tema para unha moción nun Pleno municipal.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que se vai clarexando a situación e ó mellor plantéxase menos tempo para defender as mocións.
O Sr. Alcalde sinala que sempre chegan tarde, que onde ven un veciño alí van para presentar unha moción, que isto debe ser un rogo non unha moción, que se trata de saír nos medios de comunicación dicindo que se presentan vinte ou trinta mocións.
Remata o Sr. Alcalde sinalando que se vostede chama e pregunta, se lle informa, pero vostedes non, moción adiante.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 7, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:1, do concelleiro Rego Jorge ó abeiro do disposto no art. 100 do ROF.
Queda rexeitada a moción.

20º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE ERRADICACIÓN E PREVENCIÓN DE VERTEDOIROS INCONTROLADOS.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
Nos últimos tempos vense observando unha proliferación de vertedoiros incontrolados espallados por diversos lugares da xeografía do Concello de Teo. Nuns casos trátase de depósitos de materiais de construción procedentes de obras derrubadas, e noutros de acumulación de lixo de todo tipo en puntos que, en principio, están acoutados como zonas de recollida de grandes instrumentos e voluminosos.
Polo menos, o Grupo Municipal Socialista ten detectado nas últimas semanas tres novos puntos: en Texexe (Calo), en Regoufe (Luou) e o máis rechamante, o situado na rotonda dos Verxeles, na estrada que vai a Oza. Este último é un auténtico escándalo: trátase dun punto de recollida de grandes aparellos e voluminosos que pouco a pouco estase a converter nunha auténtica esterqueira, con produtos de todo tipo que progresivamente van ocupando unha cada vez maior extensión do terreo. E o máis grave: está a medrar á vista de todo o mundo nunha parcela de propiedade comunal.
Namentres isto ocorre o grupo de goberno do Concello de Teo permanece atrincheirado no pazo municipal e non dá síntomas de reacción diante deste grave problema que volve a rexurdir e a tomar corpo, e mesmo a intensificarse nos últimos tempos diante da desidia e pasividade do grupo de goberno. O fenómeno está aí, prodúcese de maneira reiterada e os mandatarios teenses amósanse impotentes na busca de remedios ou nin sequera se molestan en solucionalo.
Estimamos que diante deste rebrote do fenómeno cómpre, entre outras cuestións, revisar a política de recollida de voluminosos e grandes instrumentos (o punto de recollida de Fixó

produce efectos moi parecidos ó dos Verxeles) e deseñar outros modelos para este tipo de materiais, adoptar políticas preventivas a través da concienciación cidadán, incrementar os labores de vixía e en última instancia proceder con enerxía e contundencia contra os infractores. Cómpre subliñar que a veciñanza das zonas afectadas son testemuñas de como moitos destes vertidos de materiais de construción e de depósitos de lixo teñen lugar en pleno día e na máis absoluta das impunidades.
Estase a ocasionar un grave problema ambiental e un atentado contra o noso patrimonio paisaxístico que non podemos tolerar. E o máis grave, estase a dar un malísimo exemplo ás novas xeracións que comezan a ver estes feitos con toda normalidade, como un "elemento máis" do noso contorno natural.

ACORDO:
O Grupo Municipal Socialista esíxelle ó alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno que tome a iniciativa xa, e poña os medios para atallar o problema canto antes, xa que de se manter esta actitude, aparentemente permisiva e tolerante, podería converterse no futuro inmediato nun asunto de difícil solución. Para iso suxerimos, como mínimo, as seguintes propostas:
1. Eliminación inmediata dos actuais emprazamentos dos puntos de recollida de grandes instrumentos e voluminosos existentes na rotonda dos Verxeles e Fixó e a súa substitución por outros que reúnan as seguintes condicións:
− Ser fincas de titularidade municipal
− Estar debidamente acondicionadas para recoller estes residuos
2. Unha vez fixados os novos emprazamentos cómpre elaborar un novo Plan de recollida para este tipo de residuos que, entre outra cuestións, ha de contemplar, como mínimo, un incremento na frecuencia de recollida ata, como mínimo, de dúas veces ó mes.
3. Concertar con outras institucións (Xunta, Deputación, Mancomunidade, colaboración intermunicipal, etc.) plans de recollida dos diversos materiais de cuxo contido (e de xeito didáctico) informarase ó por menor á cidadanía.
4. Levar a cabo campañas informativas de sensibilización cidadán que se iniciarían coa publicación dun bando da Alcaldía.
5. Organizar campañas de concienciación entre os escolares (distribución de folletos ou unidades didácticas, charlas, obradoiros, xornadas conmemorativas e de acción, debates con grupos ecoloxistas e conservacionistas, profesionais diversos...) e campañas de mobilización de voluntarios para levar a cabo accións puntuais de localización e eliminación de vertedoiros.
6. Intensificar os labores de vixía, e no caso de identificación de infractores reincidente aplicar sancións exemplares.
7. Posta en marcha, canto antes, do Punto Limpo previsto.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que a política do PSG-PSOE a determina o PSG-PSOE, non vostedes dicindo o que pode ser ou non obxecto de moción.
Sinala que todas as mocións pretenden axudar ó goberno a gobernar e que para eles as mocións son para vehiculizar problemas dos cidadáns para que vostedes gobernen solucionando os problemas dos veciños, que sempre pretendemos o bo goberno do grupo muncipal e que non van a acabar con nós.
Continua sinalando que nos últimos tempos advirten que hai unha xeneración nova de vertedoiros incontrolados e que o que denuncian aquí na moción e para o mellor goberno de vostedes, para solucionar os problemas dos veciños; engade que a recollida de voluminosos

foi mala e por iso hai que buscarlle algún tipo de resposta, que nós plantaxabamos diversas propostas e que ata se pode solucionar vía xóvenes voluntarios e ise é o sentido constructivo da nosa moción, como todas as que presentamos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que están totalmente de acordo coa moción, e que temos un problema coa recollida de voluminosos porque a xente non fai uso dos puntos como se indica e elo xenera problemas para o resto de veciños, que hai que buscar unha alternativa e está claro que non temos capacidade para controlar isto, que estamos polo labor de solucionar este problema que pode ser incluso de saúde pública e un día imos ter un susto por non telo solucionado.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que recoñece que isto é un problema e sabemos que polo Sr. Cea se está a facer un traballo importante para solucionar todo isto, que sabemos do problema que hai nos Verxeles, dunha señora que bota alí e remata sinalando que onte limpouse o de Carballal e hoxe xa está cheo de lixo.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que descoñecen a resposta do PP respecto desta moción e que a do Sr. Alcalde máis ou menos a coñecen.
O Sr. Alcalde sinala que é un problema ó que pouco a pouco se lle vai dando solución.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 7, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

21º) MOCIÓN DO BNG SOBRE IRREGULARIDADES NO FUNCIONAMENTO DA PÁXINA WEB DO CONCELLO.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal, do seguinte teor:
Estando de acordo no fondo da iniciativa presentada por outro grupo da oposición en canto ó elevado prezo do mantemento da páxina web municipal e as poucas prestacións que esta dá á cidadanía (incluídos erros de bulto importantes en informacións varias (exemplo: nomes e lugares das distintas partes do termo municipal), o grupo do BNG ven de comprobar nos últimos tempos como se teñen producido cambios no funcionamento da páxina, que van en detrimento dos servizos que esta presta á cidadanía.
Desde o inicio a páxina tiña un apartado de consultas para temas de servizos sociais (axudas ó fogar, prazos de gardarías, etc.) que eran respondidas no departamento correspondente. Desde fai tempo, e sen previo aviso, este apartado foi redireccionado para que as preguntas non cheguen a Servizos Sociais e cheguen directamente á Alcaldía.
Con esta actitude, Armando pon en escena o que ven sendo o seu *modus operandi*, mais esta vez valéndose das novas tecnoloxías. Pretende personificar as respostas a temas sensibles sobre cuestións sociais, vendendo dereitos como favores con falsos paternalismos.
Con estas decisións, a Alcaldía priva á cidadanía de contar con axuda especializada para responder as dúbidas e practica un exercicio de ciber-caciquismo en pleno século XXI.

O Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:
1. A Alcaldía deberá dar explicacións ó Pleno de cales foron os motivos para tomar este tipo de decisións, que ademais non foron comunicadas ó Departamento de Servizos Sociais.

2. O Alcalde debe favorecer que as preguntas sobre temas específicos sexan respondidas por persoal competente devolvendo ós enderezos de consulta da páxina web o seu carácter inicial.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que é un tema que se xunta á moción anterior do PSG-PSOE; que aquí se denuncia que moitas das preguntas que se facían a distintos departamentos do Concello foron redireccionadas e non chegaron ós seus destinatarios e tiveron máis de 1.000 preguntas non respostadas.
Engade que incluso poden asumir que fora por un erro informático, pero pensa que é unha maniobra creada pola propia Alcaldía como se di na moción; que as preguntas non chegaron ós seus destinatarios e se coñecemos os problemas que tivo vostede con Servizos Sociais pode levarmos a pensar que foi vostede o responsable.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que como non van ter a resposta do Sr. Alcalde van apoiala, porque están na oposición e mentras vexamos carencias do grupo de goberno a apoiarán e en segundo lugar que respectan a presentación de calquera moción e en terceiro lugar porque contribue ó bo goberno.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que non está polo labor de entrar en debate co PSG-PSOE, que cada un debe ser responsable do seu traballo, que o BNG o que fai é priorizar problemas e tentar solucionalos, que non se pode dicir que se rexeitan as mocións para cabrear despois á cidadanía e remata sinalando que esta forma de actuar vai hipotecar un futuro goberno e que sei que ó PSG-PSOE lle vai moi ben con esta forma de facer política.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que lamenta que o BNG dedicara os tres minutos a debatir co PSG-PSOE e non co goberno, que cren honestamente que esta moción e constructiva e non está posta para poñer en entredito ó goberno municipal, aínda que por suposto que hai unha crítica, só faltaría iso.
O Sr. Alcalde sinala que hai pouco tempo chegaron queixas dos veciños de que non había respostas ás cousas, investiguei e viuse que había moitas sen contestar e decidín que desde a Alcaldía se abran directamente e se envien ós distintos departamentos.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 7, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

22º) MOCIÓN DO BNG PARA EFECTIVIZAR A CONCESIÓN DE LICENZAS DE VADO ÓS PARTICULARES.

Abandoa o salón de plenos o Sr. Concelleiro Iglesias Villar.
Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo, do seguinte teor:
Durante os últimos tempos o Grupo Municipal do BNG ven de recoller as diversas queixas veciñais circunscritas ó proceso de concesión de licenzas de vado no termo municipal do Concello, especialmente na zona urbana.
A maior parte das queixas céntranse no descoñecemento de cales deben ser os pasos a dar para poder optar ás devanditas licenzas. Isto leva a que moitos lugares (especialmente urbanizacións) onde cómpre este tipo de licenzas para garantir zonas de libre paso (garaxes,

negocios) sufran a cotío o inconveniente de non contar coa prohibición municipal de estacionamento regulada pola devandita taxa, producíndose todos os días disputas veciñais por este tema.
Informados nas dependencias municipais, este grupo municipal comprobou que, se ben é factible solicitar a concesión do permiso (vía Policía Local e posterior concesión pola Comisión de Goberno en base a un regulamento e a unhas taxas) o Concello non pode garantir o cumprimento da devandita prohibición de estacionar ó non contar con servizo de guindastre municipal e depósito de vehículos.
En certa medida, o Concello fai deixamento de funcións en caso de incumprimento da licenza en cuestión cobrando por un servizo que posteriormente non pode prestar.
Isto ven sendo "unha máis" na mala planificación de servizos na que o grupo de goberno foi responsable no momento do medre urbanístico. Aplicouse a máxima do Alcalde de ti construe e logo xa virán os servizos en vez de facelo dun xeito totalmente diferente anticipando os servizos ó medre urbanístico.

Polo tanto, o Grupo Municipal do BNG de Teo propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:
1. O Alcalde publicará un bando municipal informando de cales son os requisitos para a concesión de licenzas de vado.
2. O goberno municipal estudará a viabilidade económica de contar dun xeito individual, ou ben no marco da mancomunidade cun guindastre e cun depósito municipal para facer efectivo o incumprimento perante este tipo de licenzas, debendo presentar unha proposta a este Pleno municipal nun prazo inferior a un ano.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que este é un problema xunto co dos vertedoiros incontrolados, que non se poden efectivizar as licenzas de vado o que está a xenerar problemas de convivencia entre os veciños, piden que se poidan explorar vías coa Mancomunidade para tentar solucionar o problema, e remata sinalando que sabe que están de acordo todos aínda que vai ser rexeitada.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non prexulguen vostedes as decisións dos cidadáns e en segundo lugar que aquí o grupo de goberno ten un esquema bastante infantil sobre o que é a oposición, que están abertos sempre ó diálogo cun límite: a inmoralidade e a indecencia política.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que cando se fala de inmoralidade e indecencia política debe mirarse primeiro o hombreiro.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que falando dos vados, estamos dispostos a ampliar o prazo para que o Sr. Alcalde tente solucionar este problema, que un día vai rematar nun problema serio.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que están de acordo coa moción.
O Sr. Alcalde sinala que a aprobarán si se introduce a seguinte emenda: eliminar a referencia do prazo dun ano e introducir nun prazo razoable de tempo, que se admite.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción coa emenda dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 15, dos grupos municipais do PP(8), do BNG(3), do PSG-PSOE(3) e Mixto (1).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.

Queda aprobada a moción coa emenda por unanimidade dos 15 membros presentes, quedando o acordo:

1. O Alcalde publicará un bando municipal informando de cales son os requisitos para a concesión de licenzas de vado.
2. O goberno municipal estudará a viabilidade económica de contar dun xeito individual, ou ben no marco da mancomunidade cun guindastre e cun depósito municipal para facer efectivo o incumprimento perante este tipo de licenzas, debendo presentar unha proposta a este Pleno municipal nun prazo razoable de tempo.

23º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A CONTRATACIÓN DAS CUADRILLAS DE INCENDIOS NOS ANOS 2002, 2003, 2004 E 2005.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal, do seguinte teor:
1. En xaneiro de 2005, despois de algunhas denuncias persoais de veciños que nos mostraron o seu malestar, o BNG de Teo solicitou "a consulta do expediente de contratación do persoal das cuadrillas de incendios dos anos 2002, 2003 e 2004, incluíndo a documentación relacionada cos procesos de convocatoria e selección, e os acordos da Comisión de Goberno ou da Alcaldía referidos a este tema".
2. A documentación achegada polo Concello redúcese aos convenios coa Deputación e a Consellería de Medio Ambiente, xunto cunha relación das persoas que forman as cuadrillas. A unha pregunta realizada posteriormente nun Pleno por un concelleiro do BNG, non achegou maior información, polo que entendemos que non existiu ningún proceso de contratación máis que a exposición pública da lista das persoas contratadas.
3. Estudando o proceso no ano 2004 (nada hai distinto en outros anos) recóllese o convenio coa Deputación para a contratación dunha cuadrilla dun mínimo de cinco membros, 2 meses e medio, por un custo de 7525 euros, dos que a Deputación paga 3010 euros por mes.
O convenio non fixa condicións de contratación, xa que no punto 3 estipula "a súa contratación, operatividade e responsabilidade de contratación corresponde ó Concello".
4. O convenio coa Consellería de Medio Ambiente é similar, se ben a 2ª cláusula recolle que "procurarase que os compoñentes teñan experiencia nas tarefas de prevención e defensa contra incendios e unha capacidade física axeitada".
O persoal dependerá xurídica e organicamente do Concello. A Consellaría participa achegando un total de 35.206 euros.
5. Con todo, o convenio coa Consellería sinala no Anexo II que o persoal debe estar entre os 18 e 60 anos, ter experiencia previa e inclúe as recomendacións CTN ICONA / CCAA núm. 1/1993, aprobadas pola Comisión o 17 de marzo de 1993, propoñendo incluso un tipo de proba de selección.
6. As denuncias recibidas fannos sospeitar que nunca existiu unha proba selectiva nin, por exemplo, unha valoración de méritos como a experiencia (que supostamente si se valoraba).
7. O último documento do expediente é un informe remitido á Concellería no que se afirma que, con data 07/06/2004, o Concello asinou un convenio coa Consellería, par a unha cuadrilla entre o 17/06/2004 e o 01/09/2004, e para unha segunda cuadrilla entre o 22/07/2004 e o 21/09/2004. Engádese "tras os trámites pertinentes realizouse a contratación dunha cuadrilla". Asínase o 4 de outubro de 2004.
8. A Lei 30/1984 de medidas para a reforma da función pública, coas correspondentes modificacións, establece no seu artigo 19:

1. As Administracións Públicas seleccionan o seu persoal, xa sexa funcionario, xa laboral, de acordo coa súa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre, nos que re garantan en todo caso os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.
Os procedementos de selección coidarán especialmente a conexión entre o tipo de probas a superar e a adecuación ós postos de traballo que se vaian desempeñar, incluíndo, a tal efecto, as probas prácticas que sexan precisas.

En consecuencia o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:
1. Demandar da Alcaldía unha explicación detallada do proceso utilizado para a contratación das cuadrillas de incendios nos últimos anos, aclarando:
a. O tipo de publicidade da convocatoria pública realizada cada ano (2002, 2003, 2004 e 2005) e prazos de presentación de solicitudes.
b. As bases de cada unha das convocatorias, coa relación de méritos e criterios de puntuación para cada un dos aspectos demandados.
c. O número de persoas presentadas a cada un dos procesos.
d. A composición do tribunal (se existise) ou persoa responsable da selección do persoal.
e. Resolucións motivadas de cada unha das convocatorias coa puntuación outorgada a cada persoa e a cada un dos méritos.
2. Demandar da Alcaldía e dos responsables do proceso, se fose o caso, as responsabilidades políticas ás que houbera lugar.
3. Acordar, a partir deste momento, a utilización de procesos de contratación do persoal das cuadrillas de incendios que garantan a publicidade da convocatoria, a transparencia do proceso, a exacta determinación da puntuación de cada un dos requisitos demandados (por exemplo, a experiencia), e a valoración obxectiva dos méritos dos e das participantes.

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que evidentemente saben que os mecanismos de contratación cambiaron este ano, pero que tampouco o feito de non ter persoal en anos anteriores fai que a responsabilidade sexa colectiva, porque non o é, é do equipo de goberno, porque o BNG foi o que sempre solicitou que se cubrisen as prazas mediante convocatorias públicas.
Engade que nos convenios coa Xunta se di que a responsabilidade da contratación é municipal e que debe existir unha forma de contratación determinada, valorando a experiencia e incluso facendo probas físicas e remata sinalando que ou os expedientes están incompletos ou nos anos 2000 a 2004 non se fixo, por iso solicitan unha aclaración.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que están de acordo coa moción.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que espera que o Sr. Alcalde lle conteste ós apartados da moción.
O Sr. Alcalde sinala que estarían de acordo co punto terceiro da moción, non con o resto, e engade que aquí se fixeron as contratacións polo persoal do Concello e pensa que están ben.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 6, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra:9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.

Queda rexeitada a moción.

24º) MOCIÓN DO BNG SOBRE DEFICIENCIAS DO CONVENIO ASINADO COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA A RECUPERACIÓN DO VERTEDOIRO.

Dada conta da moción dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
A Xunta de Goberno Local aprobou o 14 de xuño de 2004 a sinatura dun convenio coa Consellería de Medio Ambiente para a recuperación do vertedoiro de RSU e a creación dun punto limpo no lugar da Lagoa, entre Recesende e Luou. Este convenio, asinado posteriormente coa Consellería, supuña un investimento de 200.073,60 euros para "a recuperación do vertedoiro de RSU" (215.000 euros ó incluírse a creación dun punto limpo).
Vexamos algúns datos comparativos que chaman a atención:

Vertedoiro clausurado	Poboación do concello	Área do vertedoiro	Volume dos residuos m^3)	Custo total da clausura
Padrón	9070 hab.	6930 m^2	15560 m^3	389 899,23 €
Ordes	12287 hab.	2010 m^2	4020 m^3	384 392,54 €
Val do Dubra	4642 hab.	5800 m^2	12900 m^3	303 071,08 €
Teo	16428 hab.	10143 m^2	21530,5 m^3	200 073,60 (2ª F) + 13 211 (1ª F) = 213 284,6 €

A conclusión é obvia: algo pasa. O vertedoiro que servía á maior poboación, que ten a superficie máis grande, que case duplica no volume de residuos ós outros, ten un custo lixeiramente superior á metade do que custan os outros, máis pequenos.
Algunha das claves desta desfeita aprécianse con só ler a memoria técnica do proxecto. Esta memoria, presentada pola Consellería, parte dun suposto absolutamente falso que impide que o proxecto sexa levado adiante sen graves consecuencias para o medio:
No punto 1.2 da memoria, titulado "Justificación de la solución propuesta" afírmase o seguinte como punto de partida e xustificación da proposta:
"En el año 2000 el Concello de Teo llevó a cabo la realización de la clausura y sellado del vertedero en la que se preocedió a la impermeabilización de la masa de residuos mediante una capa de material arcilloso".
Pois ben, tal como o BNG denunciara nunha moción presentada no Pleno do 28 de novembro de 2003, esas obras non se levaron adiante, como pode comprobarse na seguinte relación de feitos perfectamente documentados:
No Pleno da Deputación Provincial celebrado o 30 de decembro de 1999 aprobouse a "4ª Fase de la Anualidad 1999 del PLAN 2000 de Protección del Medio Ambiente" no que se incluía o proxecto "Clausura e selado do vertedoiro de Teo", cun importe total do proxecto de 18.662. 093 ptas. Esta primeira fase correspondía ó selado superficial do vertedoiro. A planificación plurianual establecía para esta obra 6.606.381 ptas. en 1999 e 12.055.712 para o ano 2000, financiamento que asumía integramente a Deputación.
O 30 de xullo do ano 2000 o alcalde, don Armando Blanco, asina o nomeamento como director de obra do enxeñeiro de camiños don Gilberto Rodríguez Rodríguez, pero as obras retrásanse ano tras ano. Tanto é así que unha circular da Deputación recibida no Concello o 10 de xuño de 2003 (Rexistro de Entrada núm. 1369), lembráballe ó Concello a necesidade de certificar a execución das obras pendentes. Un mes máis tarde, o 11 de xullo de 2003 (núm.

de Rexistro de Saída 1142), o alcalde Armando Blanco remite un escrito á Deputación no que "comunica expresamente a renuncia á realización das obras polos motivos expostos no informe emitido polo enxeñeiro de camiños don Gilberto Rodríguez, director da obra".
O director da obra fai constar, no informe que certificou o 24 de outubro de 2000, a obra executada por un valor de 2.198.375 ptas. A esta información engade un parágrafo esperpéntico:
"Como consecuencia de no haber sido adjudicadas las obras en su totalidad, que corresponden a las partidas que deberían ser ejecutadas con anterioridad a las de las obras adjudicadas, no se pueden ejecutar las que restan de lo ya certificado".
É dicir, dunha obra de máis de 18 millóns de pesetas executáronse 2 millóns, un 11,8% da obra.
No anexo que acompaña esta moción pode comprobarse que o selado do vertedoiro de Teo nada ten que ver co realizado nos outros concellos; para empezar o de Teo non aparece entre os 110 vertedoiros clausurados pola Xunta (que se relacionan na súa páxina web).
Nese mesmo anexo obsérvanse os sistemas de control de gases dos outros vertedoiros (activos ou pasivos, no caso máis sinxelo, son chemineas dispostas ó longo do vertedoiro). No de Teo non se ven, curiosamente porque a memoria di que "a tipoloxía do residuo fai innecesario calquera sistema de drenaxe de gases". A pregunta é ¿que tipo de residuos temos nós no vertedoiro que nos fan distintos de Padrón Ordes ou Val do Dubra? (a pesar de ser un volume moito maior de residuos).
A memoria técnica tamén descarta un sistema de drenaxe de residuos, porque "la produción de lixiviados es inexistente", supostamente porque aquilo foi impermeabilizado no 2000 (xa vimos que tipo de impermeabilización, de 2 millóns de ptas. fronte ós 16 ou 20 que custa habitualmente). Na páxina web da propia Consellaría de Medio Ambiente obsérvase que todos os vertedoiros, incluso ben impermeabilizados, levan un sistema de recollida de lixiviados, sistema de evacuación de gases e sistema de evacuación de augas pluviais (ver Padrón Ordes e Val do Dubra). Nada diso existe no vertedoiro de Teo. Por non existir, o vertedoiro nin sequera conta cunha gabia perimetral para o control de pluviais, básico se o que se pretende é que a auga non penetre nos residuos e non se xeren lixiviados.

En consecuencia o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:
1. Encargar á Comisión Informativa de Obras e Servizos a elaboración dun informe que recolla a documentación relativa a todas as fases do proxecto, as propostas iniciais e as partes executadas da mesma, co obxecto de posibilitar unha valoración obxectiva da obra.
2. Solicitar, con posterioridade, unha entrevista co novo Conselleiro de Medio Ambiente para presentarlle o informe e solicitarlle a realización dunha valoración técnica da situación real do vertedoiro e da idoneidade das obras completadas, prestando especial atención ás consecuencias ambientais sobre o río próximo.
3. En base a esta valoración técnica estudaríase coa Consellería a aplicación dunha solución definitiva.

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que esta moción clarifica que aquí algo se fixo mal e por iso solicitan que unha comisión faga unha valoración para posteriormente solicitar á Consellería que pasou co vertedoiro, porque está claro que aquí algo está mal, porque o de Teo non aparece como clausurado, ¿por qué?, porque non se fixo ben, engadindo que aí hai algo mal e na moción se explica porque está mal porque de 18.000.000 das antigas pesetas

contratados anteriormente só se fixeron 2.000.000 pts, que as cousas se fixeron mal e o vertedoiro está mal selado, que hai que negociar coa Consellería.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que votarán a favor.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que se todas as contratacións son feitas pola Consellería entón non poden existir estas diferenzas, que estamos a falar dunhas diferenzas de 150.000 euros e que fagan a favor de botarlle un vistazo ás fotografías da moción para ver en que se parecen o vertedoiro de Teo e os outros, que aquí faltan cousas por todos lados.
O Sr. Alcalde sinala que para nós está ben executado e en principio pensa non vai ter problema ningún, e remata sinalando que o fixo a Consellería.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 6, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra:9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

25º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA Nº 125/05 Á Nº 154/05.

Dada conta mediante a posta a disposición dos concelleiros desde a data da convocatoria do Pleno das resolucións da Alcaldía números 125/05 á 154/05, ámbalas inclusive, o Pleno queda enterado.

Antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo tiña algún asunto urxente non comprendido na orde do día que someter á consideración do Pleno, consonte co art. 91.4 do R.O.F.

O grupo do Partido Popular e Inteo sinalan que teñen unha.
FORA DA ORDE DO DÍA:
1º) MOCIÓN URXENTE NÚMERO 1, DO PP E INTEO REFERENTE Á SOLICITUDE DE GRATUIDADE DE TRAMO DE AUTOESTRADA E Á POSIBILIDADE DE FACER UNHA ENTRADA/SAÍDA DA AUTOESTRADA AP-9 Ó SEU PASO POR TEO.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares da lectura á moción para xustificar a urxencia da mesma, que ten o seguinte contido:

“” A estrada N-550 (A Coruña-Vigo) ven soportando desde fai moito tempo un volume moi elevado de tráfico, debido a que é unha das arterias principais que xunta importantes núcleos de poboación e cidades da zona oeste de Galicia, e ven sendo case a única alternativa á AP-9, autoestrada de peaxe que vai paralela á N-550.
O paso desta importante estrada polo noso Concello e polo de Ames, está a causar importantes atascos, o que ven provocando importantes e frecuentes accidentes, que poñen en perigo a vida de moitas persoas que viven alí, e dos transeúntes que circulan pola zona.
Por este motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular e Inteo propoñen ó Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Solicitar do Ministerio de Fomento que faga os trámites necesarios coa empresa adxudicataria AUDASA para que o tramo que discorre entre Santiago de Compostela e Padrón sexa gratuito, o cal produciría unha clara desconxestión do tráfico na N-550, non só no noso Concello, senón tamén nos limítrofes de Padrón, Rois e Ames, e permitiría tamén a cómoda incorporación dos vehículos procedentes da autovía do Barbanza.
Enviar este acordo ós Concellos de Padrón, Dodro, Rianxo, Boiro, Pobra do Caramiñal, Ribeira, Vedra, Boqueixón, Oroso, Santiago de Compostela, Val do Dubra, Ames, Negreira e Rois para que fagan a mesma solicitude ó Ministerio de Fomento, e redactar con eles un documento conxunto no que se expoña a problemática, e o beneficio que suporía a gratuidade do tramo Santiago-Padrón da AP-9.
Asi mesmo, reiterar a petición feita no seu momento para que se estime a posibilidade de facer unha entrada/saída da autoestrada AP-9, o seu paso por Teo, no lugar de Solláns onde xa hai terreos da autoestrada. Isto aliviaría considerablemente o volume de tráfico na zona, debido ó aumento de poboación no noso Concello, que conta con case vinte mil habitantes.""

Sometida a votación a urxencia dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 15, dos grupos municipais do PP (8), BNG (3), PSG-PSOE (3) e Mixto(1).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.
Queda aprobada por unanimidade dos quince membros presentes, polo que se procede ó debate da moción.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez pregunta, ¿vostede pensa que isto se pode presentar por urxencia?; e vostedes falan de demagoxia, e remata sinalando que dubida moito da viabilidade da proposta.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que votan a favor da urxencia pola convicción que teñen no debate político a diferencia doutros grupos que rexeitan sempre a urxencia; engade que non sabe porqué non fixeron a moción hai un ou dous anos cando se fixo a renovación da concesión da autoestrada e que pensa que este tipo de mocións sobre todo o segundo punto onde se di o de desconxestionar debe ser estudiado con máis calma; que habería que ver como se pode analizar no paln xeral e pregunta, ¿tecnicamente vostedes analizaron isto?, e engade que hai que ter un certo sentido da responsabilidade e pregunta, ¿onde levamos os coches que saen por Solláns?, e remata sinalando que para darlle peso e efectividade sería necesario acompañala de estudos técnicos, polo que pediría deixala para outro momento.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que está todo estudiado, a saída de Solláns sairía á estrada que a Deputación vai amañar e que vai a Cacheiras.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que vexo inviable a iniciativa, e que o BNG non está en contra da moción, aínda que vexa demagoxia, engadindo que nós non nos imos opoñer á gratuidade da autoestrada e que hai que ser responsable co que se pide respecto da saída da autoestrada.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés pregunta, ¿onde está o proxecto?, ¿onde está o tema estudiado?; engade que dicir que a estrada que a Deputación vai amañar vai absorver ese tráfico é unha barbaridade, e remata sinalando que sería mellor estudiar o tema con tranquilidade e con proxectos técnicos, por iso non poden votar a favor.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que a idea é do Concello, pero o proxecto o ten que facer Fomento.

O Sr. Alcalde sinala que o enlace de Solláns se pediu fai anos e naquel momento dixeron que non era factible porque as entradas e saídas superaban as porcentaxes establecidas.
Engade que o Sr. Leis sempre desprestixia o que temos en Teo, as corredoiras das que falou a primeira hora e que non sabe porqué o fai, que parece que aquí só temos camiños de vacas e remata sinalando que non desprestixie a Teo.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 12, dos grupos municipis do PP (8), do BNG (3) e Mixto (1).
Votos en contra:0.
Abstencións:3, do grupo municipal do PSG-PSOE (3).
Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

26º) ROGOS E PREGUNTAS.

A Srª.Concelleira Diéguez González pregunta verbalmente:
-. ¿Como está o tema da limpeza do CRA de Recesende?. Respóstase pola Alcaldía que o pediron pais e se está mirando.
-. Que existen paradas sen marquesiñas. Infórmase pola Alcaldía que vaise poñer unha no Che 2, mandouselle facer.
Rogo: Respecto as actividades que propón o Concello de teatro, manualidades etc, en horario de 4 a 5 da tarde, que están en horario escolar e beneficia a moi poucos.
Rogo: Que se limpen as papeleiras dos parques.
Abandoa neste intre ó Pleno a Sra. Concelleira Diéguez González.

Rogo presentado por escrito polo BNG:
Nos últimos meses, este grupo municipal ven de recoller varias queixas de veciños do lugar de Castres relativas ó punto de recollida de lixo e voluminosos alí situado que nos últimos tempos estase a converter nun problema de saúde pública.
O que nun principio parecía unha solución ó problema da recollida de voluminosos, solución que todos entendiamos (cartel informativo informando do día de recollida e da prohibición expresa de depositalos máis aló das 24 horas anteriores ó devandito día) acabou por converter o lugar nun vertedoiro incontrolado de empresas e particulares.
Isto implica uns riscos importantes, ó estar situado o vertedoiro en cuestión a carón dunha parada de autobuses e da urbanización Os Verxeles.
Sabemos ademais, que máis de 100 veciños do lugar presentaron no día de hoxe unha recollida de sinaturas solicitando a retirada do cartel informativo e a toma de medidas polo goberno municipal (limitación do lugar cun valo mentres non se habilite un punto limpo).
Somos coñecedores de que nas últimas semanas o Concello fixo un esforzo en manter o lugar nunhas mínimas condicións, mais esa non debe ser a solución a longo prazo.
Tamén somos coñecedores de que noutras ocasións o Concello se extralimitou cos veciños que estaban indignados pola situación presionando co envío de Policía Local e traballadores municipais, ós actos de protesta que estes organizaron no lugar. Evidentemente, o problema non son eles, que sofren as consecuencias do lixo, senón as empresas que non respectan o marcado polo Concello.
Solicitamos pois, que se teña en conta a recollida de sinaturas veciñais e se tomen medidas nese camiño.

O Sr. Alcalde sinala que non é coñecedor diso que di que se enviou alí á Policía Local, que vaíselle mandar un requirmento prohibíndo que bote alí o lixo e senón o cumpre mandaráselle ó fiscal por se pode ser delito, que a señora botou cousas na rotonda dúas veces e se segue na mesma actitude de deixar alí o lixo remitirase ó fiscal.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que eu non me movo por criterios de amizade, que a coñezo por este conflicto pero antes non a coñecía de nada, e remata sinalando que vostedes sempre persiguen ós que reclaman por unha situación inxusta.

Preguntas formuladas por escrito polo PSG-PSOE:
1-. ¿En que situación se atopa o problema da balsa de augas residuais localizada detrás do edificio "Umbrela" de Cacheiras e que solución vai dar o grupo de goberno?
Resposta o Sr. Alcalde que requiriuse a Aquagest un informe do que sucedera alí, falouse co propietario e esa balsa é un terreo particular, se corrixiron as deficiencias detectadas e se está á espera do informe final de Aquagest e que a empresa fixo o cerramento con aramio.
2-. ¿Cal é a posición oficial acerca do levantamento sobre da estrada dos chalés acaroados que se están a construír na urbanización Campos de Mirabel en Fixó (Calo)?
Pola Alcaldía lése a seguinte resposta: que o proxecto é de catro vivendas unifamiliares con licenza municipal de data 18 de abril de 2005, reseñándose na licenza a condición de executar a obra conforme á aliñación oficial das NN.SS., e que observada a diferencia existente entre a rasante natural do terreo e a rasante executada na obra se da audiencia ó promotor para que informe o Concello das diferencias do proxecto e a empresa promotora informa que existe un proxecto, o cal aporta, de ordenación de accesos á estrada N-550 (no PQ 69+0,70 marxe esquerdo) da urbanización Saur-2 de As Galanas. Dito proxecto encontrase tramitado ante o Ministerio de Fomento co informe favorable do Ministerio.
En dito proxecto e condicionado polo Ministerio de Fomento fíxase unha cota para a conexión da pista que vai de Fixo coa estrada N-550 de 105,573 o que supón unha elevación sobre a rasante actual de 1,359 m.
Que a nova rasante queda pois definida por dous puntos invariables por un lado a cota actual da pista de Fixo no seu cruce coa pista que da acceso ó Saur-2 que é de 98,689 e por outro a que fixa o Ministerio de Fomento no entronque coa N-550, sendo a rasante lóxica a liña recta que une ambos puntos.
Unha vez coñecidos estos condicionantes e sen prexuizar cal será a decisión final do Concello requiriuselle á empresa promotora a realización dun estudo de detalle para a modificación da rasante do vial, conforme ó establecido na Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e que o estudo de detalle deberá recoller ademais a conexión do vial coa antiga escola municipal e co seu contorno.
3-. ¿Como está o expediente da denuncia dun valo que se está a construír no lugar do Coto, Bamonde? (o concelleiro Sr. Mata enviou alí á Policía Municipal para facer o correspondente informe).
Resposta o Sr. Alcalde que foise alí e hai orde de paralización que se fixo onte.
4-. ¿Que pensa facer o grupo de goberno sobre as obras de saneamento que cruzan o río Tinto?
Resposta o Sr. Alcalde que xa se lle dixo antes do problema que hai coas cotas e que posiblemente quedarán sen servizo os veciños mentras se fan as obras.
5-. ¿Que resposta vai dar o Alcalde e o seu grupo de goberno ó escrito remitido por veciños/as da Pedreira (Calo) sobre a conexión á rede xeral do saneamento existente ó longo da estrada de Biduído?
Resposta o Sr. Alcalde que falta o permiso de Augas de Galicia.

6-. ¿Cales son as razóns últimas da peritaxe encargada oficialmente para unha posible permuta de finca ó Concello na Carballeira de Francos?
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que é unha finca que veu ó Pleno fai anos e deixouse sobre a mesa e agora fíxose a valoración para permutar con outra.
7-. ¿Que explicacións técnicas dá o Alcalde sobre o trazado da rede de saneamento de Cachóns (Oza) ó longo do río Tella?
Resposta o Sr. Alcalde que é un tema da Consellería de Política Territorial que adxudicou as obras da depuradora de Pontevea a Taboada e Ramos e acordouse en Xunta de Goberno Local requirila para que subsane as deficiencias.
8-. ¿Que solución vai adoptar o Alcalde e o seu grupo de goberno respecto da denuncia presentada por don Alberto Arias Braña contra don Enrique González Murga por mor dun cerramento no lugar de Vilar de Calo?
Resposta o Sr. Alcalde que está no Departamento de Urbanismo; informa o Sr. Parajó que fixeronse xestións co señor e quedou de restablecer a situación á legalidade.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non se fan as tramitacións con arreglo á lei de procedemento administrativo.
9-.¿Quen solicitou a adquisición de dúas enciclopedias a Hércules Edicións por valor de 1485 euros e cal vai ser o seu destino?
Resposta o Sr. Alcalde que parece ser que foi un contrato que fixo o anterior Alcalde para que foran mandando e que se pagan según se envían, que hai dezaoito tomos que están aí e son para a biblioteca municipal.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que son de agosto, como vai ser de hai dez anos en que non existía nin esa editorial.

Preguntas formuladas por escrito polo BNG:
O Grupo Municipal do BNG, facéndose eco do malestar existente entre un grupo de pais e nais de nenos que acoden á unitaria de Recesende, malestar xustificado polas condicións de absoluta falta de hixiene nunha das dúas aulas onde este curso se teñen que impartir as actividades, e sabendo as dificultades que está a pór a Alcaldía na resolución do conflito, presenta as seguintes preguntas:
1. ¿Existe un servizo de limpeza axeitado no centro? 2. ¿Con que periodicidade? 3. ¿Cal é o motivo para que unha das dúas aulas do centro non reciba unha limpeza mínima cunha periodicidade lóxica? Sinala o Sr. Concelleiro Noriega Sánchez que dánse por respostadas anteriormente.

Preguntas formuladas oralmente polo BNG:
Sr. Concelleiro Sisto Edreira:
-. ¿Respecto das axudas de material escolar, ¿son de fondos do Concello ou axudas europeas?. Resposta o Sr. Alcalde que de fondos do Concello. ¿Que sucede co problema dos veciños de Teo adscritos ó Instituto de Pontepedriña?. Resposta o Sr. Alcalde que se fai como se fixo sempre.

Preguntas formuladas oralmente polo PSG-PSOE:
Sr. Concelleiro Conde Tarrío:
-. En novembro de 2004 presentaron unha moción sobre obras no Castañal que se rexeitou e despois presentouse polo Inteo e se aprobou, ¿como está esa moción que aprobamos do Inteo para melloras nese viaducto?. Resposta o Sr. Alcalde que non teño datos agora.

-. Veciños de Casalonga presentaron un escrito polo tema das matorreiras, ¿como está o tema?. Resposta o Sr. Alcalde que esta a Policía nelo, que sabemos que é dun señor de Coruña pero non sabemos nada máis.
-. Que as obras de Mahía en Galanas cara á escola estragaron aquelo, ¿como está o tema?. Resposta o Sr. Alcalde que iso é o que están tramitando ante o Ministerio de Fomento no plan de acceso.
Sr. Concelleiro Leis Carlés:
-. Presentouse no Pleno anterior un recoñecemento extraxudicial de crédito, ¿como vai?. Resposta o Sr. Alcalde que un funcionario mandoulle á empresa para ver quen requiriu iso.
-. Que existe un escrito da Deputación sobre o Plan de recuperación da arquitectura popular no que se anulan os compromisos económicos, ¿se fixo algo?. Pola Alcaldía se solicita de Secretaría que informe sobre si se recurriu iso. Por Secretaría se informa que ata este momento non tiña coñecemento oficial deste escrito da Deputación, aínda que sabía do acordo da mesma a través do portal de Internet dos Plenos da Deputación.
Resposta o Sr. Alcalde que hai cousas que non están feitas, outras que se fixeron e outras que correspondía facer a particulares.
-.Que existe unha denuncia por limpeza de matorreiras do Sr. Rodríguez Blanco e o interesado non recibiu contestación. Resposta o Sr. Alcalde que falouse con él e quedou en que a limpaba.
-. ¿Hai algún permiso para que R actúa en Parque Montouto?, ¿hai algunha fianza?, ¿como vai actuar R?.Resposta o Sr. Alcalde que non teño datos de si existe algunha licenza concedida ou pedida.
-. Rogo: Que esixan aval para reposición do firme.
-. ¿Corrixiron o tema das axudas de texto coa gratuidade establecida pola Xunta?
Por Alcaldía se solicita de Secretaría que informe como está o tema. Por Secretaría se informa que en Xunta de Goberno Local se aprobaron as bases deste ano e que se descoñece neste momento porque a norma da Xunta pola que amplia a gratuidade saiu estes días no DOG, pero que en todo caso resulta obvio que o Concello deberá adoptar os mecanimos necesarios para que as axudas da Xunta non sexan a súa vez obxecto da mesma subvención polo Concello, porque iso sería ilegal.
-. ¿Quen son os concelleiros que teñen delegación de sinatura para asinar o conforme das facturas?. Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, se informa que por Decreto da Alcaldía do 04.01.2005 ordenouse que a partir da data tódalas facturas que se reciban no Servizo de Intervención deberán ser previamente conformadas polo responsable do gasto para os efectos da comprobación obrigatoria do investimento, con carácter previo ó acto de aprobación formal.
-. ¿Cales son os resultados prácticos da moción aprobada sobre as actualizacións dos prezos das expropiacións?. Resposta o Sr. Alcalde non teño datos aquí.
-. ¿Hai algo previsto para a celebración de actos cervantinos?. Resposta o Sr. Alcalde que imaxino que sí, que en Cultura están con iso.
Rogo: Que tome nota de como se fan as cousas de forma transparente en materia de selección de persoal, como fai o Concello de Ames.
Sr. Concelleiro Tallón Mesías:
-. Rogo: Que se incopore o texto lido polo Sr. Rego Jorge a acta.
Sinala o Sr. Alcalde que non se admite.
-. Respecto da granxa de Paredes que tiveron unha sanción por mortandade de peces, ¿como está urbanisticamente?.Resposta o Sr. Alcalde que non teño datos aquí.

-. ¿As subvencións a entidades culturais e deportivas do ano 2004 estan pagadas?. Resposta o Sr. Alcalde non teño datos aquí.
-.¿ Como están as de 2005? . Resposta o Sr. Alcalde non teño datos aquí.
-. ¿Cal é o criterio para a colocación de carteis de propaganda electoral?. Resposta o Sr. Alcalde non teño datos aquí.
-. Rogo: Que en todas as parroquias de Teo se fagan xestións para que os actos de propaganda electoral sexan en locais pechados.
-. ¿Seguen existindo os que limpan os xardíns?. Resposta o Sr. Alcalde non sei como está.
-. ¿ Qué resultados prácticos teñen as negociacións en Os Tilos con R e Gas Galicia?
Resposta o Sr. Alcalde que mandouselles escritos en verán e vaíselles reiterar.
-. ¿Cómo está a Ponte de Sestelo?. Resposta o Sr. Alcalde que moi ben, a ponte está alí e se fará cando se poida.

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematada a sesión sendo as quince horas e trinta minutos, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, coas reservas do art. 206 do R.O.F., debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Vº e Prace.

O Alcalde, O Secretario,

Asdo. Armando U. Blanco Martínez. Asdo. Javier Nieves González.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2005.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Teo (A Coruña), sendo as dez horas do día 28 de outubro de 2005, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Armando U. Blanco Martínez, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ó día da data para a que foron previamente citados.
SEÑORES ASISTENTES:
Alcalde-Presidente:
D. Armando U. Blanco Martínez.
Concelleiros:
D. Antonio Castroagudín Valladares.
D. Manuel R. Cajaraville Campos.
D. Manuel Mata Iglesias.
D. Juan B. Aller Suárez.
D. Ramón Cea Ferreiro.
D. José Albino Vázquez Pallas.
D. Manuel Cao Fuentes.
D. Martiño Noriega Sánchez.
D. Rafael Carlos Sisto Edreira.
Dª. Carmen Diéguez González.
D. Alexandre Leis Carlés.
D. Germán Antonio Conde Tarrío.
D. Manuel Tallón Mesías.
D. José Carlos Rego Jorge.
D. F. Manuel Parajó Liñares.

Non asisten: D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.
Secretario:
D. Javier Nieves González, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 27.09.2005.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que quere facer unha observación: No punto 17º da orde do día, na páxina 27, no debate, no parágrafo segundo na súa exposición onde di: e o Concello di que a fixeron eles, él dixo: e o Concello di que a fixeron Aquagest.
Sometido a votación o Pleno do Concello por unanimidade dos dezaseis membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen acorda aprobalo sen ningunha rectificación.

2º) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MODIFICACIÓN DOS COMPOÑENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS ESPECIAIS E TEMPORAIS.

Dada conta do escrito presentado polo grupo municipal do BNG de data 29 de setembro de 2005, con rexistro de entrada no Concello núm. 5633, do 30.09.2005, polo que se comunica a modificación dos compoñentes das comisións informativas especiais e temporais que sofren unha remodelación trala substitución da concelleira Dª. Ánxela Bugallo por Dª. Carmen Diéguez, o Pleno do Concello queda enterado.
A composición das comisións informativas por parte do BNG queda do seguinte xeito:
-. Comisión de Seguimento do PXOM: Martiño Noriega Sánchez e Rafael Sisto Edreira.
Suplentes: Ignacio Iglesias Villar e Carmen Diéguez González.
Estes mesmos concelleiros/as, e nesta orde, asumirán a representación do BNG en calquera outra comisión especial que xa estea en funcionamento neste momento.

3º) APROBACIÓN DA POSTA A DISPOSICIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DOS TERREOS PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE.

Dada conta da proposta da Alcaldía dictaminada pola Comisión Informativa de Facenda, do seguinte teor:
O Concello de Teo e a Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia asinaron, con data 23 de maio de 2003, un protocolo de colaboración entre o Concello e o Servizo Galego de Saúde SERGAS, para establecer as bases de cara á construción dun centro de saúde, no que se inclúan as prestacións de medicina de familia e enfermaría, ademais dos programas de apoio á odontoloxía, fisioterapia e educación maternal, así como a atención de urxencias, e que preste asistencia sanitaria á poboación que neste momento é atendida nos Consultorios dos Tilos, Cacheiras e Pontevea.
De conformidade coa cláusula segunda, o Concello comprométese a poñer a disposición do SERGAS un terreo de, polo menos, 4.000 m^2 para a construción do devandito Centro de Saúde.
A Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, con data 28 de xuño de 2005, resolveu modificar o acordo da Concentración Parcelaria da zona de Cacheiras – Recesende II (Teo – A Coruña) no senso de "ceder a finca incluída dentro do boletín de Masas Comúns co número 1862 do polígono 8 cunha superficie de 4.822 m^2 ó Concello de Teo, propietario núm. 255, incluíndose neste boletín co fin de proceder á construción dun centro de saúde".
En base a todo o exposto, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción dos seguintes acordos:

1º. Poñer a disposición do Servizo Galego de Saúde a parcela identificada co núm. 1862, do polígono 8 do boletín de Masas Comúns da zona de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende II (Teo - A Coruña), propiedade do Concello de Teo, con destino á construción dun Centro de Saúde. A parcela ten unha superficie de 4.822 m^2, sendo adecuada, segundo consta no informe dos servizos urbanísticos da Corporación, para actuación que se pretende.
2º. Obter as autorizacións que foran necesarias para executar as obras, incluíndo aquelas actuacións que puideran precisarse para asegurar a idoneidade da parcela de acordo coa normativa urbanística e o fin previsto.
3º. Asumir os gastos derivados da dotación á parcela do Centro de Saúde das infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, enerxía eléctrica, iluminación, telefonía, etc. obrigándose a que estean executadas antes do inicio das obras polo SERGAS.

4º. Asumir a xestión, mantemento e conservación do Centro de Saúde a partir do momento da súa entrega polo SERGAS.
5º. Comprometerse a destinar o centro a fins sanitarios por un período mínimo de trinta anos a partir da sinatura da acta de recepción.
6º. Facultar á Alcaldía para a execución dos trámites que se deriven do presente acordo, incluída a sinatura dos convenios que poidan levarse a cabo en desenvolvemento do protocolo asinado.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que van votar a favor porque saben que é unha necesidade da zona de Cacheiras e Pontevea, e que botan en falta que isto non se solucionara antes e que aínda quedan trámites por parte da Consellería de Sanidade sobre a viabilidade destes terreos, engadindo que non teñen inconveniente en que se faga na zona da Ramallosa porque é equidistante e que bota en falta o diálogo coa Xerencia de Atención Primaria sobre aspectos como a dotación de persoal e o feito de mostrarlles os terreos, e que o seu voto favorable está vinculado a que a consellería atope idóneos os terreos para este centro de saúde que hoxe é máis necesario que nunca.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que votarán a favor, pero que seguen en desacordo coa redacción do protocolo asinado no seu día, porque este centro é para o conxunto da poboación de Teo e botan en falta algunhas carencias en materia sanitaria en Teo e tratarán de mellorar as prestacións deste centro para Teo e terán reunións cos responsables da Xunta de Galicia.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que cando decidiron ofertar estes terreos foi porque os técnicos da Xunta naquel momento deron o visto bo e supón que agora seguirán sendo bos; con respecto ó diálogo sinala que xa se entablou conversas con Sanidade, Urbanismo e co Vicepresidente da Xunta e estamos para ter converas co Sergas para incremento do persoal e para outras actuacións como o Sintron, etc.; e remata sinalando que a ubicación é perfecta e poderán asistir todos os veciños de Teo que o desexen.
O Sr. Alcalde sinala que ó goberno anterior da Xunta lle valía este terreo para o centro de saúde e que o protocolo anterior pode ter deficiencias pero é susceptible de modificarse e mellorarse no seu momento, e que vai ser para todo o concello e teño pedidas entrevistas coa Consellería de Sanidade para este tema, e teño pedidas entrevistas con outros cargos da Xunta e estou moi agradecido a todos eles polo tratamento recibido.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que alégrome do tratamento correcto do novo goberno ó Concello de Teo e que nós sempre defendemos este trato igual ós concellos con independencia da súa cor política.
Engade que a este centro poderán apuntarse todos os veciños de Teo que queiran, e que a única discriminación é a que marca a propia situación xeográfica.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que están absolutamente de acordo con estes terreos porque a parte do valor sanitario serven como elemento vertebrador do propio concello e están de acordo coa previsión da Ramallosa.
Engade que cando falaba de discriminación refiríase a que este centro ten moitísimos mellores servizos e calquera pode vir, pero o que non pode un protocolo é referirse só a uns lugares do concello e que isto obedece a razóns políticas, non é un erro, se ben a efectos prácticos non vai ter ningún tipo de repercusión e que a redacción do protocolo é puramente anecdótica porque a práctica vaina subsanar.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que cando se trata da cesión dun terreo á consellería e se mesturan temas políticos lle parece inadecuado; engade que a zona da Ramallosa vai

aumentar e consideran correcta a ubicación do centro de saúde e a parcela, onde poderá ir quen queira, e que con este centro estará todo Teo atendido, que non lle interesa o tema político senón o ben para todos os veciños.
O Sr. Alcalde sinala que cando se fai un protocolo poden existir erros, pero que este centro será para todo o concello.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:16, pertencentes ós grupos municipais do PP (8), BNG (3), PSG-PSOE (4) e Mixto (1).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.
Queda aprobada a proposta por unanimidade nos seus propios termos.

4º) ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE BEN.

O Sr. Alcalde sinala que existe un erro na proposta porque no papel pasado a Secretaría para facer a proposta poñía que estaba libre de cargas e se fixo neses termos, engadindo que posteriormente viuse que efectivamente non está libre de cargas, senón hipotecada, aínda que na escritura pública o cedente obrígase a solicitar e obter da entidade Caixanova a afección exclusiva do gravame hipotecario reflexado no apartado de cargas sobre a finca non cedida neste escritura, presentando, se así o solicitare o Concello de Teo, o oportuno certificado da entidade acreedora que acredite a liberdade de cargas da finca obxecto de cesión, e posteriormente a iso hoxe pola mañán presentaron un escrito onde se manifesta por Caixanova que accederán a que a carga hipotecaria existente sobre a finca se concentre en outras fincas de titularidade de Residencial Valle de Ramallosa S.L.; polo que pola Alcaldía se sinala que se corrixen os erros da proposta que queda emendada nos seguintes termos:

“” Visto o documento de escritura pública de cesión de ben ó Concello por parte de D. Manuel Niñerola Cornado, DNI: 39.632.325-J, actuando en nome e representación da entidade mercantil Residencial Valle de Ramallosa, S.L., CIF: B-43.783.059, e así mesmo en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial do Sector Sau-3, A Ramallosa, Concello de Teo(A Coruña) obrante no expediente, pola que se formaliza a cesión en pleno dominio ó Concello de Teo da superficie de 5.493,09 m2 destinada a equipamento identificada no plano xunto como Edp.
Resultando necesario aceptar esta cesión de terreos onde se construirá a piscina cuberta climatizada do Concello, por esta Alcaldía proponse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aceptar a cesión en pleno dominio e condicionada á efectiva liberación de cargas tal como se expresa no apartado III da escritura publica de cesión outorgada ante o notario D. Francisco León Gómez con data 19.10.2005, ó Concello de Teo da superficie de 5.493,09 m2 destinada a equipamento identificada no plano xunto como Edp.
2º) Facultar expresamente ó Alcalde-Presidente para a realización dos demais trámites que resulten necesarios para a execución deste acordo.””

Acto seguido dáse conta dos escritos do BNG con rexistro de entrada no Concello núm. 6188, do 26.10.2005 e do PSG-PSOE con rexistro de entrada no Concello núm. 6199, do 26.10. 2005, que teñen o seguinte contido:

-. Iniciativa de modificación do ditame da proposta da Alcaldía de aceptación de cesión de ben.

O grupo municipal do BNG quere facer notorio, vía rexistro municipal, a súa discrepancia co ditame da proposta da Alcaldía de aceptación de cesión de ben que se vai a debater o vindeiro venres 28 de outubro en sesión plenaria.
Entendemos que a cesión que se propón da entidade mercantil residencial Valle de Ramallosa en pleno dominio e libre de cargas ó Concello de Teo da superficie de 5493,09 m^2, destinada a equipamento público non se bebe vincular a construción da piscina climatizada cuberta municipal que vai ser impulsada con fondos da Deputación da Coruña (Plan 2005-2006).
Desde o grupo municipal do BNG entendemos que os terreos que a entidade mercantil cede ó concello son obrigatorios por lei e que o único favor que lle fai ó concello é adiantar prazos da cesión. A cambio, o concello constrúe con fondos públicos unha piscina climatizada que revalorizará terriblemente o proxecto urbanístico.
Con estas matizacións cómpre unha explicación polo miúdo, e así llo trasladamos ó responsable de urbanismo da operación de cesión. Se non, podíamos estar a falar dunha operación de revalorización encuberta con fondos públicos dun proxecto urbanístico privado sen ningunha contraprestación para os veciños.
Desde o BNG de Teo sabemos que a piscina climatizada é unha prioridade e así o recoñece conxuntamente para este e outros concellos da comarca a propia Deputación. Podemos comprender a necesidade de centralizar os servizos na Ramallosa. O que non compartimos son este tipo de acordo de cesión de terreo vinculada á construción dunha piscina, que por momentos parece contentar máis ó interese da iniciativa privada que ó interese xeral, ó non presentar contraprestacións evidentes para os cidadáns de Teo.

-. Escrito do grupo municipal do PSG-PSOE:
1. A piscina climatizada municipal e os grupos políticos da corporación.
Que Teo vaia dispor axiña dunha piscina climatizada municipal é froito da ampla demanda veciñal, da sabia decisión da Deputación Provincial da Coruña e das xestións que os socialistas de Teo vimos realizando ós efectos desde hai xa tempo a pesar dos oídos xordos do actual grupo de goberno.
Cómpre salientar que nos programas electorais dos últimos comicios municipais só o PSG-PSOE e o BNG formulábamos a necesidade de construír unha piscina climatizada municipal en Teo. O PP nada recollía ó respecto e o grupo Inteo (léase Parajó) falaba, demagoxicamente, de nin máis nin menos de “climatización das piscinas municipais”, tanto como dicir, nada de nada, por inviable económica e tecnicamente (xa dixo o Sr. Parajó nun Pleno “os programas electorais fanse para non cumprilos”).
No que vai de lexislatura, só o Grupo Socialista se preocupou de propoñer a construción dunha piscina climatizada municipal. Foi, primeiro, a través dunha moción que presentou o día 10 de marzo dos correntes, e na que se formulaba a seguinte proposta de resolución:
“Por todo iso, cómpre que por parte do goberno municipal proceda a formularse con urxencia a construción dunha piscina climatizada municipal, e para iso debe:

1. Reservar solo dentro do PXOM para acoller este equipamento.
2. Encargar a redacción dun proxecto técnico da piscina climatizada.
3. Iniciar as xestións correspondentes coas institucións correspondentes (Xunta e Deputación, fundamentalmente) para recadar as axudas económicas que fagan viable a curto prazo o proxecto.

4. Habilitar os recursos económicos municipais pertinentes para facer as achegas oportunas de fondos propios que contribúan á materialización do proxecto.

No Pleno ordinario celebrado o 29 de marzo esta moción foi rexeitada polos votos en contra dos grupos políticos de Armando Blanco e Manuel Parajó. Curiosamente, nesta sesión descubriuse que "nunha charla de café" se perdeu no seu día a oportunidade de ter xa piscina climatizada, pois, como recoñeceron eles mesmos, o Sr. Armando Blanco e o Sr. Parajó preferiron destinar os cartos da Deputación á construción dun campo de herba artificial en Calo.
De seguido, o grupo municipal socialista fixo varias xestións persoais, directamente co presidente da Deputación, Salvador Fernández Moreda e co Presidente da Comisión de Deportes, Ramón Quintáns para conseguir a incorporación de Teo ó Plan de piscinas climatizadas deste organismo provincial. As xestións frutificaron, porque moi axiña, o propio presidente da Deputación comunicoulle persoalmente ó noso portavoz, Jano Leis, que se ía atender a nosa demanda. E así foi, pouco despois fíxose público o acordo da Deputación de construír esa piscina climatizada en Teo. Para iso, entre outras cousas, o Concello de Teo debería ofrecer uns terreos antes do 31 de outubro de 2005.

2. A parcela ofertada polo actual goberno municipal de Teo.

Desde o primeiro momento en que se fixo pública a noticia por parte da Deputación, o Sr. Parajó, en declaracións públicas efectuadas a unha emisora de radio, xa anunciou que pensaba nun terreo nas inmediacións dunha urbanización que se estaba a construír na zona da Ramallosa. Daquela, estes terreos, que tiñan que ser cedidos pola promotora que constrúe a urbanización sinalada, aínda carecían de diversos requisitos legais como era a aprobación dunha Xunta de Compensación e a propia cesión dos mesmos.
É dicir, que en ningún momento, por parte dos mandatarios públicos de Teo se pensou en ningunha outra posibilidade. E esta é, curiosamente, a única opción que plantexa o goberno municipal de Teo.
Mais, a maiores, resulta escandaloso que a devandita parcela estea "gravada con hipoteca" segundo consta no documento notarial de cesión asinado o pasado 19 de outubro dos correntes.
Mais as irregularidades chegan xa ó paroxismo cando o Sr. Alcalde Armando Blanco formula a súa proposta literalmente do seguinte xeito:
"(…) Resultando necesario aceptar esta cesión de terreos, onde se construirá a piscina cuberta climatizada do Concello, por esta Alcaldía proponse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:
1º) Aceptar a cesión en pleno dominio e libre de cargas ó Concello de Teo da superficie de 5493,02 m^2 destinada a equipamento identificada no plano xunto como Edp. (…)"

Obviamente non hai tal "libre de cargas" porque sobre a parcela pesa toda unha hipoteca. Tal contradición mesmo puidera ser constitutiva de delito de falsidade en documento público.
Diante desta decisión, o grupo municipal socialista, vese na obriga de manifestar publicamente:

1. Decididamente queremos, e canto antes, unha piscina climatizada en Teo, cousa que, polo demais, non pode acreditar precisamente o goberno municipal teense. Os feitos o demostran: máis que ninguén, o grupo socialista pelexou para que hoxe Teo dispoña dunha piscina climatizada municipal. O consorcio Blanco e Parajó votaron en contra desta idea.

2. Unhas instalacións desta envergadura en canto ós investimentos que require e demais requisitos técnicos e construtivos, e co valor engadido que teñen como elementos de vertebración social e territorial esixen decisións moi pensadas e estudadas á hora de fixar o seu emprazamento.

3. En ningún caso as iniciativas municipais deben interferir, para ben ou para mal, no mercado inmobiliario.
Disto conclúese que baixo ningún concepto unha decisión política desta natureza pode contribuír ó reforzamento de promocións urbanísticas de índole puramente privada. Por dúas razóns:
A) porque se trataría de favorecer con diñeiro público negocios privados.
B) porque atentaría contra as regras máis básicas da libre competencia dentro do propio sector inmobiliario.
4. O concello endexamais pode recibir, en concepto de cesión (suponse que en aplicación dos artigos 176 e 177 da vixente Lei de ordenación urbanística de Galicia) unha parcela suxeita a gravame de hipoteca, aínda que haxa calquera compromiso escrito de liberación da mesma no futuro por parte dos cedentes.

Por todo iso, o grupo socialista expresa e propón:
1. Compartir a idea xenérica da zona onde se quere situar esta instalación, aínda que puidera haber alternativas semellantes noutras zonas lindeiras.
2. Discrepar absolutamente do terreo concreto que se pretende ofrecer á Deputación Provincial porque se podería interpretar como unha medida que favorece indirecta e escandalosamente a intereses privados moi concretos. Na situación actual poderiamos falar mesmo dunha "versión sofisticada de puro pelotazo urbanístico", por outra parte nada incoherente coa liña sospeitosa que ven desenvolvendo o Concello de Teo en materia urbanística. Ós últimos feitos nos remitimos.
3. Negociar coa Deputación unha prórroga da decisión para consensuar coas restantes forzas políticas da corporación e co asesoramento dos técnicos municipais (mesmo do equipo redactor do PXOM) un mellor emprazamento que evite suspicacias máis ou menos fundadas e harmonice a un tempo os obxectivos propios dunha instalación deportiva cos derivados da súa condición de factor de vertebración territorial e social do concello.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que evidentemente pensa que neste concello se fan as cousas con neglixencia, porque o que faltaba era que se aceptara con cargas e que presentaron un escrito o día 26 de outubro cun tema de maior profundidade, que é que un proxecto urbanístico que se está a facer moi importante adianta bens que teñen que ceder por lei, e cren que hai unha revalorización urbanística con fondos públicos, que descoñecen se é legal pero desde logo se está a rebasar a liña ética, ¿vostedes pensaron no que vai revalorizar isto os terreos desta urbanización?; e se imos revalorizar un proxecto urbanístico que dean máis contraprestacións, non só adiantar prazos, que pode existir algo que se lles escapa, e pensa que a Deputación non vai participar nesta revalorización; ¿como vai dar dar servizo a toda a cidadanía de Teo en materia de aparcamento?, ¿pensaron niso?; ese é o problema de fondo, engadindo que non están en contra da iniciativa privada pero expliquen onde están as contraprestacións e por suposto que ten que ser libre de cargas senón apaga a vámonos, e remata sinalando que estamos de acordo en que se ceda pero non vinculados á construción da piscina porque se eu son promotor apúntome a isto.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés pregunta, ¿quen subministrou ese escrito para levar á comisión informativa?. Vostedes levaron o asunto á comisión informativa libre de cargas e iso non se corresponde coa escritura e podería ser delito de falsidade en documento público; engade que se un colle as actas da Xunta de Goberno Local figura xa nas mesmas o asesor xurídico urbanístico do concello, pregunta ¿quen redactou ese texto?, engadindo que isto só o poden saber o Alcalde e o Concelleiro de Urbanismo.
Engade que esperan que non se terxiverse isto para dicir que o PSG-PSOE non quere a piscina, porque se alguén a requiriu foi o PSG-PSOE, así figura nos programas electorais onde o PSG-PSOE pide piscina climatizada e o PP fala de climatización das piscinas, iso debe quedar absolutamente claro, e que en marzo deste ano presentaron unha iniciativa para unha piscina cuberta municipal e votaron vostedes en contra. Engade que o PSG-PSOE non discrepa da ubicación no lugar de Ramallosa porque a ubicación nesta área é correcta como elemento vertebrador do concello; nós estamos en contra de:
-. O emprazamento concreto, a este respecto engadir ó dito polo BNG de que en ningún caso se debe interferir no mercado inmobiliario.
-. Porque se está atentando coas regras do libre mercado.
Con respecto á hipoteca, discrepan absolutamente da proposta e que está convencido de que cando o Sr. Alcade asinou a proposta actuou de boa fe e metéronlle un gol e ó mellor foi a persoa na que vostede delegou o urbanismo e remata sinalando que non pensa que a Deputación acepte a cesión nestas condicións.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que o Sr. Portavoz do PSG-PSOE ten obsesión comigo, e que a frase de que os programas electorais se fan para non cumprirse non a dixo Parajó, senón o Sr. Tierno Galván.
Engade que con respecto á finca, o que lle interesa o seu partido é que non se constrúa na zona, que é o centro neurálxico do concello; que é verdade que se puxo libre de cargas na proposta por erro e que esa parcela é para uso deportivo e o feito de que a piscina vaia aí é por aplicación do plan parcial aprobado polo Pleno e se a constructora adianta iso considera unha neglixencia non aceptar eses terreos, que non se pode dicir primeiro que se potencie unha zona e despois dicir que non; que non se tiren farois, que a piscina deuna a Deputación pola poboación xunto cos concellos de Rianxo e Porto do Son e o demais non é correcto, que pensa que un grupo de goberno non pode torpedear os proxectos de Teo e dicir como din vostedes que foron vostedes os que conseguiron a piscina, hai que botarlle cara á vida.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez pregunta, ¿non vai dicir nada o Sr. Alcalde?. Sinala que é verdade que foi concedida pola Deputación a tres concellos, e que lle gustaría entrar no problema de fondo que o Sr. Alcalde non contesta, que non debe facer deixación de funcións no Concelleiro de Urbanismo, que seguimos a dicir que se está a financiar un proxecto privado con fondos públicos; que se houbera contraprestacións a maiores do que di a lei se podería entender, que con máis de 250.000.000 das antigas pesetas estamos provocando unha revalorización de terreos privados e agora empeza a entender a revitalización deste proxecto que levaba moitos anos parado e así se viu na inauguración, é dicir que en cada urbanización que ten previsto uso público deportivo o concello se compromete a construir unha piscina climatizada.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que se tivera fondos o concello si.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez continua sinalando que é un negocio redondo, que a denuncia que fan é da realización dun proxecto privado realizado con cartos públicos e iso non se pode facer porque non é ético e remata sinalando que resposte vostede Sr. Alcalde.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que PP e Inteo votaron nun Pleno en contra dunha moción do PSG-PSOE sobe a piscina climatizada e nese momento descubriron que nunha

charla de café desbotaron esta piscina; en segundo lugar que vostedes falan de erros cando nós falamos de irregularidades, que non hai tal erro, vostedes intentaron ocultalo e agora pretenden amañalo cunha xogada de última hora e que ese documento non ten ningún tipo de valor, non me digan que non tiñan coñecemento da carga, e debatiron ese tema neses termos na comisión informativa e é unha evidencia consentida, e en terceiro lugar que desde o momento en que a Deputación dixo o da piscina o Sr. Parajó xa falou nun medio de comunicación desta parcela, e estamos a falar dun proxecto que non ten licenza de construción e como di o Sr. Noriega os beneficios que obtén esta urbanización é intolerable, e que lle gustaría saber que pensan o resto dos promotores inmobiliarios.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que descoñecían que estivera hipotecada e que esta parcela é para uso deportivo e o único que fai é adiantala e cre que sería unha neglixencia non dispor desta parcela, sobre todo cando na Ramallosa non temos terreos para facer esta piscina; a pretensión nosa era potenciar esta zona e así se fai co centro de saúde, coa piscina, e ó mellor se conceden a escola infantil pode vir para esta zona.
O Sr. Alcalde sinala que cando o PSG-PSOE di que eles consiguen a piscina climatizada eu bótome a rir, porque estaba pedida antes, que é vostede o que trae todo para Teo; engade que había tres concellos cunha poboación de máis de 10.000 habitantes sen piscina e o chamou o Alcalde de Porto do Son e que había uns concellos que podían entrar e que había un plan de inversións para obras, e nós escollimos a piscina climatizada, que vostedes están a botar fume por todos os sitios, e remata sinalando que para nós está perfectamente ubicada a piscina, non temos que pagar un patacón por ela, e é para centralizar servizos e van levala adiante con todas as consecuencias para centralizar servizos e beneficiar a todos os veciños.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Votos en contra: 7, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (4).
Abstencións:0.
Queda aprobada a proposta.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez en explicación de voto sinala que votan en contra porque se vai a financiar con cartos públicos unha iniciativa privada e revalorizar actividades privadas.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés en explicación de voto sinala que votan en contra porque non se lles deu explicacións, pola revalorización, e pola hipoteca que continua a día de hoxe sobre a finca.

5º) ADOPCIÓN DE ACORDO REFERENTE A EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN.

O Sr. Alcalde sinala que para non perxudicar a ningún veciño se pedirán informes xurídicos complementarios, para non perxudicar a ninguén.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que iso foi plantexado polos grupos da oposición na comisión informativa.
Sometido a votación o dictame da Comisión Informativa de Facenda de data 25.10.2005, o Pleno do Concello por unanimidade dos dezaseis membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen, pertencentes ós grupos municipais do PP (8), BNG (3), PSG- PSOE (4) e Mixto (1), acorda:
1º) Retirar este punto da orde do día e que se continúe a súa tramitación, solicitando os informes e practicando as probas que sexan posibles conducentes a unha proposta de resolución concreta.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Ó PLAN DE PISCINAS CUBERTAS CLIMATIZADAS DA EXCMª. DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2005-2006.

Dada conta da proposta da Alcaldía dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos, do seguinte teor:
Vistas as bases reguladoras do Plan de piscinas cubertas climatizadas para concellos da provincia cunha poboación superior ós 10.000 habitantes e que carezan deste tipo de instalacións 2005-2006, da Excmª. Deputación da Coruña, publicadas no BOP 176, do 3 de agosto de 2005, por esta Alcaldía propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no Plan de piscinas cubertas climatizadas 2005-2006 nos concellos da provincia con máis de 10.000 habitantes da Excma. Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e que solicita a realización do investimento que se indica de seguido:

CONCELLO: Teo.
DENOMINACIÓN: Proxecto para a construción dunha piscina municipal, redactado polos arquitectos D. Ignacio Soto González e Dª. Ana I. Piñeiro Esperante.

Financiamento:	2.005.	2.006.	TOTAL.
Achega Concello:	0.	0.	0.
Achega Deputación:	300.000.	1.200.000.	1.500.000.
TOTAL:	300.000.	1.200.000.	1.500.000.

2º) Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra do investimento previsto no apartado 1º.
3º) Declarar que o concello conta cos terreos necesarios para a execución da obra, e que, no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.
4º) Declarar que este concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, que a suma total delas non supera o 100% do seu importe.
5º) Facultar ó alcalde-presidente para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que estamos a falar dun investimento de 1.500.000 euros, distribuido en dúas anualidades, e que van votar a favor porque o BNG considera necesaria esta piscina e así o recoñeceu a Deputación; engade que é necesaria por cuestións terapéuticas e deportivas, pero sinala que sigue aí coa puntualización de si temos os terreos necesarios, e remata sinalando sí á piscina, non á maneira de ubicala, e que o concello achega cero euros.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que con manobras terxiversadoras dixeron que o PSG-PSOE opónse á piscina nesta zona, pero para iso consta o voto favorable na comisión informativa e agora volverán votar a favor.

Engade que no programa electoral do PP non había nin a mínima referencia á piscina climatizada municial, e que vostedes nunha charla de café dixeron qe renunciaron á piscina por un campo de fútbol nunha conversa do Sr. Alcalde, do Sr. Parajó e o anterior Presidente da Deputación; engade que pobre Sr. Tierno Galván posto en boca do Sr. Parajó, que esa frase nunca a dixo o Sr. Tierno Galván, rétolle a que a presente nun discurso, e quen comparte iso engana á cidadanía e pasáralle factura, e por último hai unha evidencia clara: que non poden dicir que conste ningún acto do PSG-PSOE en contra da piscina, pero si unha moción do PSG-PSOE sobre piscina climatizada en marzo que vostedes votaron en contra.
Continua sinalando que demostren que o Presidente da Deputación e o Sr. Alcalde de Porto do Son o chamaron a vostede para o da piscina, que isto é anecdótico pero non digan vostedes iso porque non é certo; que hai unha carta de xullo onde vostede solicita a piscina, cando xa estaba comunicado oficialmente por fax e figuraba nos medios de comunicación que a Deputación tiña proxectada facer a piscina en Teo, que estas son realidades que se poden contrastar e remata sinalando que a Deputación vai posibilitar facer isto e cando vostedes estaban na Deputación non foron capaces.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que traerá o do Sr. Tierno Galván e que os cidadáns xa lle pasarán factura a vostede como siga a actuar como ata agora.
Engade que na campaña electoral das autonómicas o Sr. Alcalde de Porto do Son dixo que se ían facer piscinas no Son, en Rianxo e en Teo, e o dixo sen saber incluso se o Concello de Teo a ía coller ou non, porque podían coller a piscina ou outras obras, fíxese ata onde chega a súa ignorancia e demagoxia.
Respecto do dito polo Sr. Martiño sobre o custo de cero euros do concello, sinalar que o mantemento aproximado custa sobre 12.000 euros/mes segundo información que lle deron e creo que é custo bastante para o concello, e remata sinalando que ten datos de concellos de que é unha carga tremenda para os concellos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que segue sen contestar vostede Sr. Alcalde, que gustaríame que falara un pouco máis, porque fala o Sr. Parajó por vostede e por todos, e que nós non imos entrar no de Tierno Galván e no tema de quen quere a piscina, que nós non facemos política dese tipo, que buscar rendabilizacións a esa altura non o facemos.
Engade que si custa tanto o mantemento que como contraprestación da urbanización que paguen eles o mantemento, e remata sinalando que cren que o custo ten que asumirse polo concello porque é un servizo importante para os veciños.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que o importante é que haxa unha piscina climatizada en Teo, e que cando o Sr. Vicepresidente da Deputación fai o anuncio foi en maio e que o 11 de abril nós a pedimos á Deputación mediante carta con acuse de recibo, e que cando dixo iso foi para ofertar a piscina, evidentemente despois o concello debe aceptala; respecto do custe de mantemento deben telo vostedes realizado, e tendo goberno amigo na Deputación e na Xunta vostedes foron incapaces de conseguila, e remata sinalando que era unha inxustiza histórica porque moitos concellos máis pequenos xa a tiñan desde fai tempo e máxime cando se lla ofertaron e a rexeitaron polo campo de fútbol.
O Sr. Alcalde sinala que todo iso que fala que vostede fixo, que aquí se fixo un escrito reiterándoa, non solicitándoa, que antes de chegar vostede aquí xa se fixeron moitas cousas en Teo.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non descalifique e conteste.
O Sr. Alcalde sinala que todo o que vostede vende é fume, dígolle que lle mandei escrito á Deputación.
Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 16, pertencentes ós grupos municipais do PP (8), BNG (3), PSG-PSOE (4) e Mixto (1).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.
Queda aprobada por unanimidade a proposta nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Ó REGULAMENTO DO PUNTO LIMPO.

Dada conta da proposta da Alcaldía dictaminada pola Comisión Informativa de Obras e Servizos do seguinte teor:
Entregada ó concello por parte da Consellería de Medio Ambiente a obra de: adecuación e recuperación do vertedoiro de residuos urbanos de Teo e instalacións do Punto Limpo e sendo necesario proceder a regulamentación deste servizo, por esta Alcaldía proponse:

1º) Aprobar inicialmente o seguinte regulamento de funcionamento do Punto Limpo deste Concello.

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DE TEO.

ARTIGO 1.- DEFINICIÓN.

1. O Punto Limpo de Teo é unha instalación onde se efectúa a recepción, previamente seleccionados, de certos tipos de residuos domésticos, que pola súa natureza non son obxecto habitual do servizo de recollida de residuos urbanos. Constitúe, por tanto, un sistema de recollida selectiva, sendo un centro de recepción, almacenaxe, selección e valoración dos residuos municipais que non teñan canalización de recollida diaria, nin domiciliaria.

2. En ningún caso se trata dun vertedoiro, senón dun lugar onde se almacenan temporalmente os residuos, para ser posteriormente trasladados a outros lugares a través de transportistas e xestores autorizados.

ARTIGO 2.- OBXECTIVOS.

O sistema de recollida a través do Punto Limpo responde a varios obxectivos:

- O obxectivo fundamental é servir ós cidadáns como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario.

- Evitar o vertido incontrolado dos residuos de gran tamaño que non poden ser eliminados por medio dos servizos convencionais de recollida de lixo.

- Evitar o vertido de escombros e outros no medio natural, rural e urbano, do térmimo municipal de Teo.

- Aproveitar aqueles materiais contidos nos residuos urbanos que poden ser reciclados directamente, e conseguir con elo un aforro en materiais e de enerxía, así como tratar e/ou eliminar residuos.

- Separar os residuos perigosos que se xeran nos fogares, cuxa eliminación conxunta co resto do lixo urbano ou mediante o vertido á rede de saneamento supón: risco para os operarios destes servizos, pode danar as instalacións de tratamento ou eliminación e contribúe á contaminación do medio ambiente.

ARTIGO 3.-ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O presente regulamento ten por obxecto regular as actividades relacionadas coa posta en marcha e funcionamento do Punto Limpo de Teo, ás súas instalacións, elementos e mobiliario.

ARTIGO 4.- SERVIZOS QUE PRESTA O PUNTO LIMPO.

Os servizos que presta o Punto Limpo de Teo son os seguintes:

1. Recepción de residuos previamente clasificados polo usuario, para o seu posterior transporte ós lugares axeitados para o seu tratamento.

2. Control dos residuos que se depositan.

3. Mantemento e xestión das instalacións pertencentes ó Punto Limpo.

ARTIGO 5.- RESIDUOS ADMISIBLES E NON ADMISIBLES.

1. Son recursos admisibles no Punto Limpo do Concello de Teo os que se relacionan a continuación:

- Comúns:

1) Vidro (iglú).

2) Papel (iglú).

3) Cartón (iglú).

4) Bricks, latas, envases.

5) Madeira.

6) Metais: aluminio, ferro, cobre, bronce, aceiro inoxidable, etc.

7) Plásticos.

8) Téxtil.

- Voluminosos:

1) Electrodomésticos.

2) Enseres, mobles, colchóns, somieres, caixas, portas e marcos, etc.

3) Escombros de pequenas reparacións no fogar.

- Tóxicos e perigosos:

1) Aceites vexetais de cociña e aceites minerais.

2) Baterías de automóbil.

3) Disolventes.

4) Pilas.

5) Sprays/aerosois.

6) Radiografias.

7) Fluorescentes.

8) Pinturas.

2. Son recursos non admisibles no Punto Limpo do Concello de Teo os que se relacionan a continuación:

- Materiais sen clasificar.

- Materia orgánica.

- Residuos infecciosos, clínicos, biosanitarios ou cotilóxicos.

- Residuos redioactivos (pararraios,...).

- Residuos industriais de empresas.

- Residuos agrícolas ou gandeiros.

- Residuos xerados por actividades mineiras ou extractivas.

- Productos procedentes de decomisados.

- Neumáticos.

- Medicamentos ou envases dos mesmos.

- Recipientes voluminosos metálicos ou plásticos de aproximadamente 25 litros ou superiores que contivesen productos tóxicos ou perigosos.

- Calquera outro residuo que non se enumere na lista de recursos admisibles, e que sexa facilmente identificable.

3. Os residuos deben estar perfectamente separados, nunca mesturados.

ARTIGO 6.- USUARIOS DO PUNTO LIMPO.

1. Son usuarios do Punto Limpo tódolos veciños do Concello de Teo que queiran depositar os seus residuos domiciliarios de forma selectiva, de conformidade co establecido no artigo anterior. O Punto Limpo é un servizo deseñado para asimilar residuos procedentes de particulares, non residuos industriais de empresas.

2. O Punto Limpo estará a disposición daqueles cidadáns que aporten volumes de residuos que non superen os valores prefixados.

3. Queda terminantemente prohibido fumar nas instalacións do Punto Limpo.

ARTIGO 7.- FUNCIONAMENTO E XESTIÓN.

1. Antes de proceder ó depósito do residuo ou residuos, cada usuario deberá declarar no posto de control o contido do que quere entregar, co fin de realizar un control de orientación de vertido. O operario do centro, tendo en conta a carga declarada e a lista de residuos admisibles indicará a súa aceptación ou rexeitamento. Os usuarios do Punto Limpo deberán seguir as indicacións do operario do centro.

2. No Punto Limpo só se poden depositar os residuos mencionados no artigo 5. No caso de ser outros o seu depósito será estudiado polo concello.

3. Para que o servizo que se presta no Punto Limpo sexa o correcto é necesario que os usuarios aporten os residuos previamente separados e os depositen nos contenedores específicos para cada un deles.

4. Os transportistas que realicen os portes dos residuos deberán seguir as indicacións do/a operario/a do centro, que supervisará as súas labores e recibirá un certificado de que realizaron a recollida dos diferentes residuos e que teñen licenza para realizar ese traballo.

5. O encargado do Punto Limpo supervisará as operacións de depósito dos residuos para comprobar que se depositan de forma axeitada e non se encontran mesturados con residuos tóxicos e perigosos. Tamén se efectuará unha inspección sistemática e visual en todos aqueles colectores de residuos líquidos.

6. No caso de resultar que non se efectuara a recollida, se o usuario solicitase un lugar de depósito ou tratamento, o concello poderá recomendar algún.

ARTIGO 8.- REXISTRO.

1. O Concello de Teo creará un Rexistro de Entrada no Punto Limpo. Tódalas operacións de depósito de residuos no Punto Limpo serán rexistradas obrigatoriamente.

2. Deberanse cumprimentar os datos persoais do usuario, que deberá presentar o DNI, os datos referentes o residuo entregado, e o operario do Punto Limpo asinará cada ficha de recollida.

3. Tódolos datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos poidan ser empregados para outros fines que os propios do servizo.

ARTIGO 9.- HORARIO E OUTRAS CONDICIÓNS DO PUNTO LIMPO.

1. O Punto Limpo cubrirá un servizo de recollida conforme a un horario prefixado que se porá en coñecemento de tódolos usuarios polos medios oportunos.

2. O Concello de Teo poderá, no seu caso, establecer mediante a correspondente ordenanza o pago dunha taxa ou prezo público pola utilización do Punto Limpo.

ARTIGO 10.- DESTINO FINAL DOS RESIDUOS.

1. O destino final dos residuos admitidos polo Punto Limpo será xestionado polo concello segundo indique a lexislación vixente e da forma máis axeitada dependendo da natureza dos residuos. O destino final dos residuos poderá ser modificado polo concello sempre que con elo se melloren as condicións de reciclaxe e/ou tratamento dos mesmos.

2. O concello poderá autorizar discrecionalmente a retirada de material do Punto Limpo, sometendo a autorización ás condicións que estime oportuno. O concello non garante a seguridade nin salubridade do producto retirado así como a súa idoneidade para o uso desexado, eximíndose por elo de calquera responsabilidade que puidera xerarse.

3. Os residuos tóxicos e perigosos cederanse a un xestor autorizado, previo documento de aceptación dos mesmos. O transporte de residuos tóxicos e perigosos realizarase por un transportista autorizado e inscrito no Rexistro de Transportistas de Residuos Perigosos.

ARTIGO 11.- DE PROTECCIÓN DO PUNTO LIMPO.-

O uso indebido das instalacións, os actos que causen danos ás infraestructuras, mobiliario e instalacións e o abandono de residuos na entrada do Punto Limpo sancionaranse de acordo coa lexislación vixente en materia de residuos e de protección dos bens municipais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

A promulgación futura de normas con rango superior ó deste regulamento que afecten ás materias reguladas no mesmo determinará a aplicación automática daquelas e a posterior adaptación do regulamento no que fora necesario.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente regulamento entrará en vigor a partir da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

ANEXO

Residuos e cantidades máximas de recollida no Punto Limpo:

Nos residuos que se especifican no cadro a cantidade de residuos que se poden depositar está limitada segundo se establece a continuación:

Tipo de residuo	Máximo
Electrodoméstico	6 cada clase/ano/domicilio

Colchóns	4 por ano e domicilio
Escombros pequenas reparacións fogar	80 Kg./mes/domicilio.

2º) Someter o expediente a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias, prazo que comezará a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no BOP. No caso de que se presenten reclamacións e suxerencias dentro de prazo as mesmas deberán ser resoltas polo Pleno, debendo aprobarse definitivamente o regulamento. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. Para a entrada en vigor deberá publicarse integramente o texto definitivamente aprobado no BOP e transcorrir o prazo sinalado no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que imos por un punto limpo enriba dun punto porco, que non podemos permitir asumir como bo un selado de vertedoiro que non é tal selado, que o custo do selado de Teo non pode ser inferior que o do Concello de Padrón, é imposible, algo ten que faltar, que temos que reacccionar porque mentras non se solucione o punto porco o punto limpo non pode pasar a proba do algodón, engadindo que creo que temos que facer unha aposta en serio por este problema, que o de Padrón tivo un custe de sobre 70 millóns das antigas pesetas e o de Teo sobre 35 millóns, que aquí non se selou o vertedoiro e que ante a gravidade disto non me sento con forzas para o do regulamento do punto limpo e remata sinalando que se encargue á consellería un informe riguroso sobre o selado do vertedoiro deste concello.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que debe dárselle contido ás comisións informativas, que vostede Sr. Alcalde ten un concelleiro delegado do servizo de lixo e manifestou que tiña un descoñecemento absoluto do tema, que non sabía que se pretendía con este regulamento, e que hai concelleiros delegados sen practicamente competencias. Engade que o PSG-PSOE ven de presentar unha moción sobre a posta en funcionamento do punto limpo, adiántolle que a acta de recepción deste punto limpo é de 8 de xullo e chegou ó concello en agosto, e que aí se esixen ó concello unha serie de cuestións, un programa de vixiancia do selado, e a iso se refire a súa moción.
Engade que deberán facer unha reflexión sobre o funcionamento da recollida de lixo, que o regulamento é un aspecto moi pequeno, pregunta ¿cal é o seu programa de vixiancia ambiental do selado do vertedoiro?, e remata sinalando que non sabe para que ten concelleiros delegados que ademais cobran dedicacións exclusivas e non saben de que van os asuntos.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que está totalmente de acordo co regulamento.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que no noso vertedoiro chove e ó non estar selado filtra e todo iso vai ó río, que cre que no regulamento debe vir se vai haber xestión pública ou privada, se vai haber probas selectivas para o persoal, que vanse abster e non polo regulamento en si, senón polo razoamento de que antes había que solucionar o problema do selado.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que na acta de recepción se fala de informes de seguimentos ambientais, etc, e nada disto se di no regulamento, que isto ten un custe económico, pregunta, ¿vostedes fixeron un estudo do custe económico deste punto limpo?, e que vaian a concellos da redonda para ver como funcionan, isto era o que nos tiñan que

presentar hoxe, nós non estamos en contra do regulamento en si, polo que van absterse, e que espera que voten a favor a moción que teñen presentada para o próximo Pleno ordinario e remata sinalando que é necesario que revisen o cumprimento do contrato de recollida de lixo.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que non sabe como está o selado porque non levaba aquelo, pero considera que estará ben, porque cando se propuxo o lugar non puxeron ningún impedimento, e remata sinalando que era necesario facer o regulamento para que poida funcionar e despois xa se verá como se xestiona.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 9, pertencentes ós grupos municipias do PP (8) e Mixto (1).
Votos en contra: 0.
Abstencións: 7, pertencentes ós grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (4).
Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE A EXPEDIENTE DE ENAXENACIÓN MEDIANTE PERMUTA.

Dada conta da proposta da Alcaldía dictaminada pola Comisión Informativa de Facenda do seguinte teor:
Visto o expediente tramitado para a enaxenación mediante permuta a instancia de D. Manuel Méndez González, DNI:33.142.405, en nome e representación de D. Daniel Fernández Méndez, con pasaporte 2.596/82, para permutar tres fincas de 309 m2 no "Campo de San Martiño" por unha do Concello, a núm.1507 de concentración de San Xoán de Calo, de 500 m2, e visto o informe de valoración das fincas asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Luís Moreira Matos de data 7 de setembro de 2005, polo que se valora a finca do Concello en: 9.050 euros e as tres fincas do interesado en:8.034 euros, emitidos os preceptivos informes de Secretaría e Intervención, por esta Alcaldía proponse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a enaxenación mediante permuta da finca núm.1507, de concentración de San Xoán de Calo, de 500 m2, ben patrimonial deste Concello, polas seguintes fincas propiedade de D. Daniel Fernández Méndez, con pasaporte 2.596/82, representado por D. Manuel Méndez González, DNI:33.142.405, segundo escritura de poder outorgado ante o notario D. Juan-José Ecenarro y Anzorandía, de data 4 de febreiro de mil novecentos oitenta e sete:
1. Finca a inculto sita no Campo de San Martiño chamada "Carboeiros".Mide duas áreas e trece centiáreas (213 metros cadrados) de superficie. Linda polo Norte, muro da Fieiteira; Sur,Ramón Sanmartín de Jesús; Este,Camilo Carballal Pazos, e Oeste, herdeiros de José Brea.
2. A finca no mesmo Campo de San Martiño, a inculto. Ten unha superficie de sesenta centiáreas (60 metros cadrados). Linda Norte, rego de auga; Sur, con finca propiedade do Concello de Teo; Este, herdeiros de Alfonso García Raices, e Oeste, Matilde Míguez Mantiñan.
3. A finca na mesma situación de Campoo de San Martiño, a inculto. Ten unha estensión superficial de trinta e seis centiáreas (36 metros cadrados). Linda Norte, Ramón Castro Riveiro; Sur, rego de auga; Este, herdeiros de Alfonso García Raices, e Oeste dos mesmos herdeiros.

2º) O interesado entregará o Concello en metálico a cantidade de:1.016 euros, como consecuencia da diferencia de valor entre as fincas de propiedade privada e a finca do Concello, no acto de formalización da transmisión.

3º) Resultando que o valor da finca do Concello non excede do 25% dos recursos ordinarios do presuposto do Concello dar conta deste acordo á Xunta de Galicia ó abeiro do disposto no art. 109 do RD.1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

4º) Facultar expresamente ó Alcalde-Presidente para a formalización da escritura pública e para todos os actos necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate:
O Sr. Alcalde explica que xa se mercaron alí máis fincas polo concello e agora se trata de facer unha permuta.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que basicamente non teñan nada que opoñer, pero si facer a observación de que un terreo tan importante para o concello quedáse fóra da concentración, porque se tiñan que facer xestións para que tivera entrado en concentración, que iso é un minifundismo absoluto e iso é o que se debía explicar, pregunta, ¿interesa ter alí fincas públicas?, evidentemente si, e remata sinalando que hai que dar unha mínima explicación de porqué quedou isto fóra de concentración.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que por primeira vez felicitamos ó Sr. Castroagudín por traer un expediente correctamente, con planos etc. Pregunta, ¿o campo de San Martiño alúgase por parte dos seus propietarios para determinados tipos de actos festivos?. Resposta o Sr. Alcalde que creo que non, agás o día do San Martiño; ¿por qué esta carballeira non entrou en concentración parcelaria?, engade que vánse abster porque hai unha solicitude do PSG-PSOE do parcelario e relación de titulares que ata o día de hoxe non foi atendido e que o Sr. Parajó en medios de comunicación di que se lles da a algúns sen pedilo por escrito e o PSG-PSOE debe pedilo por escrito.
Engade o Sr. Concelleiro que apareceron escritos onde propietarios ofertaban terreos ó concello, incluso por parte de concelleiros, e vostedes dixeron que iso retirouse, e pregunta, ¿qué xogo hai aquí detrás?. Engade que como queremos ver ese parcelario, tal vez poderiamos aprobar isto despois, e tal vez teña explicación porqué se presentaron ofertas por concelleiros e despois se retiraron, aínda que a proposta lle parece unha operación razoable.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que ese tema da Carballeira de Francos hai que coñecelo de antigo, que moitos propietarios son veciños de alí e cando da concentración parcelaria algún membro da Comisión de Concentración Parcelaria de Calo dixo que había veciños que non querían que entrase e pensa que é porque a carballeira alúgase no San Martiño e se paga moito por elas, e remata sinalando que el persoalmente non viu correcto que se excluira, pero é o que hai.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que non me basta a explicación do Sr. Parajó, que a concentración parcelaria era unha boa vía para que os terreos quedasen en mans públicas e os propietarios recibisen unha contraprestación en terreos, que houbo oportunidade de xuntar estes terreos na concentración; engade que non teño problemas en preguntar ós membros do grupo de goberno se teñen propiedades alí e se as teñen que sería lexítimo que as alugasen, e remata sinalando que aquí non se contesta a nada, que se nos están a ocultar cousas e por iso vánse abster.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés pregunta, ¿vostedes saben se hai algún propietario aquí que cobre 12.000 euros por alugar?;¿ hai algún membro na comisión de concentración parcelaria de Calo?; engade que no primeiro levantamento topográfico figuraba en concentración esa carballeira.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que naquel momento era partidario de que entrara en concentración e non sabe porqué non entrou, pero está claro que eu non teño terreos alí, para que non apareza nos panfletos.
O Sr. Concelleiro Castroagudín Valladares sinala que para aclarar o dito polo Sr. Parajó, que foron os propietarios os que pediron que se excluira, e engade que eu saiba fincas alí só as teño eu e que se ofertaron porque eu sei que o concello está interesado en mercar e por iso ofertounas e non as quero alí para nada e que incluso tiven que regalar unha e como se me informou que non era legal que un concelleiro venda ó concello se retirou a oferta e xa está, non hai nada máis.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 9, pertencentes ós grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Votos en contra:0.
Abstencións: 7, pertencentes ós grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (4).
Queda aprobada a a proposta nos seus propios termos.

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematada a sesión sendo as doce horas e vintecinco minutos, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, coas reservas do art. 206 do R.O.F., debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Vº e Prace.

O Alcalde, O Secretario,

Asdo. Armando U. Blanco Martínez. Asdo. Javier Nieves González.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2005.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Teo (A Coruña), sendo as dez horas do día 29 de novembro de 2005, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Armando U. Blanco Martínez, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ó día da data para a que foron previamente citados.
SEÑORES ASISTENTES:
Alcalde-Presidente:
D. Armando U. Blanco Martínez.
Concelleiros:
D. Antonio Castroagudín Valladares.
D. Manuel R. Cajaraville Campos.
D. Manuel Mata Iglesias.
D. Juan B. Aller Suárez.
D. Ramón Cea Ferreiro.
D. José Albino Vázquez Pallas.
D. Manuel Cao Fuentes.
D. Martiño Noriega Sánchez.
D. Rafael Carlos Sisto Edreira.
Dª. Carmen Diéguez González.
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.
D. Alexandre Leis Carlés.
D. Germán Antonio Conde Tarrío.
D. Manuel Tallón Mesías.
D. José Carlos Rego Jorge.

Non asiste: D. F. Manuel Parajó Liñares.
Secretario:
D. Javier Nieves González, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 28.10.2005.
Sometido a votación o Pleno do Concello por unanimidade dos dezaseis membros presentes dos dezasete que legalmente o compoñen acorda aprobalo sen ningunha rectificación.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.
Pola Alcaldía se sinala que se retira o asunto da orde do día para facer un Pleno en breves días e por non dispor de maioría por estar enfermo un concelleiro.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non lle parece correcto e que conste a súa protesta.
O Sr. Alcalde sinala que se convocará o Pleno en breves días.

O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que alégrase pola importancia do fondo do asunto, non polos motivos.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. POS 2006.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da proposta dictaminada que ten o seguinte contido:
Vista a circular para a elaboración do Plan de obras e servizos do 2006 remitida pola Excmª. Deputación Provincial da Coruña, propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2006 no que se recollen os investimentos que o concello ten previsto realizar no POS 2006, integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

Nº. E DENOM. DA OBRA. ESTADO+DEPUTACIÓN . CONCELLO. PRESUPOSTO.

1-. Acondicionamento e afirmado de pistas en Vilariño-Paredes, Cachóns-Laña e Vaamonde-Tribaldes.....37.423,24.....1.969,64.....39.392,88.

2-. Abastecemento en Cobas e acondicionamento de pistas en Montecelo-Freiría.....39.388,31.....2.073,07.....41.461,38.

3-. Abastecemento e saneamento en Pozas-catro camiños.....
.....46.545,89.....2.449,78.....48.995,67.

4-. Saneamento en Luou.....46.300,71.....2.436,88.....48.737,59.

5-. Abastecemento e saneamento en Noceda (II fase).....
.....44.196,54.....2.326,13.....46.522,67.

6-. Abastecemento e saneamento en Campos.....
.....37.082,08.....1.951,69.....39.033,77.

7-. Abastecemento e saneamento en Ameneiro(zona lavadoiro).....
.....32.040,93.....1.686,36.....33.727,29.

8. Abastecemento e saneamento en estrada xeral-Capela Monte Carmelo.....46.886,14.....2.967,81.....49.853,95.

TOTAIS:.....329.863,84.....17.861,36.....347.725,20.

2º) Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2006 e que se relacionan no punto anterior.
3º) Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º) Comprometerse o concello a incluir no orzamento municipal do 2006 os fondos necesarios para facer frente á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2006.
5º) Solicitar á Excmª. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si ésta producese efectivamente.
6º) Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez pregunta, ¿cando remata o prazo?. Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, se informa que mañán. Continua sinalando o Sr. Concelleiro que o Sr. Alcalde sempre trae todo o último día e que repite isto todos os anos, que é o sétimo ano que ven o último día e é a sétima vez que o di, que poden traelo antes para que nós poidamos propoñer actuacións e que non van avalar un proxecto no que non se lles deu ningunha cota de participación, aínda que están a favor dos investimentos da Deputación.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que quere abondar nas críticas que xa se fixeron, que se le o xornal gratuíto Metropolitano verá que hai concellos como Ames que o aprobaron fai un mes, que sempre o presentan a última hora sen posibilidade de introducir modificacións; que vostede Sr. Alcalde podería abrir un pequeno proceso de diálogo coa oposición, nós hoxe presentamos unha moción para elo, pero fan caso omiso; engade que non xustifican a razón destas obras, que non hai ningún tipo de priorización de obras, que meten obras de saneamento pero non hai un plan xeral de saneamento e tampouco teñen un plan xeral de mantemento de estradas, que non hai ningún criterio de priorización, nin diálogo previo, non obstante como se trata de obras que en principio beneficiarán ós veciños, votarán a favor.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que estou a entrar en conflicto coa miña persoalidade por facer de goberno e oposición, ¿non vai respostar vostede a nada?, que por cuestión de educación debería respostar por respeto ós veciños que están hoxe aquí, e a nós.
Engade que levamos sete anos dicindo que o traen ó último día, non coñecemos as priorizacións do plan, non hai plan xeral de saneamento, ¿qué valoran vostedes para tomar partida por unhas obras e non por outras?.
Sinala que isto é a procesión dos caladiños, por iso non poden votar a favor, e xa verá como antes do remate do último mandato seguro que o traerá antes.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que parece que o Sr. Alcalde vai repetir a tónica dos últimos plenos, penso que isto non é nada serio, non se pode presentar unha proposta e non xustificala aquí, por respeto ós aquí presentes e ós veciños de Teo, que parece que o máis serio sería xustificar a razón obxectiva do porqué destas obras.
O Sr. Alcalde sinala que agradézolle todos os argumentos do BNG e do PSG-PSOE, pero neste momento o equipo de goberno somos nós e o criterio o levamos nós, e cremos que estas obras son importantes para os veciños porque hai unhas necesidades reclamadas polos veciños, aínda que existan máis.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:12, pertencentes ós grupos municipais do PP (8), e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra:0.
Abstencións:4, pertencentes ó grupo municipal do BNG (4).
Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á APROBACIÓN DO PROXECTO PARA ACABADOS EN CENTROS SOCIAIS DE OZA E RARÍS.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da proposta dictaminada que ten o seguinte contido:
Asinada con data 26 de xullo de 2005 addenda ó convenio de cooperación entre a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e este Concello, de data 27 de setembro de 2004, para a realización das obras de reforma dos Centros Sociais de Oza e Rarís, en base á memoria para obras de instalacións, carpintería interior e pintura nos citados centros, por importe de: 70.000 euros, polo que a consellería financia integramente este importe distribuido en anualidades segundo o documento obrante no expediente, e confeccionado polo arquitecto D. Luis Ruibal Rodríguez, o proxecto denominado: Proxecto para acabados en Centros Sociais de Oza e Rarís para remate de edificacións (instalacións, carpintería interior e pintura) por importe de: 70.000 euros, de data outubro de 2005, por esta Alcaldía proponse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o proxecto denominado: Proxecto para acabados en Centros Sociais de Oza e Rarís para remate de edificacións (instalacións, carpintería interior e pintura), por importe de: 70.000 euros, de data outubro de 2005, confeccionado polo arquitecto D. Luis Ruibal Rodríguez.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que vai frío, doutra cousa non podemos falar, deusenos a proposta. O Sr. Alcalde sinala que no expediente está o proxecto das obras. Engade o Sr. Concelleiro que están a favor da proposta pero que lle dean algunha explicación.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que unha vez máis botan en falta algún tipo de xustificación ó respecto, sí é certo que poidemos ver o proxecto, pero que o seu portavoz debería explicar en qué consiste e porqué está incluído na orde do día, cousa que nós poidemos intuir.
Como suxestión lle pediría que non se repita este modelo construtivo, porque obedece a criterios gastronómicos, son practicamente galpóns, que sabe que a gastronomía é cultura, pero deben ter uns fins socioculturais más amplos; que non teñen ningunha funcionalidade e que deben cambiar de arquitecto ou as directrices que lle dan ó arquitecto, e que as obras xa están practicamente rematadas e aínda con reservas van votar a favor, coas consideracións manifestadas.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que están pensando en traer obras da literatura galega e lelas aquí no debate, que nunca lle vin facer isto en todos estes anos, que lle están a dicir que non discrepan dos centros, pero que se explique, e remata sinalando que cando gobernen dialogaremos con vostede.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que como o Sr. Alcalde non contesta a nada, aproveitarán os tres minutos para insistir en que o Alcalde cambie de actitude e dea explicacións ós concelleiros e á sociedade teense do que está vostede a facer; engade que ó portavoz do PP aínda non o escoitou nin unha soa vez en dous anos e pode ser porque o Alcalde non confia en vostede ou porque o PP non existe aquí; que debe facer unha reflexión Sr. Cajaraville sobre si sigue existindo o PP en Teo, porque está practicamente desaparecido en dous anos, e remata sinalando que digo sinceiramente que me gustaría escoitar a voz do PP.

O Sr. Alcalde sinala que grazas pola súa preocupación polo PP e polo portavoz; que a saúde do PP en Teo está perfecta, pero nós somos humildes, non catedráticos, somos catedráticos da vida, da escaiola, da carnicería, etc., porque nós somos humildes.
Engade o Sr. Alcalde que estes centros sociais se fan con subvencións para os fins dos veciños e que cando eu fago comelladas teño toda a liberdade para facelas e que a addenda a fixo o goberno anterior e non sei se con isto se rematarán ou non, pero espero que si, e se falta algo o poñerá o concello ou ben a través dalgunha subvención da Xunta.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:12, pertencentes ós grupos municipais do PP (8), e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra:0.
Abstencións:4, pertencentes ó grupo municipal do BNG (4).
Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) DACIÓN DE CONTA DE CONVENIO E DE ADENDA Ó MESMO COA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL SAR-ULLA E O CONCELLO RELATIVO Á ACHEGA DE FONDOS PARA O PROGRAMA PRODER II.
Dada conta do convenio asinado con data 28 de setembro de 2005, e da addenda de modificación do mesmo de data 19 de outubro de 2005, relativo á achega de fondos para o programa Proder II, o Pleno queda enterado.

6º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE CONSTRUCIÓN DUN CENTRO SOCIAL PARA A 3ª IDADE CON SUBVENCIÓNS DO PLAN PRODER II.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Exposición de motivos:
Na actualidade a política do Concello de Teo para a 3ª idade centra os seus esforzos case unicamente na realización dalgunhas excursións financiadas pola Xunta de Galicia e na organización dunha festa anual con evento gastronómico incluído. O resto do ano os maiores do noso municipio apenas reciben algunha atención por parte do goberno municipal.
Esta é unha situación ridícula e inxusta. Cómpre pois multiplicar esforzos entre todos para impulsar novas e máis ambiciosas políticas que teñan a este colectivo da 3ª idade de Teo como principal obxectivo. Os nosos maiores esixen ofertas programáticas desde a institución municipal que satisfagan os seus intereses ó longo de todo o ano e non só con accións puntuais e efémeras.
Entre as posibles iniciativas que poderían encher estes baleiros está a construción dun Centro Social no que ós nosos vellos se lles ofrezan programas culturais, deportivos, lúdico-recreativos , etc. ou simplemente un lugar de socialización de referencia a onde acudir para parolar, conversar ou facer relacións cos seus veciños. Así mesmo habería que concibir estas instalacións coa suficiente versatilidade para posibilitar no seu día a súa ampliación e convertelo tamén en centro de día, no que satisfacer necesidades de carácter asistencial dos nosos maiores.
Cómpre salientar que Teo ten un censo de maiores de 64 anos de arredor de 1300 persoas o que representa un 14% do conxunto da poboación (a maioría son mulleres: un 60% aproximadamente).

En Teo, neste intre, non existe ningunha instalación pública municipal que cumpra esta función. Os vellos non teñen practicamente a onde ir.
No que concirne ó Plan PRODER II (Plan de Desenvolvemento Rural), dentro da Asociación Sar-Ulla, este naceu por iniciativa dos Concellos de Ames, Brión, Santiago e Teo e a Fundación Comarcal de Santiago, ademais de diversas entidades privadas, co fin de pór en marcha plans de actuacións para o desenvolvemento do medio rural. Prevé axudas para "investimentos non produtivos" (como sería o caso de que estamos a falar) que poden chegar ata os 500.000 euros. Pódense acoller a elas tanto entidades privadas como concellos.
Cómpre non esquecer que a data final para a admisión de solicitudes remata o 1 de novembro de 2006.
Entre os proxectos que se poderían beneficiar destas axudas estaría este que os socialistas de Teo formulamos na nosa moción: a construción dun Centro da 3ª idade para o goce do colectivo dos nosos maiores coa posibilidade mesmo de convertelo no futuro tamén en centro de día. Por outra banda, convén lembrar que o Concello dispón dunha ampla oferta de terreos municipais nos que poder situar esta instalación.

ACORDO:
Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a:
1. Elaborar un proxecto técnico dun centro social para a 3ª idade. Esta instalación debería contar con dependencias como cafetaría e comedor (con prezos axeitados), sala de xogos, sala de lectura, aula de informática, sala de obradoiros, ximnasio, auditorio, etc. Cómpre non esquecer no proxecto orixinario a posibilidade de conversión/ampliación das súas instalacións no futuro para incrementar os seus servizos coa oferta de carácter asistencial propia dos chamados centros de día.
2. Presentar o proxecto na oficina central do Grupo de Acción Local do programa PRODER II "Sar-Ulla" e facer as xestións pertinentes para conseguir as axudas económicas necesarias co fin de poder materializar o proxecto.

Debate:
O Sr. Concelleiro Rego Jorge sinala que na moción defenden un centro especial de atención ó maior, porque no Concello con este colectivo practicamente non se fai nada, agás algunha viaxe; engade que presentan a moción por varios motivos, así: en primeiro lugar, por poboación, sobre 1.300 persoas son maiores de 65 anos, e é incomprensible que tivera que ser a iniciativa privada a que dera resposta ás necesidades dos nosos maiores e finalmente porque é un dereito dos nosos maiores poder elixir entre centro público ou privado.
Engade que os nosos maiores non teñen porqué ser ociosos e que tampouco debe facerse un clube de xubilados porque son practicamente guetos; nós queremos un centro especial de atención ó maior con prestazóns integrais socio-sanitarias, que deben realizarse múltiples actividades para os maiores, e por elo propoñen que se dote de actividades socioculturais, proxeción de películas, realización de cursos, etc...
En segundo lugar porque existen maiores con problemas sanitarios que viven coas súas familias e ós que se lles debería prestar neste centro actividades, e en terceiro lugar para implantar a teleasistencia.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que en principio votarán a favor, e que a teleasistencia xa se teñe coa Deputación, e votarán a favor polos fíns sociais; engade que cremos que nós lle chamaríamos centro social con programación específica para servizos sociais, que pensa que se pediu subvención para equipamento no plan concertado e que cando se rematen deberían ser postos en funcionamento como servizo comunitario, que cre que se fixo un convenio no

1998-2000 como centro xuvenil e que sería polivalente tamén para isto, e reclaman que se poña en marcha este servizo.
O Sr. Concelleiro Rego Jorge sinala que se trata de financiar con fondos do Proder porque remata o prazo en novembro de 2006, e que no seu programa electoral falaban xa de centro plurifuncional, polivalente, como dixo o BNG.
O Sr. Alcalde sinala que quero dicirlle ó PSG-PSOE que máis sensibilidade cos nosos maiores non a tiveron vostedes; que agradézolle que o pediran co Proder, e que cando ven algo xa o queren aproveitar, engadindo que estamos esperando e ó mellor con eses cartos do Proder se fai unha gardería ou ben un centro sociocultural; que estamos a facer todo o que se pode en canto ós nosos maiores, e que coa teleasistencia xa levamos moitos anos funcionando.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:8, pertencentes ós grupos municipais do BNG (4), e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra:8, pertencentes ó grupo municipal do PP (8).
Abstencións:0.
Ó abeiro do disposto no art. 100 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, efectuouse unha nova votación persistindo o resultado de empate, decidindo o voto de calidade do Alcalde, quedando rexeitada a moción.

7º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE INCUMPRIMENTOS DOS COMPROMISOS DO PLAN DE SANEAMENTO ECONÓMICO-FINANCEIRO DO CONCELLO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Exposición de motivos:
O día 12 de novembro de 2004 reuniuse en sesión extraordinaria o Pleno da Corporación de Teo para, entre outras cuestións, debater unha "proposta da alcaldía de aprobación do Plan de saneamento financeiro" (sic).
Despois dun longo e tenso debate do Concello con 9 votos a favor pertencentes ós grupos municipais do PP e Mixto e 8 en contra dos grupos da oposición acordou aprobar o Plan de saneamento económico-financeiro para o período 2005-2007 a proposta do Alcalde Armando Blanco, quen asinaba persoalmente o devandito documento.
Neste documento asinado polo Alcalde Armando Blanco, no apartado titulado 3.3) *Racionalización do gasto*, contíñanse unha serie de compromisos para efectivamente "racionalizar o gasto", é dicir, para aforrar e gastar/investir mellor, como os que a continuación reproducimos literalmente:
"(…) De todos os xeitos, isto non impide definir uns criterios de racionalización mínimos que permitan reducir de forma significativa o gasto, á vez que se adecúan os procedementos para a súa execución ós criterios de control establecidos pola normativa de aplicación:
− Estudo do custo dos servizos, de cara á mellora de explotación.
− Estudo do gasto en actividades culturais, deportivas e de lecer.
− Estudo do custo dos servizos xerais e dos medios para a súa execución

3.3.1) Mellora da explotación dos servizos
Estudo do custo dos servizos municipais básicos: recollida de RSU, mantemento e conservación de inmobles e infraestruturas, servizos de limpeza e vixía de instalacións, servizos informáticos e de comunicación, servizos xurídicos, etc. Este estudo realizarase nun

prazo máximo de tres meses, de xeito que nun período entre tres e seis meses posteriores ó mesmo se poidan poñer en marcha as medidas precisas para a redución de custos, sen prexuízo de contratos suxeitos a vencemento determinado que teñan que cumprir os seus prazos.

3.3.2) Gastos en actividades culturais, deportivas e de lecer.
Inclúense neste apartado tanto os gastos derivados de actuacións executadas directamente polo Concello como as organizadas por entidades privadas con subvención municipal. Procederase a elaborar un estudo das actividades que se realizan de forma que se acaden formas máis eficientes de actuación, evitando a sobrecarga de actividades similares e potenciando a figura dos convenios con entidades privadas para a súa realización.

3.3.3) Custo dos servizos xerais e dos medios de execución.
Procederase a estudar as formas de adquisición e utilización dos medios materiais precisos para os traballos ordinarios de xestión, administración e mantemento.
Habilitarase un sistema para a provisión de persoal de forma eventual mediante a creación de listas de persoas nos diferentes eidos de traballo para a substitución puntual de ausencias de persoal propio do Concello ou para a execución de traballo extraordinarios.
Na parte final, concluíase:
"A corrección do equilibrio orzamentario non garante por si mesma o equilibrio económico, pero dos cadros de proxección pode inserirse a consecución dun superávit financeiro no período de execución do Plan de saneamento. A única condición é un rigoroso seguimento da xestión orzamentaria e un escrupuloso cumprimento dos procedementos de xestión dos gastos e dos ingresos".
Repetimos: este documento levaba a sinatura do Alcalde Armando Blaco con data 7 de outubro de 2004.
Cómpre salientar que o Concello de Teo se atopa nestes intres, nunha máis que difícil situación económica pola débeda acumulada, que como se sabe, alcanza a cifra de case 700 millón de ptas. (300 millóns de débeda arrastrada de anos anteriores + 350 millóns das operacións de crédito concertadas con diversas entidades bancarias en xaneiro de 2005) e para a que o Concello se viu obrigado a solicitar diversas operacións de crédito aprobadas polos grupos de goberno en solitario a principio do presente ano.
Pois ben, ó Grupo Municipal Socialista non lle consta que se fixera ningún dos estudos mencionados e o que é o máis grave: non hai constancia tampouco de que se levaran á práctica ningunha das medidas de racionalización do gasto sinaladas, senón máis ben todo o contrario, xa que seguen existindo gastos superfluos e de signo malgastador como:
- Adquisición de libros sen ningún criterio: 1485 euros. Igual case a 250.000 ptas. (e bótaselle a culpa a don Ignacio Varela desta factura de agosto deste ano 2005).
- Páganse cantidades exorbitantes pola retirada de cans ceibes: cada servizo cústalle ó Concello de Teo 434,62 euros. Igual case a 73.000 ptas.
- Dispáranse os gastos en servizos informáticos: a empresa provedora facturou o pasado ano máis de 103.000 euros. Igual a máis de 17 millóns de ptas. e non existe contrato polo medio nin se adxudicou mediante concurso público como esixe a lei.
- O mantemento mensual da páxina web é de 991,80 euros. Igual case a 165.000 ptas.
- Mantense unha política irracional e desorbitada dos gastos de subvencións, moi por riba do previsto nos orzamentos municipais deste ano.
- Irregularidades no contrato de subarrendo do servizo de xardinería por parte da empresa Geseco á firma Manuel Sobredo.

- Fanse mal obras e os organismos de control (Oficina de Intervención Territorial do Estado, Augas de Galica...) obrigan a devolver subvencións (caso das obras de saneamento de Casalonga ou do cemiterio municipal) ou a volver a repetilas (obras de saneamento do Río Tinto), etc.
- Insuficiente cadro de persoal na administración municipal, etc.

ACORDO:
Ínstase ó Alcalde Armando Blanco a que convoque con carácter de urxencia a Comisión de Facenda e proceda na mesma a:
1. Dar explicacións documentadas ó Pleno do desenvolvemento e resultados ata o de agora do Plan de saneamento económico financeiro.
2. Explicacións de se se cumpriron ou non os compromisos adquiridos e aprobados polo Pleno. No caso de que non fora así, esiximos explicacións dos seus motivos.
3. Realización dos estudos comprometidos e presentación ó Pleno da Corporación antes de que remate o presente ano 2005, para o seu debate e aprobación se procedera.
4. Posta en práctica no ano 2006 das correspondentes propostas, despois da súa aprobación polo Pleno, a partir das conclusións dos estudos devanditos.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que como se ver polas actas das comisións informativas só hai monólogos da oposición, non hai ningunha explicación. Engade que en novembro de 2004 presentouse por vostede proposta sobre plan de saneamento económico financeiro que aprobaron. Nese documento nun apartado se falaba de racionalización do gasto, dunha situación que era caótica e que eran escépticos respecto deste documento porque vostede o asinou pero non o estudiou e o incumpre sistematicamente; dicía vostede que se faría un estudo de custos dos servizos nun prazo máximo de tres meses, e pasou un ano e non coñecemos ningún tipo de estudo; que se faría un estudo de actividades deportivas para potenciar a figura dos convenios e que non existe nada; que se faría un estudo do custe dos servizos xerais que é outro compromiso non levado á práctica; que se faría un riguroso seguimento da xestión presupostaria e estamos a ver que non hai tal rigor, porque hai unha serie de gastos que preocúpannos, así nun Pleno aparece unha factura de 1.485 euros de agosto de 2005 que a encargou vostede e igualmente que cada can que se recolle en Teo custa 73.000 das antigas pesetas; que en gastos en servizos informáticos o ano pasado se gastaron máis de 17.000.000 das antigas pesetas e non hai contrato de ningún tipo, que o mantemento da páxina web custa ó mes moitísimo, que é increíble, pregunte vostede por aí o custe de páxinas web; non hai convenios, non falemos do subarrendo da xestión do servizo de limpeza feito antes da autorización polo Pleno, fanse mal algunhas obras, como as comunicadas por Facenda e por Augas de Galicia, que son só algúns exemplos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que o incumprimento do plan é evidente, pero tampouco tíñamos esperanza de que o cumpriran.
Auséntase neste intre do Pleno o Sr. Concelleiro Tallón Mesías.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que como nós sabíamos que o Alcalde o tiña que facer por lei, propuxemos a creación dunha comisión de seguimento para velar polo cumprimento do plan, que foi rexeitada.
Na moción de hoxe xa se ven obrigados a denunciar as prácticas económico-administrativas do Concello, e que lles gustaría que lle dera explicacións deses incumprimentos, e remata sinalando que piden que se fagan eses estudos e que se poñan en práctica.

O Sr. Alcalde sinala que o seu goberno en Madrid leva un ano e fixo todo ó reves; que o plan é ata 2007 para racionalizar ingresos e gastos, en canto ós ingresos se están a controlar e delegouse na Deputación, que isto non é unha cousa que se faga nun día, e en canto ós gastos están facéndose novas contratacións e o de saneamento estáse traballando nelo porque teñen contrato en vigor.
Engade que como vostedes din en todos os sitios o de terra queimada, lles digo que Teo debe 293.000.000 millóns das antigas pesetas en créditos ó día de hoxe, e creo que calquer concello que gobernan vostedes PSG-PSOE ou BNG aínda lle xogaría algo de que non se atopan nesta situación, e remata sinalando que esta débeda non é unha débeda para poñerse nervioso ninguén.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:7, pertencentes ós grupos municipais do BNG (4), e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra:8, pertencentes ó grupo municipal do PP (8).
Abstencións:1, do Sr. Concelleiro Tallón Mesías ó abeiro do disposto no art. 100 do ROF.
Queda rexeitada a moción.

8º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE A POSTA EN MARCHA DO PUNTO LIMPO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Exposición de motivos:
A acta de recepción do selado do vertedoiro de Luou e a correspondente entrega do Punto Limpo situado no mesmo lugar, está asinada con data de 8 de xuño de 2005. O Concello de Teo oficializou a recepción destas instalacións a través dunha Xunta de Goberno que tivo lugar a finais do pasado mes de xullo.
O 22 de agosto (núm. de rexistro de entrada 4286) recíbese no Concello de Teo o documento asinado polo anterior director de calidade e avaliación ambiental con data 18 de agosto que acredita a "entrega ó Concello de Teo da obra finalizada de adecuación, clausura e selado do seu vertedoiro de residuos urbanos e instalación dun punto limpo". Este documento consta dunha acta de recepción dun programa de vixía e control ambiental.
Nesta comunicación encárgase ó Concello de Teo que para o mantemento do vertedoiro "deberá levar a cabo un plan de vixía e control ambiental seguindo as indicacións e controis propostos en dito documento". Afírmase tamén que a frecuencia das inspeccións da estabilidade do vertedoiro, da cubrición final e do mobiliario farase con periodicidade trimestral.
Por último, sinálase que para verificar a evolución dos parámetros ambientais do vertedoiro terase que facer un "informe de seguimento ambiental que será presentado ante esta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con periodicidade semestral o primeiro ano e anual a partir do segundo, durante polo menos 4 anos". No devandito informe recollerase un "resumo do estado do vertedoiro, indicando os traballos de mantemento realizados, o resultado dos controis efectuados durante o ano precedente e as incidencias acontecidas". Asemade incluirá "unha reportaxe fotográfica do emprazamento".
En conclusión: selase o vertedoiro, entrégase ó Concello de Teo e encárgaselle un Programa de vixía e control ambiental e o que é máis importante: fáiselle entrega ó Concello de Teo dun Punto Limpo. Todos este extremos foron ratificados ademais ó Grupo Municipal Socialista de

Teo polo novo Director Xeral de Avaliación e Calidade Ambiental, don Xaquín Buergo nunha xuntanza mantida en días pasados.
Namentres todo isto se produce as queixas veciñais sobre os vertedoiros incotrolados e a acumulación desproporcionada de lixo nos puntos de recollida de grandes utensilios e voluminosos en Teo sucédense, así como as iniciativas políticas ó cargo fundamentalmente do Grupo Socialista para propoñer medidas correctoras e respectuosas co medio ambiente. Asemade, xeneralízase un estado de desorientación entre a veciñanza sobre o que facer con determinados residuos como grandes utensilios e voluminosos, materiais plásticos, produtos químicos, pilas, aceites, etc.

ACORDO:
Por todo o anteriormente exposto, ínstase ó Alcalde e ó seu grupo de goberno a:
1. Proceder de inmediato á apertura e posta en funcionamento do Punto Limpo. Consecuentemente clausuraríanse os actuais puntos de recollida de grandes utensilios e voluminosos.
2. Elaborar un Plan de funcionamento e mantemento do Punto Limpo mediante o establecemento de mecanismos de xestión imaxinativos que garantan a máxima eficiencia e, ó mesmo tempo, sexan o menos gravosos posibles para as arcas municipais e para os petos dos cidadáns.
3. Levar a cabo, con todo rigor o Programa de vixía e control ambiental do vertedoiro selado de acordo cos parámetros expostos no documento que se xunta coa acta de recepción do mesmo.
4. Organizar unhas campañas informativas sobre a función que cumpren estas instalacións e como deben ser utilizadas polos cidadáns.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que é un exemplo máis da súa nefasta xestión; que o 22 de agosto se recibe a acta de entrega do vertedoiro e instalacións dun punto limpo e a partir deste momento o Concello dispón do punto limpo, dicíaselle tamén na comunicación da Xunta que se debería levar un plan de vixía e control ambiental con periodicidade trimestral e pregunta, ¿cales son eses seguimentos?, e por último sinálase que debe facerse un seguimento que debe presentarse á Xunta; en conclusión que se lle fai entrega dun punto limpo, extremo confirmado na Xunta por este grupo municipal e que non está en funcionamento, e que o outro día veu ó Pleno o regulamento de funcionamento do punto limpo e que lle preguntaron ó Sr. Cea e non contestou. Remata sinalando que en definitiva na moción solicitan que se poña en marcha inmediatamente o punto limpo.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que van apoiar a moción, basicamente porque fai un ano presentaron unha moción sobre isto; engade que presentaron tamén unha moción sobre o selado que cren chapuceiro e barato, que pensan que non está selado; engade que cremos que sobre todo hai que educar, que o grupo de goberno só fai actuacións puntuais, que o problema non é recoller, é que non se tire, que unha campaña informativa educativa é o fundamental, incluíndo o punto limpo ó que se refire o PSG-PSOE.
Engade que moitos enseres grandes se tiran porque a xente non sabe onde levalos, que hai que facer unha campaña ben estudiada sobre a xestión do lixo doméstico, industrial e agrícola; e ramata sinalando que van apoiar a moción porque este será un dos grandes problemas de aquí a poucos anos, e o punto limpo é unha cuestión puntual neste ámbito máis xeral.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés pregunta, ¿o Sr. Cea non vai constestar?. O Sr. Alcalde sinala que o farei eu. Continua sinalando o Sr. Concelleiro que o tema da recollida de lixo é moi complexo e que se hai educación pero non hai instalación non se pode facer nada, e que Geseco está incumprindo o contrato e xa se falará diso nunha próxima moción. Engade que nós aquí falamos dun aspecto moi concreto, que é poñer en funcionamento o punto limpo, que as instalacións estaban absolutamente abandoadas cando presentaron a moción e o amañaron estes días, e simultaneamente con isto facer campañas informativas para que os cidadáns saiban como usalo.
O Sr. Concelleiro Iglesias Villar sinala que volvemos ó segundo turno sen existir o primeiro, e que vai a comezar a falar co fondo do salón de plenos, engade que se hai concelleiros delegados deben responder da parte da xestión que levan, e remata sinalando que vostede responde o que lle parece e así pasamos a mañán.
O Sr. Alcalde sinala que o regulamento xa foi aprobado e agora estamos estudiando como levalo, directa ou indirectamente, que vostede copia todo o que nós estamos a facer, que o Sr. Secretario e os señores funcionarios de abaixo non son máquinas e levan o traballo cando poden e como poden, porque se non trouxeran tantos asuntos aquí podería traballarse máis, que o Sr. Secretario non da máis, que vamos como podemos, non como quere vostede, que isto non é unha máquina de churros, e que no Concello hai cousas moi importantes todos os días e se van facendo como se pode. Respecto da manifestación de que os investimentos son subterráneos sinalar que están en abastecemento e saneamento, que están aí e vostede anda ríndose deses investimentos.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que iso o dixeron os señores concelleiros Parajó e Vázquez Pallas.
O Sr. Alcalde sinala que estamos traballando niso e xa se verá como se fai, que temos dúas rapazas en medio ambiente que van facer unha campaña e estamos programando como se vai facer.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:7, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra:8, do grupo municipal do PP(8).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

9º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE CONSTRUCIÓN DUNHA GARDERÍA/ESCOLA INFANTIL NA PARROQUIA DE CACHEIRAS.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Exposición de motivos:
A parroquia de Cacheiras consta de 25 núcleos e dunha poboación superior ós 4700 habitantes. Hoxe é a parroquia con maior número de habitantes de todo o Concello. Polo demais conforma arredor de si unha ampla área de influencia, sobre todo a través da AC-845 que actúa como elemento vertebrador desta parte do territorio teense, na que se engloban parroquias como as de Recesende, Oza, Lucí, Reis Rarís, e mesmo Bamonde, Vilariño e Santa María de Teo, ata sumar un total d case 9000 habitantes, máis da metade da poboación do Concello deTeo.

Esta zona de configuración tradicional no pasado está a experimentar nos últimos tempos un aceleradísimo proceso de urbanización ata o punto de que hoxe, polo menos a parte que linda coa estrada AC-841 está a xermolar un núcleo urbano case consolidado pendente da súa definitiva expansión en forma de trama plenamente urbana a través do desenvolvemento do futuro Plan xeral de ordenación muncipal.
Na actualidade son moitas as familias que viñeron a establecerse nesta zona. Desde o punto de vista sociolóxico trátase fundamentalmente de parellas novas, traballadores do sector de servizos, que se radican aquí co fin de iniciar unha nova etapa nas súas vidas familiares e profesionais. Ás veces veñen acompañados xa de cativos moi pequenos, aínda que na maioría dos casos é aquí onde nacen os seus fillos.
Estes factores, parellas novas, capacidade adquisitiva media (moi condicionada en xeral polas hipotecas dos pisos adquiridos), ambos traballadores, etc., determinan que unha das súas principais necesidades sexa unha gardaría ou institución socioeducativa pública que acolla ós seus fillos para permitirlles, por unha banda, iniciar o proceso formativo dos seus pequenos, e, pola outra poder compatibilizar vida familiar e vida laboral.
Ó día de hoxe, o Concello de Teo, dispón só de dúas instalacións destas características en Calo e nos Tilos, as dúas totalmente saturadas a causa da enorme demanda existente, polo demais, perfectamente coherente cun concello en plena fase de crecemento.
Por outra banda, nestes últimos días, o Vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, ven de anunciar publicamente o seu obxectivo de crear 2000 prazas en escolas infantís a través dos orzamentos autonómicos de 2006.
O Vicepresidente da Xunta sinalaba que eses obxectivos mínimos "cubriranse con recursos propios da Xunta de Galicia, aínda que agarda sumar achegas doutros socios como o Estado, os concellos, a obra social das entidades crediticias ou as organizacións non gobernamentais".

ACORDO:
Instar ó Alcalde de Teo e ó seu grupo de goberno a:
1. Construír unha gardaría/escola infantil de titularidade pública que atenda as necesidades desta zona. Para o seu emprazamento suxerimos as proximidades do núcleo urbano de Cacheiras, dada o seu centralismo xeográfico, a idoneidade das súas comunicacións e o feito de ser o lugar onde se concentra a maior demanda deste servizo.
2. Proceder á elaboración do correspondente proxecto técnico e a toma de decisións pertinentes para facilitar o solar onde construír este centro.
3. Iniciar de inmediato as correspondentes xestións co Vicepresidente da Xunta para incluír este centro educativo de Cacheiras dentro das prioridades do seu Departamento para o vindeiro ano 2006.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que acaba de escoitar no dictame sen debate e non hai nada ó respecto do grupo de goberno e pensa que é bastante lamentable.
Continua sinalando que o 10.11.2003 o PSG-PSOE presentou unha moción moi ampla sobre os problemas desta zona e falábamos tamén daquela de educación e que era imprescindible unha gardería/escola; dous anos despois estamos igual. Engade que a AC 841 debe ser un elmento vertebrador de casi oito mil habitantes que agora mesmo carecen deste servizo, nós consideramos que o lugar idóneo era a parroquia de Cacheiras por ser agora mesmo a máis grande en número de habitantes e porque debido a súa localización xeográfica dará servizo a toda a ampla zona do contorno, que debe facerse nunha zona cómoda non só para os veciños de Cacheiras senón para as parroquias nucleadas ó redor do núcleo de Cacheiras.

Engade que o Vicepresidente da Xunta de Galicia anunciou investimentos nestas infraestruturas e que é o momento de solicitar, de iniciar os trámites, que nós non facemos localismos baratos, pero dada a poboación de Cacheiras, o elemento vertebrador de estrada e as parroquias do redor, debe ir en Cacheiras pero non en Ramallosa.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que están totalmente de acordo con esta escola para esta zona, para as parroquias que non teñen este servizo, e que son conscientes que o equipo de goberno quere instalala en Ramallosa, pero o que é unha evidencia é que é unha necesidade.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que está dito todo, que lamenta que non se conteste e non se poda debatir, alá vostede coa súa responsabilidade; engade que os intereses inmobiliarios desta zona xa fan publicidade de vender equipamentos con cartos públicos en iniciativas privadas e isto é lamentable, que xa hai carteis por aí; que non é un problema de localismo, que neste caso concreto dada a posición de centralidade de Cacheiras debe ser o sitio de poñela.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que quere reiterar a falta de respeto por non contestar o Alcalde. Engade que xa denunciamos coa piscina que con cartos públicos se revalorizan proxectos privados e que hai promocións urbanísticas que en carteis anuncian servizos que aínda non existen, que na zona de Cacheiras debe facerse a escola é evidente, e remata sinalando que se está a hipotecar a zona de Cacheiras, que é unha bomba de reloxería.
O Sr. Alcalde sinala que respetamos a súa postura máxime sendo a miña parroquia, e temos unha en Calo e outra nos Tilos, pero o máis normal é centralizar aquí en Ramallosa, e respecto do tema dos carteis é problema deles e de vostedes, eu non os vin; engade que a nós déronnos unha finca en concentración parcelaria para o centro de saúde, na da piscina a urbanización deu iso e se o Proder trae unha gardería o mellor centralízase no centro do Concello, que é este, se é posible. Estamos de acordo coa proposta pero non coa ubicación e remata sinalando que trataremos o mellor de levar unha para Cacheiras, pero que esta zona non a ten e pensan que é mellor facela aquí para centralizar aquí, para que todos os veciños teñan o dereito a vir aquí, porque as outras dúas non están moi lonxe das parroquias ás que lle dan servizo.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 7, dos grupos municipais do BNG (4) e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra: 8, do grupo municipal do PP(8).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

10º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE NOVO REGULAMENTO PARA A CONCESIÓN DE HONORES E DISTINCIÓNS.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Exposición de motivos:
O vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) no seu título VI, sección 5ª, De los honores y distinciones, establece os seguintes artigos:

Art. 189. Las corporaciones locales podrán acordar la creación de medallas, emblemas, condecoraciones u otros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiales merecimientos, beneficios señalados o servicios extraordinarios.
Art. 190.2. Los nombramientos de miembros honorarios de las corporaciones no otorgarán, en ningún caso, facultades para intervenir en el gobierno o administración de la entidad local, pero habilitarán para funciones representativas cuando estas hayan de ejercerse fuera de la demarcación territorial respectiva. Para concederlos a extranjeros se requerirá autorización expresa del Ministerio para las Administraciones Públicas, previo informe del de Asuntos Exteriores.
Art. 191. Los requisitos y trámites necesarios para la concesión de los honores y distinciones a que se refieren los dos artículos precedentes, se determinarán en reglamento especial.
En conclusión: os concellos poden acordar nomeamentos honoríficos e para iso deberán elaborar e aprobar un "regulamento especial".
Nesta lexislatura a actual Corporación asistiu a situacións certamente conflitivas en casos desta natureza, que posiblemente se poderían ter evitado se o Concello de Teo dispuxera oportunamente dun regulamento máis elaborado e apoiado unanimemente por todos os membros da Corporación.
Por outra banda cómpre ó respecto, dado o sentido altamente institucional que comportan este tipo de acordos dispor de mecanismos axeitados que garantan o máximo rigor e o máximo consenso político e social, tanto na súa tramitación como na toma final de decisións. E isto só o pode asegurar a existencia dunhas normas aprobadas previamente por consenso de todas as forzas políticas que forman parte da Corporación.
Na actualidade, existe un excesivamente esquemático "esbozo de regulamento" que foi aprobado –por certo, non exento de polémica- nunha sesión extraordinaria da Corporación celebrada o 29 de decembro de 1998, e que convén actualizar e mesmo concretar dado o seu carácter excesivamente conciso. Así mesmo, a polémica xerada no seu día cómpre substituíla por un contexto de consenso e concertación que permita a súa aprobación por unanimidade de todas as forzas políticas.

ACORDO:
Instar ó Alcalde e ó seu grupo de goberno a:
1. Proceder á elaboración e aprobación dun novo Regulamento para a concesión de honores e distincións no Concello de Teo.
2. A estes efectos, designarase unha comisión integrada por membros de todas as forzas políticas da Corporación, conforme a criterios de proporcionalidade. O texto definitivo deberá estar definitivamente aprobado polo Pleno da Corporación antes de xuño de 2006.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que falamos dun novo regulamento, porque o que hai se fixo cunha finalidade moi concreta de outorgar unha distinción a unha persoa moi coñecida en Teo, e se fixo deprisa e correndo e sen contar coa unanimidade da Corporación e que o Sr. Parajó en 1998 se abstivo; engade que pensan que un regulamento como este debe ser aprobado por toda a Corporación e debe recoller todas as posibilidades partindo dun consenso. Engade que o regulamento ten cousas curiosísimas e considero que hai moitas dúbidas para que vostede reciba o nome dunha rúa, con este regulamento esa decisión do Pleno sería recurrible, e remata sinalando que hai que ter un regulamento auténtico de honores e distincións que debe elaborarse por unha comisión integrada por todos os membros da Corporación.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que para elaborar un regulamento de honores e distincións primeiro hai que ter honor, e que pide ós concelleiros do grupo de goberno que actuen con honor, porque hai un regulamento aprobado e se falta ó honor cando se actúa en contra do mesmo; engade que se está sen primeiro turno e ou corriximos isto ou imos moi mal; que primeiro hai que poñer o honor sobre a mesa e despois aprobar regulamentos e remata sinalando que non sei para que vimos ós Plenos.
Se reincopora neste intre ó Pleno o Sr. Concelleiro Tallón Mesías.
O Sr. Alcalde sinala que algunhas das cousas que di vostede Sr. Leis, dánme pena; que primeiro presenta unha moción e cando se entera que xa hai regulamento aprobado a retira, vostede non sabía que había un regulamento aprobado no ano 1998, dáme pena, e despois de ler o regulamento presenta outra moción e que esta é a súa línea de sempre.
Remata o Sr. Alcalde sinalando que hai un regulamento que foi aprobado, está en vigor e estará, porque non imos aprobar a moción.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:8, pertencentes ós grupos municipais do BNG (4), e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra:8, pertencentes ó grupo municipal do PP (8).
Abstencións:0.
Ó abeiro do disposto no art. 100 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, efectuouse unha nova votación persistindo o resultado de empate, decidindo o voto de calidade do Alcalde, quedando rexeitada a moción.

11º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE INTRODUCIÓN DAS CHAMADAS "CLÁUSULAS SOCIAIS" NOS PREGOS DE CONDICIÓNS DE OBRAS E SERVIZOS.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Exposición de motivos:
As denominadas "Cláusulas Sociais" son mecanismos pensados para favorecer a aquelas empresas que dispoñan de políticas de recursos humanos que permitan e favorezan a integración social e laboral daqueles colectivos que presentan maiores dificultades para acceder ó emprego e que contan con apoios á conciliación da vida laboral e familiar.
Levar adiante esta medida suporía, por parte do noso Concello, fundamentalmente, unha aposta decidida pola formación, o emprego de calidade e o benestar.
Desde o Concello de Teo tamén debemos facer un esforzo por entender que as administracións públicas e, neste caso a administración local, desenvolve un papel fundamental na consecución dun emprego de calidade e no desenvolvemento de verdadeiras políticas que fomenten a igualdade de oportunidades e unha mellor e máis xusta distribución da riqueza. Por todo isto, cómpre impulsar diferentes accións, como as aquí sinaladas, encamiñadas a fomentar a integración e formación do conxunto da cidadanía, e, en especial daquelas persoas que máis o necesitan para contribuír ó desenvolvemento dun mercado laboral máis xusto, máis dinámico e máis axustado ós novos retos que formula o século XXI.

ACORDO:
Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a introducir, como mínimo, as seguintes cláusulas sociais nos pregos de condicións de obras e servizos:

1. Valoración de contratación de persoal:
A Mesa de contratación valorará coa puntuación previamente acordada pola mesma a contratación por parte da empresa licitadora de:
- Persoas en situación de risco de exclusión, con contrato superior a un ano.
- Persoas con discapacidade superior ó 50% debidamente acreditadas polo órgano competente da Xunta de Galicia.
- Persoas desempregadas con idade superior a 45 anos.
- Persoas con máis de 18 meses en situación de desemprego.
- Persoas incluídas en programas municipais de fomento do emprego, se os houbera.
- Persoas incluídas nos censos de chabolismo e infravivenda municipais.
- Persoas incluídas nos programas de integración laboral para inmigrantes e emigrantes retornados.
- Mulleres maiores de 40 anos, incluídas nos programas de integración e formación con cargas familiares.
- Mulleres incluídas nos programas de prevención e acollida por violencia de xénero.
- Mozos e mozas que optan ó primeiro emprego.

2. Programas de conciliación de vida laboral e familiar:
A Mesa de Contratación valorará coa puntuación que previamente se acorde, a posta en marcha polas empresas licitadoras de programas de conciliación de vida familiar e vida laboral, como:
- Gardaría/Escola Infantil (ou axudas económicas) para fillos/as de empregados.
- Axudas económicas para o coidado de menores ó seu cargo.
- Axudas económicas para o coidado de maiores ó seu cargo.
- Axudas económicas para o coidado de persoas dependentes ó seu cargo.
- Axudas económicas para o coidado de persoas con discapacidade ó seu cargo.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés solicita que conste en acta que non escoitamos ó PP neste Pleno e en segundo lugar que pasou por comisión sen debate.
Sinala que de todas as mocións que presentaron para este Pleno unha das que máis orgullosos estamos é esta, sabe vostede xa o que son as cláusulas sociais segundo se desprende da moción; engade que o Concello de Teo non dedicou ningún acto á xornada de non discriminación e que fago este referencia porque nas cláusulas sociais se poderían incluir a mulleres en situación de discriminación, que trátase de primar nos pregos de condicións a aquelas empresas que potencian un determinado tipo de empregos nas súas plantillas, así por exemplo, persoas con risco de exclusión, maiores de 45 anos, etc...
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que estamos de acordo e que lle gustaría que estivera regulado a nivel de lexislación estatal, pero non nos imos opoñer a isto.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que unha vez máis que conste en acta que non escoitamos ó PP, escoitamos ó Alcalde, pero non ó Sr. Cajaraville.
Engade que estamos a falar de políticas de emprego de calidade e dun mellor reparto da riqueza, que non estamos escoitando ó PP en dous anos e medio, e remata sinalando que lle parece que non son dignos representantes dos veciños que votaron ó PP.
O Sr. Alcalde sinala que non se preocupe vostede pola saúde do PP, vostede goberne o seu galiñeiro e que non lle veña a peste aviar isa; engade que non estamos de acordo coa moción porque imos seguir cos mesmos pregos que temos de obras e servizos.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:8, pertencentes ós grupos municipais do BNG (4), e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra:8, pertencentes ó grupo municipal do PP (8).
Abstencións:0.
Ó abeiro do disposto no art. 100 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, efectuouse unha nova votación persistindo o resultado de empate, decidindo o voto de calidade do Alcalde, quedando rexeitada a moción.

12º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE SOLICITUDE A RENFE DE CESIÓN DO EDIFICIO DA ANTIGA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE OSEBE PARA CONVERTILO NUN CENTRO CÍVICO-SOCIAL.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Exposición de motivos:
A parroquia de Calo é moi extensa. A estrada N-525 divide a parroquia en dous territorios perfectamente delimitados. Unha destas zonas está conformada por unha área territorial máis ou menos artillada que abrangue, polo menos, os lugares de Riotinto, A Pedreira, Vilaverde, A Casalonga e Balcaide e, en certa medida, o de Francos. Calcúlase unha poboación aproximada duns 1500 habitantes. Como xa dixemos, a estrada N-550, actúa nunha dobre dirección: como factor de vertebración interna e externa da parroquia, mais ó mesmo tempo como elemento fraccionador en case dúas metades da entidade parroquial.
Toda esta zona que ten como vértice o lugar de Osebe distínguese, entre outras moitas cuestións por carecer da máis mínima infraestrutura que sirva de punto de referencia espacial dos parroquianos, isto é, non existe ningún edificio público que se poida utilizar como un espazo par fomentar a interacción social entre a veciñanza.
Na antiga estación do ferrocarril de Osebe existe un magnífico edificio de cantería, propiedade de RENFE, que neste intre non desempeña ningunha función concreta e se atopa nun estado de abandono case absoluto. Este podería, en troques, cumprir no futuro inmediato, o papel de centro cívico-social que toda esta zona da parroquia de Calo necesita.
Un centro cívico-social destas características sería un espazo integrador no que teña cabida a iniciativa social e desde o que se promova o acceso á cultura, facendo especial fincapé na formación da xente e na difusión de auténticos valores de cidadanía entre a xuventude e os maiores, a través da súa conversión nunha especie de ágora veciñal ou lugar de referencia para a participación cidadán e a revitalizción da vida asociativa.
Por outra banda, no programa electoral das últimas eleccións municipais da candidatura encabezada polo actual Alcalde Armando Blanco entre as “obras a realizar na parroquia da Calo” figuraba o seguinte compromiso: “obter de RENFE a cesión do edificio da estación de Osebe para fins socio-culturais”.

ACORDO:
Instar ó Alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a que dea os pasos necesarios para convertilo nun centro cívico-social e cultural ó servizo fundamentalmente dos veciños da zona.
Paralelamente cumpriría habilitar as partidas orzamentarias pertinentes para acondicionar o edificio e elaborar un plan que permita a materialización dos fins propostos de acordo coa natureza específica deste equipamento.

Asemade sería preciso adoptar as medidas pertinentes para garantir o acceso de vehículos ata as inmediacións do edificio.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que neste centro poderían facerse actividades culturais e de relación veciñal.
O Sr. Conceleiro Noriega Sánchez sinala que están totalmente de acordo coa intención de que pase ó Concello e coas necesidades da parroquia, pero vanse abster porque pensan que non é unha ubicación idónea tanto pola proximidade da vía do tren, como pola súa localización a 100 metros do Concello de Ames.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que o respeto a vostede como persoa, pero como Alcalde teño que darlle a miña desaprobación; engade que a fala é un acto democrático e que están a incumprir o regulamento que aprobaron porque sistematicamente non cumpren os dous turnos; que nun Estado democrático ten que escoitarmos e despois tomar unha decisión e que estou farto de ir a Comisións sen debate e a Plenos sen debate, e que isto é unha tomadura de pelo.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que non nos negará que polos menos argumentos se lle deron no día de hoxe; que vostedes practican o frontón, vostede non naceu para o diálogo, e remata sinalando que é unha falta de respeto.
O Sr. Alcalde sinala que non estamos de acordo coa moción porque fixeron a xestión fai tempo e non a colleron porque había un señor que vivía dentro e o Concello así non pode collela, nós non imos recoller unha estación de Renfe así, nós non queremos unha casa con familia dentro, nin era normal botar unha familia fora.
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío sinala que si contestara o Alcalde no primeiro turno dialogaríamos e se falaría do tema do inquilino.
O Sr. Alcalde sinala que se o señor marcha de aí se retomará o asunto, que as xestións se fixeron fai anos.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que existe unha contradición co programa lectoral do PP do 2003.
O Sr. Alcalde sinala que si Renfe solventa o problema, o Concello resolverá no seu momento.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:4, pertencentes ó grupo municipal do PSG-PSOE (4).
Votos en contra:8, pertencentes ó grupo municipal do PP (8).
Abstencións:4, pertencentes ó grupo municipal do BNG (4).
Queda rexeitada a moción.

13º) MOCIÓN DO BNG PARA CONTEMPLAR NO FUTURO PLAN XERAL UNHA SOLUCIÓN Ó DÉFICIT EN INFRAESTRUCTURAS DO LUGAR DE CACHEIRAS.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Urbanismo.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
O Grupo Municipal do BNG de Teo vén de facer pública unha campaña de denuncia e sensibilización cidadá sobre a problemática que se está a vivir a día de hoxe nos novos asentamentos urbanos do lugar de Cacheiras e Montouto, iniciativa que leva por título "Ven a Cacheiras, vive a aventura". Nela, preséntase abundante material fotográfico que denuncia os moitos problemas que teñen que sortear os veciños do lugar desde que tiveron a ben mercar

aquí unha vivenda. Desde o BNG temos claro que a responsabilidade desta situación é daqueles que no seu momento impulsaron un modelo urbanístico baseado nun crecemento desordenado, priorizando a especulación urbanística antes que un crecemento sostible asentado en servizos previos e espazos verdes.
De nada vale a día de hoxe axustar contas, mais a situación que se está a vivir é unha bomba de reloxaría que pode comprometer a viabilidade dun modelo urbanístico de calidade e incluso a saúde económica dun Concello, que a día de hoxe comeza a presentar un endebedamento preocupante.
Graves problemas de inseguridade viaria, atascos eternos, falta de cita previa no Centro de Saúde de Cacheiras, déficit de equipamentos urbanos (papeleiras?), falta de espazos verdes e prazas onde a cidadanía poida ter espazo e tempo de lecer e transporte público claramente deficiente son moitas das situacións coas que teñen que lidar os veciños día a día.
Desde o Grupo Municipal do BNG temos presentado múltiples iniciativas nos últimos 6 anos, que buscaban solucións parciais a esta problemática. Sabemos que nalgúns temas se teñen dado pasos na resolución de problemas mais tamén somos conscientes que cómpre unha aposta clara no futuro Plan xeral, aposta que contemple a solución destes déficits infraestruturais antes que a expansión do modelo existente. Trátase de que no Plan exista unha reserva de espazos públicos e verdes, de que se suxiran solucións á problemática do transporte público e de que se lle dea profundidade ó modelo urbanístico fuxindo do crecemento do mesmo enriba das vías existentes, claramente colapsadas.
O Plan xeral é a oportunidade que entre todos temos de deseñar un futuro para o Concello. Nos últimos dous anos a Comisión de seguimento, onde teñen representación todas as forzas políticas, non cumpriu a súa función, ó non ser convocada para achegar liñas políticas ó documento. A interpretación que sempre se fixo desde este grupo deste feito é que desde a Alcaldía non existía interese en que as achegas de todos estivesen recollidas no documento final. De nada vale outra vez, axustar contas, sendo o momento de que os grupos nos posicionemos no modelos a definir.
Sabemos, que as solucións á diversa problemática aquí formulada precisa de tempo, sabemos que seguramente tamén precisará as achegas económicas doutras administracións, mais nada de todo isto terá valor se o futuro Plan xeral non contempla directrices e terreos para solucionar a situación existente.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG propón a adopción do seguinte acordo:
1. Trasladar á empresa redactora do Plan xeral a necesidade de que no futuro documento prime a solución ós déficits infraestruturais da zona de Cacheiras–Montouto antes da expansión do modelo urbanístico existente. Contemplarase, por tanto, unha importante dotación de espazos verdes, zona de intercambio para o transporte público e unha futura adecuación da C-541 ó seu paso por Cacheiras.
2. Iniciar conversas con outras administracións (Consellería, Deputación) de cara a abrir vías de colaboración e fontes de financiamento que busquen unha saída integral ó déficit de equipamento urbanos no núcleo de Cacheiras (beirarrúas, papeleiras, servizo de limpeza, marquesiñas...).
3. Retomar a iniciativa presentada polo Grupo Municipal do BNG para abrir conversas con propietarios de terreos da zona urbana de Cacheiras que permitan, en réxime de aluguer habilitar zonas e espazos públicos de xeito temporal para a cidadanía.
4. Abrir un diálogo do grupo de goberno co tecido asociativo de cara a recadar información da situación existente que se está a vivir no lugar.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que vostede que tanto vai de home da parroquia debería asumir isto. Engade que a situación que se está a dar nas novas urbanizacións como en Cacheiras é preocupante, por elo fixeron unha campaña en tono de humor politico de "ven a Cacheiras, vive a aventura"; engade que é necesario artellar solucións, que de aquí a tres ou catro anos os problemas van ser gravísimos, que son cuestións que o Concello só non vai solucionar, pero que hai que ir artellando posibilidades.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que están absolutamente de acordo coa moción, e quere lembrar que o PSG-PSOE presentou diversas mocións con respecto a problemas desta zona, que en novembro de 2003 o PSG-PSOE presentou unha moción referente a Cacheiras e hai dous anos xa falaban de problemas que hoxe seguen sen resolver, e despois disa que foi rexeitada polo grupo de goberno, fixeron outras tres mocións, creo lembrar que unha era sobre a estrada, outra para a urbanización dos Tilos e outra onde volvían falar do proxecto de reordenación vial de Cacheiras e ó mesmo tempo fixeron unha campaña de mobilización veciñal que entregaron en maio de 2005 no Concello.
Continua sinalando que cando aprobemos o plan xeral debe quedar espazo reservado para todos estes equipamentos; en segundo lugar piden que se remate o proxecto que se está a facer da estrada, que vostede fixo presentación preelectoral ós veciños e que hoxe en día o proxecto non está todavía redactado pola Consellería e que esa presentación dalgunha maneira é insultar á intelixencia do pobo, e remata sinalando que o PSG-PSOE reuniuse coa nova consellería e que lle informaron que está a punto de rematarse o proxecto.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que os problemas de Cacheiras os vimos denunciando desde fai moitos anos; que no anterior mandato houbo grandes debates sobre urbanismo e sobre o tema de Cacheiras, xa dixeron que era unha bomba de reloxería, se fixeron campañas para denunciar a deficiencia de servizos, e que só nos queda o humor como arma política contra vostede, porque se nos falta estaríamos perdidos.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que quere lembrarlle que o grupo municipal do PSG-PSOE reuniuse co Director Xeral de Obras Públicas e lle confirmaron que o proxecto que vostedes presentaron non está rematado; vostedes enganaron unha vez máis ós cidadáns de Teo, que está a punto de ser rematado e é interese da consellería facelo en 2006, pero ten un só problema: o tráfico rodado, e están vendo cal é o momento axeitado para iniciar as obras, para que o saiba e cando teña a reunión coa Conselleira trate de poñer en marcha estas obras.
O Sr. Alcalde sinala que non estamos de acordo coa moción porque o plan xeral ten moita sensibilidade para estas infraestruturas e equipamentos urbanos. Con respecto ó dito polo Sr. Leis agradézolle que fora ver o Director Xeral pero que minten vostedes porque daquela xa estaba feito para poder levalo adiante, porque se a vostedes os recibe o Director Xeral a mín non me recibe, polo que tería que ir á prensa, e agradézolle a súa intención de levarme da man, e remata sinalando que isto está pedido desde setembro e se non me reciben teño que dicilo e ós que me reciben eu agradézollo.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:8, pertencentes ós grupos municipais do BNG (4), e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra:8, pertencentes ó grupo municipal do PP (8).
Abstencións:0.
Ó abeiro do disposto no art. 100 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, efectuouse unha nova votación persistindo o resultado de empate, decidindo o voto de calidade do Alcalde, quedando rexeitada a moción.

14º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE AS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NOS LUGARES DE NESPEREIRA, PARAXÓ, AIDO E CAXADE NA PARROQUIA DE LUOU.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.

Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:

Exposición de motivos:

Na pasada lexislatura leváronse a cabo as obras de acometida de abastecemento (auga) e saneamento (rede de sumidoiros) nas aldeas de Nespereira, Paraxó, Aido e Caxade, todas pertencentes á parroquia de Luou.

Incomprensiblemente, sen motivo aparente algún, estas redes estendéronse só de maneira parcial nestas aldeas, pois máis da metade dos veciños/as das mesmas ficaron sen estes servizos. Estamos a falar dun percorrido aproximado de 1 km.

Por outra banda, e tamén sen ningunha explicación técnica que o xustifique, levouse a rede de saneamento desde a aldea do Aido ata a de Caxade, pola antiga corredoira, nunha zona que carece de vivendas e deixando, en troques, unhas sete vivendas do lugar de Aido sen este servizo.

ACORDO:

Por todo o exposto, este Grupo Municipal Socialista insta ó Alcalde Armando Blanco e ó seu grupo de goberno a:

1. Dar explicacións sobre os motivos que levaron a deixar a metade das devanditas aldeas sen os servizos de saneamento e abastecemento, así como as razóns técnicas que obrigaron a levar a rede de saneamento pola antiga corredoira de Caxade.
2. Adoptar as medidas pertinentes de carácter técnico e económico-administrativas para completar os sistemas de saneamento e abastecemento nestes lugares de tal maneira que todos os veciños e veciñas da zona poidan gozar destes servizos antes de que remate o ano 2006.
3. Determinar que, no caso de que no presente exercicio non existan as partidas orzamentarias correspondentes, se presenten estas obras para a POS da Deputación do vindeiro ano 2006.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que esta moción é sobre Luou, pero podería dicirse de moitas outras parroquias porque vostedes fan as cousas mal e que como ben dixo o Sr. Castroagudín na Comisión hai un concelleiro que sabe como está aquelo e o sabe moi ben, e que grazas á urbanización que fixeron alí eu teño auga, pero moitos veciños de alí están sen ela, pregunta ¿por qué se marxina sobre 15 casas que hai entre as aldeas?, ¿por qué non se inclue no POS?; engade que en Bustelo meteron para beneficiar a promotores, díganme algo para poder dicirllo eu ós veciños, ¿por qué se desprezan e non se lles fai caso a estes veciños?, ¿por qué o trazado se fixo polo medio do monte e non pola aldea?, porque a mín non me amolou, pero sí ó resto dos veciños.

O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que están absolutamente de acordo coa moción.

O Sr. Concelleiro Tallón Mesías sinala que me informe porque senón vou a dicirlles ós veciños que non as queren facer e remata sinalando que aquí non se ve para nada ó PP.

O Sr. Alcalde sinala que alí temos un concelleiro que sabe os problemas de todos os veciños, sen necesidade de que vostede o recorde, e que isto debería ser un rogo. Continúa dicindo

que ó desprezo ós veciños non sei eu por parte de quen será, que nós imos facendo as cousas pouco a pouco, según se pode, e sen perxudicar a ninguén, e se se leva a un sitio determinado non creo que ninguén teña intereses urbanísticos, é un falabarato de vostede.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:8, pertencentes ós grupos municipais do BNG (4), e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra:8, pertencentes ó grupo municipal do PP (8).
Abstencións:0.
Ó abeiro do disposto no art. 100 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, efectuouse unha nova votación persistindo o resultado de empate, decidindo o voto de calidade do Alcalde, quedando rexeitada a moción.

15º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE UN MUNDO SEN VIOLENCIA DE XÉNERO, UN MUNDO SEN DISCRIMINACIÓN, PARA CONMEMORAR O DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Asuntos Sociais e Sanidade.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Exposición de motivos:
O Partido dos Socialistas de Galicia, como cada 25 de novembro, e como todos e cada un dos días do ano, maniféstase xunto coa sociedade española e galega contra a violencia de xénero, a manifestación máis brutal da desigualdade que aínda persiste na nosa sociedade.
Loitar contra a violencia de xénero, combatela ata que desapareza das nosas vidas, debe converterse nun compromiso social de máxima prioridade. Trátase dunha cuestión de dereitos humanos e de goce das liberdades fundamentais.
Dereitos e liberdades absolutamente incompatibles co medo dunha muller a ser agredida, precisamente no espazo no que as persoas nos debemos sentir máis seguras, o espazo da nosa intimidade familiar e precisamente pola persoa coa que a muller mantén unha relación afectiva e de confianza.
O Presidente do Goberno, José Luis Rodríguez Zapatero, definiu con toda a crueza da realidade a violencia de xénero como unha manifestación de “machismo criminal”.
Emilio Pérez Touriño, Presidente da Xunta de Galicia, expresou en repetidas ocasións, que a loita contra esta lacra era o reto que asumía con máis decisión e convencido de que debemos dar unha resposta efectiva fronte á violencia de xénero: “Hai esperanza nesta loita, e a esta revolución apaixonante pola decencia, a xustiza e os dereitos que queremos iniciar en Galicia, invítovos a todos”.
Isto é unha mostra de que a acción política dos gobernos e das administracións foi, e segue sendo decisiva e imprescindible para avanzar en igualdade e liberdade.
Existe machismo tras a percepción de propiedade e especialmente de dominio que os maltratadores proxectan sobre as súas parellas, dentro dun esquema de relacións sociais aínda claramente discriminatorias, en relación coa muller e coa subsistencia de diferentes roles de comportamento en función do xénero.
É criminal a violencia sobre a muller, porque é un crime atentar contra a súa vida, a súa integridade física, o seu dereito á liberdade, ó respecto, á capacidade de decisión e á autoestima.
Os avances lexislativos en materia de loita contra a violencia ás mulleres constitúen un claro compromiso social, que resultou especialmente significativo coa aprobación da Lei orgánica

1/2004 de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, unha decidida aposta para responder ó déficit da cidadanía, que representa a agresión contra este colectivo.
Esta Lei foi impulsada polas asociacións de mulleres e colectivos en defensa da igualdade, cuxo papel foi determinante. Elaborada polo Goberno socialista, en cumprimento do programa electoral, foi aprobada por unanimidade de todos os partidos políticos o pasado mes de decembro de 2004.
Estamos diante dun instrumento legal, pioneiro en Europa e no mundo, que leva a cabo unha importante modificación do noso ordenamento xurídico en materia de prevención a través da educación e da publicidade, establecendo o dereito de asistencia social integral e xerando os mecanismos legais e recursos para facela efectiva en coordinación cos comunidades autónomas, titulares desta competencia.
Así mesmo, recoñece dereitos económicos a través de axudas financiadas con cargo ós orzamentos xerais do Estado; dereitos laborais, como a redución do tempo de traballo, mobilidade xeográfica e reserva do posto de traballo, acceso a vivendas protexidas e residencias para maiores; atención sanitaria especializada; dereito á información e asesoramento especializado e axeitado á súa situación; dereito á asistencia xurídica gratuíta...
A tutela institucional, imprescindible para desenvolver esta lei e combater o maltrato, establécese a través da Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, a través da súa especialización e coordinación nesta materia das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e a través da creación da Fiscalía contra a Violencia sobre a muller.
A tutela penal expresa con contundencia a protección á muller contra as lesións, malos tratos, ameazas, coaccións, quebrantamento de condena ou vexacións e endurece as penas pola comisión destes delitos.

ACORDO:
Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista, somete a consideración do Pleno da Corporación esta moción para que este adopte os seguintes acordos:
1. Solicitar da Xunta de Galicia a posta en marcha da Lei galega contra a violencia de xénero.
2. Solicitar ó Goberno do Estado a creación do observatorio estatal contra a violencia sobre a muller para completar a posta en marcha de todos os instrumentos previstos na Lei integral contra a violencia de xénero.
3. Solicitar á Xunta de Galicia a aplicación á maior brevidade posible, do Fondo Estatal creado co obxectivo de colaborar orzamentariamente no funcionamento dos servizos de atención integral, cunha planificación adecuada ás necesidades territoriais para garantir o dereito da muller maltratada a ser atendida.
4. Impulsar a coordinación entre todas as administracións públicas, cada unha no marco das súas competencias, para actuar en todas as frontes co fin de previr o maltrato, protexer ás vítimas e castigar o delito.
5. Reforzar e pór en marcha por parte do noso Concello as iniciativas e programas encamiñados a facer visible esta terrible violencia e a comprometer á sociedade no seu conxunto para lograr a súa erradicación definitiva.
5. Que desde o Goberno municipal de Teo se poña en marcha unha estratexia de actuación que implique a transversalidade de todas as actuacións que incidan na loita contra a violencia de xénero.
6. Deseñar e adoptar medidas concretas contra a violencia de xénero nas que participen as diversas áreas municipais e os axentes sociais e que contemplen actuacións no ámbito preventivo, asistencial, educativo, deportivo, sanitario, familiar, etc.

7. Elaborar un Plan de atención especializadas ás vítimas da violencia. Dentro do devandito Plan debe ser obxectivo prioritario a creación, na propia Concellería de Servizos Sociais, dunha Unidade de Intervención e Tratamento Especial, para as mulleres vítimas da violencia e dos menores afectados por ela. Deberá ser dotada, obviamente, de persoal suficiente e da necesaria formación especializada sobre desta materia. Tamén conviría a coordinación desta unidade con outros servizos municipais como o de educación.
8. Adoptar e desenvolver cantas outras medidas sexan necesarias para contribuír á non violencia contra as mulleres.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que lamenta a votación da Comisión polo feito de que o grupo de goberno vote en contra disto e que pensa que isto non responde á vontade do PP, e penso que vostedes están cun pé fóra do PP, porque o PP non defende o que vostedes o outro día defenderon na Comisión; en segundo lugar sinala que teñen que lamentar que o Concello de Teo non publicara ningún tipo de documento para conmemorar esta data contra a violencia de xénero, que eu saiba o colectivo Teenses pola Igualdade fixo uns actos e vostedes non estiveron alí.
Neste intre abandoa o Pleno o Sr. Concelleiro Iglesias Villar.
Engade o Sr. Concelleiro que se trata de que desde a actividade municipal se leven a cabo políticas na dirección de ir contra a violencia de xénero, nós facemos oito propostas para protestar contra a violencia de xénero, que pide que recuperen a súa esencia política e rectifiquen a votación da Comisión porque lle parece que é un erro político imperdoable e que lle gustaría saber que pensan as mulleres e homes de Teo que están implicados neste tema.
A Srª. Concelleira Diéguez González sinala que hai que pensar o tema non como palabrería barata, que hai que pensar realmente como está a situación en España, e en concreto en Teo, que todos sabemos como está o tema, con saír á rúa vemos como a muller no Concello de Teo atópase nunha situación de desigualdade e non hai máis que ver os homes e mulleres que hai aquí no Pleno; engade que a maioría das veciñas de Teo son amas de casa, co cal non teño nada en contra, pero están subxugadas, son dependentes, pensa que a Corporación debería reflexionar isto e en anos posteriores organizar algún acto, que todos debíamos ter unha sensibilidade especial por este tema, que hai moitísimo que facer, que non é un problema de homes e mulleres, é un problema de todos, e que toda persoa que exerce a violencia debe ter o noso rexeitamento e remata sinalando que pensa que este punto debería aprobarse por unanimidade.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non sei o que van facer na votación pero espero que recuperen o sentido común e o sentir do PP. Engade que a súa inhibición como Alcalde de Teo indirectamente está a facerlles un favor ós maltratadores.
O Sr. Alcalde sinala pero quen lle dixo que se inhibira, xa lle explicarei.
A Srª. Concelleira Diéguez González sinala que é un tema moi delicado, que non debe tratarse á lixeira.
O Sr. Alcalde sinala que estas mocións xa viñeron antes e se aprobaron, e están en contra de toda a violencia, xa o dixen duascentas veces, e que diga vostede que o Concello non fixo nada é mentira, que o Concello editou un libro e que os compañeiros votaron en contra da moción, non contra a violencia contra as mulleres, porque vostede na moción pon de todo, que hai cousas que se están a facer e que había unha señorita do programa Labora que estaba niso, pero rematou o contrato e está a Universidade para ver como se pode facer; engade que quere que quede moi claro que o Concello de Teo está en contra da violencia de xénero e que

quede claro que o PP está en contra da violencia de xénero, e que se suprimen os apartados 4,5, e 6 da moción, que xa se están a facer, se aprobará.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non sacan nada da moción.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que aprobarán calquera cousa contra a violencia de xénero.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 7, pertencentes ós grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE(4).
Votos en contra: 8, pertencentes ó grupo municipal do PP(8).
Abstencións:1, do Sr. Concelleiro Iglesias Villar ó abeiro do disposto no art.100 do ROF.
Queda rexeitada a moción.
O Sr. Alcalde sinala que votan en contra porque non quitan eses apartados.

16º) MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS DETECTADAS NO LUGAR DE FRANCOS.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
Exposición de motivos:
O PSdeG-PSOE de Teo ven de confirmar, unha vez escoitadas as denuncias presentadas polos/as veciños/as de Francos, tres feitos que prexudican notablemente a vida cotiá deste lugar e que os seus habitantes non ven maneira de arranxar, xa que o goberno municipal de Teo, unha vez máis, nin os escoita, nin lles dá solucións a estes problemas:

1. A estrada que desde O Espiño vai a Lampai e que en Pedras da Veiga continúa, cruzando Vilar do Medio, ata a boca do túnel do AVE está en malas condicións debido a que camións de grande tonelaxe están a circular por ela. Na actualidade o tránsito de autocares por estes treitos é moi complicado, xa que existe un serio risco de verse afectados por avarías.
2. Desde hai máis dun ano, Vilar de Francos atópase sen saída á N-550 xa que a ponte, que tivo que ser derrubada por mor das obras do AVE, aínda non está rematada. Construíuse un cacho da ponte que afecta á vía do AVE, mais, estrañamente, non se acometeu o tramo da mesma que vai sobre a vía non afectada polas obras e que é o treito que dá acceso a estes veciños/as á N-550.
3. Tamén como consecuencia das obras do AVE, a N-550 foi cortada durante un período de tempo desde O Espiño ata O Faramello, habilitándose na súa substitución o tramo antigo da N-550 que pasa polas Barreiras (Francos). Hoxe en día, a circulación volveu ó trazado orixinal, quedando a estrada que pasa polas Barreiras coa mesma sinalización que tiña mentres soportou a súa conversión temporal na N-550.
En consecuencia, os veciños e veciñas deben aínda andar ata nalgúns casos un quilómetro para dar a volta cos seus vehículos, a pesar de que na actualidade o tráfico na zona é pouco intenso.
4. O camiño do Palomar en Vilares da Rúa de Francos quedou en condicións moi precarias, o que dificulta o seu tránsito para os veciños e veciñas da zona.

ACORDO:
Diante destes feitos, o Grupo Municipal Socialista de Teo, reclama do Alcalde Armando Blanco e do seu grupo de goberno:

1. Que se obrigue á empresa adxudicataria das obras do Ave para que arranxe aquelas estradas que vén estragando co paso dos seus camións. En caso omiso, o propio Concello deberá facerse cargo das mesmas, a través da execución do aval correspondente que se supón, deberá estar depositado no Concello. Os/as veciños/as da zona non teñen por que soportar por máis tempo as consecuencias desta obra sen que, polo menos, de vez en cando se atendan as súas necesidades máis inmediatas.
2. Que se esixa ós responsables das obras do AVE que executen na súa totalidade os traballos de reparación da ponte de Francos para que os veciños e veciñas deste lugar poidan acceder á estrada N-550.
3. Que se solicite ó Ministerio de Fomento un novo repintado da estrada que pasa polas Barreiras para que, de acordo coa actual intensidade de tráfico da mesma e sen menoscabo das correspondentes medidas de seguridade viaria, se facilite o acceso ás vivendas situadas a ambas marxes da estrada.
4. Facer xestións cos responsables das obras do AVE, para que acometan as seguintes actuacións no camiño do Palomar, lugar de Vilares da Rúa de Francos: reforzar os taludes laterais (hai risco evidente de derrubamento ó paso dos coches), asfaltalo (hoxe hai só grava), ensanchalo (os veciños afectados están dispostos a facilitar a operación), e sobre todo, ampliar a curva do Palomar (os vehículos teñen moitas dificultades para manobrar nela). Este é un punto concreto, directamente afectado polas obras do AVE.

Debate:
O Sr. Concelleiro Conde Tarrío explica sucintamente a moción sinalando que onde di N-525, debe dicir N-550.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que basicamente están de acordo coa moción e que quere facer unha autocrítica de todos por rexeitar unha iniciativa como a anterior, que é un fracaso de todos.
O Sr. Alcalde sinala que isto nunca pasou no Concello, traer unha moción por un bache ou por unha farola, porque ou ben se falaba co concelleiro ou coa alcaldía e se solucionaba, e que isto sería un rogo, non unha moción.
Engade que en Calo temos tres concelleiros que saben como están os problemas, que falouse con Renfe e arranxaron os problemas e arranxarán o que fagan, que están todos os días alí en contacto con Renfe e coa Ute, pero que non pode presentarse unha moción por cada cousa que se mova, así por exemplo por unha farola ou por un bache, que isto nunca pasou e os nosos concelleiros saben todos os problemas dos nosos veciños e preocúpanse por eles.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:7, pertencentes ós grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (4).
Votos en contra: 8, pertencentes ó grupo municipal do PP (8).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.
Abandoa neste intre o Pleno o Sr. Concelleiro Rego Jorge.

17º) MOCIÓN DO BNG PARA REACTIVAR COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN E PEDINDO RESPONSABILIDADES.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:

No Pleno municipal que tivo lugar o 29 de xaneiro de 2004 (hai un ano e dez meses) o Grupo Municipal do BNG de Teo presentou unha moción pedindo responsabilidades políticas pola actuación ilícita dun concelleiro membro da Comisión de Goberno, o Sr. Cajaraville, despois de recibir diversas queixas veciñais sobre a súa presunta actuación. Como consecuencia do debate aberto no Pleno acordouse, por unanimidade, a creación dunha Comisión de Investigación para clarexar este tema.
O 12 de febreiro de 2004 constituíase a Comisión de Investigación, quedando presidida por don José Vázquez Pallas e actuando como secretario o secretario da Corporación. Nesta primeira reunión acordouse unha nova convocatoria para o luns seguinte, día 16 de febreiro, co obxecto de discutir o plan de traballo da comisión.
Na nova reunión o BNG presentou un plan de traballo que, unha vez discutido, foi aprobado por unanimidade na comisión, e que establecía:

− Comprobar a titularidade das fincas, a súa situación e localización, para o cal era necesario solicitar:
* Unha relación catastral actualizada de propiedades municipais rústicas e de masas comúns.
* A cartografía catastral dixitalizada rústica (ortofotos) que permitira determinar o estado actual e anterior das fincas (nos que se podería determinar se fora talada algunha das fincas municipais).
- Solicitar a documentación que acreditase ou determinase a localización, extensión e estado das fincas de propiedade municipal e masas comúns que, sendo de propiedade municipal con anterioridade, pasaran a propiedade particular por medio da concentración parcelaria.
- Unha vez obtida esa documentación, que as distintas forzas políticas fixeran as propostas de comparecencia que considerasen oportunas para clarificar a situación.
Pois ben, despois deste acordo, os membros da comisión só puidemos acceder á relación de fincas que a concentración concedera ó Concello (e as masas comúns) e ós respectivos planos.
Con respecto ó resto da documentación, básica para determinar a perda patrimonial e a localización e propiedade das fincas cuestionadas, o único que recibimos foi un escrito asinado polo secretario municipal o 5 de marzo de 2004 que dicía textualmente:
Pola presente, comunícolle que se teñen solicitado as ortofotos e mais os levantamentos topográficos de concentración parcelaria das zonas de Bamonde e Reis, requiridos pola comisión, obrando xa no expediente que se atopa ó seu dispor, copia dos planos catastrais que interesan e copia do inventario de bens (refírese ás propiedades actuais do Concello).
Nunca máis se soubo. Nin ortofotos, nin levantamentos topográficos, nin relación de fincas que foran propiedade municipal e pasaran a mans privadas. Nesta situación, sen poder dispoñer dos documentos básicos necesarios para poder valorar o acontecido, o BNG opúxose a calquera intento de volver reunir a comisión (sen nada que poder valorar nin que facer).
Temos a seguridade de que as xestións realizadas polo Presidente da Comisión e polo grupo de goberno foron nulas, pois o BNG de Teo, unha vez pasado un ano desde a denuncia, e sen poder contar coa documentación solicitada, iniciou xestións persoais dos concelleiros co servizo catastral para conseguir eses documentos e, ¡sorpresa!, non resultaba tan difícil conseguilos.
Hoxe, grazas ás xestións do BNG e a pagar persoalmente toda a documentación solicitada (que o catastro ofrece gratuitamente ás institucións públicas) podemos contar coas ortofotos solicitadas e determinar, xa sen ningunha dúbida, que se produciu un roubo das propiedades municipais.

Este feito deixa en evidencia a falta de interese, a desidia e deixamento do Presidente da Comisión e do grupo de goberno que non fixo nada do que debía facer para conseguir a documentación que permitise determinar se o Concello perdera ou non propiedade e quen fora o autor ou autores do delito. Consecuentemente, débense pedir responsabilidades políticas.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:
1. Solicitar a dimisión do Presidente da Comisión, pola falta de vontade ou a incompetencia para conseguir os documentos solicitados pola comisión.
2. Acordar a reprobación do grupo de goberno e censurar o seu desinterese ou obstaculización do traballo da comisión, non efectivizando os acordos tomados nela.
3. Pedir a inmediata convocatoria da Comisión de Investigación para proseguir co procedemento aprobado no plan de traballo.

Debate:
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que constituiuse unha comisión de investigación, se fixo un plano de traballo e se consensuou os documentos necesarios para traballar, así cartografía anterior e posterior, propiedades de concentración parcelaria e ortofotos.
Deses tres documentos básicos temos as ortofotos; engade que o BNG pasado un ano desde a creación da comisión fixo xestións e foi relativamente sinxelo conseguir as ortofotos, que isto non é unha cuestión persoal pero temos que pedir a dimisión do Presidente da Comisión, que incluso se propuso a outra persoa no seu día para Presidente da Comisión; engade que non cre que houbera mala fe, pero hai unha responsabilidade e que se as cousas se toman con interese hai que conseguilas e non se pode mandar un papel e xa está, que as ortofotos están aquí de 2001 e 2003 e está claro que aquí robouse, que a comisión debe presentar unha denuncia ante a Garda Civil por roubo de propiedades.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que o Sr. Vázquez Pallas dixo que non pensaba dimitir da Presidencia da Comisión, ¿de qué comisión?, ¿de investigación?, pero se non investiga; engade que a reprobación está perfectamente xustificada e que lle preocupa que o grupo de goberno de Teo non consiga esa documentación, que hai que mandar cartas, pero antes e despois hai que facer xestións e aquí non se fixeron, e remata sinalando que supoño que retomaremos a comisión, para facer unha investigación e tomar unhas conclusións.
Engade que Sr. Cajaraville é vostede o cristo crucificado deste goberno, vostede favoreceu a creación desta comisión e cando noutro caso o grupo socialista pediu a creación de comisións de investigación polo tema dos traballos de xardinería ou por Osebe e Casalonga e polos galpóns foron rexeitadas, en cambio neste caso os seus propios compañeiros o aceptan, que non o deixan falar como portavoz e por encima o envian ás fieras; que o máis importante é que se reabra a comisión de investigación, facer o dictame, e a partir dese dictame tomar as resolucións pertinentes polo Concello e tamén polo afectado.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que do Alcalde o comprendo, do Sr. Pallas non, que negarse a que vostede poida contestar para replicar xa é motivo de dimisión.
O Sr. Alcalde sinala que creouse unha comisión de investigación como eu tiven algunhas que hoxe están pechadas sen nada, que foron solicitadas as ortofotos e non as mandaron e extráname moito como se lle faciliten a un grupo, engade que con data 27.02.2004 foron solicitadas as ortofotos ó catastro, posteriormente mandaron os impresos oficiais do catastro de solicitude oficial, en abril de 2004, e en maio foron solicitadas con acuse de recibo, que isto

é o que se pediu e ó Concello non chegou, cando veña a documentación se verá na comisión de investigación, non o que traigan uns señores aquí.
O Sr. Concelleiro Vázquez Pallas sinala que xa se pediu outra vez a Facenda e que a comisión non está pechada, e pedirán o motivo de porqué non mandaron as ortofotos e remata sinalando que eu non chamei ó catastro para que non mandaran isto e que se está a desprestixiar a unha empresa.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que por primeira vez hai diálogo e asumo persoalmente a responsabilidade de ter aí esas fotos, que calquer particular pode acceder a esas fotos, que hai que pedilo a Madrid e non lle pediron ningunha confidencialidade, que o último documento é de maio de 2004, ¿que se fixo desde ese día?; ¿que fixo o Alcalde ou o Presidente da Comisión?; que eses documentos son públicos, que os pode conseguir calquera e que incluso chamamos ó Concello para dicir que xa estaban a súa disposición.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que se restablezan os traballos da comisión, que non debe ser un subterfuxio legal para que non se convoque a comisión porque esa documentación pode verse que non está falsificada, que unha comisión de investigación é para investigar, non para inculpar a ninguén.
O Sr. Concelleiro Vázquez Pallas sinala que xa o dixen o outro día e que a comisión vai reunirse en pouco tempo.
O Sr. Alcalde sinala que mentras non veñan oficialmente os papeis non haberá comisión.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:6, dos grupos municipais do BNG (3) e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra: 8, do grupo municipal do PP (8).
Abstencións:0.
Queda rexeitada a moción.

18º) MOCIÓN REFERENTE A SOLICITUDE DE NOTARIA E REXISTRO DA PROPIEDADE.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
F. Manuel Parajó Liñares, Concelleiro de IN-TEO na Corporación municipal do Concello de Teo presenta ante o Pleno a seguinte MOCIÓN:
Nos últimos anos, o Concello de Teo ven de ter un grande auxe urbanístico, coa construción de preto de tres mil novas vivendas.
Isto levou aparellado que todos os compradores desas vivendas tiveran que desprazarse fóra do noso Concello para realizar cantos trámites administrativos foran necesarios, sobre todo, notariais e rexistrais, tendo que acudir ós Concellos de Padrón ou Santiago e, nalgúns casos, ós dous.
Neste momento estase a redactar o PXOM, que se estima levará aparellado a construción de máis de dez mil novas vivendas nos próximos anos, estimándose que o crecemento poboacional fará que os case dezaoito mil habitantes actuais superen os trinta mil.

É polo que se propón ó Pleno a adopción do acordo polo que se solicite ó Ministerio de Xustiza a creación dunha notaría e dun rexistro da propiedade no Concello de Teo, remitindo o acordo ós Concellos de Vedra e Boqueixón que contan con máis de dez mil habitantes, para

solicitar o seu apoio a esta moción, xa que tamén se poderían ver moi beneficiados de ser creadas estas prazas.

Debate:
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que non entende que isto o presente o IN-TEO, debía ser presentado polos dous grupos do equipo de goberno, porque aquí vostedes non están capitalizando absolutamente nada e recórdolle que pertencen ó PP.
Engade que espera que non sexa fume de carozo, que se envie un escrito e nada máis, para saír nos medios de comunicación, e que a creación dunha notaría e rexistro da propiedade non se pode facer desta maneira, porque hai que abrir unha negociación previa co Colexio Provincial de Notarios e que espera que isto sexa acompañado de xestións persoais do grupo de goberno para conseguir isto.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:14, pertencentes ós grupos municipais do PP (8), do BNG (3), e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.
Queda aprobada por unanimidade dos catorce membros presentes a moción que queda na súa parte dispositiva:
1º) Solicitar ó Ministerio de Xustiza a creación dunha notaría e dun rexistro da propiedade no Concello de Teo, remitindo o acordo ós Concellos de Vedra e Boqueixón que contan con máis de dez mil habitantes, para solicitar o seu apoio a esta moción, xa que tamén se poderían ver moi beneficiados de ser creadas estas prazas.

19º) MOCIÓN SOBRE ESTRADA DE CIRCUNVALACIÓN NO MILLADOIRO.
Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos.
Dada conta directamente da moción que ten o seguinte contido:
F. Manuel Parajó Liñares, Concelleiro de IN-TEO na Corporación municipal do Concello de Teo e Manuel Cajaraville Campos, Concelleiro do PP na Corporación municipal do Concello de Teo, presentan ante o Pleno a seguinte moción:
Segundo recentes notas de prensa, parece ser que o Concello de Ames ten solicitado ó Ministerio de Fomento a construción dunha estrada de circunvalación ó Milladoiro.
Tamén segundo as mesmas notas de prensa, parece ser que segundo indicaron os deputados do PSG-PSOE, don Ceferino Díaz e dona Esther Couto, o Ministerio xa ten destinada partida orzamentaria para proceder ó estudo do trazado que solicita o Concello de Ames.
Seguindo co expresado nas mesmas, pretenden facer o trazado saíndo da rotonda do Milladoiro, paralelo á autoestrada e chegar ás Galanas pasando sempre por terreos do Concello de Teo.
Queremos facer constar que o Concello de Teo non ten nada en contra de que o Concello de Ames queira arranxar os seus problemas de tráfico, pero de ningún xeito á conta dos nosos veciños, xa que sería arranxar o problema de Ames e cargalo ó Concello de Teo.
Tamén queremos facer mención a que o Concello de Teo está redactando o PXOM no que están previstas todas as estradas necesarias para o noso correcto desenvolvemento.
É polo que se solicita do Pleno do Concello a adopción de acordo polo que se transmita ó Concello de Ames, ó Ministerio de Fomento e á Consellería de Política Territorial, Obras

Públicas e Transportes, o total rexeitamento do Concello de Teo ó estudo do trazado atravesando o Concello de Teo, solicitando neste acto ós tres organismos, copia de cantos informes se teñen en relación ó trazado da referida estrada de circunvalación.

Debate:
O Sr. Alcalde sinala que é un tema que está aí sobre a mesa segundo manifestaron diputados do PSG-PSOE. Engade que co Alcalde de Ames temos boa amizade, pero que imos tratar este asunto antes para evitar problemas, para que non chegue a máis, para consensuar o tema hai que contar con Teo, nós teremos que mirar polos nosos veciños e lle mandaremos isto para ver o que teñen feito, porque aquí non contaron con nós para nada, e remata sinalando que nós teremos que defender as cousas dos nosos veciños.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que é un tema importante, que afecta a Teo e a Ames, e eu pediríalle a Alcaldía que teña unha visión máis institucional do tema, porque a moción tal e como está redactada non ten moita razón de ser.
Engade que coincidindo totalmente co fondo do asunto, as cousas poden expresarse doutro xeito e sinala que é máis construtivo o texto emendado in voce que presentamos, que ten o seguinte contido:
“”-. No último párrafo da 1ª páxina:....seus problemas de tráfico, pero, en todo caso, debe facerse de forma consensuada co Concello de Teo, e tomando como base os estudos e as infraestruturas previstas no PXOM de Teo. En ningún caso pode sobrecargarse a zona de Vilar de Calo con outras vías distintas ás contempladas no PXOM, asumindo estes veciños os custes do caos urbanístico permitido polo Concello de Ames na zona do Milladoiro nos anos anteriores.
-. No último párrafo da moción:...Públicas e Transportes a necesidade de que o Concello de Teo participe e decida no trazado das infraestruturas comarcais que deben ser redactadas por consenso dos concellos afectados, solicitando neste acto....””.

O Sr. Alcalde sinala que ímos levala tal e como está.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que o PP ten suficiente autonomía política para tomar unha decisión; de qué trazado se fala aquí, se o único que fixo o Ministerio foi un estudo informativo; en segundo lugar na moción se di “parece ser”, engadindo que cunha moción deste tipo a parte de alarma social llevará a conflictos co Concello veciño co que temos que prestar moitos servizos xuntos e que eu non teño que defender ó Concello de Ames, que hai que institucionalizar relacións con ese Concello, pediríalle que a retirara porque parte do Milladoiro pertence a Teo e haberá que buscarlle solucións, que esta moción xenera conflicto institucional e alarma social, pregunta, ¿de onde sacan vostedes o de que o trazado vai por Vilar de Calo?.
Engade o Sr. Concelleiro que saben vostedes que o Ministerio de Fomento xa adxudicou un estudo informativo para ver que se fai coa Nacional Coruña-Tui; engade que preocúpalle o Sr. Alcalde o Milladoiro pero non o que pasa en Campos de Mirabel onde se está a modificar a estrada.
O Sr. Concelleiro Sisto Edreira sinala que nun prazo de tres anos no Milladoiro os números pares serán dun Concello e os impares doutro, e os de Teo querrán servizos de piscina, biblioteca, etc..., e debemos ter un proxecto de colaboración con ese Concello e que os máis perxudicados seremos nós, porque estamos a prestar menos servizos, e remata sinalando que hai que intentar dar unha solución ó problema pola vía institucional.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que a vostede preocúpalle que o Ministerio de Fomento faga un estudo informativo da estrada no Milladoiro e non lle preocupa que en Campos de

Mirabel se modifique a Nacional 550; tampouco lle preocupa a saída da autoestrada pedida por Teo e tampouco a que foi ó Pleno sobre determinados puntos kilométricos, que é unha incoherencia, e que pensaba que a amizade persoal que incluso ten vostede co Alcalde de Ames debía levalo a vostede a retirar esta moción, e que quere recordar respecto destas crebas instutucionais que o plan xeral debe ser informado polo Concello de Ames.
O Sr. Alcalde sinala que vostedes cando presentan mocións absurdas, como casi todas, temos que votalas a favor porque o din vostedes; engade que estes señores cando falaron da estrada non falaron para nada con este Concello, e remata sinalando que as relacións co Alcalde de Ames son boas.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:8, do grupo municipal do PP(8).
Votos en contra:0.
Abstencións:6, dos grupos municipais do BNG(3) e do PSG-PSOE(3).
Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

20º) MOCIÓN SOBRE CREACIÓN DUN XULGADO DO MERCANTIL EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.
Dada conta directamente da moción asinada polos grupos municipais do PP, BNG, PSG-PSOE e IN-TEO, dictaminada pola Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal, que ten o seguinte contido:
1. Ata a aplicación da Lei Concursal (22/2003, de 9 de xullo) os asuntos que na actualidade son competencia dos Xulgados do Mercantil viñan sendo vistos nos Xulgados de 1ª Instancia, polo tanto, aqueles que afectaban ós cidadáns de Santiago de Compostela e o seu partido xudicial eran substanciados nun xulgado sito na mesma.
Pero a aplicación combinada da citada lei e da Lei orgánica do poder xudicial, inspirada por un claro ánimo provincialista e interpretada con sensibilidade do mes o signo, provocaron o traslado da xurisdición sobre a materia mercantil ós novos xulgados especializados, con sede na capital da provincia.
2. Esta centralización distancia a xustiza dos cidadáns, a contracorrente dos principios que deben inspirar a actuación dun sistema xurisdicional moderno. Pero carece ademais de toda xustificación cuantitativa. A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela acolle o 40%, aproximadamente, dos empresarios provinciais, estendendo a súa xurisdición a toda a franxa sur da provincia da Coruña; a capitalidade autonómica da cidade de Santiago de Compostela reforza os incentivos para a ubicación das sedes centrais ou rexionais de cada vez un número maior de compañías en Santiago de Compostela.
3. A reivindicación dun Xulgado do Mercantil en Santiago de Compostela é, por ende, perfectamente compatible coas previsións legais, de acordo co artigo 86 bis, 2 da Lei orgánica do poder xudicial.
"También podrán establecerse (Juzgados de lo mercantil) en poblaciones distintas de la capital provincial cuando la población, la existencia de núcleos industriales o mercantiles y la actividad económica lo aconsejen…"
Esta posibilidade está tamén recollida na Lei de demarcación e planta xudicial (art. 19 bis 1).
4. A normativa abre diversas posibilidades para a creación do Xulgado do Mercantil, a saber: Xulgado Mixto, en competencia civil e mercantil, Xulgado do Mercantil con xurisdición no Partido Xudicial de Santiago de Compostela, Xulgado do Mercantil con xurisdición en varios partidos xudiciais. Combinar a aproximación do servizo público xudicial ós cidadáns coa base

cuantitativa que sustente un novo órgano xudicial especializado conduce a elixir a terceira das opcións citadas como a de superior virtualidade.
5. Consecuentemente co anterior, tanto por parte do actual Ministro de Xustiza, don Juan Fernando López Aguilar, do Secretario de Estado de Xustiza, Luis López Guerra, e tamén cómpre dicilo do anterior Ministro de Xustiza, José María Michavila Núñez, asumíronse publicamente en diversas ocasións, o compromiso de poñer en marcha este Xulgado do Mercantil, o que ata o día da data non se ten producido.
En consecuencia preséntase a seguinte MOCIÓN:
- O Pleno da Corporación Municipal de Teo solicita ó Ministerio de Xustiza a creación urxente mediante Real Decreto dun Xulgado do Mercantil en Santiago de Compostela.
- O Real Decreto establecerá a xurisdición do citado xulgado, que ó noso xuízo debería abranguer os partido xudiciais de Santiago, Padrón, Ribeira, Noia, Muros e Negreira podendo, se así se estima oportuno, integrar tamén os de Arzúa e Ordes.

Debate: Sen debate.
Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:14, dos grupos municipais do PP(8), BNG(3) e PSG-PSOE(3).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.
Queda aprobada a moción por unanimidade dos catorce membros presentes nos seus propios termos.

21º) MOCIÓN SOBRE CREACIÓN DUN REXISTRO MERCANTIL EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.
Dada conta directamente da moción asinada polos grupos municipais do PP, BNG, PSG-PSOE e IN-TEO, dictaminada pola Comisión Informativa de Réxime Interno e Persoal, que ten o seguinte contido:
A organización provincial do territorio, de máis de 170 anos de antigüidade serviu como guía para a planta dos rexistros mercantís que dan servizo a empresarios, profesionais e ó conxunto da cidadanía, para o cumprimento das obrigacións legais, consultas e outros trámites.
É certo que nos últimos tempos, por sorte, este ríxido sometemento a unha organización territorial que xa non responde á nosa realidade sociopolítica foi dulcificada, atendendo á emerxencia de puxantes realidades urbanas concentradoras de actividade económica. A busca de proximidade ás demandas dos cidadáns e ó respecto ás novas realidades políticas son criterios que deben informar os cambios na planta rexistral, atendendo ás posibilidades que a norma establece.
Así, en Galicia, Vigo e Santiago de Compostela son sólidas realidades urbanas sen ser capitais de provincia. Vigo é a maior cidade de Galicia, protagonista da industria da automoción, construción naval, conserveira e de transformación de pescado, etc., ademais de núcleo central dunha ampla comarca. Santiago, á súa vez, é a capital da comunidade autónoma, cabeceira dunha extensa comarca, sede de máis de vinte mil establecementos industriais, comerciais e de servizos, e onde se localizan de xeito crecente as oficinas centrais de compañías públicas ou privadas. De feito, a Cámara de Comercio de Santiago, atendendo ás solicitudes dos seus asociados, xa puxera en marcha un servizo que permitía a entrega de documentación na súa sede para proceder ó traslado ás oficinas do Rexistro Mercantil sitas na capital provincial.

De acordo coas informacións das que dispoñemos, o Ministerio de Xustiza contempla a creación dun Rexistro Mercantil en Vigo, o cal parece adecuado, pero non en Santiago de Compostela.
Por todo o anterior o Pleno do Concello de Teo acorda a aprobación da seguinte MOCIÓN:

1. Prestar conformidade ó informe adxunto xustificativo da demanda de creación do Rexistro Mercantil en Santiago de Compostela.
2. Solicitar do Excmo. Sr. Ministro de Xustiza que, de acordo co artigo 16 apartado 3 do RD 1784/1996, de 19 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Mercantil, se proceda á creación dun Rexistro Mercantil na cidade de Santiago.

Debate: Sen debate.
Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor:14, dos grupos municipais do PP(8), BNG(3) e PSG-PSOE(3).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.
Queda aprobada a moción por unanimidade dos catorce membros presentes nos seus propios termos.

22º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA Nº 155/05 Á Nº 190/05.
Dada conta mediante a posta a disposición dos concelleiros desde a data da convocatoria do Pleno das resolucións da Alcaldía números 155/05 á 190/05, ámbalas inclusive, o Pleno queda enterado.

Antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo tiña algún asunto urxente non comprendido na orde do día que someter á consideración do Pleno, consonte co art. 91.4 do R.O.F., existindo unha moción presentada por urxencia.

FORA DA ORDE DO DÍA:
1º) MOCIÓN URXENTE NÚMERO 1 DO PP E INTEO, POR MOR DO POSIBLE CORTE DO ANTIGO "CAMIÑO REAL".

O Sr. Alcalde expón que con datas 8.07.2005 e 23.11.2005 remitironse pola Alcaldía escritos á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes tratando de solucionar este asunto, que non foron respostados pola mesma, e en vista disto e para facer máis forza se presenta esta moción.
Dada lectura da moción para xustificar a urxencia, que transcrita di:
Manuel Cajaraville Campos e F. Manuel Parajó Liñares, portavoces do PP e de INTEO na Corporación Municipal do Concello de Teo, presentan ante o Pleno a seguinte moción.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:
Por mor das obras de construción do corredor alternativo á C-541, ó seu paso por Cacheiras, vénse observando o máis que posible corte do antigo "Camiño Real", que do lugar de Raxó chega a Montouto, non apreciándose "in situ" alternativa algunha ó trazado do mesmo, sexa ponte ou túnel.

É máis que evidente a preocupación veciñal por este feito; de certo, foron varios os veciños da parroquia de Cacheiras que acudiron á Casa do Concello interesándose por esta situación e requirindo o reintegro da pista ó seu trazado orixinal.
Postos á fala con responsables das obras, manifestaron que ó seu parecer non existía intención de deixar o camiño en idénticas condicións ás actuais e que quedaría cortado.
Por ese motivo, con data 8 de xullo do presente ano, remitiuse escrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda interesándonos polos feitos, no que se solicitou o reintegro da pista ó seu estado orixinal e información sobre as medidas a adoptar pola Consellería.
Como ata esta data non se tivo contestación algunha, con data 23 deste mes reiterouse o escrito anteriormente dito.

É polo que se solicita do Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:
O Pleno do Concello de Teo acorda esixir da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a realización das obras necesarias para deixar o antigo "Camiño Real" que do lugar de Raxó conduce a Montouto, en idénticas condicións de uso que na actualidade, facendo extensiva esta solicitude a cantas vías públicas ou camiños se vexan afectados polo trazado do corredor alternativo á C-541, evitando os rodeos e dándolle continuidade ás vías locais existentes.

Sometida a votación a urxencia dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 14, dos grupos municipais do PP (8), BNG (3) e PSG-PSOE (3).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.
Queda aprobada por unanimidade dos catorce membros presentes, polo que se procede ó debate da moción.

Debate:
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que é un proxecto que estivo en exposición pública e houbo iniciativas veciñais e que comparte o que di o equipo de goberno de esixir, non solicitar, que esixir sempre é bo.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que este trazado estivo en exposición pública e o Concello non se dedicou a este problema e que cando se trata de dereitos fundamentais hai que esixir sempre; que agora atopámonos con feitos consumados porque agora tecnicamente é moi difícil de solucionar isto e que lle preocupa que no seu momento non se fixera nada, e remata sinalando que isto non sexa fume de carozo, que o Sr. Alcalde faga xestións.
O Sr. Alcalde sinala que se non me recibe o seu conselleiro que quere que faga.

Votación e resultado:
Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 14, dos grupos municipais do PP (8), BNG (3) e do PSG-PSOE (3).
Votos en contra:0.
Abstencións:0.
Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

23º) ROGOS E PREGUNTAS.
Abandoa neste intre o Pleno a Srª. Concelleira Diéguez González.

-.¿Cómo está a Ponte de Sestelo?.
Contesta o Sr. Alcalde que xa se fará a ponte.

O Sr. Concelleiro Conde Tarrío pregunta:
-. A pista de monte que vai a Francos polo Castañal á altura do campo de fútbol está mal, ¿pode solucionarse?.
Contesta o Sr. Alcalde que se toma nota.
-.¿ Cómo está o tema da limpeza en Fixó?, porque está todo feito un cristo e recollen fai dous días e xa está todo fatal.
O Sr. Alcalde contesta que cando os policías locais se dean de alta se prestará o servizo para ver se os identifican.
-. ¿Cómo está o tema da limpeza de finca en Casalonga?
Contesta o Sr. Alcalde que nós non sabemos quen é o dono, que están os policías con iso.
-. A pista a carón de vía entre Castañal e Osebe é moi estreita, logo deixaselle a dous señores pechar a carón de estrada e os outros non, ¿a que se debe?
Contesta o Sr. Alcalde que vaise ensanchar.
-. Respecto da denuncia de José Lato Picón, ¿ cómo está?.
Sinala o Sr. Alcalde que Naveira pai de palabra lle dixo que estaba ben como estaba e que agora mesmo non sei como está o tema, non teño datos aquí.
-. Respecto do alcantarillado de río Tinto tíñamos nós razón porque levou o río todo.
O Sr. Concelleiro Castroagudín sinala que hai que facer un proxecto.

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematada a sesión sendo as quince horas e un minuto, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, coas reservas do art. 206 do R.O.F., debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Vº e Prace.

O Alcalde, O Secretario,

Asdo. Armando U. Blanco Martínez. Asdo. Javier Nieves González.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DÍA 7 DE DECEMBRO DE 2005.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Teo (A Coruña), sendo as dez horas do día 7 de decembro de 2005, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Armando U. Blanco Martínez, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ó día da data para a que foron previamente citados.
SEÑORES ASISTENTES:
Alcalde-Presidente:
D. Armando U. Blanco Martínez.
Concelleiros:
D. Antonio Castroagudín Valladares.
D. Manuel R. Cajaraville Campos.
D. Manuel Mata Iglesias.
D. Juan B. Aller Suárez.
D. Ramón Cea Ferreiro.
D. José Albino Vázquez Pallas.
D. Manuel Cao Fuentes.
D. Martiño Noriega Sánchez.
Dª. Carmen Diéguez González.
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.
D. Alexandre Leis Carlés.
D. Germán Antonio Conde Tarrío.
D. Manuel Tallón Mesías.
D. José Carlos Rego Jorge.
D. F. Manuel Parajó Liñares.

Non asiste:
D. Rafael Carlos Sisto Edreira.
Secretario:
D. Javier Nieves González, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura da proposta da Alcaldía dictaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo do 24.11.2005, que ten o seguinte contido:
Visto o informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, Dirección Xeral de Urbanismo, de data 29 de xullo de 2005, remitido mediante escrito desa consellería de data 2 de agosto de 2005, con rexistro de saída núm. 22582, de data 02.08.2005, con rexistro de entrada no Concello núm. 3707, do 04.08.2005, previo á aprobación inicial (artigo 85.1 da Lei 9/2002), e visto o informe do equipo redactor do Plan xeral de ordenación

municipal para aprobación inicial de data outubro de 2005, no que se sinala que con este informe, e a documentación modificada que se acompaña, danse as condicións para someter o Plan á aprobación inicial polo Concello, e remitido polo equipo redactor o documento para aprobación inicial coa documentación modificada derivada do informe do equipo redactor xa incorporada no mesmo, mediante escrito de data 08.11.2005, con rexistro de entrada núm. 6486, do 09.11.2005, con corrección de erro mecanográfico no punto F.1 do informe do equipo redactor, presentado mediante escrito con rexistro de entrada núm. 6506, do 10.11.2005, e visto o informe preceptivo de Secretaría, propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Plan xeral de ordenación municipal, integrado polos seguintes documentos:

-. Información Urbanística:Tomo I.
-. Memoria de ordenación. Estratexia de Actuación. Estudio Económico:Tomo II.
-. Normativa Urbanística.Tomo III.
-. Normativa Urbanística. Anexos. Tomo IV: Condicións de Desenvolvemento dos ámbitos en solo urbano. Condicións de Desenvolvemento dos ámbitos en solo urbanizable.
-. Analise do modelo de asentamento poboacional. Estudio do medio rural. Estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico. Tomo V.
-. Catálogo: Tomo VI.
-. Planos de información urbanística.Tomo I.
-. Planos de ficheiro de núcleos rurais.Tomo II.
-. Planos de ordenación I. Tomo III.
-. Planos de ordenación II. Tomo IV.
2º) Acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación ou demolición, así como as de reforma equiparables a unha reedificación do edificio, non xustificada en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento de volume edificado, na totalidade do termo municipal. Non obstante, poderanse outorgar licenzas naqueles supostos no que o solicitado se axuste simultaneamente á normativa en vigor e ás previsións que para o efecto se conteñan no documento do Plan xeral. Este acordo será notificado ós que tivesen presentadas solicitudes de licenza con anterioridade á data da adopción.
3º) Someter o expediente ó trámite de información pública durante o prazo de dous meses, prazo no que a documentación completa que conforma o Plan xeral de ordenación municipal, estará a disposición dos interesados nas Dependencias do Servizo de Urbanismo do Concello.
4º) Solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais necesarios, así como o preceptivo informe ambiental da Consellería competente en materia de medio ambiente.
5º) Dar audiencia ós municipios limítrofes simultaneamente e polo mesmo prazo do trámite de información pública.
6º) Publicar este acordo no DOG e en dous xornais de maior difusión na provincia. A publicación do acordo suporá o inicio do período de información ó público e o procedemento de suspensión de licenzas.

Debate:
Polo Sr. Alcalde sinálase que se trata agora de aprobar inicialmente o plan para facer a exposicion pública polo prazo máximo legal de dous meses, porque creo que canto maior

sexa o prazo de exposición é o máis conveniente para que os veciños o poidan ver e facer as alegacións que consideren pertinentes.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que a data non é moi axeitada para a celebración do Pleno, polas datas festivas que hai.
Engade que o plan xeral é algo absolutamente necesario neste Concello, máxime coa suspensión das normas, pero non é este o plan xeral que nós queremos; engade que quere deixar claras dúas cousas: que o seu voto negativo non é contra a exposición pública, que están de acordo co prazo máximo legal de dous meses para que os veciños aleguen e tampouco é un voto negativo contra o equipo redactor.
Engade que van votar en contra porque o BNG non tivo ningunha oportunidade de opinar para aportar ideas alternativas sobre o plan xeral, porque o PP e o In-Teo negáronse, incluso no 2002 non tivo que vir ó Pleno por unha modificación legal, que houbo reunións da Comisión de Seguimento e eles dixeron se poderían incluirse plans especiais para os núcleos rurais que máis se están a desenvolver, pero o documento xa estaba pechado; sinala que o novo goberno vai facer unha reforma da Lei do 2002 polo restrictivo que é no medio rural, e que este é un plan xeral elaborado polo equipo de goberno, Armando Blanco e Parajó.
Con respecto á zona urbana denunciar a política municipal dos últimos anos, así en Cacheiras hai dous metros cadrados de zona verde e tampouco se chega ós mínimos de dez metros cadrados de equipamentos e que o plan xeral pretende solucionar iso.
Engade que o BNG non asume o desenvolvemento urbano neste Concello, que debería apostarse polo solo de núcelo rural; que nós cremos que na zona urbana hai criterios particulares, pelotazos urbanísticos, así o do desmonte de Rodiñas que denunciou o BNG aparece agora como zona urbana no plan xeral, que se lles explique; outros exemplos así son na zona de Ferreiriño e Pontevea que van como solo urbanizable e non se xustifica como de repente nun monte é solo urbanizable.
Con respecto á zona rural é moi restrictivo e imos ter problemas polo carácter restrictivo, non se buscaron solucións dentro dos límites da lei, non se explotan neste solo todas as posibilidades que permite a lei, que xa o dixeron na Comisión de Seguimento de facer plans especiais dos núcleos rurais que máis se están a desenvolver.
Por último sinalar o problema que temos co solo industrial que aparece no plan xeral, para nós é necesario unha zona industrial a pleno rendemento para que veñan as empresas e que non se vaian como está a suceder.
O plan deixa o solo industrial en mans da Consellería en función da estrada transversal, e remata sinalando que por todo o exposto votarán negativamente.

O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que quere facer tres explicacións: en primeiro lugar un sí rotundo a un PXOM en Teo; en segundo lugar un no rotundo a este PXOM, que non é do grupo popular senón de Armando e Parajó, e en terceiro lugar dicir que sí á exposición pública.
Engade que o plan xeral estivo practicamente en hibernación neste mandato ata que nós presentamos tres mocións pedindo a reunión da Comisión de Seguimento e a presentación do documento; engade que fixeron unha campaña de mobilización veciñal, para ter un plan xeral transparente e con consenso social amplo, que hai máis de 2000 sinaturas presentadas en xaneiro de 2005, e que desde o avance ata xaneiro de 2005 non se fai nada, posteriormente reuniuse a Comisión de Seguimento, que nunca foi tal senón un paripé para escoitar ó grupo de goberno.
Engade que querían que o resultado final fora un plan xeral co máximo consenso político e social posible, ¿que sucedeu?, que houbo privilexios e documentación privilexiada para

algúns, que non foi un proceso transparente e o resultado final é que os intereses dos amigos están salvagardados.
Continua sinalando o Sr. Concelleiro que a premisa do consenso está finiquitada.
Non ó plan xeral porque o que vostedes tiñan que colocar está perfectamente colocado, é o plan de Armando e Parajó, a sociedade en xeral non participou no proceso de elaboración, e había determinados bares neste Concello onde se trasladou información de como estaba facéndose o plan xeral, algúns enteráronse, entérense vostedes das fincas que foron movéndose neste tempo. Voulle salientar dúas razóns: primeiro o tratamento do solo de núcelo rural, fan vostedes unha interpretación restrictiva dunha lei aprobada só polo PP, e en segundo lugar hai actuacións que responden a intereses concretos, así na zona de Póboa o solo urbano consolidado, que hai unha casa propiedade do Alcalde rodeada de monte, este edifico xustifica ese solo.
O Sr. Alcalde sinala que leva alí vinte anos.
Engade o Sr. Concelleiro que lles parece escandaloso, que hai un tratamento de favorecer intereses moi concretos.
Sinala que en definitiva é un plan xeral absolutamente cocinado, que favorece intereses moi concretos de minorías moi minoritarias, neste caso propiedades do Alcalde; e din sí ó trámite de información pública, por elo nós ímonos abster, porque hai cinco apartados que teñen que someterse a unha única votación; non ó plan xeral, sí á información pública.
Remata sinalando que nós os socialistas temos o noso modelo do plan xeral, pero cremos imprescindible contrastar os nosos plantexamentos co conxunto da cidadanía de Teo.

O Sr. Alcalde sinala que esas leiras son miñas fai trinta ou coarenta anos e esa finca era urbana nas normas anteriores e dábame para dez chaléts, pero non puden facelo por concentración parcelaria e xa estaba clasificada así nas anteriores normas.

O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que o plan xeral é un dos temas máis importantes deste mandato, porque aquí xógase o futuro de Teo e dos veiños que veñan vivir e das empresas que veñan para aquí, por iso non me explico os rollos que se están botando aquí; engade que sabido é que o Alcalde que faga un plan xeral perderá as eleccións como dixo un conselleiro, pero ise non é o meu problema, que intentan beneficiar ós veciños, pero non poden ser edificables todas as fincas porque non pode ser.
Nas directrices que se lle mandaron ó equipo redactor dicíase que delimitaranse os núcleos rurais conforme ó artigo 13 da lei e delimitarase unha liña poligonal de 200 metros, pedimos o máximo, ¿que pasa?, que o equipo redactor que elixiron vostedes é bo, e así o penso eu, ¿que pasa que este equipo quere amolar ós veciños de Teo?, ¿saben vostedes que chégase ós límites de edificabilidade nos núcleos rurais?.
Respecto do dito polo PSG-PSOE de mobilizacións, pancartas, etc.. iso é teatro que non me vale para nada, que lle dixeron veciños que dixeran vostedes que nós temos que criticar porque o desgaste do equipo de goberno será nos núcleos rurais, e que preferimos perder as eleccións pero levar adiante o PXOM.
Engade que un plan xeral non empeza co avance nin remata coa aprobación definitiva**,** hai unha tramitación que é a máis importante, a aprobación inicial vai enriquecer o plan en calidade, aí o BNG e o PSG-PSOE poden presentar alternativas para melloralo, creo que estamos dispostos a levar calquera iniciativa que sexa boa, así con respecto ós núcleos rurais, como dixo o BNG, estamos a tempo.
Como era unha prioridade loitei para levalo adiante e a pesar dos atrancos da consellería, a pesar diso, traemos o plan xeral que creo vai ser bo para os veciños de Teo, para alcanzar

25.000 ou 30.000 habitantes, a pesar de encontrarmos cunha oposición que non quere este tema. Nós loitamos para favorecer ó máximo ós veciños, fomos o máximo do que permite a lei en casi todos os sitios e remata sinalando que confio en que coa axuda do equipo redactor, do equipo de goberno e do BNG e do PSG-PSOE se poda facer o plan xeral porque é necesario para Teo.
O Sr. Alcalde sinala que se fixo coa máxima estensión posible para os núcleos rurais, o máximo permitido pola lei, e imos facer a exposición pública para que os veciños poidan facer alegacións para velas despois, como no seu día fixeron suxestións co avance que despois non se levaron a cabo pola modificación da lei; engade que as alegacións serán moitas porque todo o mundo quere vivir en Teo e todo o mundo quere facer a súa casiña, pero que non poderán por lei; engade que se pretende levar o solo de núcleo rural ó máximo, iso o saben os veciños, o equipo redactor e a Xunta de Galicia, porque nós reunímonos na consellería para iso e o saben na consellería, por elo imos aprobalo, respetamos as súas opinións, pero é tempo de que os veciños se expresen e que sexa un plan xeral para beneficio de todos.
O Sr. Concelleiro Noriega Sánchez sinala que se fale máis do plan, que houbo certo ocultismo e por iso o noso malestar; que nós temos argumentos para votar en contra que xa se expuxeron e que estar en contra da aprobación inicial non é estar en contra da exposición pública, ¿saben o que é o monopoli?, me gustaría que entendesen que este plan xeral non é o seu monopoli particular, estamos de acordo con vostedes na necesidade do plan xeral, pero queremos poder marcar directrices, aportacións de equipamentos para zonas verdes en zonas urbanas, queremos buscar solucións para os núcleos rurais. Votamos en contra dun plan no que hai argumentos de sobra para votar en contra e que fixen dúas puntualizacións, así o de Rodiñas e non se lle contestou nada, que é un plan xeral made in Armando e Parajó, e que no seu momento aprobaron que esta oficina de planeamiento era a mellor por traballos realizados e que o documento pode variar.
Engade que as razóns do seu voto negativo son:
-. Non poidemos facer aportacións políticas.
-. Hai irregularidades concretas non explicadas.
-. Porque é moi restrictivo no solo do rural.
-. Porque a aposta polo solo industrial é moi feble e vai condicionar o desenvolvemento de Teo; e remata sinalando que non só van perder as eleccións polo plan xeral.
O Sr. Concelleiro Leis Carlés sinala que comparte a idea de documento esencial para o desenvolvemento do Concello, pero non compartimos esa idea de que se poideramos todas as leiras serían edificables, que debe ser un instrumento racional, de calidade de vida, non só estamos a falar de construción.
Engade que vostedes defenden intereses especulativos moi concretos e moi específicos e que no solo rural non hai negocio inmobiliario e por iso vostedes o maltratan, que fixeron a interpretación máis restrictiva da lei en solo rural e agora veñen pedindo que aleguen, que aporten ideas, ¿por qué non fixeron nada nestes dous anos?. Imos participar con afán construtivo, que sempre o PSG-PSOE intentou o maior consenso institucional, que vostedes non quixeron, e agora que se encontran con problemas solicitan o consenso. Máis detalles, en Rodiñas, solo urbano e o resto está todo como protexido de cauce fluvial, que este é un exemplo máis de todos os que teñen detectados de intereses especulativos. Engade que facendo un exercicio de responsabilidade política polos cinco puntos e para xustificar a abstención si votan sí é darlle carta blanca, votar que non é votar en contra da exposición pública e estarían secuestrando o debate do plan xeral e por esa aparente contradicción vánse abster; engade que pediríalle un último esforzo para que o plan xeral sexa un elemento de

encontro de cidadanía teense, van a tratar de procurar que na sociadede de Teo se produza racionalidade para tratar de mellorar este texto, e en función do que diga a cidadanía o PSG-PSOE tomará a súa posición definitiva.
O Sr. Concelleiro Parajó Liñares sinala que o Director Xeral o outro día dixo que vostedes están en boas mans refiríndose ó equipo redactor, porque son moi meticulosos, e cando o Director Xeral novo di isto eu teño que confiar en el.
Engade que teño claro que mentras eu sexa Concelleiro de Urbanismo do Concello de Teo non vou permitir que haxa problemas en Teo polo plan xeral, e que cando se fala de favoritismo que se presente algún ou que se pregunte ó equipo redactor se eu fixen algo.
Engade que ó Sr. Noriega dicírlle que está equivocado, que en Rodiñas está como solo industrial e non se puido cambiar, o desmonte non entra dentro do solo urbanizable industrial neste momento, o que pasa é que vostedes miraron o plan como non se pode mirar, hai que miralo no seu conxunto, non unha casa concreta, e con respecto ó Ferreiriño está como estaba; na zona de Calo baixo e tres, na zona de Cacheiras baixo e tres e dixo o equipo redactor que nalgúns sitios non se podía facer, sei o plan de memoria e debato con vostedes cando queiran. Engade que o solo urbano ten carácter tasado e cando é clasificado así é porque ten os criterios tasados.
Engade que desde o BNG se afirma que é un plan xeral para o solo urbano e restrinxe o solo do núcleo rural e que isto está en contra da posición do BNG en Santiago, que o solo de núcleo rural está absolutamente tasado por lei, a propia Xunta no informe preceptivo nos critica obrigando a reducilo; que este Concello está a favor de ampliar os núclos pero será a consellería a que deberá establecer a liña de expansión, ¿van negociar vostedes co PSG-PSOE para ampliar isto por lei?.
Remata sinalando que a consellería do bipartito é a que ten que aprobar definitivamente o plan e garantirá a legalidade do mesmo, e pídolle un exercicio de responsabilidade para que voten a favor.
O Sr. Alcalde sinala que respetamos as súas posturas e imos aprobalo para expoñer ó público.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta dictaminada, dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 9, dos grupos municipais do PP (8) e Mixto (1).
Votos en contra: 3, do grupo municipal do BNG (3).
Abstencións: 4, do grupo municipal do PSG-PSOE (4).
Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematada a sesión sendo as once horas e catorce minutos, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, coas reservas do art. 206 do R.O.F., debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Vº e Prace.

O Alcalde, O Secretario,

Asdo. Armando U. Blanco Martínez. Asdo. Javier Nieves González.